



DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE A CORUÑA

Acta da sesión ORDINARIA celebrada pola Excma. CORPORACIÓN
PROVINCIAL o 29 de setembro de 2023



RELACIÓN DE ASUNTOS TRATADOS NO PLENO ORDINARIO CELEBRADO O 29 DE SETEMBRO DE 2023

ASUNTOS

*Declaración institucional de apoio da FEMP aos damnificados polas inundacións en Libia.

*Declaración institucional de apoio a todos os afectados polo terremoto de Marrocos.

Información e actas

1. Aprobación da acta da sesión anterior, número 12/2023, do 15 de setembro.
2. Dación de conta das Resolucións da Presidencia desde o 9 de setembro de 2023 ata o 22 de setembro de 2023.

Comisión de Cultura, Igualdade, Lingua e Dereitos Cívís

3. Aprobación da concesión de subvención nominativa á Universidade da Coruña para financiar a I Acción positiva contra a toxicidade na rede e Diálogos entre feministas e do correspondente convenio de colaboración.

Comisión de Política Social, Educación e Mocidade

4. Aprobación da concesión de subvención nominativa ao Consorcio As Mariñas para cofinanciar o Mantemento do Servizo de Asesoría Xurídica social especializada no ano 2023 e do correspondente convenio de colaboración.

Comisión de Infraestruturas Viarias e Obras Provinciais

5. Aprobación do proxecto reformado ampliación, mellora trazado na DP 7802 punto quilométrico 0+400 ao 2+620 (SANTIAGO DE COMPOSTELA)

6. Aprobación técnica do proxecto da obra Mellora Seguridade Viaria na estrada DP 3802 (Ordes-Ponte Carreira), punto quilométrico 14+445 ao 16+825, marxe esquerda (FRADES)

Comisión de Contratación, Patrimonio e Equipamentos

7. Aprobación do prego tipo de cláusulas administrativas particulares que deberán rexer para contratar mediante procedemento aberto (con pluralidade de criterios de adjudicación con aplicación de xuízos de valor e criterios de apreciación automática) as subministracións financiadas con fondos do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia financiado pola unión europea - Next Generation EU (PRTR)

8. Aprobación do convenio de cooperación entre a Excelentísima Deputación Provincial da Coruña e o Concello de Ares polo que se instrumenta unha subvención nominativa para cofinanciar as obras de mellora da rede de abastecemento

9. Aprobación da prórroga do prazo de vixencia do Convenio suscrito co concello de



Sada polo que se instrumenta unha subvención nominativa para cofinanciamento das obras de reforma interior de edificación existente (Antiga Escola de Carnoedo)

10. Aprobación da prórroga do prazo de vixencia do Convenio suscrito co concello de Betanzos polo que se instrumenta unha subvención nominativa para cofinanciamento das obras de recuperación de espazos públicos para a veciñanza, ata o 31 de outubro de 2024

11. Dación de conta do modificado do proxecto de mellora do parque da Feira e aprobación da prórroga do prazo de vixencia do Convenio suscrito co concello de Arzúa polo que se instrumenta unha subvención nominativa para o cofinanciamento das obras de proxecto de mellora do parque da Feira, ata o 31 de outubro de 2024

12. Aprobación do convenio de colaboración entre a Excm. Deputación provincial da Coruña e a Universidade de Santiago de Compostela e do Ilustre Colexio da Avogacía de Santiago de Compostela polo que se instrumenta unha subvención nominativa para financiar os gastos de realización de práctica xurídica da Universidade de Santiago nos departamento de urbanismo dos concellos da provincia e adquisición de material necesario para a súa execución na anualidade 2022

13. Aprobación do convenio de colaboración entre a Excm. Deputación provincial da Coruña e a Universidade de Santiago de Compostela e do Ilustre Colexio da Avogacía de Santiago de Compostela polo que se instrumenta unha subvención nominativa para financiar os gastos de realización de práctica xurídica da Universidade de Santiago nos departamento de urbanismo dos concellos da provincia e adquisición de material necesario para a súa execución na anualidade 2023

14. Aprobación do convenio de colaboración entre a Deputación da Coruña e o Concello da Coruña polo que se instrumenta unha subvención nominativa para a autorización de utilización do polideportivo do I.E.S. Rosalía Mera para o desenvolvemento de actividades deportivas municipais

15. Aprobación do convenio de colaboración entre a Deputación da Coruña e o Concello da Coruña polo que se instrumenta unha subvención nominativa para a autorización de utilización do polideportivo do I.E.S.Puga Ramón para o desenvolvemento de actividades deportivas municipais

16. Aprobación da prórroga do prazo de vixencia do Convenio suscrito co concello de Mañón polo que se instrumenta unha subvención nominativa para o cofinanciamento da adquisición dun camión de caixa basculante con grúa

Comisión de Plans Provinciais e Asistencia a Municipios

17. Aprobación do proxecto modificado da obra denominada "Pavimentación vial núcleo de Pastoriza Vella (Lema) e outros" do Concello de Arzúa, incluída no Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) POS+ 2019 co código 2019.2000.0111.0

18. Aprobación do segundo proxecto modificado da obra denominada "Mellora da capa de rodaxe pista Igrexa - Seixán e alta de Seixán", do Concello de Tordoia, incluído no Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) POS+ 2021 co código 2021.2000.0288.0



Comisión de Facenda, Especial de Contas, Recursos Humanos e Avance Dixital

19. Dación de conta da liquidación provisional da recadación do 1º trimestre de 2023 dos conceptos entregables ás entidades públicas usuarias dos servizos tributarios.

20. Dación de conta do informe sobre o estado da tramitación das facturas da Deputación Provincial e da remisión ao Ministerio de Facenda e Función Pública dos informes de Morosidade da Entidade e dos seus entes dependentes (Consortio Provincial Contraincendios e Salvamento da Coruña e Fundación Axencia Enerxética) correspondente ao segundo trimestre de 2023.

21. Dación de conta da liquidación provisional da recadación do 1º trimestre de 2023 dos conceptos non entregables ás entidades públicas usuarias dos servizos tributarios.

22. Dación de conta da liquidación provisional da recadación voluntaria do 1º semestre de 2023 ás entidades públicas usuarias dos servizos tributarios.

23. Dación de conta da resolución de presidencia número 33384/2023, relativa a persoal eventual

Comisión de Promoción Turística, Artesanía, Comercio e Cadea Agroalimentaria

24. Aprobación do Convenio interadministrativo de cooperación entre a Deputación Provincial da Coruña e o Concello de Camariñas polo que se instrumenta unha subvención nominativa para o cofinanciamento do proxecto "XXXII Mostra do Encaixe de Camariñas 2023"

25. Aprobación do Convenio interadministrativo de cooperación entre a Deputación Provincial da Coruña e o Concello de Carral polo que se instrumenta unha subvención nominativa para o cofinanciamento do proxecto "XIX Festa do Pan de Carral 2023"

26. Aprobación do convenio de colaboración entre a Deputación Provincial da Coruña e a Axencia de Turismo de Galicia, para a execución do "Plan de sustentabilidade turística Vía Verde Compostela-Tambre-Lengüelle" no marco do Plan de Recuperación, Transformación, e Resiliencia, financiado pola Unión Europea-Next GenerationEU

27. Aprobación do convenio de colaboración entre a Deputación Provincial da Coruña e a Axencia de Turismo de Galicia, para a execución do "Plan de sustentabilidade turística os Fogóns do Anllóns" no marco do Plan de Recuperación, Transformación, e Resiliencia, financiado pola Unión Europea-Next GenerationEU

28. Aprobación do Convenio interadministrativo de cooperación entre a Deputación Provincial da Coruña e o Concello de Corcubión polo que se instrumenta unha subvención nominativa para o cofinanciamento do proxecto "Representación do desembarco e loita mantida polas tropas do arcebispo "Rodrigo de Luna" e os cabaleiros dos "Condes de Altamira" en Corcubión no ano 1457".

29. Aprobación do Convenio interadministrativo de cooperación entre a Deputación Provincial da Coruña e o Concello de Oleiros polo que se instrumenta unha subvención nominativa para o cofinanciamento do proxecto "Feira de Olería Alfaroleiros 2023"

Comisión de Industria, Emprego, Política Demográfica e Medio Ambiente

30. Aprobación da formalización dun convenio administrativo coa Asociación Redes de Sal para cofinanciar o proxecto "Mercado e festa do Mar 2023 na Coruña".



31. Aprobación da formalización dun convenio administrativo coa Unión de Cooperativas Espazocoop, para cofinanciar o proxecto "Fomento do emprendemento en cooperativa e consolidación de empresas creadas", no marco do Plan de Emprego Local (PEL), anualidade 2023.

ACTUACIÓN DE CONTROL: MOCIÓNS

Moción do Grupo Provincial Alternativa dos Veciños sobre control da expansión da planta exótica invasora plumero da pampa (cortaderia selloana)

Moción que presenta o Grupo Provincial Popular en contra da tramitación da Lei de Amnistía.

Moción que presenta o Grupo Provincial Popular sobre a proposta de acordo adoptada no Concello da Coruña do 7 de setembro do 2023, por unanimidade, sobre as vías provinciais

Moción que presentan os grupo provinciais do PSG-PSOE e BNG contra a Explotación Sexual e a Trata de Mulleres, Nenas e Nenos

ROGOS E PREGUNTAS



Acta da sesión ordinaria celebrada pola Excma. CORPORACIÓN PROVINCIAL o 29 de setembro de 2023.

No salón de sesións do Pazo provincial da Coruña, o día 29 de setembro de 2023, reúnese a Excma. Corporación provincial para celebrar sesión ordinaria.

Preside: don Valentín González Formoso, presidente da Corporación Provincial.

Deputados/as

Asistentes:

Dona María Soledad Agra Tuñas	BNG
Don José Ramón Amado De La Fuente	PP
Don Evaristo Ben Otero	PP
Don José Manuel Caamaño López	PP
Don José Carlos Calvelo Martínez	PP
Dona Cristina Capelán Cancelo	PSOE
Don Bernardo Fernández Piñeiro	PSOE
Dona Izaskun García Gorostizu	PP
Dona Rosa Ana García López	PSOE
Dona Cristina García Rey	BNG
Don Ángel García Seoane	AVV
Dona María Del Mar García Vidal	PSOE
Dona Natividad De Jesús González Rodríguez	BNG
Don José Manuel Lage Tuñas	PSOE
Don Antonio Leira Piñeiro	PSOE
Don José Manuel López Varela	PP
Don Miguel Lorenzo Torres	PP
Don Carlos Martínez Carrillo	PP
Dona María Del Mar Méndez Vilela	PP
Dona Eudoxia María Neira Fernández	PSOE
Dona María Jesús Novo Gómez	PP
Don Xosé Luis Penas Corral	BNG
Don Fernando Pérez Fernández	PP
Don Xosé Regueira Varela	BNG
Don Roberto Rey Martínez	PP
Don José Ramón Rioboo Castro	PSOE
Don Roberto Rodríguez Martínez	PP
Dona Mónica Rodríguez Ordóñez	PSOE
Dona Susana María Sanjurjo Fraga	PP
Dona Avia Veira González	BNG

Actúa como secretaria: dona Amparo Taboada Gil, secretaria xeral da Deputación Provincial da Coruña.

Está presente o interventor xeral, don José Manuel Pardellas Rivera.

Aberto o acto ás 12:10 horas, tratáronse os seguintes asuntos:



Sr. Presidente

Moi bo día. Comezamos a sesión de Pleno con dúas declaracións institucionais. Unha de apoio polas inundacións de Libia.

Sra. Secretaria

Declaración Institucional de apoio da FEMP aos damnificados polas inundacións en Libia

A Federación Española de Municipios y Provincias , FEMP, en representación dos Gobiernos Locais españois, manifesta o seu apoio e solidariedade coas persoas afectadas polas terribles inundacións sufridas en Libia a causa do ciclón Daniel.

As noticias recibidas que, a cinco días do paso do ciclón, cifran en mais 11.000 os falecidos, máis de 10.000 os desaparecidos e ao redor de 30.000 os desprazados, mostran unha catástrofe humanitaria á que non é posible ser alleo. Por iso , a Federación manifestou a súa vontade de colaborar en todo canto sexa posible cos afectados e, novamente, manifestou á AECID (Axencia Española de Cooperación Internacional para o Desenvolvemento) a súa plena disposición a participar e apoiar as iniciativas que se adopten, así como a difundir entre os Gobiernos Locais españois as diferentes vías e posibilidades de colaboración para axudar á poboación afectada.

A FEMP, en representación das entidades locais españolas, ten acordado a seguinte Declaración Institucional, á que se suma esta Institución Provincial:

- 1.- A súa solidariedade coas familias das persoas feridas, falecidas e desaparecidas, cos sobreviventes, con quen sufriu a perda dos seus fogares e afeños e, en xeral , con todos aqueles que se viron afectados dalgún modo
- 2.- A intención de unirse ás iniciativas destinadas a prestar axuda á poboación nesta difícil etapa de duelo e reconstrución tras as inundacións
- 3.- Poñémonos ao dispor do Gobierno de España, con todos os nosos medios, para colaborar en calquera tipo de actuación humanitaria, no marco dos mecanismos de axuda activados.

Sr. Presidente

Grazas. A segunda declaración ten que ver coa moción de apoio aos afectados polo terremoto de Marrocos.

Sra. Secretaria

Declaración institucional de apoio a todos os afectados polo terremoto en Marrocos

O pasado 8 de setembro Marrocos sufriu un devastador terremoto dunha magnitude de 6,8 graos na escala Richter que afectou principalmente o sur do país e que deixou miles de mortos e feridos, así como importantes danos materiais.



España foi o primeiro país en ofrecer a súa colaboración ao Reino de Marrocos, e o primeiro ao que se dirixiu o país veciño en demanda de axuda e cooperación. De feito, o mesmo sábado comezaron a enviarse recursos, destacando un contingente da UME, así como un equipo de Bombeiros Unidos Sen Fronteiras composto por profesionais voluntarios de todo o país. Ao tempo, durante a fin de semana activáronse as redes de axuda, con destacada presenza do ámbito local.

A FEMP, en representación dos Gobernos Locais españois, e tamén desde o primeiro momento, púxose ao dispor das Entidades Locais marroquís, a través de a asociación que as representa, co obxectivo de facilitar os medios que requirisen, ademais de trasladar todo o noso afecto e sentimento polas vítimas mortais, os feridos, e a poboación afectada.

Paralelamente, a Federación Española de Municipios y Provincias ofreceu todos os seus medios á AECID (Axencia Española de Cooperación Internacional para o Desenvolvemento) ao obxecto de participar nos grupos de traballo de cooperación e posibilitar unha resposta rápida e eficaz á situación de emerxencia (xunto a Comunidades Autónomas e ONG humanitarias) nos que xogaremos un papel destacado pola nosa capacidade para levar a información a todo o territorio do noso país, a través das Entidades Locais, así como impulsar a implicación nos chamamentos de axuda que se poidan ir producindo aos Concellos, Deputacións, Consells e Cabidos.

Ademais, e como en anteriores catástrofes, a FEMP, en representación das Entidades Locais españolas, acorda a seguinte Declaración Institucional, á que se suma esta Institución Provincial:

1. Trasladamos toda a nosa solidariedade e afecto á poboación marroquí, e a canto persoas víronse afectadas polo sismo, e facémola extensiva aos residentes no noso país.
2. Sumámonos ás iniciativas de axuda á poboación para paliar as terribles consecuencias do terremoto.
3. Poñémonos ao dispor do Goberno de España, con todos os nosos medios, para colaborar en calquera tipo de actuación humanitaria, no marco dos mecanismos de axuda activados.

1.- Aprobación da acta da sesión anterior, número 12/2023, do 15 de setembro.

VOTACIÓN

Votan a favor: 31 deputados/as (14 do PP, 10 do PSOE, 6 do BNG e 1 de Alternativa dos Veciños).

Votan en contra: ningún/ha deputado/a

Abstéñense: ningún/ha deputado/a

ACORDO

Apróbase por unanimidade a acta da sesión anterior, número 12/2023, do 15 de setembro.



2.- Dación de conta das Resolucións da Presidencia desde o 9 de setembro de 2023 ata o 22 de setembro de 2023.

Dáse conta ao Pleno das Resolucións da Presidencia desde o 9 de setembro de 2023 ata o 22 de setembro de 2023.

3.- Aprobación da concesión de subvención nominativa á Universidade da Coruña para financiar a I Acción positiva contra a toxicidade na rede e Diálogos entre feministas e do correspondente convenio de colaboración.

VOTACIÓN

Votan a favor: 31 deputados/as (14 do PP, 10 do PSOE, 6 do BNG e 1 de Alternativa dos Veciños).

Votan en contra: ningún/ha deputado/a

Abstéñense: ningún/ha deputado/a

ACORDO

O Pleno, por unanimidade, acorda:

"1.- Aprobar a concesión de subvención nominativa, por importe de **35.000 €**, á Universidade da Coruña para financiar a *I Acción positiva contra a toxicidade na rede e Diálogos entre feministas* cun orzamento subvencionado de 43.750 €, de acordo co texto do convenio que se achega.

2.- Exceptuar para o presente convenio os principios de concorrencia, publicidade, igualdade e non discriminación na tramitación do presente expediente, dada a existencia de causas excepcionais que xustifican a concesión da subvención nominativa, por entender que se dan razóns suficientes de interese público no outorgamento da subvención. Estes principios atópanse recollidos nos artigos 22.2 da Lei xeral de subvencións e 65 a 67 do seu regulamento.

Coa motivación incorporada ao expediente e a proposta da Presidenta da Comisión de Cultura, Igualdade, Lingua e Dereitos Cívís, levántase a nota de reparos emitida pola Intervención da Deputación no seu informe de 3 de agosto de 2023.

3.- Subordinar o presente acordo ao crédito que para o Exercicio de 2024, autorice o correspondente Orzamento.

Convenio de colaboración entre a Deputación Provincial da Coruña e a Universidade da Coruña polo que se instrumenta unha subvención nominativa para financiar a *I Acción positiva contra a toxicidade na rede e Diálogos entre feministas*

Na Coruña, a

REÚNENSE

D/Dna. _____ en nome e representación da Deputación Provincial da Coruña,

D/Dna. _____ en nome e representación da Universidade da Coruña

Os/as comparecentes interveñen en uso das facultades que, por razón dos seus cargos, estalles atribuídas



EXPOÑEN

Primeiro.- A Universidade da Coruña é unha entidade de dereito público que, de acordo co artigo 3 dos seus Estatutos, para o mellor cumprimento dos seus fins, poderá articular as súas actividades con outras universidades, dentro e fóra do sistema universitario galego, e manterá relacións con centros de investigación e institucións culturais e sociais.

De acordo co artigo 4, na realización das súas actividades a Universidade aterase aos principios reitores do Estado social e democrático de dereito, defensa da autonomía e liberdade de cátedra, promoción da calidade e a súa avaliación e o mellor servizo á sociedade e aos membros da comunidade universitaria.

Segundo.- O Centro de Estudos de Xénero e Feministas (CEFEX) constitúe un centro de investigación interdisciplinario que se enmarca no contexto dos centros propios da Universidade da Coruña, un espazo de formación onde se desenvolven cursos en torno a diversas temáticas e dirixidos a distintos tipos de público, co obxectivo de ofertar contidos e formatos de gran calidade que redunden nunha mellora tanto da actividade investigadora como da práctica profesional no caso de persoas que traballan ou queren traballar no eido da igualdade. Tamén é un espazo de encontro e de diálogo en permanente contacto coa realidade social máis próxima, así coma con redes de traballo e comunicación que permiten establecer conexións con outras latitudes

Terceiro.- A Deputación da Coruña ten entre os seus obxectivos o fomento da educación e a programación e subvención das actividades culturais, artísticas e científicas, en colaboración con outras entidades e organismos, para contribuír de maneira sustentable ao avance do coñecemento e ao benestar social.

Dado o interese coincidente da Deputación da Coruña e da Universidade da Coruña, ambas as dúas partes acordan formalizar o presente convenio de colaboración conforme ás seguintes

CLÁUSULAS

I.- Obxecto.

O presente convenio ten por obxecto a fixación das bases de outorgamento dunha subvención nominativa por esta Deputación a prol da Universidade da Coruña, con CIF Q6550005J, fixando as condicións que se impoñen por esta administración concedente e os compromisos asumidos pola entidade beneficiaria para o financiamento da *Acción positiva contra a toxicidade na rede e Diálogos entre feministas*, co obxecto de traballar en diversas perspectivas das desigualdades e violencias que teñen no xénero un factor explicativo.

Os obxectivos son afondar no estudo dos tipos de acoso e outras formas de violencia ás que se ven sometidas ás mulleres políticas nas redes sociais e desenvolver unha acción positiva que contribúa a visibilizar e contrarrestar este fenómeno e tamén achegar á cidadanía diferentes posicionamentos, teóricas e correntes feministas e fomentar unha perspectiva crítica a través do diálogo entre feminismos.

II.- Orzamento de gastos da actividade que ha realizar a Universidade da Coruña.

A Universidade da Coruña levará a cabo as actividades programadas, segundo se definen na cláusula anterior, consonte ao seguinte orzamento:



Concepto		Importe
I acción positiva		25.127,79
- Eixe 1. Desenvolvemento do proxecto		
• Persoal (Contrato media xornada graduada comunicación x 3 meses)	4.989,40	
• Persoal (Contrato xornada completa graduada informática x 8 meses)	18.638,39	
• Software	300,00	
- Eixe 2. Difusión proxecto (Participación xornadas, congresos, publicacións, seminarios,..)	1.200	
Diálogos feministas		5.175,28
- Honorarios conferencias	5.175,28	
Custes UDC: Coordinación proxecto		8.750,00
- Persoal propio (investigadora comunicación , 5 horas/mes x 4 meses)	2.694,00	
- Persoal propio (investigadora informática, 5 horas/mes x 8 meses)	6.056,00	
Custes xestións Fundación da UDC		4.696,93
Total		43.750,00

III.- Financiamento provincial e outros ingresos que se obteñan ou acheguen para a mesma finalidade

1. A Deputación da Coruña contribuirá ao financiamento da actividade, tal como se define na cláusula primeira, cunha achega máxima de **35.000,00 €**, o que representa unha porcentaxe de **80 %**.

A contía restante, ata acadar o importe total do orzamento da actividade, está financiado con cargo a recursos propios ou alleos, acreditando a entidade beneficiaria que ten consignado o crédito adecuado e suficiente para imputar a totalidade do gasto imputable á entidade.

No caso de que o gasto xustificado non acadase o importe total previsto na cláusula segunda, a Deputación só achegará o importe que represente o **80 %**, da cantidade efectivamente xustificada.

2. Agora ben, se a cantidade xustificada resulta inferior ao 75% do orzamento previsto na cláusula segunda, entenderase que a finalidade básica da subvención non foi cumprida e perderase o dereito ao seu cobro.

3. O importe do financiamento provincial farase efectivo con cargo á aplicación orzamentaria 0611/23122/45390, na que a Intervención provincial ten certificado que existe crédito dabondo sobre a que se ten contabilizado a correspondente retención de crédito.

4. A subvención da Deputación é compatible coa percepción doutras subvencións ou axudas, públicas ou privadas, que a Universidade da Coruña obteña para a mesma finalidade, sempre que o seu importe, xuntamente co da subvención provincial, non supere en ningún caso o importe total do gasto efectivamente xustificado.

5. No caso de que a concorrencia de axudas ou subvencións supere o importe do gasto efectivamente xustificado, minorarase a achega provincial no importe necesario para darlle estrito cumprimento ao apartado anterior.



IV.- Contratación e execución.

1. O outorgamento dos contratos de servizos, asistencia ou subministracións necesarios para a execución da actividade corresponderalle á Universidade da Coruña.

Non se poderá contratar a realización de prestacións con persoas ou entidades vinculadas á Universidade da Coruña, nin con calquera outra na que conorra algunha das circunstancias ás que se refire o artigo 29.7 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións.

2. Se o importe dalgunha das prestacións supera os 15.000 €, con carácter previo á contratación, a Universidade da Coruña deberá solicitar polo menos tres orzamentos a distintos provedores.

Entre as ofertas recibidas, deberase elixir unha delas de acordo con criterios de eficiencia e economía, debendo xustificarse expresamente nunha memoria a elección cando non recaia sobre a oferta máis vantaxosa economicamente.

V.- Publicidade do financiamento provincial.

1. Na publicidade pola que se dea a coñecer a realización das actividades da Universidade da Coruña, ben sexa por medios escritos, radiofónicos, audiovisuais ou internet, deberase facer constar sempre o financiamento da Deputación Provincial da Coruña.

Empregarase en todas as actividades realizadas o logotipo oficial da Deputación e o de Igualdade que descargarase do apartado de imaxe corporativa https://www.dacoruna.gal/documentacion/logos/?utm_source=MenuGlobal&utm_campaign=MenuCabecera&utm_medium=Web

2. Co obxecto de ter información das actividades que se realizan no marco do convenio, a Universidade comunicaranlle á Sección de Servizos Sociais a través do enderezo electrónico igualdade@dacoruna.gal a realización daquelas actividades abertas ao público en xeral.

3. Coa memoria e conta xustificativa achegaranse documentos que acrediten o cumprimento destas obrigas da Universidade da Coruña.

VI.- A xustificación necesaria para recibir a achega provincial.

A achega da Deputación seralle aboada á Universidade da Coruña unha vez que se presente de xeito telemático (a través da plataforma subtel) a seguinte documentación:

* **Memoria de actuación**, subscrita polo/a representante legal da Universidade da Coruña, xustificativa do cumprimento das condicións impostas neste convenio, coa indicación das actividades realizadas, materiais editados, de ser o caso, e dos resultados obtidos.

* **Relación clasificada dos gastos** realizados,(con IVE e Sen IVE) no que se indiquen os/as acredores/as co seu NIF, os documentos xustificativos, os importes e, no seu caso, datas de pago; tamén se indicarán as desviacións con respecto ao orzamento detallado na cláusula segunda.

* **Certificación** da aprobación das facturas e demais documentos xustificativos polo



órgano competente.

Os gastos e as correspondentes facturas referiranse exclusivamente ás actividades realizadas durante o ano 2023.

* **Acreditación** do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social, segundo o previsto na cláusula oitava.

* **Certificación** na que a Universidade da Coruña acredite que ten as autorizacións individuais asinadas por cada traballador/a con salario subvencionado, para a cesión á Deputación da Coruña dos datos persoais relacionados co seu contrato de traballo.

* **Acreditación** do cumprimento da obriga de facer constar a colaboración da Deputación en toda a información (impresa, informática ou audiovisual) que se teña feito das actividades subvencionadas, establecida na cláusula quinta.

VII. Termo para a realización da actividade e prazo de xustificación

1. As actividades que son obxecto de financiamento provincial, tal como están descritas na cláusula primeira realizaranse entre o **1 de xaneiro e o 31 de decembro de 2023**.

2. Unha vez rematadas as actividades, a Universidade da Coruña deberá presentar a xustificación documental á que se refire a cláusula sexta antes do **31 de marzo de 2024**.

3. De conformidade co disposto no artigo 70.3 do Regulamento da Lei de subvencións (Real decreto 887/2006, do 21 de xullo), transcorrido este derradeiro prazo sen que se teña recibido xustificación ningunha, a unidade xestora remitiralle un requirimento á Universidade da Coruña para que a presente no prazo improrrogable de **quinze días**.

A falla de xustificación da subvención neste prazo excepcional dará lugar á perda da subvención e demais responsabilidades previstas neste convenio e na lexislación aplicable ao respecto. Aínda así, a presentación da xustificación neste prazo adicional non eximirá á Universidade da Coruña da sanción que, de conformidade co disposto na Lei de subvencións e na ordenanza provincial de desenvolvemento que resulte aplicable lle poida corresponder.

4.- O abono da subvención materializarase mediante ingreso na conta da entidade financeira indicada pola Universidade da Coruña.

VIII.- Acreditación do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social.

1. A Universidade da Coruña deberá acreditar, con carácter previo á sinatura deste convenio e logo, con carácter previo ao pago da subvención, que se atopa ao día no cumprimento das obrigas tributarias coa Administración do Estado, coa Comunidade Autónoma e coa Seguridade Social; e, para tal fin poderá autorizar á Deputación a que obteña telemáticamente os correspondentes certificados.

2.- A acreditación do cumprimento das obrigas tributarias coa Deputación Provincial determinarse de oficio por esta.

IX.- Destino e manexo dos fondos recibidos.

1. A Universidade da Coruña destinará os fondos recibidos ao pagamento dos xustificantes de gasto presentados.



2. Co fin de garantir un adecuado control da aplicación dos fondos, o pagamento deberá quedar acreditado documentalmente mediante a utilización de transferencia bancaria, tarxeta de débito ou crédito, cheque nominativo ou calquera outro medio que deixe constancia da data de pago e da identidade do perceptor. Só excepcionalmente se poderá realizar o pago en metálico para gastos de ata 150 €, nos que non resulte posíbel a utilización dun dos medios anteriormente indicados.

3. Sen prexuízo dos libros e rexistros contables que as normas xerais ou sectoriais lle poidan impor, a Universidade da Coruña deberá contar polo menos cun rexistro cronolóxico de cobros e pagamentos nos que se inclúan, entre outros, os relativos aos gastos xustificadas e aos ingresos declarados con respecto a esta subvención.

X.- Control financeiro da Deputación e dos órganos de control externo.

1. Consonte ao disposto nos artigos 44 e seguintes da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, e nos artigos 41 e seguintes da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a Universidade da Coruña poderá ser escollida pola Intervención provincial para a realización dun control financeiro sobre a subvención pagada, co fin de acreditar a efectiva aplicación dos fondos á finalidade para a que foron concedidos, o correcto financiamento da actividade e o cumprimento de todas as demais obrigas formais e materiais que lle impón o presente convenio de colaboración.

2. Asemade, de acordo co disposto na Lei 6/1985, do 24 de xuño, do Consello de Contas de Galicia, a Universidade da Coruña queda sometida aos procedementos de fiscalización que leven a cabo o Consello de Contas de Galicia ou, no seu caso, segundo o disposto na Lei orgánica 2/1982, do 12 de maio, aos procedementos de axuízamento contable que poida incoar o Tribunal de Contas, e a calquera outro órgano de control, nacional ou europeo.

XI.- Reintegro, infraccións e sancións.

1. O incumprimento dalgunha das cláusulas previstas no presente convenio de colaboración poderá implicar a obriga de reintegro parcial ou total dos fondos recibidos, así como ao pago dos xuros de demora que se perciban dende o día no que se realizou o pagamento ata o momento no que se acorde a procedencia do reintegro. O procedemento de reintegro iniciárase de oficio na súa tramitación seguirase o disposto nos artigos 41 e seguintes da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de subvencións e nos artigos 91 e seguintes do seu Regulamento (R.D. 887/2006, do 21 de xullo), dándolle en todo caso audiencia ao interesado.

2. Sen prexuízo do anterior, dito incumprimento tamén poderá ser constitutivo dalgunha das infraccións tipificadas na Lei 38/2003, de 17 de novembro, ou na Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, séndolle de aplicación o cadro de sancións previstos nas normas citadas e na ordenanza provincial de desenvolvemento que resulte aplicable.

3. Para os supostos de retraso na realización das actividades ou retraso na presentación da xustificación se estará ao disposto na ordenanza provincial de desenvolvemento que resulte aplicable.

XII.- Incorporación ao rexistro público de subvencións e publicación da subvención concedida.

1. No cumprimento do disposto no artigo 20.1 da Lei 38/2003, xeral de subvencións, e



demais normativa de desenvolvemento, os datos da subvención concedida e a identificación da Universidade da Coruña serán remitidos á Intervención xeral do Estado, para que sexan incorporados á Base de Datos Nacional de Subvencións, coa exclusiva finalidade prevista no dito precepto e co debido respecto á protección dos datos de carácter persoal, segundo o previsto na Lei orgánica 3/2018, de 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais.

2. Asemade, no cumprimento do disposto no artigo 16.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a Deputación remitiralle a mesma información á Consellería de Economía e Facenda, co fin de que a incorpore ao Rexistro público de axudas, subvencións e convenios da Comunidade Autónoma de Galicia.

3. Segundo o disposto no artigo 18 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, a concesión da subvención á Universidade da Coruña será publicada no Boletín Oficial da Provincia da Coruña e na páxina web dacoruna.gal

4. Un exemplar deste convenio, debidamente asinado, será incorporado ao rexistro de convenios que depende do Servizo de Patrimonio e Contratación da Deputación.

XIII.- Vixencia do convenio, prórroga ou modificación.

1. O prazo de vixencia do presente convenio finalizará o **31 de maio de 2024** e terá efectos retroactivos, polo que as actividades contempladas nel poderán terse feito desde o **1 de xaneiro de 2023**.

Esta vixencia queda subordinada á existencia de crédito adecuado e suficiente que para o Exercicio de 2024 autorice o correspondente Orzamento.

2. Previa solicitude da Universidade da Coruña, realizada alomenos un mes antes da fin da vixencia do convenio, poderá ser prorrogado o convenio por acordo expreso de ambas as dúas partes, previos os informes preceptivos da Unidade Xestora, do Servizo de Patrimonio e Contratación, da Secretaría e da Intervención da Deputación

3. Tamén por acordo expreso de ambas as dúas partes e por causa debidamente xustificada, e previos os mesmos informes indicados no apartado anterior, o convenio poderá ser obxecto de modificación.

XIV.- Natureza, interpretación e xurisdición competente.

1. O presente convenio ten natureza administrativa e para resolver as dúbidas que xurdan na interpretación das súas cláusulas aplicaranse as disposicións contidas na Lei 38/2003, do 18 de novembro, xeral de subvencións, e na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia. Supletoriamente aplicarase a lexislación de contratos do sector público.

2. A interpretación das dúbidas e lagoas que poidan xurdir na aplicación do presente convenio corresponderalle ao presidente da Deputación, logo dos informes previos preceptivos da Unidade xestora, da Secretaría e da Intervención provincial.

3. Corresponderalle aos órganos da xurisdición contencioso-administrativa, segundo a distribución de competencias disposta na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da dita xurisdición, o coñecemento das cuestións litixiosas que poidan xurdir como consecuencia do presente convenio.



Faise constar que o presente convenio foi aprobado por _____

E en proba de conformidade asinan por duplicado exemplar o presente convenio, no lugar e data indicados no encabezamento."

4.- Aprobación da concesión de subvención nominativa ao Consorcio As Mariñas para cofinanciar o Mantemento do Servizo de Asesoría Xurídica social especializada no ano 2023 e do correspondente convenio de colaboración.

VOTACIÓN

Votan a favor: 31 deputados/as (14 do PP, 10 do PSOE, 6 do BNG e 1 de Alternativa dos Veciños).

Votan en contra: ningún/ha deputado/a

Abstéñense: ningún/ha deputado/a

ACORDO

O Pleno, por unanimidade, acorda:

"1.- Aprobar a concesión de subvención nominativa, por importe de **60.000,00 €**, ao Consorcio As Mariñas para cofinanciar o *Mantemento do Servizo de Asesoría Xurídica social especializada no ano 2023*, cun orzamento subvencionado de 124.273,86 €, de acordo co texto do convenio que se achega.

2.- Exceptuar para o presente convenio os principios de concorrencia, publicidade, igualdade e non discriminación na tramitación do presente expediente, dada a existencia de causas excepcionais que xustifican a concesión da subvención nominativa, por entender que se dan razóns suficientes de interese público no outorgamento da subvención. Estes principios atópanse recollidos nos artigos 22.2 da Lei xeral de subvencións e 65 a 67 do seu regulamento.

Coa motivación incorporada ao expediente e a proposta da Presidenta da Comisión, levántase a nota de reparos emitida pola Intervención da Deputación no seu informe de 11 de agosto de 2023.

3.- Subordinar o presente acordo ao crédito que para o Exercicio de 2024, autorice o correspondente Orzamento.

Convenio de colaboración entre a Deputación Provincial da Coruña e o Consorcio As Mariñas polo que se instrumenta unha subvención nominativa para cofinanciar o Mantemento do Servizo de asesoría xurídica social especializada no ano 2023.

Na Coruña, a

REUNIDOS

Don/a ----- en representación da Deputación Provincial da Coruña.

Don/a -----en representación do Consorcio As Mariñas.

EXPOÑEN

Que a Excma. Deputación Provincial é competente para proporcionar apoio técnico



económico e xurídico aos concellos na execución das súas competencias en servizos sociais, e o fomento da prestación unificada destes ao amparo do disposto na Lei de Bases de réxime Local, 7/85, art. 36, na Lei de Administración Local de Galicia 5/97 artigos 109 a 119, así como na Lei de Servizos Sociais de Galicia 13/2008, artigo 63 a cal establece que as deputacións proporcionaranlles asistencia aos concellos, especialmente para a prestación de servizos sociais

Que, co obxecto de facer efectiva a súa colaboración, ambas institucións acordan subscribir o presente convenio, con arreglo ás seguintes

CLÁUSULAS

I.- Obxecto.

O presente convenio de colaboración ten por obxecto a fixación das bases de outorgamento dunha subvención nominativa por esta Deputación a prol do **Consortio As Mariñas**, con CIF: P1500011J, fixando as condicións que se impoñen por esta administración concedente e os compromisos asumidos pola entidade beneficiaria para o financiamento parcial do *Mantemento do Servizo de asesoría xurídica social especializada no ano 2023*.

II.- Orzamento de gastos da actividade a realizar polo Consortio As Mariñas.

O Consortio as Mariñas desenvolverá as actividades programadas, segundo se definen na cláusula anterior, consonte ao seguinte orzamento:

DATOS POSTO	CUSTOS SALARIAIS		TOTAIS
NOME DO POSTO	SOLDOS E SALARIOS	COTA PATRONAL	GASTO TOTAL ANUAL
ASESOR/A XURIDICO/A	36.958,88 €	11.485,80 €	48.444,68 €
ASESOR/A XURIDICO/A	36.264,62 €	11.270,04 €	47.534,66 €
AUXILIAR ADMTVO./A	21.455,00 €	6.839,52 €	28.294,52 €
TOTAL GASTO			124.273,86 €

III.- Financiamento provincial e outros ingresos que se obteñan ou aporten para a mesma finalidade.

1.- A Deputación Provincial da Coruña contribuirá ao financiamento da actividade, tal como se define na cláusula primeira, cunha achega máxima de **60.000 €**, o que representa unha porcentaxe do 48,28 %.

A cantidade restante, ata alcanzar o importe total do orzamento da actividade, está financiada con cargo a recursos propios ou alleos, acreditando a entidade beneficiaria que ten consignado o crédito axeitado e suficiente para imputar a totalidade do gasto correspondente á entidade.

No caso de que a gasto xustificado non acadase o importe total previsto na cláusula segunda, a Deputación só achegará o importe que represente o 48,28 % da cantidade efectivamente xustificada.

2.- Agora ben, se a cantidade xustificada resulta inferior ao 75 % do orzamento previsto na cláusula segunda, entenderase que a finalidade básica da subvención non foi cumprida e perderase o dereito ao seu cobro.



3.- O importe do financiamento provincial farase efectivo con cargo á aplicación orzamentaria 0611/23121/46701, na que a Intervención provincial ten certificado que existe crédito dabondo sobre a que se ten contabilizada a correspondente retención de crédito.

4.- A subvención da Deputación é compatible coa percepción doutras subvencións ou axudas, públicas ou privadas, que o Consorcio As Mariñas obteña para a mesma finalidade, sempre que o seu importe, xuntamente co da subvención provincial, non supere en ningún caso o importe total do gasto efectivamente xustificado.

5.- No caso de que a concorrencia de axudas ou subvencións supere o importe do gasto efectivamente xustificado, minorarase a achega provincial no importe necesario para darlle estrito cumprimento ao apartado anterior.

IV.- Contratación da execución.-

1.- O outorgamento dos contratos de servizos, asistencia ou subministrados necesarios para a execución da actividade corresponderalle ao Consorcio As Mariñas.

Non se poderá contratar a realización de prestacións con persoas ou entidades vinculadas ao Consorcio As Mariñas, nin con calquera outra na que concorran algunha das circunstancias ás que se refire o artigo 29.7 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións.

2.- A contratación cos terceiros para a execución dos servizos, asistencias ou subministrados necesarios realizarase con suxeición ás normas de contratación do sector público, utilizando para tal fin os pregos de condicións tipo da Deputación Provincial para os procedementos abertos e garantindo, en todo caso, os principios de publicidade, concorrencia, igualdade e non discriminación. Procederá a utilización dos criterios e do prego provincial do procedemento negociado cando razóns de carácter científico, literario ou artístico dificulten ou impidan promover a concorrencia.

V.- Publicidade do financiamento provincial.

1.- Na publicidade pola que se dean a coñecer as actividades do Consorcio As Mariñas no ano 2023, por medios escritos, radiofónicos, audiovisuais ou internet, deberase facer constar sempre o financiamento da Deputación Provincial da Coruña.

O logotipo da Deputación Provincial da Coruña debe figurar na paxina web de inicio do Consorcio As Mariñas.

2.- Coa memoria e conta xustificativa achegaranse os documentos que acrediten o cumprimento desta obriga do Consorcio As Mariñas.

VI.- A xustificación necesaria para recibir a achega provincial.

1.- A achega da Deputación seralle abonada ao Consorcio As Mariñas do seguinte xeito:

Primeiro prazo, por importe do 50% da subvención, co carácter de anticipo prepagable a xustificar.

O importe deste prazo aboarase unha vez asinado o convenio logo que se presente de xeito telemático, a través da plataforma subtel, a seguinte documentación:



* **Contas anuais** completas da entidade correspondentes ao exercicio 2022.

* **Orzamento da entidade** para o exercicio 2023, plan de actuación ou o documento equivalente que corresponda, de acordo coas normas que resulten de xeral aplicación, segundo a natureza xurídica da entidade.

* **Certificacións** acreditativas dos acordos **da aprobación** dos documentos sinalados.

Segundo prazo, por importe do 50% da subvención ou, no seu caso, a cantidade pendente de pago, segundo o importe dos gastos xustificadas, logo que se presente de xeito telemático, a través da plataforma subtel, a seguinte documentación:

* **Memoria** de actuación, suscrita polo representante legal do Consorcio As Mariñas, xustificativa do cumprimento das condicións impostas neste convenio, coa indicación das actividades realizadas e dos resultados obtidos.

* **Relación** clasificada dos gastos realizados (con IVE e sen IVE), no que se indiquen os acredores co seu NIF, os documentos xustificativos, os importes e, no seu caso, datas de pago; tamén se indicarán as desviacións con respecto ao orzamento detallado na cláusula segunda.

* **Certificación** da aprobación das facturas e demais documentos xustificativos polo órgano competente.

Os gastos e as correspondentes facturas referiranse exclusivamente ás actividades realizadas durante o ano 2023.

* **Relación** detallada das subvencións ou axudas obtidas doutras administracións públicas ou entidades privadas para o mesmo obxecto ou, pola contra, declaración de non telas.

* **Acreditación** do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social, segundo o previsto na cláusula oitava.

* **Certificación** na que o Consorcio As Mariñas acredite que ten as autorizacións individuais asinadas por cada traballador/a con salario subvencionado, para a cesión á Deputación da Coruña dos datos persoais relacionados co seu contrato de traballo.

* **Acreditación** do cumprimento da obriga de facer constar a colaboración da Deputación en toda a información (impresa, informática ou audiovisual) que se teña feito das actividades subvencionadas, establecida na cláusula quinta.

* **Acreditación** do pago efectivo aos terceiros do importe recibido como primeiro prazo prepagable.

2.- No prazo dun mes dende a recepción do segundo prazo, deberá acreditar o pago efectivo aos terceiros.

VII.- Termo para a realización da actividade e prazo de xustificación.

1.- As actividades que son obxecto de financiamento provincial, tal como están descritas na cláusula primeira realizaranse entre o **1 de xaneiro e o 31 de decembro de 2023**.



2.- Unha vez rematadas as actividades, o Consorcio As Mariñas deberá presentar a xustificación documental á que se refire a cláusula sexta antes do **31 de marzo de 2024**.

3.- De conformidade co disposto no artigo 70.3 do Regulamento da Lei de subvencións (Real decreto 887/2006, do 21 de xullo), transcorrido este derradeiro prazo sen que se teña recibido xustificación ningunha, a Unidade xestora remitiralle un requerimento ao Consorcio As Mariñas para que a presente no prazo improrrogable de **quince días**.

A falla de xustificación da subvención neste prazo excepcional conlevará a perda da subvención e demais responsabilidades previstas neste convenio e na lexislación aplicable ao respecto. Aínda así, a presentación da xustificación neste prazo adicional non eximirá ao Consorcio As Mariñas da sanción que, de conformidade co disposto na Lei de subvencións e na ordenanza provincial de desenvolvemento que resulte aplicable lle poida corresponder.

4.- O abono da subvención materializarase mediante ingreso na conta da entidade financeira indicada polo Consorcio As Mariñas.

VIII.- Acreditación do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social.

1.- O Consorcio As Mariñas deberá acreditar, con carácter previo á sinatura deste convenio e logo, con carácter previo ao pago da subvención, que se atopa ao día no cumprimento das obrigas tributarias coa Administración do Estado, coa Comunidade Autónoma e coa Seguridade Social; e, para tal fin poderá autorizar á Deputación a que obteña telemáticamente os correspondentes certificados.

2.- A acreditación do cumprimento das obrigas tributarias coa Deputación Provincial determinarse de oficio por esta.

IX.- Destino e manexo dos fondos recibidos.

1.- O Consorcio As Mariñas destinará os fondos recibidos ao pagamento dos xustificantes de gasto presentados.

2.- Co fin de garantir un axeitado control da aplicación dos fondos, o pagamento deberá quedar acreditado documentalmente mediante a utilización de transferencia bancaria, tarxeta de débito ou crédito, cheque nominativo ou calquera outro medio que deixe constancia da data de pago e da identidade do perceptor; só excepcionalmente poderá realizarse o pago en metálico para gastos de ata 150 €, nos que non resulte posible a utilización dun dos medios anteriormente indicados.

3.- Sen prexuízo dos libros e rexistros contables que as normas xerais ou sectoriais lle poidan impor, o Consorcio As Mariñas deberá contar alomenos cun rexistro cronolóxico de cobros e pagamentos no que se inclúan, entre outros, os relativos aos gastos xustificadas e aos ingresos declarados con respecto a esta subvención.

X.- Control financeiro da Deputación e dos órganos de control externo.

1.- Consonte ao disposto nos artigos 44 e seguintes da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións, e nos artigos 41 e seguintes da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, o Consorcio As Mariñas poderá ser escolleito pola Intervención provincial para a realización dun control financeiro sobre a subvención pagada, co fin de acreditar a efectiva aplicación dos fondos á finalidade para a que foron concedidos, o correcto financiamento da actividade e o cumprimento de tódalas demais obrigas formais



e materiais que lle impón o presente convenio de colaboración.

2.- Asemade, de acordo co previsto na lei 6/1985, de 24 de xuño, do Consello de Contas de Galicia, o Consorcio As Mariñas queda sometido aos procedementos de fiscalización que leven a cabo o Consello de Contas de Galicia ou, no seu caso, segundo o previsto na Lei orgánica 2/1982, de 12 de maio, aos procedementos de enxuciamiento contable que poida incoar o Tribunal de Contas, e a calquera outro órgano de control, nacional ou europeo.

XI.- Reintegro, infraccións e sancións.

1.- O incumprimento dalgunha das cláusulas previstas no presente convenio de colaboración poderá implicar a obriga de reintegro parcial ou total dos fondos recibidos, así como ao pago dos xuros de demora que se perciban dende o día no que se realizou o pagamento ata o momento no que se acorde a procedencia do reintegro. O procedemento de reintegro iniciárase de oficio na súa tramitación seguirase o disposto nos artigos 41 e seguintes da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de subvencións e nos artigos 91 e seguintes do seu Regulamento (R.D. 887/2006, do 21 de xullo), dándolle en todo caso audiencia ao interesado.

Así mesmo, deberá utilizar os elementos persoais e auxiliares máis cualificados nas condicións esixidas pola boa práctica, utilizando produtos, medios e equipos máis adecuados para a protección do medio ambiente así como para a protección da saúde do persoal e usuarios.

19. RESPONSABLE DO CONTRATO

Correspóndelle ao responsable do contrato indicado na epígrafe 12 do cadro de características, supervisar a súa execución e adoptar as decisións e ditar as instrucións necesarias co fin de asegurar a correcta realización da prestación pactada.

A dirección técnica e inspección dos traballos correspóndelle ao Servizo indicado na epígrafe 12 do cadro de características, que ditará as instrucións necesarias ao contratista para a normal e eficaz realización daqueles e sinalará o ritmo de execución



conveniente, mediante un informe de actuacións realizadas que acompañará a cada factura. Con todo, a Presidencia da Corporación poderá inspeccionar as instalacións ou servizos cando o estime oportuno ou encomendar estas funcións a outros técnicos da corporación.

20. CUMPRIMENTO NORMATIVA LABORAL, DE SEGURIDADE SOCIAL, SEGURIDADE E HIXIENE E PREVENCIÓN DE RISCOS LABORAIS

O adxudicatario deberá cumprir, baixo a súa exclusiva responsabilidade, as disposicións vixentes en materia laboral e de Seguridade Social, así como en materia de seguridade e hixiene no traballo e prevención de riscos laborais.

21. FORMACIÓN DO PERSOAL E MANUAIS DE FUNCIONAMENTO

O adxudicatario deberá entregar documentación, instrucións e información suficiente, así como impartir os cursos de adestramento ou formación precisos, durante o tempo que sexa necesario, a xuízo da Administración contratante, sen que isto supoña custo adicional á Deputación.

Así mesmo, o adxudicatario estará obrigado a proporcionarlle á administración os manuais de funcionamento do ben fornecido en número equivalente ao de usuarios, e redactados en castelán.

22. BENS DE CALIDADE DEFECTUOSA

O adxudicatario responderá da calidade dos bens fornecidos e das faltas que houbera. Así mesmo, responderá de todos os danos que se ocasionen nos bens antes da súa entrega á Administración.

Cando os bens non se achen en estado de ser recibidos, farase constar así en documento para o efecto, para que o adxudicatario remedie os defectos observados ou proceda a unha nova subministración, sen prexuízo da tramitación do expediente de imposición de penalidades administrativas ou de resolución do contrato.

Se a Administración estimase durante a vixencia do contrato que os bens fornecidos non son aptos para o fin pretendido como consecuencia dos vicios ou defectos observados neles e imputables ao contratista, e exista a presunción de que a reposición ou a reparación destes bens non serán bastantes para lograr aquel fin, poderá rexeitar os bens deixándoos por conta do contratista e quedando exento da obrigación de pago, ou tendo dereito, no seu caso, á recuperación do prezo satisfeito.

O adxudicatario deberá executar o contrato adoptando todas as medidas de seguridade que sexan necesarias para que o contrato se realice nas mellores condicións que permitan a entrega dos bens en perfecto estado de conservación, evitando deterioracións ou perdas.

No caso de que se produzan deterioracións ou perdas por causa imputable ao contratista, a Deputación poderá resolver o contrato e esixir a correspondente indemnización de danos e perdas.

23. CONDICIÓNS ESPECIAIS DE EXECUCIÓN

1. EN MATERIA DE PROTECCIÓN DE DATOS

De conformidade co artigo 202.1 LCSP, ao tratarse dun contrato cuxa execución implica a



cesión de datos ao contratista establécese como condición especial de execución a obrigação do contratista de someterse á normativa nacional e da Unión Europea en materia de protección de datos. Esta obrigação ten o carácter de obrigação contractual esencial de conformidade co disposto na letra f) do apartado 1 do artigo 211.

2. DE CARÁCTER LABORAL, SOCIAL OU AMBIENTAL

De conformidade co disposto no art. 202 LCSP, no prego establécense como condicións especiais de carácter social, laboral ou ambiental en relación coa execución do contrato, vinculadas ao seu obxecto, no sentido do artigo 145 LCSP, non sendo directa ou indirectamente discriminatorias. O operador económico que resulte adxudicatario deberá levar a cabo durante a execución do contrato, polo menos unha das condicións especiais de execución especificadas na epígrafe 13 do cadro de características.

A xustificación do cumprimento da condición especial de execución de carácter laboral, social ou ambiental pola que optara o adxudicatario deberá presentarse ante a Administración correspondente, xunto coa documentación que ha achegar para proceder ao pago das facturas derivadas deste contrato, conforme ao indicado na cláusula 27.

Poderanse impoñer penalidades para o suposto de incumprimento dos compromisos ou das condicións especiais de execución do contrato que se estableceron conforme o apartado 2 do artigo 76 e ao apartado 1 do artigo 202 LCSP, e cláusula 29 do prego. Estas penalidades serán proporcionais á gravidade do incumprimento e as contías de cada unha delas non poderán ser superiores ao 10 por cento do prezo do contrato, IVE excluído, nin o total destas superar o 50 por cento do prezo do contrato.

Neste contrato aplicaranse as penalidades dispostas na cláusula 29 parágrafo terceiro incrementadas nun 100% (1,20 euros por cada 1.000 euros do prezo do contrato, IVE excluído).

Non obstante o incumprimento desta condición especial de execución considerarase incumprimento de obrigação esencial, en consecuencia o órgano de contratación poderá acordar a resolución do contrato e a inhabilitación da empresa para contratar.

24. CALIDADE

O adxudicatario deberá realizar as prestacións comprendidas no contrato nas mellores condicións de calidade e utilizando os medios persoais e materiais máis adecuados para garantir a súa óptima execución.

O órgano de contratación poderá verificar en calquera momento a correcta execución do contrato, podendo solicitar a documentación que estime oportuna e as inspeccións que considere necesario.

25. REGRAS ESPECIAIS RESPECTO DO PERSOAL LABORAL DA EMPRESA CONTRATISTA

1.-Correspóndelle exclusivamente á empresa contratista a selección do persoal que, reunindo os requisitos de titulación e experiencia esixidos nos pregos, formará parte do equipo de traballo adscrito á execución do contrato, sen prexuízo da verificación por parte da Administración do cumprimento daqueles requisitos.

A empresa contratista procurará que exista estabilidade no equipo de traballo, e que as variacións na súa composición sexan puntuais e obedezan a razóns xustificadas, en orde a non alterar o bo funcionamento do servizo informando en todo momento á Administración.



2.- A empresa contratista asume a obrigaón de exercer de modo real, efectivo e continuo, sobre o persoal integrante do equipo de traballo encargado da execución do contrato, o poder de dirección inherente a todo empresario. En particular, asumirá a negociación e pago dos salarios, a concesión de permisos, licenzas e vacacións, as substitucións dos traballadores en casos de baixa ou ausencia, as obrigaóns legais en materia de Seguridade Social, incluído o aboamento de cotizacións e o pago de prestacións, cando cumpra, as obrigaóns legais en materia de prevención de riscos laborais, o exercicio da potestade disciplinaria, así como cantos dereitos e obrigaóns se deriven da relación contractual entre empregado e empregador.

3.- A empresa contratista velará especialmente para que os traballadores adscritos á execución do contrato desenvolvan a súa actividade sen extralimitarse nas funcións desempeñadas respecto da actividade delimitada nos pregos como obxecto do contrato.

4.- A empresa contratista estará obrigada a executar o contrato nas súas propias dependencias ou instalacións salvo que, excepcionalmente, sexa autorizada a prestar os seus servizos nas dependencias dos entes, organismos e entidades que forman parte do sector público. Neste caso, o persoal da empresa contratista ocupará espazos de traballo diferenciados do que ocupan os empregados públicos. Correspóndelle tamén á empresa contratista velar polo cumprimento desta obrigaón.

5.-A empresa contratista deberá designar polo menos un coordinador técnico ou responsable, integrado no seu propio persoal, que terá entre as súas obrigaóns as seguintes:

a) Actuar como interlocutor da empresa contratista fronte á Deputación, canalizando a comunicación entre a empresa contratista e o persoal integrante do equipo de traballo adscrito ao contrato, dun lado, e a Administración, doutro lado, en todo o relativo ás cuestións derivadas da execución do contrato.

b) Distribuír o traballo entre o persoal encargado da execución do contrato, e impartirlles aos ditos traballadores as ordes e instrucións de traballo que sexan necesarias en relación coa prestación do servizo contratado.

c) Supervisar o correcto desempeño por parte do persoal integrante do equipo de traballo das funcións que teñen encomendadas, así como controlar a asistencia do dito persoal ao posto de traballo.

d) Organizar o réxime de vacacións do persoal adscrito á execución do contrato, debendo para ese efecto coordinarse adecuadamente a empresa contratista coa Administración, para os efectos de non alterar o bo funcionamento do servizo.

e) Informar á Administración sobre as variacións, ocasionais ou permanentes, na composición do equipo de traballo adscrito á execución do contrato.

26. DEREITOS DO ADXUDICATARIO

1.- Dereito ao aboamento do servizo que realmente execute conforme as cláusulas do prego. De acordo co disposto no artigo 198 LCSP, o aboamento deberá efectuarse de acordo cos seguintes prazos:

a) Prazo para a conformidade da factura:

O contratista terá a obrigaón de presentar a factura electrónica que expedise polas prestacións realizadas no punto xeral de entrada de facturas electrónicas (FACE) para os efectos da súa remisión ao órgano administrativo ou unidade a quen lle corresponda a



súa tramitación.

Na cláusula de pagos do prego, inclúese a identificación do órgano administrativo con competencias en materia de contabilidade pública, así como a identificación do órgano de contratación e do destinatario, que deberán constar na factura correspondente que emita o contratista.

Unha vez cumprido este requisito, iniciarase o cómputo dos trinta días naturais para que a Administración aprobe a documentación presentada e dite o acto de recoñecemento da obrigação; con todo, se a documentación presentada adoecese dalgún defecto, será devolta ao contratista para a súa corrección, non iniciándose o prazo sinalado ata que os documentos se presenten de novo no punto xeral de entrada de facturas electrónicas (FACe) debidamente emendados.

b) Prazo para o pago:

Unha vez aprobados os documentos presentados e recoñecida a obrigação de pago, a Administración deberá realizar o pago dentro dos inmediatos trinta días seguintes.

A execución de traballos por importe superior ao previsto en cada anualidade, aínda no caso de que conte coa autorización da dirección, non lle dará dereito ao contratista ao seu aboamento ata que non se inclúa no Orzamento a dotación necesaria para facer fronte á anualidade correspondente.

2.- Se a Administración demorase o pago do prezo, computado a partir do cumprimento do prazo a que se refire o apartado anterior, o adxudicatario terá dereito a partir do cumprimento do prazo, a cobrar os xuros de mora e a indemnización polos custos de cobro nos termos dispostos na Lei 3/2004, do 29 de decembro de 2004 pola que se establecen as Medidas de loita contra a morosidade nas operacións comerciais e artigo 198 LCSP.

Non obstante o indicado no apartado anterior, no suposto de que algunha certificación conteña algún erro ou omisión, e o contratista non advertira no momento de prestar conformidade á certificación expresamente e por escrito a súa existencia, o prazo para esixir o xuro de mora non se iniciará ata que se emenden os defectos que contivese a certificación, computándose, por tanto, o prazo para esixir o xuro de mora a partir da expedición da certificación emendada.

De igual modo se a factura contivese algún erro ou omisión ou esta non se presentara á entidade contratante, o prazo para esixir o xuro de mora non se iniciará ata que se emenden os defectos que contivese a factura ou ata que esta se presente no punto xeral de entrada de facturas electrónicas (FACe), salvo os supostos en que a normativa vixente de facturación permita a súa presentación en formato papel, nese caso presentárase no rexistro da entidade correspondente.

3.- Dereito á suspensión do cumprimento do contrato no caso de que a demora do pago fose superior a catro meses, debendo comunicarlle á Administración cun mes de antelación tal circunstancia, para os efectos do recoñecemento dos dereitos que poidan derivarse da suspensión, nos termos establecidos no artigo 198.5 LCSP.

4.- Dereito a resolver o contrato e ao resarcimento dos prexuízos que como consecuencia diso se lle orixinen, se a demora da Administración fose superior a seis meses (artigo 198.6 LCSP).

5.- Dereito a transmitir os dereitos de cobranza, nos termos do artigo 200 LCSP.



27.- PAGOS

O pago do prezo efectuarase da forma que se indica na epígrafe 14 do cadro de características.

Os pagos requirirán en todo caso presentación de factura por medios electrónicos, correspondente aos bens fornecidos, acompañada de acta de recepción dos bens e de informes favorables dos servizos técnicos e administrativos que correspondan, sen prexuízo das facultades de seguimento contractual que lle corresponden ao servizo competente.

O adxudicatario unicamente terá dereito ao aboamento dos bens efectiva e correctamente fornecidos conforme os pregos.

Nos prezos da oferta enténdese que os licitadores incluíron todos os custos que corresponden a subministración, transporte, embalaxe, seguros, instalación, formación, etc. e todas as outras tarefas que inciden no proceso de subministración, así como todos os impostos de calquera esfera fiscal. En consecuencia, o adxudicatario non poderá esixir o pago de cantidade ningunha por este concepto.

A xustificación do cumprimento da condición especial de execución de carácter laboral, social ou ambiental pola que optase o adxudicatario de entre as establecidas na cláusula 23.2, será a indicada na epígrafe 14 do cadro de características.

No caso de que o adxudicatario solicitase a constitución da garantía mediante retención de parte do prezo, formalizarase no momento da aprobación do primeiro pago e, se non fose suficiente, dos sucesivos pagos ata completar o seu importe.

De conformidade coa normativa vixente, o contratista ten a obrigaón de presentar a factura. A factura deberá presentarse no punto xeral de entrada de facturas electrónicas (FACe) salvo os supostos en que a normativa vixente de facturación permita a súa presentación en formato papel, nese caso presentarse no rexistro da entidade contratante.

O Punto Xeral de Entrada de Facturas Electrónicas con formato Facturae, dirixidas á Deputación Provincial da Coruña, é o configurado na plataforma electrónica "FACe: Punto Xeral de Entrada de Facturas electrónicas", da Secretaria de Estado das Administracións Públicas, do Ministerio de Facenda e Administracións Públicas.

En canto aos prazos e trámites de pago estarase ao disposto no artigo 198 LCSP

28. PRÓRROGAS

Se o atraso na execución fose producido por motivos non imputables ao contratista e este ofrece cumprir o seu compromiso se se lle dá unha prórroga do tempo que se lle sinalara o órgano de contratación poderá concedela por un prazo que será polo menos igual ao tempo perdido, a non ser que o contratista pedise outro menor.

29. PRAZO DE EXECUCIÓN DO CONTRATO E PENALIDADES ADMINISTRATIVAS

O contratista está obrigado a cumprir o contrato dentro do prazo total fixado para a súa realización, así como, dos prazos parciais sinalados para a súa execución sucesiva.

Así mesmo poderán impoñerse penalidades por incumprimento de fitos, ou por outros supostos en función do establecido na epígrafe 18 do cadro de características.



A constitución en mora do contratista non precisará intimación previa por parte da Administración.

Cando o contratista por causas imputables a el, incorrese en demora respecto ao cumprimento do prazo total, a Administración poderá optar indistintamente pola resolución do contrato ou pola imposición das penalidades diarias na proporción de 0,60 euros por cada 1000 euros do prezo do contrato, IVE excluído.

A Administración terá a mesma facultade a que se refire o apartado anterior respecto ao incumprimento por parte do contratista dos prazos parciais, ou cando a demora no cumprimento daqueles faga presumir razoablemente a imposibilidade do cumprimento do prazo total.

Cada vez, que as penalidades por demora alcancen un múltiplo do 5 por 100 do prezo do contrato, IVE excluído, o órgano de contratación estará facultado para proceder á súa resolución ou acordar a continuidade da súa execución con imposición de novas penalidades.

30. MODIFICACIÓNS DO CONTRATO

Unha vez perfeccionado o contrato o órgano de contratación só poderá introducir modificacións nel por razóns de interese público e de acordo co disposto no artigo 203 LCSP, debendo formalizarse en documento administrativo estas modificacións conforme o establecido no artigo 153 e 203.3 LCSP e deberán publicarse de acordo co establecido nos artigos 207 e 63.LCSP.

Para os efectos do establecido no artigo 204 LCSP establécese, co carácter de modificación prevista no prego, as indicadas no anexo 10.

De acordarse esta modificación polo órgano competente da Administración, será obrigatoria para o contratista.

31. MODIFICACIÓN DOS LABORES INCLUÍDOS NO CONTRATO

En ningún caso o técnico director do contrato ou o adxudicatario poderán introducir ou executar modificacións nos labores comprendidos no contrato sen a debida aprobación técnica da modificación e a aprobación económica do orzamento reformado resultante, no seu caso, como consecuencia dela. A mencionada aprobación corresponderalle ao órgano de contratación competente, despois da preceptiva fiscalización do gasto e existencia de crédito.

32. CESIÓN DE CONTRATO E SUBCONTRATO DE TRABALLOS

Os adxudicatarios non poderán ceder os dereitos dimanantes do contrato determinados traballos sen obter previamente a autorización do órgano competente da Corporación, nos termos sinalados no artigo 214 LCSP. Polo que respecta á subcontratación estarase ao disposto nos artigos 215 a 217 LCSP.

De conformidade co artigo 75 e 215.2 no anexo 9 do prego indícase se neste contrato se aplicará a esixencia ao contratista principal de executar determinadas tarefas críticas.

33. RECEPCIÓN DO CONTRATO

O contratista comunicarlle por escrito ao facultativo director do contrato a data prevista para a súa terminación, cunha antelación mínima de 30 días naturais.

A recepción do contrato realizarase como máximo dentro dos 30 días naturais seguintes á terminación do prazo contractual, incluídas no seu caso, as prórrogas legalmente



concedidas.

34. PRAZO DE GARANTÍA

O prazo de garantía do contrato será o que figura na epígrafe 19 do cadro de características do anexo N°1.

Se durante o prazo se acredítase a existencia de vicios ou defectos nas prestacións realizadas, terá dereito a Administración para reclamar do contratista a corrección ou rectificación que corresponda.

Así mesmo nestes supostos a Administración poderá rexeitar as prestacións realizadas quedando exento da obrigaón de pago ou tendo dereito, no seu caso, á recuperación do prezo satisfeito.

Terminado o prazo de garantía sen que a Administración formulase algún dos reparos ou a denuncia a que se refire o artigo 311.5 LCSP, o contratista quedará exento de responsabilidade por razón da prestación efectuada.

35. CONDICIÓNES ESPECÍFICAS DAS PRESTACIÓNS

A. CONFIDENCIALIDADE E SEGREDO PROFESIONAL:

Toda a información facilitada pola Administración ou a obtida polo adxudicatario en relación co contrato terá carácter confidencial, debendo o adxudicatario gardar o debido segredo profesional con carácter indefinido, salvo que a Administración o autorice expresamente e para supostos concretos e determinados.

A empresa adxudicataria queda expresamente obrigada a realizar os seus traballos baixo as cláusulas do segredo profesional e, en consecuencia, a manter absoluta confidencialidade e reserva sobre a totalidade dos documentos que lle sexan confiados ou que sexan elaborados no transcurso da execución do plan. Esta confidencialidade é extensible a calquera dato que puidera coñecer con ocasión do cumprimento do contrato, especialmente os de carácter persoal, que non se utilizarán cun fin distinto ao que figura neste prego, nin tampouco ceder a outros nin sequera a efectos de conservación.

B. PROTECCIÓN DE DATOS:

1. Finalidade

Mediante as cláusulas habilitase ao adxudicatario como encargado do tratamento, para tratar por conta da Administración, responsable do tratamento, os datos de carácter persoal necesarios coa finalidade de executar as prestacións derivadas deste contrato.

O adxudicatario utilizará os datos persoais só para a finalidade obxecto deste contrato. En ningún caso poderá utilizar os datos para fins propios.

2. Datos persoais

Detállanse na epígrafe 20 do cadro de características.

3. Obrigacións

O encargado do tratamento está obrigado a:

- a. Utilizar os datos persoais obxecto de tratamento só para a finalidade obxecto deste contrato
- b. Cumprir en todas as fases de desenvolvemento do contrato, na súa terminación e



- con posterioridade a ela, a normativa nacional e da Unión Europea en materia de protección de datos, sendo responsable de calquera infracción desta.
- c. Presentar antes da formalización do contrato unha declaración na que poña de manifesto onde van estar situados os servidores e desde onde se van prestar os servizos asociados a estes.
 - d. Comunicar calquera cambio que se produza, ao longo da vida do contrato, da información facilitada na declaración a que se refire a letra c) anterior.
 - e. Indicar na súa oferta, se teñen previsto subcontratar os servidores ou os servizos asociados a eles, o nome ou o perfil empresarial, definido por referencia ás condicións de solvencia profesional ou técnica, dos subcontratistas aos que se vaia encomendar a súa realización.
 - f. Tratar os datos de acordo coas instrucións do responsable do tratamento
 - g. Non comunicar os datos a terceiras persoas, salvo que conte coa autorización expresa do responsable do tratamento, nos supostos legalmente admisibles.
 - h. Non subcontratar ningunha das prestacións que formen parte do obxecto deste contrato que comporten o tratamento de datos persoais, salvo os servizos auxiliares necesarios para o normal funcionamento dos servizos do encargado.

Se fose necesario subcontratar algún tratamento, este feito deberase comunicar, previamente e por escrito, á Deputación da Coruña, cunha antelación de quince días hábiles, indicando os tratamentos que se pretenden subcontratar e identificando de forma clara e inequívoca a empresa subcontratista e os seus datos de contacto. Poderá levar a cabo a subcontratación se a Deputación non manifesta a súa oposición no prazo de dez días hábiles

O subcontratista, que tamén terá a condición de encargado do tratamento, queda sometido expresamente á normativa nacional e da Unión Europea en materia de protección de datos e está obrigado igualmente a cumprir as obrigacións establecidas neste documento para o encargado do tratamento e as instrucións que dite o responsable. Correspóndelle ao encargado inicial regular a nova relación, de forma que o novo encargado quede suxeito ás mesmas condicións (instrucións, obrigacións, medidas de seguridade...) e cos mesmos requisitos formais ca el, no referente ao adecuado tratamento dos datos persoais e á garantía dos dereitos das persoas afectadas. No caso de incumprimento por parte do subencargado, o encargado inicial seguirá sendo plenamente responsable ante o responsable no referente ao cumprimento das obrigacións.

- i. Manter o deber de secreto respecto dos datos de carácter persoal aos que tivese acceso en virtude do contrato, mesmo despois de que finalice o seu obxecto.
 - Evitarase o acceso de persoas non autorizadas aos datos persoais, e deixar os datos persoais expostos a terceiros. Cando calquera persoa se ausente do posto de traballo, bloquearase a pantalla ou pecharase a sesión
 - Os documentos en papel e soportes electrónicos almacenaranse en lugar seguro (armarios ou estancias de acceso restrinxido) durante as 24 horas do día.
 - Non se refugarán documentos ou soportes electrónicos (CD, lapis de memoria, discos ríxidos, etc.) con datos persoais sen garantir a súa destrución.
 - Non se comunicarán datos persoais ou calquera información persoal a terceiros.
 - O deber de segredo e confidencialidade persistirá mesmo cando finalice a relación laboral da persoa traballadora coa entidade.



- j. Garantir que as persoas autorizadas para tratar datos persoais se comprometan, de forma expresa e por escrito, a respectar a confidencialidade e a cumprir as medidas de seguridade correspondentes, das que hai que informar convenientemente.
- Garantirase a existencia de contrasinais para o acceso aos datos persoais almacenados en sistemas electrónicos.
 - Cando aos datos persoais accedan distintas persoas, para cada persoa con acceso aos datos persoais, dispoñeráse dun usuario e contrasinal específicos (identificación inequívoca).
 - Garantirase a confidencialidade dos contrasinais, evitando que queden expostas a terceiros.
 - En ningún caso se compartirán os contrasinais nin se deixarán anotados en lugar común e o acceso de persoas distintas da persoa usuaria.
- k. Garantir a formación necesaria en materia de protección de datos persoais das persoas autorizadas para tratar datos persoais.
- l. Manter, ao dispor do órgano de contratación, a documentación acreditativa do cumprimento das obrigacións establecidas nos apartados anteriores.
- m. Asistir ao responsable do tratamento na resposta ao exercicio dos dereitos de protección de datos e axudar a garantir o cumprimento das obrigacións establecidas nos artigos 32 a 36 do RGPD, tendo en conta a natureza do tratamento e a información ao dispor do encargado.
- n. Notificarlle ao responsable do tratamento, sen dilación indebida, e en calquera caso antes do prazo máximo de 24 horas, as violacións da seguridade dos datos persoais ao seu cargo das que teña coñecemento, xunto con toda a información relevante para a documentación e comunicación da incidencia. (Non será necesaria a notificación cando sexa improbable que esta violación da seguridade constitúa un risco para os dereitos e as liberdades das persoas físicas.)
- Correspóndelle ao encargado do tratamento comunicar as violacións da seguridade dos datos á Autoridade de Protección de Datos e ás persoas interesadas, naqueles supostos en que os datos se traten exclusivamente cos sistemas do encargado. A comunicación conterá, como mínimo, a información establecida nos artigos 33 e 34 do Regulamento xeral de protección de datos (RGPD) e ao mesmo tempo deberá notificarlle ao responsable do tratamento.
- o. Poñer á disposición do responsable toda a información necesaria para demostrar o cumprimento das súas obrigacións, así como para a realización das auditorías ou as inspeccións que realicen o responsable ou outro auditor autorizado por el.
- p. Implantar as medidas de seguridade necesarias para axustarse ao Esquema Nacional de Seguridade, entre outras:
- Garantir a confidencialidade, integridade, dispoñibilidade e resiliencia permanentes dos sistemas e servizos de tratamento.
 - Restaurar a dispoñibilidade e o acceso aos datos persoais de forma rápida, en caso de incidente físico ou técnico.
 - Verificar, avaliar e valorar, de forma regular, a eficacia das medidas técnicas e organizativas implantadas para garantir a seguridade do tratamento.



As obrigacións recollidas nas letras a) a e) anteriores teñen o carácter de esenciais para os efectos do disposto no artigo 211.1.f) da LCSP

4. Incumprimento

O adxudicatario responderá dos danos e perdas causados polo tratamento cando incumpra as obrigacións específicas dos encargados establecidas na normativa nacional e da Unión Europea en materia de protección de datos ou actúe á marxe ou en contra das estipulacións establecidas no contrato.

5. Duración

Unha vez finalizados os traballos obxecto do contrato, o encargado do tratamento deberá devolver á Administración ou a aquel encargado que esta designe, os datos de carácter persoal e, no seu caso, os soportes onde consten.

A devolución debe comportar o borrado total dos datos existentes nos equipos informáticos utilizados polo encargado. Con todo, o encargado pode conservar unha copia, cos datos debidamente bloqueados, en tanto poidan derivarse responsabilidades da súa relación co responsable do tratamento.

O bloqueo dos datos consiste na identificación e reserva destes, adoptando medidas técnicas e organizativas, para impedir o seu tratamento, incluíndo a súa visualización, excepto para poñer a disposición dos datos aos xuíces e tribunais, o Ministerio Fiscal ou as Administracións públicas competentes.

A Administración resérvase a facultade de realizar, en calquera momento e sen necesidade de aviso previo, calquera comprobación sobre o correcto bloqueo dos datos.

6. Información en protección de datos

Os datos persoais facilitados polo adxudicatario serán tratados polo órgano indicado na epígrafe 20 do cadro de características, para xestionar este contrato.

A lexitimación para o tratamento dos datos persoais baséase no cumprimento dunha obrigación legal e os datos poderán ser comunicados ás administracións públicas no exercicio das súas competencias, cando sexa necesario para a tramitación e resolución dos seus procedementos ou por obrigación legal.

A Administración conservará os datos durante o tempo que sexa necesario para cumprir coa finalidade para a que se solicitaron e para determinar as posibles responsabilidades que se poidan derivar da finalidade exposta e do tratamento dos datos. Será de aplicación o disposto na normativa de arquivos e documentación.

Pode exercer os dereitos de acceso, rectificación, supresión, oposición, limitación ao tratamento e portabilidade dos datos a través da sede electrónica da Administración contratante ou presencialmente nos lugares e rexistros establecidos na normativa reguladora do procedemento administrativo común. Tamén pode interpoñer unha reclamación ante a AEPD se considera que o tratamento de datos persoais infrinxe o RGPD.

Para calquera outra dúbida pode dirixir un correo indicado na epígrafe 20 do cadro de características.

C. DEREITO DE USO:

A Administración terá o dereito de uso por tempo indefinido e con ámbito mundial de



todos os estudos, documentos, traballos ou prestacións realizados con motivo do contrato, podendo dispoñer en consecuencia destes para calquera fin ou actividade de interese provincial que estime oportuno.

36. CAUSAS DE RESOLUCIÓN

Serán as dispostas nos artigos 211, 212, 306 LCSP, cos efectos dispostos nos artigos 213 e 307 LCSP.

Ademais considerarase causa de resolución do contrato por incumprimento de obrigaón esencial, o incumprimento dos fitos ou obxectivos por causas imputables ao contratista, no caso de que tal atraso supoña un prexuízo significativo para a entidade contratante, así como o incumprimento das obrigaóns contractuais esenciais e outras causas de resolución detalladas na epígrafe 21 do cadro de características.

37. PRERROGATIVAS DA ADMINISTRACIÓN

Compételle ao órgano de contratación as prerrogativas de interpretar o convido, modificar as prestacións por conveniencia do Servizo e de suspender a súa execución por causa de utilidade pública, indemnizando, no seu caso, os posibles danos e perdas ocasionados nos termos establecidos na Lei de contratos do sector público.

38. RÉXIME XURÍDICO

O contrato de servizos ten carácter administrativo e ambas as partes quedan sometidas expresamente á lexislación de contratos do sector público e normas complementarias e, no seu caso, da Comunidade Autónoma de Galicia nos termos do artigo 149.1.18 da Constitución así como as demais disposicións de desenvolvemento, en especial o Regulamento de desenvolvemento; supletoriamente aplicaranse as restantes normas de dereito administrativo e, na súa falta, as normas de dereito privado.

As cuestións litixiosas xurdidas sobre interpretación, modificación, resolución e efectos deste contrato serán resoltos polo órgano de contratación, cuxos acordos poñerán fin á vía administrativa e contra estes haberá lugar a recurso Contencioso-Administrativo, conforme ao disposto pola Lei reguladora da dita xurisdición, logo da interposición, no seu caso, do recurso de reposición potestativo e sen prexuízo da interposición de calquera outro recurso que os interesados estimen procedente.

Nos supostos a que se refire o artigo 44 do LCSP, os interesados poderán interpoñer o recurso especial en materia de contratación.

O contrato queda sometido ao disposto na seguinte normativa:

- Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, pola que se transpoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014 (en diante LCSP)

Esta contratación financiada con fondos procedentes do Instrumento Europeo de Recuperación («*NextGeneration EU* »), con cargo ao Mecanismo de Recuperación e Resiliencia (MRR) atópase suxeita ás seguintes normas:

- O Regulamento (UE) 2021/240, do Parlamento Europeo e do Consello, do 10 de febreiro de 2021 polo que se establece un instrumento de apoio técnico
- O Regulamento (UE) 2021/241, do Parlamento Europeo e do Consello, do 12 de febreiro de 2021 polo que se establece o Mecanismo de Recuperación e Resiliencia.
- As especialidades en materia de contratación reguladas no Real decreto-lei



36/2020, do 30 de decembro, de carácter básico (artigo 50 réxime excepcional de tramitación urxente), así como, as disposicións que, non tendo carácter básico, serán de aplicación supletoria respecto á materia que se regula.

- A Orde HFP/1030/2021, do 29 de setembro, pola que se configura o sistema de xestión do Plan de recuperación, transformación e resiliencia
- A Orde HFP/1031/2021, do 29 de setembro, pola que se establece o procedemento e formato da información que han proporcionar as entidades do Sector Público Estatal Autonómico e Local para o seguimento do cumprimento de fitos e obxectivos e de execución orzamentaria e contable das medidas dos compoñentes do Plan de recuperación, transformación e resiliencia
- A Orde HFP/55/2023, do 24 de xaneiro, relativa á análise sistemática do risco de conflito de interese nos procedementos que executan o Plan de recuperación, transformación e resiliencia
- Así mesmo, esta contratación está suxeita, en todo caso, ao cumprimento execución e realización dos fitos e obxectivos fixados no Plan de recuperación, transformación e resiliencia, de conformidade coa Decisión de Execución do Consello relativa á aprobación da avaliación do Plan de recuperación e resiliencia de España (Council Implementing Decisión-CID) e estarán sometidas á plena aplicación dos procedementos e control que se establezan para o Mecanismo de Recuperación e Resiliencia da Unión Europea e demais normativa da Unión Europea aplicable á xestión, seguimento e control que se estableza para o Plan de recuperación, transformación e resiliencia, así como, ás obrigacións específicas relativas á información e publicidade, á verificación e ás demais impostas pola normativa da Unión Europea
- O Plan xeral de prevención de riscos e de medidas anti-fraude da Deputación Provincial da Coruña (Plan PREMADECOR), aprobado polo Pleno da Deputación Provincial da Coruña en sesión con data do 23 de xuño de 2022, e publicado no Boletín Oficial da Provincia da Coruña número 125 do 4 de xullo de 2022 e Resolución da Presidencia número 34223/2022, do 4 de agosto de 2022, pola que se designan o presidente e o secretario do comité anti-fraude da Deputación Provincial da Coruña (cadecor)
- Así mesmo o contrato estará suxeito a cantas normas de desenvolvemento se aproben, no que resulte aplicable a este procedemento.

39. OBRIGACIÓNS EN MATERIA DE COMUNICACIÓN EN ACTIVIDADES RELACIONADAS CO CONTRATO

Por ser un proxecto financiado con fondos do Plan de recuperación, transformación e resiliencia – Financiado pola Unión Europea - NextGenerationEU (PRTR), os contratistas, subcontratistas e a administración en todas as actuacións relacionadas e todos os documentos, carteis, publicidade, sinais, folletos indicativos, etc., materiais e os seus compoñentes editados/fabricados especificamente deberán cumprir os compromisos en materia de comunicación, encabezamentos e logos que se conteñen no artigo 9 da Orde HFP/1030/2021, do 29 de setembro, seguindo as instrucións que lles dea a persoa responsable do contrato seguindo as indicacións da persoa responsable de comunicación.

En caso de incumprimento polo contratista e/ou subcontratista destas obrigacións, o órgano de contratación impondrá a penalidade definida na epígrafe 18.



ANEXO Nº 1: CADRO DE CARACTERÍSTICAS DO CONTRATO

Epígrafe 0.	CONTRATO SUXEITO A REGULACIÓN HARMONIZADA		NON
			SI
	SUSCEPTIBLE DE RECURSO ESPECIAL EN MATERIA DE CONTRATACIÓN		NON
			SI
	APRECIACIÓN DE OFERTAS CON VALORES ANORMAIS OU DESPROPORCIONADOS		Non aplica
			Si aplica
	DIVISIÓN EN LOTES		SI
			NON
Lotes aos que se pode presentar oferta			
Lotes que poden adjudicarse a un mesmo licitador			
TRAMITACIÓN		ORDINARIA	
		URXENTE	

Epígrafe 1. (cláusula 1)	OBXECTO	
	Todas as referencias a marcas entenderanse "ou equivalente" Non se admitirán bens usados ou de segunda man.	
	COMPOÑENTE:	
	INVESTIMENTO:	
	PROXECTO:	
	SUBPROXECTO:	
	FITOS:	
	OBXECTIVOS:	
	CODIFICACIÓN: (Código CPV)	

Epígrafe 2. (Cláusula 2)	ORZAMENTO, VALOR ESTIMADO E TIPO DE LICITACIÓN:	
	2.1. Orzamento:	
	I) Orzamento:	
	A) Orzamento sen IVE:	€
	B) imposto sobre o valor engadido (IVE) ao 21%:	€
	C) Orzamento IVE incluído (A+B):	€
	II) Orzamento máximo con prezos unitarios:	
	A) Orzamento sen IVE:	€
	B) imposto sobre o valor engadido (IVE) ao 21%:	€
	C) Orzamento IVE incluído (A+B):	€
	A desagregación do orzamento e os seus custos detállase no anexo número 7	
	2.2. Valor estimado	€
	Método de cálculo	€
	Presuposto sen IVE	€
	Importe das modificacións previstas sen IVE	€
	Importe das opcións eventuais sen IVE	€
	TOTAL VALOR ESTIMADO	€
2.3. Tipo de licitación:	€	



Epígrafe 3. (Cláusula 3)	FINANCIAMENTO	
	Tramitación anticipada	NON
		SI
	O contrato finánciase con fondos do Plan de recuperación, transformación e resiliencia – Financiado pola Unión Europea - NextGenerationEU (PRTR)	
	ENTIDADE FINANCIADORA	PORCENTAXE
	Aplicación orzamentaria	
	Contrato anual	
	Contrato plurianual	
	Exercicio orzamentario	Importe IVE incluído

Epígrafe 4. (Cláusulas 3, 17)	VIXENCIA DO CONTRATO	
	Duración total ou prazo de execución total ou data límite	
	Data de inicio	
	Data de fin	
	Prazos parciais	
	Prestación	Prazo

Epígrafe 5. (Cláusula 4)	REVISIÓN DE PREZOS	
	Non prevista	
	Prevista	
	Supostos	Fórmula de revisión

Epígrafe 6. (Cláusula 7, 10 e 14)	CLASIFICACIÓN, SOLVENCIA, COMPROMISO DE ADSCRICIÓN DE MEDIOS E SEGUROS		
	6.1. CLASIFICACIÓN:	Non se esixe	
	6.2. SOLVENCIA		
	Solvencia económica e financeira		
	MEDIOS DE ACREDITACIÓN	LIMIAR MÍNIMO DE SOLVENCIA	CRITERIOS PARA A SÚA APRECIACIÓN
	Solvencia técnica ou profesional		
	MEDIOS DE ACREDITACIÓN	LIMIAR MÍNIMO DE SOLVENCIA	CRITERIOS PARA A SÚA APRECIACIÓN
	Solvencia técnica para empresas de nova creación (de acordo co disposto no artigo 90.4 da LCSP):		
	MEDIOS DE ACREDITACIÓN	LIMIAR MÍNIMO DE SOLVENCIA	CRITERIOS PARA A SÚA APRECIACIÓN
	6.3. COMPROMISO DE ADSCRICIÓN DE MEDIOS		
		Non se esixe	



Esíxese, co seguinte detalle			
MEDIOS PERSOAIS			
CATEGORÍA PROFESIONAL	TITULACIÓN REQUIRIDA	NÚMERO PERSOAS	% DE DEDICACIÓN AO CONTRATO
MEDIOS MATERIAIS			
DESCRICIÓN	CARACTERÍSTICAS	Nº UNIDADES	OBSERVACIÓNS
Detalle da documentación xustificativa da acreditación dos medios esixidos			
		DOCUMENTACIÓN XUSTIFICATIVA	
MEDIOS PERSOAIS			
MEDIOS MATERIAIS			
6.4. SEGUROS			
Non se esixe			
Esixidos, coa/s seguinte/s cobertura/s, contía/s e vixencia			

Epígrafe 7. (Cláusula 9)	LUGAR E PRAZO DE PRESENTACIÓN DE OFERTAS		
	7.1. LUGAR DE PRESENTACIÓN DE OFERTAS		
		Plataforma de contratación do Sector Público: https://contrataciondelestado.es/	
		Outra plataforma	
	7.2. PRAZO DE PRESENTACIÓN DE OFERTAS		
		Tramitación ordinaria: As ofertas presentaranse dentro do prazo de	
	Tramitación urxente: As ofertas presentaranse dentro do prazo de		

Epígrafe 8. (Cláusulas 6.8)	PERFIL DE CONTRATANTE		
	Plataforma de contratación do Sector Público: https://contrataciondelestado.es/		

Epígrafe 9. (Cláusula 10)	MOSTRAS E VARIANTES		
	9.1. MOSTRAS		
		Non se esixen	
		Esíxense, nas seguintes condicións:	
		Forma de presentación	
		Lugar de presentación	
		Prazo de presentación	
	9.2. VARIANTES		
		Non se admiten	
		Admítense, nas seguintes condicións	
		Número de variantes admitidas	
	As variantes versarán sobre os seguintes aspectos		

Epígrafe 10	GARANTÍAS
--------------------	------------------



(Cláusulas 11, 14)	10.1. GARANTÍA PROVISIONAL	
	Non se esixe	
	Esíxese, por importe de	
	Xustificación da esixencia	
	10.2. GARANTÍA DEFINITIVA:	
	Non se esixe polos seguintes motivos	
	Esíxese, por importe de	
	5% do prezo de adjudicación IVE excluído	
	5% do orzamento base de licitación	
	Outros importes	
	10.3. GARANTÍA COMPLEMENTARIA:	
	Supostos	
	__% do prezo de adjudicación sen IVE	
	__% do orzamento base de licitación	
10.4. FORMAS DE CONSTITUÍR AS GARANTÍAS		
a) medios dispostos no artigo 108 LCSP		
b) retención no prezo, nos seguintes supostos e coas seguintes condicións		
Supostos		
Condicións		

Epígrafe 11. (Cláusula 16)	TAXAS DO CONTRATO	
	Esíxense. Poderaas consultar no seguinte enderezo	
	Non se esixen	

Epígrafe 12 (cláusula 19)	RESPONSABLE DO CONTRATO E DIRECCIÓN DOS TRABALLOS	
	Responsable do contrato	
	Dirección dos traballos	

Epígrafe 13 (cláusula 23)	CONDICIÓNES ESPECIAIS DE EXECUCIÓN	
	O operador económico que resulte adjudicatario deberá levar a cabo durante a execución do contrato, polo menos unha das condicións especiais de execución especificadas a continuación	
	TIPO	DESCRICIÓN
	Laborais	
	Sociais	
	Ambientais	
	Éticas	
	Outras	



Epígrafe 14 (cláusula 27)	PAGO		
	Pago único		
	Pagos parciais, que se efectuarán do seguinte modo		
	Documentación que se ha presentar para o pago		
	Rexistro para presentación de facturas electrónicas		
	Códigos DIR3		
	IDENTIFICACIÓN DO DESTINATARIO	ENTIDADE LOCAL	
		NIF	
		CÓDIGO	
	ÓRGANO DECISOR/XESTOR	ALCALDE/PRESIDENTE	
		CÓDIGO	
	IDENTIFICACIÓN UNIDADE CONTABLE	DENOMINACIÓN	
CÓDIGO			
IDENTIFICACIÓN UNIDADE TRAMITADORA	DENOMINACIÓN		
	CÓDIGO		

Epígrafe 15	IMPORTE MÁXIMO DOS GASTOS DE PUBLICIDADE POR CONTA DO CONTRATISTA	Cero euros
--------------------	-------------------------------------------------------------------	------------

Epígrafe 16 (Cláusula 17)	LUGAR DE ENTREGA	
-------------------------------------	------------------	--

Epígrafe 18 (Cláusula 29)	PENALIDADES		
	Supostos	Importes	Cualificación (leve, grave, moi grave)

Epígrafe 19. (Cláusula 34)	PRAZO DE GARANTÍA	
	Prazo	
	Inicio do cómputo	

Epígrafe 20. (Cláusula 35)	TRATAMENTO DE DATOS PERSOAIS	
	Categoría de persoas interesadas	
	Tipoloxía de datos	
	Órgano encargado do tratamento	
	Datos de contacto	

Epígrafe 21. (Cláusula 36)	OBRIGACIÓNS CONTRACTUAIS ESENCIAIS DO CONTRATO E CAUSAS DE RESOLUCIÓN	
	21.1. Obrigacións contractuais esenciais cuxo incumprimento é causa de resolución	
	21.2. Outras causas de resolución	



Epígrafe 22	OUTRAS OBRIGACIÓNS EN MATERIAL AMBIENTAL, SOCIAL OU LABORAL	
	DESCRICIÓN DA OBRIGACIÓN	CONSECUENCIAS DO INCUMPRIMENTO

Epígrafe 23. (Cláusula 10)	Documento Europeo Único de Contratación (DEUC)	
	https://visor.registrodelicitadores.gob.es/espd-web/filter?!lang=es	
	O DEUC correspondente ao contrato poderase obter en	
		a Plataforma de contratación do sector público
	Outro	

Epígrafe 24	OUTROS DATOS	
	INFORMACIÓN	
	teléfono	
	correo electrónico	
	LUGAR ONDE SE PODEN OBTEN COPIAS DO PREGO	
Plataforma de contratación do Sector Público: https://contrataciondelestado.es/		



ANEXO Nº 2: CRITERIOS DE VALORACIÓN PARA A ADXUDICACIÓN DO CONTRATO

De acordo co establecido na cláusula 13.2., os criterios para a adxudicación do procedemento aberto son os seguintes:

FASE I.: Criterios non valorables de forma automática

Número	Denominación do Criterio	Xustificación de que e como se vai valorar, exposta de forma clara, motivada e completa	Puntuación
1			
2			
3			
4			
5			
...			

Puntuación mínima esixible para pasar á FASE II:

50% do total de puntos da fase I

FASE II.: Criterios valorables de forma automática

Número	Criterio e fórmula de valoración	Puntuación
1	<p>Oferta económica. A comparación das ofertas dos licitadores realizarase utilizando o prezo sen IVE. Para o seu desenvolvemento e aplicación aplicarase a fórmula de cálculo desenvolvida en virtude dun convenio de investigación entre a Deputación Provincial da Coruña e o Departamento de Matemática Aplicada da Universidade de Santiago de Compostela, dispoñible No enderezo: https://www.dacoruna.gal/valoracion/ Fórmula que se ha utilizar : Fórmula de 2020</p>	
2		
3		
4		
5		
...		

**ANEXO Nº 3: DOCUMENTACIÓN QUE SE HA INCLUIR NO SOBRE B) SUBTITULADO REFERENCIAS TÉCNICAS NON VALORABLES AUTOMATICAMENTE**

A oferta axustarase, como mínimo e na súa mesma orde, aos diferentes apartados detallados a continuación. Para cada apartado deberá indicarse explicitamente e sen ambigüidades, a proposta ou solución exposta.

Criterio de valoración / Documento	Páxina
1	
2	
3	
4	
5	
...	

Índice

Índice de documentos que integran o sobre: Farase constar, dentro do sobre e na primeira páxina, en folla independente, un índice dos documentos que o integran, enunciado numericamente.



**ANEXO Nº 4: DOCUMENTACIÓN QUE SE HA INCLUIR NO SOBRE C) SUBTITULADO
OFERTA ECONÓMICA E REFERENCIAS VALORABLES AUTOMATICAMENTE.**

MODELO DE OFERTA

D. con domicilio en
..... rúa número, código
postal....., teléfono, fax titular do
NIF número, actuando en nome propio (ou en representación de
....., con NIF/CIF e domicilio en
....., rúa, número
....., código postal, teléfono fax,
correo electrónico) toma parte no procedemento aberto con
pluralidade de criterios de valoración convocado por (**DETALLAR ÓRGANO DE
CONTRATAÇÃO**) para contratar os (**DETALLAR OBXECTO DO CONTRATO**), fai
constar que coñece e acepta os pregos de cláusulas administrativas particulares e de
prescricións técnicas que rexen este contrato e que:

1.º) Comprométese a levar a cabo durante a execución do contrato polo menos unha das
condicións de execución que se detallan na cláusula 23.2 do prego de cláusulas
administrativas particulares.

2.º) Fai constar que nesta licitación (indicar o que proceda):

a Non concorre con empresas vinculadas.

b Concorre coa/as seguinte/s empresa/s:

Denominación

NIF

3º) Comprométese a executar o contrato con suxeición aos pregos, conforme a seguinte
oferta:

A) Prezo sen IVE €
B) imposto sobre o valor engadido ⁽¹⁾ €
C) TOTAL (A+B) €

*(1) No caso de que o tipo de IVE non sexa o xeral, deberá presentarse neste sobre a
documentación xustificativa*

4.º) Outros criterios de valoración automática:

Detallar se é o caso

En, odede 20.....

O licitador (asinado).



ANEXO Nº 5 COMPROMISOS

Modelo de Compromiso de adscribir á execución do contrato os medios persoais ou materiais suficientes para iso (art. 76 LCSP e cláusula 10.1.2.1.)

- Non se esixe neste contrato
 Esíxese neste contrato

Nome e apelidos _____ con domicilio no municipio de _____, provincia de _____, país _____, rúa _____, número _____, teléfono _____, correo electrónico _____, con DNI/NIF Nº _____, en nome propio ou en nome e representación da empresa de _____, provincia de _____, país _____, rúa _____, número _____, teléfono _____, correo electrónico _____, con NIF Nº _____, á que representa no procedemento de adxudicación do contrato de (título) :

Comprométese a adscribir ao contrato os medios persoais e materiais esixidos na epígrafe 6 do cadro de características e a presentar dentro do prazo establecido no prego que rexe a contratación a documentación xustificativa diso, no caso de que a oferta sexa a máis vantaxosa.

O licitador (asinado).



ANEXO Nº 6.1 DECLARACIÓN DOS LICITADORES

Nome e apelidos _____ con domicilio no municipio de _____, provincia de _____, país _____, rúa _____, número _____, teléfono _____, correo electrónico _____, con DNI/NIF Nº _____, en nome propio ou en nome e representación da empresa de _____, provincia de _____, país _____, rúa _____, número _____, teléfono _____, correo electrónico _____, con NIF Nº _____, á que representa no procedemento de adxudicación do contrato de (título : _____)

DECLARA RESPONSABLEMENTE:

Para os efectos de acreditar a non concorrencia de prohibicións para contratar, de acordo co disposto no artigo 85 LCSP:

- Que a citada empresa, os seus administradores e representantes legais, así como o asinante, non se achán comprendidos en ningunha das prohibicións para contratar sinaladas polo artigo 71 da LCSP.

Lémbrales aos licitadores que, de acordo co artigo 71.1.d) LCSP constitúe unha prohibición de contratar para as empresas de 50 ou máis traballadores, non contar con polo menos o 2 por cento de persoas traballadoras con discapacidade no seu persoal e non contar cun plan de igualdade

- Que o número global de persoas traballadoras en persoal é de _____
- Que o número de persoas traballadoras con discapacidade en persoal é de _____, o que representa un _____ % sobre o número global de persoas traballadoras en persoal.

De acordo co artigo 71.1.d) LCSP constitúe unha prohibición de contratar para as empresas de 50 ou máis traballadores, non contar con polo menos o 2 por cento de persoas traballadoras con discapacidade no seu persoal.

Para calcular a porcentaxe o redondeo debe ser á baixa, tal e como determina o criterio técnico 98/2016 de Ministerio de Emprego e Seguridade Social.

No caso de que a empresa estea exenta de cumprir o requisito, deberá presentar xunto con esta declaración a documentación acreditativa correspondente:

- 1. Unha copia do certificado de excepcionalidade en vigor*
- 2. Documentos acreditativos do cumprimento das medidas alternativas durante a vixencia do certificado de excepcionalidade (memoria anual) e xustificante da súa presentación anual á autoridade laboral*

- Que a empresa ten implantado un plan de igualdade, acreditado pola Comunidade Autónoma de _____ en data _____, conforme ao disposto no artigo 45 da Lei orgánica 3/2007, do 22 de marzo, para a igualdade de mulleres e homes.



De acordo co artigo 71.1.d) LCSP constitúe unha prohibición de contratar para as empresas de 50 ou máis traballadores, non contar cun plan de igualdade.

Para os efectos de acreditar as condicións de desempate, de acordo co previsto na cláusula 13.3:

- Que o número de persoas traballadoras fixas con discapacidade e con contrato fixo por tempo indefinido e a xornada completa en persoal é de _____, o que representa un _____ % sobre o número global de persoas traballadoras en persoal
- Que o número de persoas traballadoras (homes e mulleres) con contrato fixo por tempo indefinido e a xornada completa en persoal é de _____, o que representa un _____ % sobre o número global de persoas traballadoras en persoal.
- Que o número de mulleres traballadoras con contrato fixo por tempo indefinido e a xornada completa en persoal é de _____, o que representa un _____ % sobre o número global de persoas traballadoras en persoal.

No caso de que o contrato implique o tratamento de datos persoais por parte do contratista e este teña previsto subcontratar os servidores ou os servizos asociados a eles, de acordo co disposto no artigo 122.2.e) LCSP:

- Que a empresa ten previsto subcontratar os servidores ou os servizos asociados a estes co operador económico que se indica a continuación:

Nome ou denominación social do operador económico que se vai subcontratar _____

Perfil empresarial (definido por referencia ás condicións de solvencia profesional ou técnica): _____

Localización dos servidores: _____

Localización onde se van prestar os servizos asociados aos servidores:

(Lugar, data e sinatura do propoñente)



ANEXO Nº 6.2 DECLARACIÓNS DO ADXUDICATARIO E SUBCONTRATISTAS

Estas declaracións deberá presentalas o adxudicatario do contrato xunto coa documentación de adxudicación indicada na cláusula 14 do PCAP.

6.2.1.- Modelo de declaración de ausencia de conflito de intereses (DACI)

EXPEDIENTE 202XXXXXXXXXX

Co fin de garantir a obxectividade e imparcialidade neste procedemento de contratación, a persoa que subscribe o documento, na súa condición de (cargo representativo/persoal funcionario/membro designado do comité de expertos) e, por tanto, participante no procedemento de (elaboración/tramitación/resolución) do expediente,

DECLARA:

PRIMEIRO.- Que con carácter previo á súa intervención no expediente foi debidamente informado do seguinte:

- 1 Que o artigo 61.3 “Conflito de intereses” do Regulamento UE/2018/1046, do Parlamento europeo e do Consello, do 18 de xullo (Regulamento financeiro da Unión Europea) establece que “existirá conflito de intereses cando o exercicio imparcial e obxectivo das funcións poida verse comprometido por razóns familiares, afectivas, de afinidade política ou nacional, de interese económico ou por calquera motivo directo ou indirecto de interese persoal”.
- 2 Que o artigo 64, “Loita contra a corrupción e prevención de conflito de intereses” da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, pola que se transpoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014, define o conflito de intereses como “calquera situación na que o persoal ao servizo do órgano de contratación, que ademais participe no desenvolvemento do procedemento de licitación ou poida influír no seu resultado, teña directa ou indirectamente un interese financeiro, económico ou persoal que puidese parecer que compromete a súa imparcialidade e independencia no contexto do procedemento de licitación”.
- 3 Que o apartado 3 da disposición adicional centésima décima segunda da Lei 31/2022, do 23 de decembro, de orzamentos xerais do Estado para 2023, establece que “a análise sistemática e automatizada do risco de conflito de interese resulta de aplicación aos empregados públicos e resto de persoal ao servizo de entidades decisoras, executoras e instrumentais que participen, de forma individual ou mediante a súa pertenza a órganos colexiados, nos procedementos descritos de adxudicación de contratos ou de concesión de subvencións”.
- 4 Que o apartado 4 da disposición adicional centésima décima segundo establece que:
 - “A través dunha aplicación informática analizaranse as posibles relacións familiares ou vinculacións societarias, directas ou indirectas, nas que se poida producir un interese persoal ou económico susceptible de provocar un conflito de interese, entre as persoas ás que se refire o apartado anterior e os participantes en cada procedemento.
 - Para a identificación das relacións ou vinculacións esta aplicación informática conterá, entre outros, os datos de titularidade real das persoas xurídicas ás que se refire o artigo 22.2 d).iii) do Regulamento (UE) 241/2021, do 12 de febreiro, que constan nas bases de datos da Axencia Estatal da Administración Tributaria e os obtidos a través dos convenios subscritos cos colexios de notarios e rexistradores.



- 5 Que o artigo 23. “Abstención”, da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público, establece que deberán absterse de intervir no procedemento tanto as autoridades como o persoal no que poida darse algunha das circunstancias que se enumeran a continuación:
- a Ter interese persoal no asunto de que se trate ou noutro en cuxa resolución poida influír a daquel, ser administrador de sociedade ou entidade interesada ou ter cuestión litixiosa pendente con algún interesado.
 - b Ter un vínculo matrimonial ou situación de feito asimilable ou parentesco de consanguinidade dentro do cuarto grao ou de afinidade dentro do segundo, con calquera das persoas interesadas, cos administradores de entidades ou sociedades interesadas e tamén con asesores, representantes legais ou mandatarios que interveñan no procedemento, así como compartir despacho profesional ou estar asociado con estes para o asesoramento, a representación ou o mandato.
 - c Ter amizade íntima ou inimidade manifesta con algunha das persoas mencionadas no apartado anterior.
 - d Intervir como perito ou testemuña no procedemento de que se trate.
 - e Ter relación de servizo con persoa natural ou xurídica interesada directamente no asunto ou prestarlle nos dous últimos anos servizos profesionais de calquera tipo ou en calquera circunstancia ou lugar.

SEGUNDO.- Que no momento da firma desta declaración e tendo en conta a información que consta no seu poder, non se atopa incurso en ningunha situación que poida cualificarse de conflito de interese, nos termos dispostos no apartado catro da disposición adicional centésima décima segunda, que poida afectar o procedemento da licitación.

TERCEIRO.- Que se compromete a poñer en coñecemento do (órgano de contratación/comité de expertos) de maneira inmediata calquera situación de conflito de interese que puidese coñecer e producirse en calquera momento do procedemento en curso.

CUARTO.- Que coñece que unha declaración de ausencia de conflito de interese que resulte falsa ou falseada pode dar lugar ás responsabilidades administrativas, disciplinarias ou mesmo penais, ao tratarse dun documento público, sen prexuízo do deber de indemnizar polos danos causados.

E para que así conste, asino a DACI, que se incorpora ao expediente de referencia e sométese á comprobación indicada”.

(Data e sinatura, nome completo e DNI)



6.2.2.- Modelo de declaración de cesión e tratamento de datos en relación coa execución de actuacións do Plan de recuperación, transformación e resiliencia (PRTR)

Don/Dona, DNI, como
conselleiro/delegado/xerente/ da entidade
con
NIF.....,e domicilio fiscal en

.....que
participa como contratista/subcontratista no desenvolvemento de actuacións necesarias para a consecución dos obxectivos definidos no Compoñente XX «.....», declara coñecer a normativa que é de aplicación, en particular os seguintes apartados do artigo 22, do Regulamento(UE) 2021/241 do Parlamento Europeo e do Consello, do 12 de febreiro de 2021, polo que se establece o Mecanismo de Recuperación e Resiliencia:

1. A letra d) do apartado 2: «solicitar, para efectos de auditoría e control do uso de fondos en relación coas medidas destinadas á execución de reformas e proxectos de investimento no marco do plan de recuperación e resiliencia, nun formato electrónico que permita realizar procuras e nunha base de datos única, as categorías harmonizadas de datos seguintes:

i. O nome do perceptor final dos fondos;

ii. o nome do contratista e do subcontratista, cando o perceptor final dos fondos sexa un poder adxudicador de conformidade co Dereito da Unión ou nacional en materia de contratación pública;

iii. os nomes, apelidos e datas de nacemento dos titulares reais do perceptor dos fondos ou do contratista, segundo se define no artigo 3, punto 6, da Directiva (UE)2015/849 do Parlamento Europeo e do Consello (26);

iv. unha lista de medidas para a execución de reformas e proxectos de investimento no marco do plan de recuperación e resiliencia, xunto co importe total do financiamento público das medidas e que indique a contía dos fondos desembolsados no marco do Mecanismo e doutros fondos da Unión».

2. Apartado 3: «Os datos persoais mencionados no apartado 2, letra d), deste artigo só serán tratados polos Estados membros e pola Comisión para os efectos e duración da correspondente auditoría da aprobación da xestión orzamentaria e dos procedementos de control relacionados coa utilización dos fondos relacionados coa aplicación dos acordos a que se refiren os artigos 15, apartado 2, e 23, apartado 1. No marco do procedemento de aprobación da xestión da Comisión, de conformidade co artigo 319 do TFUE, o Mecanismo estará suxeito á presentación de informes no marco da información financeira e de rendición de contas integrada a que se refire o artigo 247 do Regulamento financeiro e, en particular, por separado, no informe anual de xestión e rendemento».

Conforme o marco xurídico exposto, manifesta acceder á cesión e tratamento dos datos cos fins expresamente relacionados nos artigos citados.

....., XX de de 202X

Asdo.

Cargo:



6.2.3.- Modelo declaración de compromiso en relación coa execución de actuacións do plan de recuperación, transformación e resiliencia (PRTR)

Don/Dona, con DNI, como titular do órgano/conselleiro delegado/xerente/ da entidade, con NIF, e domicilio fiscal en

na condición de órgano responsable/ órgano xestor/ beneficiaria de axudas financiadas con recursos provenientes do PRTR/ que participa como contratista/ente destinatario do encargo/ subcontratista, no desenvolvemento de actuacións necesarias para a consecución dos obxectivos definidos no Compoñente XX «.....», manifesta o compromiso da persoa/entidade que representa cos estándares máis esixentes en relación co cumprimento das normas xurídicas, éticas e morais, adoptando as medidas necesarias para previr e detectar a fraude, a corrupción e os conflitos de interese, comunicándolles no seu caso ás autoridades que proceda os incumprimentos observados.

Adicionalmente, atendendo ao contido do PRTR, comprométese a respectar os principios de economía circular e evitar impactos negativos significativos no medio ambiente («DNSH» polas súas siglas en inglés «*do non significant harm*») na execución das actuacións levadas a cabo no marco do Plan, e manifesta que non incorre en dobre financiamento e que, no seu caso, non lle consta risco de incompatibilidade co réxime de axudas de Estado.

Tamén se compromete ao preceptivo cumprimento das obrigacións asumidas en materia de etiquetaxe verde e etiquetaxe dixital, correspondéndolle ao órgano de contratación a través do responsable do contrato a comprobación do adecuado cumprimento destas obrigacións.

....., XX de de 202X

Asdo.

Cargo:



6.2.4.- DECLARACIÓN RESPONSABLE DE ADHESIÓN AO PLAN DE MEDIDAS ANTIFRAUDE DE DEPUTACIÓN DA CORUÑA COS SISTEMAS DE INFORMACIÓN, XESTIÓN E CONTROL DO PLAN DE RECUPERACIÓN, TRANSFORMACIÓN E RESILIENCIA

Don/Dona , DNI , como
conselleiro delegado/xerente/ da entidade
..... con
NIF..... , e domicilio fiscal en
.....

..... que participa como contratista/subcontratista no desenvolvemento de actuacións necesarias para a consecución dos obxectivos definidos no Compoñente XX «.....», declara formalmente o compromiso a:

Facilitar o cumprimento do Plan de medidas antifraude da Deputación Provincial da Coruña relacionado cos sistemas de información, xestión e control do Plan de recuperación, transformación e resiliencia da Deputación da Coruña, entendendo que calquera acción contraria a este, será obxecto de inicio dun expediente e, no seu caso, poñerá en coñecemento do Comité anti-fraude da Deputación da Coruña (CADECOR), nos termos establecidos no Plan xeral de prevención de riscos e de medidas anti-fraude da Deputación Provincial da Coruña (Plan PREMADECOR), publicado no BOP número 125 do 04/07/2022.

....., XX de de 202X

Asdo.

Cargo:

ANEXO Nº 7 XUSTIFICACIÓN DO ORZAMENTO BASE DE LICITACIÓN

(Incluír o orzamento de licitación debidamente desagregado en función do establecido no artigo 100 LCSP)



ANEXO Nº 8 SOLICITUDE

Modelo de solicitude de retención no prezo para constituír as garantías (cláusulas 11.2. e 11.3)

Nome e apelidos _____ con domicilio no municipio de _____, provincia de _____, país _____, rúa _____, número _____, teléfono _____, correo electrónico _____, con DNI/NIF Nº _____, en nome propio ou en nome e representación da empresa de _____, provincia de _____, país _____, rúa _____, número _____, teléfono _____, correo electrónico _____, con NIF Nº _____, á que representa no procedemento de adxudicación do contrato de (título) :

SOLICITA que lle sexa practicada a retención no prezo do contrato como medio para constituír a garantía definitiva e, no seu caso, a complementaria, ata os importes determinados na epígrafe 10 do cadro de características para cada unha delas, sobre o importe da factura que se presente.

(Lugar, data e sinatura do proponente)

ANEXO 9 TAREFAS CRÍTICAS

Tarefas críticas que obrigatoriamente ten que executar o contratista (artigo 215.2 e) LCSP e cláusula 35.5 deste prego)

Non esixible neste contrato

Esixible neste contrato, de acordo co seguinte detalle:

CONCEPTO	IMPORTE A PREZO DE LICITACIÓN
----------	-------------------------------

ANEXO 10 MODIFICACIONES PREVISTAS

ESPECIFICACIÓN DAS MODIFICACIONES DO CONTRATO PREVISTAS NO PREGO. DOCUMENTO PARA CUBRIR A ADMINISTRACIÓN.

De acordo co establecido no art. 204 LCSP poderán ser obxecto de modificación,

- 1.-por razóns de interese público,
- 2.- ata un máximo do 20%, do prezo inicial, as seguintes prestacións:

Prestación	Descrición da modificación	Cuantificación estimada

A modificación non poderá supoñer o establecemento de novos prezos unitarios non previstos no contrato"

8.- Aprobación do convenio de cooperación entre a Excelentísima Deputación Provincial da Coruña e o Concello de Ares polo que se instrumenta unha subvención nominativa para cofinanciar as obras de mellora da rede de abastecemento

INTERVENCIONES

Sr. Ben Otero

Gracias, presidente. Buenos días a todos, compañeras y compañeros de Corporación.

Nosotros, al respecto de este punto, dejando claro que no tenemos nada en contra de que se haga la obra necesaria en Ares para dotar de abastecimiento a dicho municipio, queremos recordar que en el anterior mandato nos presenta una iniciativa plenaria, que no fue aprobada, en la que pedíamos la creación de un plan específico para abastecimiento y saneamiento en todos los núcleos de población de la provincia de A Coruña. Dicha iniciativa fue rechazada por el Gobierno; el argumento era que para eso estaba el Plan único y que podían destinar los fondos para lo que creyeran más conveniente, en pos, en defensa de la autonomía municipal, bien. Yo podía aplicarles de nuevo ese criterio y decir: no, no vamos a apoyar esta iniciativa porque, según sus palabras, tienen los fondos del Plan único para tal, sabiendo que esto no sería posible porque condicionaría el futuro de Ares en otras muchas iniciativas, mejoras, etcétera, etcétera.

Yo vuelvo a repetir hoy, le vuelvo a pedir, presidente, que cree usted un plan de abastecimiento y saneamiento dirigido especialmente a los municipios de menos de 10.000 habitantes, pero en conjunto que se pudiera llegar a ofrecer al conjunto de los núcleos de población de la provincia de A Coruña. Y le digo esto porque en el anterior Pleno usted anunció que en el siguiente pleno del mes de octubre vendrá un MC de 20 millones de euros –sí mal no recuerdo algo así vino a decir usted–. Pues qué mejor momento para crear este plan, dotarlo de esos 20 millones de euros, un plan plurianual,



que a lo largo del mandato se fuera dotando de fondos para que, pasado este mandato, todos saliéramos de aquí con el orgullo y la satisfacción de haber colaborado en la posibilidad de que ayuntamientos de la provincia de A Coruña y sus núcleos de población puedan tener o haber mejorado su capacidad de abastecimiento de agua y saneamiento. Porque, claro, este 1.700.000 euros, ¿por qué va destinado a Ares y no a Valdoviño, o a Vimianzo, o a Frades, a Boimorto, a Oroso, por qué?

El informe del señor interventor es claro en este sentido. Nosotros pedimos, la competencia de abastecimiento y saneamiento de agua es una competencia municipal. Nosotros somos una institución, que somos la casa de los concellos. De verdad, creemos ese plan de abastecimiento y saneamiento para que, pasado el tiempo que transcurramos aquí, sintamos de verdad que hemos sido útiles y que nuestra estancia aquí no ha sido en balde.

Nada más y gracias.

Sr. Presidente

Grazas, Evaristo.

A ver, en Galicia, Augas de Galicia cobra e os concellos pagan. En Galicia, o canon de saneamento que están pagando cada veciña e cada veciño de Ares neste caso ou cada veciño e veciña de cada concello da provincia da Coruña recádao Augas de Galicia e non inviste nin un só céntimo na inmensa maioría dos concellos da provincia da Coruña, nin un só céntimo. Entón, que as competencias sexan municipais para pagar pero que as competencias municipais non sexan para cobrar, iso chámase estafa pública aos veciños e veciñas. E traeremos unha resposta a este respecto tamén a este Pleno e veremos o que recada Augas de Galicia en Arteixo ou en Oleiros, e o que lle está a financiar Augas de Galicia a Oleiros, ou a San Sadurniño, ou a Carballo, e o que leva recadado desde que eses impostos existen no recibo de cada veciño e veciña de Carballo, de Oleiros, de Pontedeume ou da Coruña.

É unha situación inxusta, tan inxusta que a única vez que nos convocou o presidente da Xunta de Galicia no Plan galego de cooperación local, a única vez que o fixo, foi a nosa única petición. Xa non dixemos que todo o que recadara nas nosas vilas pasara ás nosas vilas, porque entendemos que manter o sistema de Augas de Galicia, manter Augas de Galicia ten un custo e, por tanto, fomos creo que ponderados cando dixemos que o 50 % do que recade Augas de Galicia en cada concello quede para investimentos e mantemento das depuradoras nesas concellos. A resposta foi a calada, a calada.

Polo tanto, se hai unha reclamación dos alcaldes e alcaldesas desta provincia, de todos e cada un deles, é que iso sexa así. E os veciños descoñecen precisamente esa realidade, que nos imos esforzar en dála a coñecer, pero é unha realidade: Augas de Galicia dedícase a recadar, a multar, a sancionar, a paralizar os permisos que fan que esta Deputación non sexa capaz de executar a inmensa maioría dos fondos que ten, porque os concellos non son capaces de executar as súas obras porque tardan meses e anos, ás veces, en obter os permisos correspondentes de Augas de Galicia. Sanciona, recada, multa, non autoriza, retrasa, pero non lle dá un céntimo aos concellos que non sexan aqueles que deciden nominalmente, nominativamente, a presidencia de Augas de Galicia. Esa é a realidade.

Que a Deputación financia máis actuacións que Augas de Galicia en abastecementos e saneamento nesta provincia é unha realidade obxectiva e medible e



tanxible en papeis. E, polo tanto, se hai esa proposta pola súa parte, pódese discutir, pero tamén habería que falalo cos alcaldes e as alcaldesas, cando traíamos no próximo MC unha inxección para o POS, significa liberdade de decisión, significa que o alcalde ou alcaldesa decida a que vai dedicar esa inxección de fondos da Deputación e, polo tanto, teñen a posibilidade de dedicalo a abastecemento e saneamento ou a dedicalo a manter o alumbeado público ou a pagar as nóminas do persoal das escolas infantís; é unha decisión libre e autónoma respectando a competencia municipal. Podemos reunir os alcaldes e alcaldesas da provincia e que decidan se con eses cartos que imos inxectar extraordinariamente no POS deciden que fagamos un plan, que non se inxecte no POS, ou que manteñamos o POS coa liberdade de autonomía que iso supón e lle reclamemos a Augas de Galicia que dunha vez por todas lle devolva aos veciños e veciñas de todos e cada un dos concellos da provincia, que son 93, o que recada, ou polo menos unha parte do que recada neles. Porque é a única Administración que non o fai. Porque Hacienda recada en cada un dos 93 concellos desta provincia, en todos e cada un deles, a través do elenco de impostos e taxas que están establecidos na distinta lexislación tributaria neste país: o IRPF, o imposto de sociedades, impostos especiais, pero despois loxicamente transfire tanto aos concellos como á Deputación parte deses fondos. Augas de Galicia só recada pero non transfire aos concellos nin un céntimo deses fondos, polo menos a moitos dos concellos. Porque hai unha realidade curiosa neste país, que hai depuradoras que son moi difíciles de soste para os concellos, para todos os concellos da provincia, e que se sosteñen co esforzo dos veciños e veciñas nos orzamentos sen unha axuda de Augas de Galicia. En cambio, hai outros concellos que teñen a sorte de que Augas de Galicia lles sosteñen integramente o sostemento das súas depuradoras, evidentemente pagando os impostos correspondentes para facelo.

En calquera caso, hai unha proposta encima da mesa do mundo municipal para que Augas de Galicia se faga cargo de todas as depuradoras, que se harmonice o cobro de impostos, que pague o mesmo por depurar unha persoa que viva en Cambre que unha persoa que viva en Irixoa ou que viva en Monfero. E aínda estamos esperando que iso se consolide. Loxicamente, terá Augas de Galicia e a Xunta de Galicia a nosa man tendida, como non pode ser doutra maneira.

Procedemos á votación. Si, si, claro.

Sr. Ben Otero

Presidente, soy consciente de que usted tiene el turno de cierre, no cabe duda, pero como usted ha intervenido por parte del Gobierno yo quería hacer un par de comentarios.

Primero, me llama la atención que usted viene a sugerir, por no acusar directamente a Aguas de Galicia, de sancionar de manera caprichosa. Aguas de Galicia cuando mete una sanción supongo que acabará en un cumplimiento por parte del sancionado, entiendo yo, porque, si no es así, lo que tendrían que hacer, evidentemente, es presentar una denuncia. Porque estamos pensando que sancionan al albur, porque le da la gana y porque alguien le cae mal, pues voy a sancionarlo... Eso es una cosa, dentro de la demagogia, hemos elevado el tono de la demagogia a niveles del metaverso, como diría alguna representante del Gobierno de España.

Pero, segundo tema, veo que usted viene a sugerir aquí que el 100 % del MC que va a venir en el mes de octubre se va a dedicar a una aportación al POS, quiero entender que es así. Si no, evidentemente, ya le anuncio que nuestro voto será en contra, porque usted ha sugerido que el 100 % de este MC, de esos 20 millones serán para dotar al POS de más fondos, por lo que ha dicho. Bueno, pues si no, lo que no sea ese 100 %, lo que



no vaya al POS que se dirija a este plan que yo le sugiero o le pido que se plurianual y que se pueda adoptar a lo largo del mandato, que es lo que he dicho, para que quede claro.

Tercero. Yo entiendo que usted, señor Formoso, está ya iniciando una campaña electoral que no sabemos cuándo va a ser y entiendo que usted trae aquí un debate que es un debate parlamentario, un debate parlamentario en que usted puede ir allí al Parlamento a través de sus representantes y hablar al respecto del papel de Augas de Galicia o no, Augas de Galicia, que yo sepa, está actuando, ha actuado y seguirá actuando en muchos ayuntamientos de la provincia de A Coruña, incluido el propio Ares. Entonces, no vengamos con debates, no escapemos hacia adelante, simplemente diga usted “¿estamos a favor de la creación de un plan de abastecimiento y saneamiento que sea claro, objetivo y que tengan la misma posibilidad todos los ayuntamientos de la provincia y sus núcleos de población para dotarse o queremos seguir tomando las decisiones de forma caprichosa y sectaria al respecto de donde hagamos las obras de abastecimiento y saneamiento? Esto es una cuestión clara. Yo le hablo a usted de competencias de esta Diputación. Usted me habla a mí de cuestiones que no son competencias de esta Diputación, Obviamente, sí son cuestión de incumbencia política, yo entiendo que usted introduzca ese debate, pero le pido, señor Formoso, que ese ánimo que tiene de debate electoral o a veces esa fusión que tiene de sus distintas responsabilidades, nos está trayendo aquí un debate que es parlamentario. En consecuencia, la respuesta que yo le pido o lo que yo le solicito es la creación de este plan porque seremos más justos, más equitativos, más transparentes y facilitaremos que todos los vecinos de la provincia de A Coruña, independientemente de dónde vivan, en Valdoviño, en Pontedeume, en Arteixo, en Brión, etc., etc., tengan la posibilidad de tener servicios dignos de abastecimiento y saneamiento, que, le repito, son una competencia municipal, y usted lo sabe.

Nada más y muchas gracias.

Sr. Presidente

Moi ben. Paréceme curioso que consideres extemporáneo, que consideres que está fóra de lugar que falemos dos impostos que Augas de Galicia recada nos concellos da provincia da Coruña, nos concellos, alcaldes, concelleiros, veciños e veciñas. Parece inconcibible, a primeira moción que imos debater despois vai sobre unha posible amnistía a Puigdemont... Pero plumachos hai aquí nas estradas da Coruña, Puigdemont non vive na provincia da Coruña. Polo tanto, sexamos serios, Evaristo. Preocúpalle aos alcaldes e ás alcaldesas e terían unha gran noticia que por fin Augas de Galicia lles remitise unha carta onde dixese “o 50 % dos ingresos que recadamos no Concello de Arteixo van ir ao Concello de Arteixo”; ao mellor ao Concello de Arteixo non lle importa porque está forrado, pero xeralmente a calquera persoa...

Sr. Calvelo Martínez

Me gustaría que no se refirieran al Concello de Arteixo porque está forrado, porque le vuelvo a decir, el Concello de Arteixo recauda los impuestos de su industria y de su empresa, porque entonces sí que empiezo a decir que está forrado el Ayuntamiento de As Pontes.

Sr. Presidente

Carlos, Carlos.



Sr. Calvelo Martínez

Es la última vez. No quiero que vuelvan a decir que el Ayuntamiento de Arteixo está forrado.

Sr. Presidente

Carlos, Carlos. Es la última vez que vuelves a hablar cuando tú quieras. ¿Vale? Es la última vez. La próxima vez, como hace el resto de tus compañeros y compañeras educadamente, por muy cargados de razones que tengan, piden permiso para hablar. Por lo tanto, vas a poder a hablar todas las veces que quieras, el tiempo que quieras, pero con respeto y educación.

Por lo tanto, cuando digo, pongo un ejemplo, puedo poner As Pontes perfectamente, o puedo poner Mugardos o puedo poner otros ayuntamientos que tienen unas recaudaciones especiales, es cierto. Como ejemplo, puedo poner eso en el debate político. Puedo poner Oleiros o puedo poner A Coruña o puedo poner Pontedeume. Citaré habitualmente a los que considere oportuno como ejemplo dentro de un debate político.

En cualquier caso, lo que quiero decir es que a todos los vecinos y vecinas de esta provincia y sobre todo a sus gobiernos municipales evidentemente lles preocupa moito os impostos que teñen que cargar aos seus veciños e veciñas, e un tema máis municipal que ese non existe, non existe. Despois da recollida do lixo, está o servizo de auga e o que pagan os veciños e veciñas. E polo tanto é un tema que eu entendo que vos proa porque sei cal é a vosa filosofía, nunca endexamais en oito anos que levo aquí vin que lle reclamaredes nada á Xunta de Galicia, nada, nunca, nunca. Non vai ser agora a primeira vez.

Polo tanto, sobre este tema imos seguir falando longo e tendido, e a reclamación cada vez vai ser maior, que os concellos desta provincia lle reclaman a Augas de Galicia o que os seus veciños e veciñas queren que lles reclamemos, que é que parte do que recadan en impostos o dediquen a eses concellos, igual que fai Hacienda. Hacienda recada nos concellos, recada en Arteixo, recada nas Pontes e despois transfere a eses concellos parte do que recadan nel. Chámase xustiza tributaria, chámase redistribución das cargas fiscais, chámase, en calquera caso, sentido común. Se iso, que vai directamente aos veciños, non é un tema para falar nesta Deputación, veña Puigdemont e o vexa.

Imos votar. Perdón. Si, Avia.

Sra. Veira González

Grazas, señor presidente, e bo día a todas as compañeiras e compañeiros.

Simplemente lle pido a palabra ao presidente para dar un dato, porque a Deputación da Coruña tivo un plan de cooperación cos concellos, que estaba cuantificado en 40 millóns de euros nun mandato para concellos de menos de 20.000 habitantes, para obras de abastecemento e de saneamento, e foi chegar Diego Calvo e anulalo.

Nada máis.



Sr. Presidente

Procedemos á votación.

VOTACIÓN

Votan a favor: 18 deputados/as (10 do PSOE, 6 do BNG, 1 do PP e 1 de Alternativa dos Veciños).

Votan en contra: ningún/ha deputado/a

Abstéñense: 13 deputados/as (PP)

Intervén o Presidente: foi por erro o voto do deputado do PP.

ACORDO

O Pleno, por maioría, acorda:

1º.- Exceptuar para o presente convenio os principios de concorrencia, publicidade, igualdade e non discriminación na tramitación do presente expediente, dada a existencia de causas excepcionais que xustifican a concesión da subvención nominativa, por entender que se dan as razóns de interese público no outorgamento da subvención. Estes principios atópanse recollidos nos artigos 22.2 LXS e 65-67 do seu Regulamento.

2º.- Aprobar o texto e a formalización do Convenio de Cooperación entre a Excm. Deputación Provincial da Coruña e o **Concello de Ares** para cofinanciar as obras de **mellora da rede de abastecemento cun orzamento de licitación de 3.763.038,50 €** e cunha achega provincial de **1.712.000,00** euros con cargo a la **aplicación orzamentaria 0112/1611/76201**, o que representa un coeficiente de financiamento do **55,0491312 %** respecto dun orzamento subvencionable de **3.109.949,17 €**.

3º.- Aprobar a distribución da achega provincial en tres anualidades de conformidade co seguinte desglose:

Anualidade	Aplicación Orzamentaria	Importe
2023	0112/1611/76201	600.000,00 €
2024		600.000,00 €
2025		512.000,00 €
Total achega provincial		1.712.000,00 €

4º.- Condicionar o convenio á existencia de crédito adecuado e suficiente e ao cumprimento dos obxectivos de estabilidade orzamentaria, nos próximos exercicios orzamentarios, de acordo coa normativa vixente no momento.

ANEXO

CONVENIO DE COOPERACIÓN ENTRE A EXCMA. DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA E O CONCELLO DE ARES POLO QUE SE INSTRUMENTA UNHA SUBVENCIÓN NOMINATIVA PARA O COFINANCIAMENTO DAS OBRAS DE MELLORA DO SISTEMA DE ABASTECIMENTO

Na Coruña, a ___ de _____ de 2023

Ante min, Amparo Taboada Gil, Secretaria Xeral da Deputación Provincial da Coruña,



como fedataria actuante

REUNIDOS

Dunha parte, o/a representante da Excma. Deputación Provincial da Coruña

E doutra parte o/a representante do Concello de Ares

Os comparecentes interveñen en uso das potestades que, por razón dos seus cargos, estalles atribuídas

MANIFESTAN

Son **competencias propias da Deputación Provincial de A Coruña**, en virtude do establecido no artigo 36 Lei 7/1985, de 2 de abril, de Bases do Réxime Local, a **asistencia e cooperación xurídica, económica e técnica aos Municipios**, especialmente os de menor capacidade económica e de xestión.

A este efectos, a Deputación **asegura o acceso da poboación da Provincia ao conxunto dos servizos mínimos de competencia municipal e á maior eficacia e economía na prestación destes** mediante **fórmulas de asistencia e cooperación municipal**. Con esta finalidade, a Deputación poderá outorgar subvencións e axudas con cargo aos seus recursos propios para a realización e o mantemento de obras e servizos municipais, que se instrumentarán a través de plans especiais ou outros instrumentos específicos.

Así mesmo, o Municipio, para a xestión dos seus intereses e no ámbito das súas competencias, pode promover actividades e prestar os servizos públicos que contribúan a satisfacer as necesidades e aspiracións da comunidade veciñal nos termos previstos no artigo 25 da Lei 7/1985, de 2 de abril, de Bases do Réxime Local

O Municipio exercerá en todo caso como competencias propias, nos termos da lexislación do Estado e das Comunidades Autónomas, entre outras, as seguintes materias: c) Abastecimiento de agua potable a domicilio y evacuación y tratamiento de aguas residuales

Neste sentido, o Concello de Ares considera de primeira necesidade a execución das obras de Mellora da Rede de Abastecemento, e expón:

PRIMEIRO – O concello de Ares é un municipio turístico, onde a poboación flotante estacional increméntase notablemente os fins de semana e non período estival, polo que son continuas as **queixas e demandas dos veciños polo deficiente estado da rede de abastecemento**, chegando a non ter presión nin auga, quedando incluso, varios núcleos rurais sen abastecemento nas horas punta de máximo consumo

O sistema de abastecemento do concello presenta unhas condicións deficitarias e non garante o subministro á poboación, debido principalmente á insuficiente presión.

SEGUNDO.- Visto o deficiente estado da rede de abastecemento de auga no municipio, un servizo básico para a cidadanía, o Alcalde, nos dous últimos anos e co fin de resolver a situación, levou diferentes xestións coa Deputación provincial da Coruña e con Augas de Galicia, logrando de ambas entidades o compromiso de executar e cofinanciar a obra.

Paralelamente, o concello realizou un esforzo investidor adquirindo os terreos necesarios para a execución da obra e renovando parte das instalacións, para soportar a futura



subida de presión, se ben o esforzo non é suficiente, pois o concello carece de medios para abordar a totalidade do proxecto, debido a magnitude da obra.

TERCEIRO.- A entidade pública **Augas de Galicia**, constitúe o medio, xunto co resto de órganos que integran a *Administración hidráulica de Galicia*, a través do cal a Comunidade Autónoma de Galicia exerce as súas competencias en materia de augas e obras hidráulicas.

Augas de Galicia ostenta **competencias en materia de ordenación e planificación do servizo público de abastecemento**, así como de coordinación, inspección e control das actuacións das entidades locais que teñen legalmente atribuídos a competencia para a prestación do servizo, rexéndose a súa actuación polo **principio de garantía de subministración de auga en cantidade e calidade adecuada** a todos os núcleos de poboación legalmente constituídos non marco establecido na planificación.

Para a consecución destes e dos restantes fins e obxectivos establecidos en materia de abastecemento, a Lei 9/2010, do 4 de novembro, de Augas de Galicia, establece un **mandato de colaboración entre as entidades locais**, que ostentan competencias na materia, **e a Comunidade Autónoma de Galicia**.

A natureza dá colaboración pode ser técnica e/ou financeira e articularse a través de diversos mecanismos como son, a **participación de Augas de Galicia na construción e explotación de obras que sexan competencia das entidades locais** galegas (artigo 11.3 d), e a regulación e ou outorgamento de auxilios económicos ás entidades locais en materias da súa competencia (artigo 26.3

En base ao exposto, Augas de Galicia **asumió a redacción do proxecto** estando prevista a sinatura dun convenio para asumir tamén a **contratación e execución da obra**.

Asimesmo, dita entidade actuará como **axente cofinanciador achegando 1.705.260,85 €** ou que supón un **40% da totalidade do proxecto**

Finalmente, o **concello de Ares** recibirá as obras **como titular das mesmas, asumindo a súa posta en servizo, explotación e conservación**.

CUARTO- As **condicións básicas para a colaboración entre Augas de Galicia e o Concello de Ares** para acometer e incorporar ao patrimonio público municipal as obras consistentes na "Mellora do sistema de abastecemento de Ares. (A Coruña)", a súa posta en servizo, a súa explotación e a súa conservación e mantemento, **articularanse mediante a subscripción dun convenio** entre ambas as entidades, cuxo borrador foi aprobado pola Xunta Municipal de Goberno, en sesión ordinaria celebrada ou día 28 de abril do 2023

QUINTO- O concello de Ares e Augas de Galicia **cofinanciarán a execución da obra** nos seguintes termos:

a) O **custe total da actuación ascende a 4.263.152,11 €**

Orzamento BASE DE LICITACION	3.763.038,50 €
LIQUIDACIÓN (10%)	376.303,85 €
DIRECCIÓN DE OBRA +SEGURIDADE E SAÚDE	123.809,76 €
Orzamento Total da Execución da obra:	4.263.152,11 €



b) O importe total distribuirase entre as dúas entidades do seguinte xeito:

1. Concello de **ARES** asumirá a financiación dun **60%** do total do proxecto por importe de **2.557.891,26 €**
2. **AUGAS DE GALICIA:** asumirá a financiación dun **40%** do total do proxecto por importe de **1.705.260,85 €**

e conforme as seguintes anualidades:

	AGUAS DE GALICIA	CONCELLO DE ARES	IMPORTE
2023	100.000,00 €		100.000,00 €
2024	1.454.739,31 €	2.332.108,95	3.786.848,26 €
2025	150.521,54 €	225.782,31	376.303,85 €
TOTAL	1.705.260,85 €	2.557.891,26 €	4.263.152,11 €

SEXTO.- O Concello de Ares, con carácter previo a formalización do convenio con Augas de Galicia, deberá acreditar a dita entidade a capacidade económica de asumir achega municipal.

O Concello, acreditado o interés público e a necesidade e urxencia de acometer a obra proxectada e vista a **imposibilidade de asumir a totalidade da achega municipal por importe de 2.557.891,26 €**, ante a carencia de recursos propios, viuse na necesidade de acudir ao **auxilio provincial** para afrontar a mesma, **solicitando axuda financeira**, mediante a subscripción dun convenio polo que se instrumente unha unha subvención **nominativa por importe de 1.712.000,00 €**, o que supón un **66.93013% da achega municipal**, asumindo con **recursos propios un 33,06987% do importe comprometido que ascende a 845.891,26 €**

Con tal motivo e dada a necesidade imperiosa da actuación, preténdese por parte do Concello de Ares a execución as obras, por razóns de interese público, social e económico ó supoñer a mellora do sistema de abastecemento, concretamente das súas infraestruturas garantido a calidade dá auga potable, presións de subministro mínimas e adecuadas e continuidade do servizo e dado o interese coincidente da Deputación e do Concello de Ares ambas as dúas partes

ACORDAN

Formalizar o presente CONVENIO DE COOPERACIÓN conforme ás seguintes cláusulas:

I.- OBXECTO

1- O presente convenio de cooperación ten por obxecto a fixación das bases de **outorgamento dunha subvención nominativa por esta Deputación a prol do Concello de Ares** con CIF P1500400E fixando as condicións que se impoñen por esta administración concedente e os compromisos asumidos pola entidade beneficiaria, para o **cofinanciamento** das **“obras de Mellora do sistema de abastecemento de Ares (A Coruña) OH 215.1167”**, tal e como aparece definida esta no proxecto técnico de execución redactado por D. Antonio J Durán Maciñeira (Enxeñeiro, Proyfe S.L.) e por D. David Hernández Oubiña, Xefe do Departamento de Obras del E.P.E. Aguas de Galicia

2- A **entidade beneficiaria**, achega ao expediente un exemplar do proxecto, no que consta a súa aprobación polo órgano competente, así como a **certificación de que conta con todas as autorizacións administrativas preceptivas e coa dispoñibilidade dos terreos necesarios para a execución das obras**. O dito proxecto foi supervisado polos Servizos Técnicos da Deputación e conta con informe favorable.



3- A obra está perfectamente definida nos planos de conxunto e de detalle e en todos os documentos que incorpora o proxecto, tal e como esixe o artigo 233 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE y 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014, coa manifestación expresa de obra completa realizada polo seu redactor. Xa que logo, unha vez rematada **pasará a ser titularidade do concello de Ares, e éste, asumirá os gastos de posta en Servizo, mantemento, explotación e conservación que xeren as mesmas**

II.- ORZAMENTO DE EXECUCIÓN DAS OBRAS.

1. O **orzamento total da execución de contrata da obra**, segundo o proxecto técnico ao que se fai referencia na cláusula anterior, desagregase co seguinte detalle:

Orzamento Execución Material	2.613.402,66 euros
Gastos xerais 13,00%	339.742,35 euros
Beneficio Industrial 6,00 %	156.804,16 euros
IVE (21%)	653.089,33 euros
ORZAMENTO DE LICITACIÓN	3.763.038,50 euros

2. O Concello, á vista dos documentos obrantes no expediente, engade ao importe do proxecto como orzamento base de licitación, para a execución do devandito proxecto os seguintes partidas (**non subvencionables**) :

- 10% liquidación = 376.303,85 €
- Dirección de obra e Seguridade e saúde = 123.809,76 €

Resultando un **orzamento total de execución de 4.263.152,11 €**

3. A partida correspondente o IVE do proxecto, por importe de 653.089,33 €, **non terá carácter subvencionable**

O importe total que será obxecto de subvención ascenderá a 3.109.949,17 €

4. Á vista do **Anexo nº. 22 Plan de obras** do Proxecto de referencia se contempla un **prazo de execución de 12 meses**

III.- FINANCIAMENTO PROVINCIAL E OUTROS INGRESOS QUE SE OBTEÑAN OU ACHEGUEN PARA A MESMA FINALIDADE.

1. A Deputación da Coruña cofinanciará o orzamento das obras, tal como se define na cláusula anterior, cunha **achega máxima de 1.712.000,00 euros** o que representa unha porcentaxe de **55,0491312 % do orzamento do proxecto subvencionable que ascende a 3.109.949,17 €** (Os Importes **excluídos** do proxecto, son os correspondentes ó: IVE, o 10% Liquidación máis o correspondente a Dirección de Obra e Seguridade e Saúde)

2. A **achega provincial** imputarase segundo o seguinte desglose:

Anualidade	Aplicación Orzamentaria	Importe
2023	0112/1611/76201	600.000,00 €
2024		600.000,00 €
2025		512.000,00 €
Total achega provincial		1.712.000,00 €

A contía restante, ata conseguir o importe total do orzamento da contrata, estará



financiada con cargo a **recursos propios do Concello e de Augas de Galicia** :

Recursos propios do Concello de Ares	845.891,26 €
Xunta de Galicia:	1.705.260,84 €.

3. No caso de que a gasto xustificado non acadase o importe total previsto na cláusula segunda, a Deputación só achegará o importe que represente o **55,0491312** % da cantidade efectivamente xustificada. Agora ben, se coa cantidade efectivamente xustificada non se conseguira rematar a obra e entregala ao uso público previsto, entenderase que a finalidade básica da subvención non foi cumprida e perderase o dereito ao seu cobramento.

4. A Deputación provincial **financiará exclusivamente** os gastos derivados do **contrato de execución das obras** e, xa que logo, non serán subvencionables os gastos de redacción de proxectos, tributos pola obtención de licenzas, honorarios por dirección das obras, coordinación de seguridade e saúde, control de calidade, etc.

Tampouco se financiarán os incrementos de gasto derivados de modificados, reformados ou liquidacións da obra.

5. O importe do financiamento provincial farase efectivo con cargo á aplicación orzamentaria **0112/1611/76201**.

Para a anualidade corrente existe crédito polo importe 600.000,00 €, tal como consta no certificado de existencia de crédito emitido pola Intervención provincial. **Con respecto ás anualidades futuras, advírtese á entidade beneficiaria de que o compromiso de gasto queda condicionado a efectiva aprobación do Orzamento para dito ano e a que existe no mesmo dotación orzamentaria axeitada e suficiente para afrontar o gasto, así como ao cumprimento dos obxectivos da Lei de estabilidade orzamentaria.**

6. A subvención da Deputación é **compatíbel coa percepción doutras subvencións ou axudas, públicas ou privadas, que a entidade beneficiaria obteña para a mesma finalidade, sempre que** o seu importe, xuntamente co da subvención provincial, non supere en ningún caso o importe total do gasto efectivamente xustificado.

7. No caso de que a concorrencia de axudas ou subvencións supere o importe do gasto efectivamente xustificado, minorarase a achega provincial no importe necesario para darlle estrito cumprimento ao apartado anterior.

IV.- CONTRATACIÓN E EXECUCIÓN .

1. A licitación e o outorgamento do contrato de execución das obras descritas no proxecto ao que fai referencia a cláusula primeira, corresponderá a Augas de Galicia (segundo determina o convenio entre o Concello de Ares e Augas de Galicia)

4.- No caso de que se tramite e APROBE ALGUNHA MODIFICACIÓN do proxecto inicialmente aprobado, así como do contrato adxudicado, de conformidade coa cláusula do convenio entre Augas de Galicia e o Concello de Ares: *“Obrigas en relación á modificación das obras”*, remitirase a Deputación Provincial da Coruña un exemplar do Proxecto modificado, achegando co mesmo os informes emitidos, para a súa supervisión polos Servizos Técnicos Provinciais. Posteriormente, se achegará a certificación do correspondente acordo. **A Deputación non asumirá os incrementos por modificados.**

V.- PUBLICIDADE DO FINANCIAMENTO PROVINCIAL.

1. **Durante a execución** das obras e ata o seu remate e recepción, a entidade beneficiaria estará obrigada a colocar un **cartel que sexa visible alomenos a unha**



distancia de 25 metros no que, sen prexuízo doutras indicacións, figure a marca, símbolo ou logotipo da Deputación e o importe da subvención concedida.

2. **Rematada a obra**, deberase colocar **unha placa** en lugar visible na que se deixe constancia da data de inauguración da obra e do financiamento provincial. O texto estará redactado en galego.

3. Asemade, a entidade beneficiaria deberá cumprir coas obrigas de información que lle impón a Lei 19/2013, de 9 de decembro, de Transparencia, acceso a información pública e bo goberno, dándolle **publicidade a este convenio no Portal de Transparencia da súa páxina web**.

VI.- A XUSTIFICACIÓN NECESARIA PARA RECIBIR A ACHEGA PROVINCIAL.

1. Se procederá a expedir o pagamento a prol da entidade beneficiaria pola contía resultante de aplicar a porcentaxe de financiamento **55,0491312 %** sobre o importe de adjudicación (excluídas as partidas non subvencionables detalladas na cláusula II).

2. O concello achegará as certificacións de obra, a medida que se vaian emitindo e unha vez aprobadas as mesmas polo órgano competente.

A Deputación Provincial, aboará a porcentaxe correspondente a achega provincial **55,0491312 %** de cada unha das certificacións presentadas a medida que se vaian achegando ó expediente, ata o máximo disponible, de conformidade co desglose da cláusula III.2, unha vez que se achegue ao expediente a seguinte documentación (só *admisible por medios electrónicos a través do aplicativo SUBTEL*):

a) Coa **Primeira Certificación** achegarase ao expediente a seguinte documentación:

- Certificación do **acordo de adxudicación do contrato de obras**, na que figuren polo menos os seguintes datos: empresa adxudicataria, importe do contrato e prazo de execución
- **Acta de comprobación do replanteo da obra**, asinada pola súa dirección, polo/a contratista. O concello poñerá en coñecemento da Deputación Provincial, a data prevista para este acto.
- **Acordo de aprobación da certificación de obra e do recoñecemento da obriga**, expedida polo órgano competente
- **Acreditación da colocación do cartel informativo** ao que se refire a cláusula V, mediante remisión de fotografía debidamente dilixenciada pola dirección da obra.
- Acreditación do cumprimento das **obrigas tributarias e coa Seguridade Social**, segundo o disposto na cláusula VIII.

b) **Certificacións de Obra sucesivas:**

- Certificacións de obra.
- Certificación do **acordo de aprobación** das certificacións de obra e do **recoñecemento da obriga**, expedida polo órgano competente.
- Acreditación do cumprimento das **obrigas tributarias e coa Seguridade Social**, segundo o disposto na cláusula VIII.

13.- Aprobación do convenio de colaboración entre a Excma. Deputación provincial da Coruña e a Universidade de Santiago de Compostela e do Ilustre Colexio da Avogacía de Santiago de Compostela polo que se instrumenta unha subvención nominativa para financiar os gastos de realización de práctica xurídica da Universidade de Santiago nos departamento de urbanismo dos concellos da provincia e adquisición de material necesario para a súa execución na anualidade 2023

VOTACIÓN

Votan a favor: 31 deputados/as (14 do PP, 10 do PSOE, 6 do BNG e 1 de Alternativa dos Veciños).

Votan en contra: ningún/ha deputado/a

Abstéñense: ningún/ha deputado/a

ACORDO

O Pleno, por unanimidade, acorda:

"1º.- Aprobar o texto e a formalización do Convenio de Colaboración entre a Excelentísima Deputación Provincial da Coruña e a Universidade de Santiago de Compostela e do Ilustre Colexio da Avogacía de Santiago de Compostela para financiar os gastos de realización de prácticas de alumnos das actividades formativas que imparte ou nas que colabora a escola de práctica xurídica nos concellos da provincia da Coruña e adquisición de material necesario para a súa execución - Ano 2023, cunha achega



provincial de **48.000,00 euros** con cargo á aplicación orzamentaria 0112/462/45390, que representa un coeficiente de financiamento do 100,00% do orzamento, cos cambios indicados.

ANEXO

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA E A UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA XUNTO CO ILUSTRE COLEXIO DA AVOGACÍA DE SANTIAGO DE COMPOSTELA PARA FINANCIAR OS GASTOS DE REALIZACIÓN DE PRÁCTICAS DE ALUMNOS/AS DAS ACTIVIDADES FORMATIVAS QUE IMPARTE OU NAS QUE COLABORA A ESCOLA DE PRÁCTICA XURÍDICA NOS CONCELLOS DA PROVINCIA DA CORUÑA E ADQUISICIÓN DO MATERIAL NECESARIO PARA A SÚA EXECUCIÓN. ANO 2023

Na Coruña, a de de 2023

REÚNENSE

Dunha parte, o representante da Deputación Provincial da Coruña,

Doutra parte, o representante da Universidade de Santiago de Compostela,

E doutra parte o representante do Ilustre Colexio da Avogacía de Santiago de Compostela.

Ámbolos dous actúan en calidade de Presidentes rotatorios do Concello Directivo da Escola de Práctica Xurídica de Santiago de Compostela, ao tenor do disposto na cláusula sexta do convenio de colaboración asinado entre ambas institucións o 29 de novembro de 1.994.

Todas as partes recoñécense capacidade para asinar o presente convenio de colaboración e a tal efecto.

MANIFESTAN

PRIMEIRO.- A Escola de Práctica Xurídica de Santiago de Compostela foi creada pola Universidade en colaboración cos Ilustres Colexios de Avogados e de Procuradores de Santiago de Compostela como o centro de especialización profesional a través do cal estas institucións ofrecen aos licenciados e graduados en Dereito, a formación práctica necesaria no ámbito do dereito público e do dereito privado, para facilitar a súa incorporación ao mercado laboral propio das profesións xurídicas e, máis en particular, cara ao exercicio da avogacía e da procuradoría.

A Escola colabora nas labores de actualización de coñecementos dos profesionais en exercicio (formación continua) e dos alumnos da licenciatura e do grao en Dereito (practicum), participando tamén no Máster universitario en avogacía que imparten en Santiago a USC e o ICA de Santiago, e no programa Superior de Excelencia en Práctica Xurídica que imparte o ICA de Santiago, entre outras actividades.

Un xeito de realizar estas prácticas é o coñecemento dos problemas mediante supostos concretos e reais que se poidan prestar na actuación ordinaria das persoas físicas e xurídicas.

SEGUNDO.- A Deputación da Coruña é consciente de que os concellos da



provincia, dentro da ampliación dos seus servizos á comunidade e fundamentalmente na área de urbanismo, veñen precisando a colaboración de licenciados e graduados en Dereito que realicen labores de asesoramento en diversas materias relativas ao desenvolvemento da súa actividade ordinaria.

TERCEIRO.- Consideran as partes asinantes de gran importancia, poñer en execución un plan conxunto que permita proporcionar práctica xurídica nas diversas ramas do Dereito ao alumnado das diferentes actividades formativas que imparte e colabora a Escola de Práctica Xurídica de Santiago de Compostela, ao tempo que se contribúe ao fortalecemento dos servizos urbanísticos e departamentos relacionados dos concellos da provincia da Coruña.

CUARTO.- A Deputación da Coruña ten entre os seus obxectivos un modelo de desenvolvemento baseado na colaboración cos municipios, no que as políticas que se van desenvolver han de estar lóxicamente ligadas a eles. Deben ser os concellos os que lles ofrezan servizos públicos que proporcionen un maior benestar e unha mellor calidade de vida aos seus veciños.

Son pois, os concellos, a Administración máis próxima ao cidadán, os que han de dar resposta en primeira instancia ás súas necesidades. É por isto que o esforzo da Deputación debe estar destinado a apoiar e colaborar cos concellos, sobre todo nun tema tan importante como é o urbanismo.

Que o artigo 193 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración local de Galicia, establece que as entidades locais galegas axearán a súa actuación aos seguintes principios: b) A colaboración, a cooperación e o auxilio que puidesen precisar coxunturalmente para o eficaz cumprimento das súas tarefas.

Así mesmo o artigo 195 da mesma Lei 5/1997 sinala que a colaboración e a cooperación poderán realizarse mediante: h) A subscrición de convenios.

QUINTO.- Mediante este Acordo, a Deputación da Coruña financiará as prácticas nos servizos de urbanismo dos concellos da provincia da Coruña, que previa subscrición do correspondente convenio coa Escola de Práctica Xurídica de Santiago de Compostela, acollan no seu seo aos alumnos das actividades formativas da mesma, encargándolles a realización de estudos, informes, escritos, consultas, xestións de expedientes, etc, en determinadas materias que sirvan, dun lado, para a práctica xurídica dos alumnos e, ao mesmo tempo, resulten de utilidade para os Departamentos de Urbanismo e servizos relacionados dos concellos.

En consecuencia co anteriormente exposto, ambas partes formalizan o presente Convenio de colaboración con suxeición ás seguintes:

CLÁUSULAS:

I.OBXECTO

O presente convenio ten por obxecto establecer a colaboración entre as partes para a execución dun plan conxunto, que permita proporcionar práctica xurídica e especialización profesional en Urbanismo e Administración local, para o ano 2023, ao alumnado das diferentes actividades formativas que imparte ou nas que colabora a Escola de Práctica Xurídica de Santiago de Compostela, á vez que se contribúe ao fortalecemento dos servizos urbanísticos e departamentos relacionados dos concellos da provincia da Coruña, reforzando unha das carencias postas de manifesto polos concellos



e colaborando a un cambio cara a un urbanismo e servizos de calidade, no que a formación é prioritaria.

Como regra xeral, o número de alumnos/as que realizarán as ditas prácticas será de 20 alumnos/ mes durante un período ordinario de catro meses ao ano; período que se concretará en cada caso dacordo coas necesidades e as dispoñibilidades de cada concello. Excepcionalmente, cando o titor designado por un concello e a dirección da Escola consideren máis conveniente para un mellor aproveitamento das prácticas proceder a súa concentración nun período de tempo inferior ó ordinario de catro meses/ano, poderase acordar realizalas nun período mínimo de tres meses. En tal caso, debe garantirse que o número de horas totais a realizar polo alumno/a non será inferior ás que faría de seguirse o sistema ordinario ou xeral.

II. ORZAMENTO

A Deputación da Coruña comprométese ao financiamento do orzamento da actividade que ascende a un total de 48.000 euros para o ano 2023, o que representa un coeficiente de financiamento do 100%. Dacordo co seguinte detalle desagregado:

A GASTOS DE DESPRAZAMENTOS, MANUTENCIÓN,... DOS ALUMNOS: 36.000

€, para o ano 2023, e se distribúen da seguinte maneira:

CONCEPTO 2023	ANO	NÚMERO ALUMNOS	IMPORTE ALUMNO/MES	IMPORTE max. TOTAL
MES UNO		20	450 €	9.000 €
MES DOS		20	450 €	9.000 €
MES TRES		20	450 €	9.000 €
MES CUATRO		20	450 €	9.000 €
TOTAL				36.000 €

Indemnización de 450 € ao mes, que se poderá distribuír pola dirección da Escola de xeito que cada alumno cobre un mínimo de 400 € ao mes, repartíndose os 50 € restantes entre todos/as alumnos/as , en función da quilometraxe.

B GASTOS DE COORDINACIÓN, INFRAESTRUCTURA E XESTIÓN: 4.000 €

para o ano 2023, e se distribúen da seguinte maneira:

CONCEPTO 2023	ANO	DURACIÓN	IMPORTE /MES	IMPORTE TOTAL
Año 2023		4 MESES	1.000 €	4.000 €

C **GASTOS DE ADQUISICIÓN DE MATERIAL: 5.000 €** para o ano 2023, e se distribúen da seguinte maneira:

CONCEPTO ANO 2023	MATERIAL	IMPORTE TOTAL



Ano 2023	Material necesario para desenvolver a actividade, tal como fotocopiado para o alumnado de material didáctico e de material necesario para a realización das prácticas, bibliografía, códigos legislativos, material informático funxible, papelería, material de escritura, etc.	5.000 €
----------	----------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------	---------

D **COSTES DE FORMACIÓN: 3.000 €** para o ano 2023.

TOTAL GASTOS: 48.000 Euros

II. FINANCIAMENTO PROVINCIAL E OUTROS INGRESOS QUE SE OBTENAN OU APORTEN PARA A MESMA FINALIDADE.

1. A Deputación da Coruña contribuirá ao financiamento da actividade, tal como se define na cláusula primeira, cunha achega máxima de 48.000 euros para o ano 2023, o que representa unha porcentaxe do 100%. No caso de que o gasto xustificado non acadase o importe total previsto na cláusula segunda, a Deputación só achegará o importe da cantidade efectivamente xustificada.
2. Agora ben, se a cantidade xustificada resulta inferior ao 75% do orzamento previsto na cláusula segunda, entenderase que a finalidade básica da subvención non foi cumprida e perderase o dereito ao cobro da mesma.
3. O importe do financiamento provincial farase efectivo con cargo á aplicación orzamentaria 0112/462/45390 partida na que a Intervención provincial ten certificado que existe crédito dabondo sobre a que se ten contabilizado a correspondente retención de crédito.
4. Para a anualidade 2023 existe crédito dabondo polo importe indicado, tal como consta no certificado de existencia de crédito emitido pola Intervención provincial.
5. En ningún caso será posible a concorrencia desta axuda con outras xa que se financia o 100% do custo efectivamente realizado.

IV.- PUBLICIDADE DO FINANCIAMENTO PROVINCIAL.

1. Na publicidade pola que se de a coñecer a realización das actividades, ben sexa polos medios escritos, radiofónicos, audiovisuais ou internet, deberase facer constar sempre o financiamento da Deputación Provincial da Coruña.
2. Coa memoria e conta xustificativa achegaranse documentos que acrediten o cumprimento desta obriga por parte da Universidade da Santiago de Compostela a través da Escola de Práctica Xurídica da Universidade de Santiago de Compostela.

V. DESIGNACIÓN DE ALUMNOS, COORDINACIÓN, DESENVOLVEMENTO E OBRIGA DAS PARTES.

A Universidade de Santiago de Compostela a través da Escola de Práctica Xurídica, designará de entre o alumnado das diferentes actividades formativas que imparte e colabora, os alumnos máis idóneos para a realización das prácticas no seo das Concellarías de Urbanismo e servizos relacionados dos concellos cos que subscriba o correspondente convenio. A designación efectuarase de acordo cos criterios de distribución acordados previamente entre ambas partes, e deberá contar coa conformidade do representante da institución receptora.

O labor realizado polos alumnos non terá en ningún caso carácter vinculante para a institución que os acolle.



Os concellos poderán utilizar todo o material, estudos, análises, etc, que sexan realizados polos alumnos ao longo da experiencia profesional.

VI. COORDINACIÓN.

Para levar adiante a posta en práctica deste convenio, a dirección do traballo, o seguimento e asesoramento do alumnado, a coordinación da distribución do alumnado nas dependencias das Concellarías de Urbanismo e servizos relacionados dos concellos e a procura da súa mellor estancia e do correcto aproveitamento deste plan, por parte da Escola de Práctica Xurídica actuarán como coordinadores o seu Director e a profesional colaboradora D^a María Dolores Méndez Torres. Así mesmo, por parte da Deputación actuará como coordinador o xefe do Servizo de Patrimonio e Contratación da Deputación D. Luis Jaime Rodríguez Fernández.

VII. DESENVOLVEMENTO.

O número de alumnos que as Concellarías de Urbanismo e servizos relacionados dos concellos admitan anualmente para a consecución dos obxectivos previstos neste convenio, así como a duración do período de prácticas a realizar polos alumnos nos correspondentes servizos dependentes dos concellos, o horario no que se efectuarán as mesmas e a labor concreta que desenvolverán, estableceranse de mutuo acordo polas partes asinantes.

A Universidade de Santiago de Compostela a través da Escola de Práctica Xurídica, remitirá á Deputación da Coruña, un exemplar dos convenios que, a súa vez asine cos concellos da provincia da Coruña, para a posta en marcha desta actividade.

Rematado o período de prácticas, os concellos expedirán un certificado acreditativo do grao de cumprimento das obrigas e dos traballos encargados aos alumnos. Este certificado será tido en conta nas diferentes actividades formativas que imparte e colabora a Escola.

VIII. COMPROMISO DAS PARTES.

A GASTOS DE DESPRAZAMENTO, MANUTENCIÓN, DOS ALUMNOS:

A Deputación da Coruña financiará anualmente as prácticas nos servizos de urbanismo e relacionados dos concellos da provincia da Coruña, que previa subscripción do correspondente convenio coa Universidade de Santiago de Compostela a través da Escola de Práctica Xurídica, acollan no seu seo aos alumnos das actividades formativas que imparte ou nas que colabora, encargándolles a realización de estudos, informes, escritos, consultas, xestións de expedientes, etc, en determinadas materias que sirvan, dun lado, para a práctica xurídica dos alumnos e, ao mesmo tempo, resulten de utilidade para os Departamentos de Urbanismo e servizos relacionados dos concellos.

A Deputación da Coruña financiará as prácticas nos servizos de urbanismo e servizos relacionados dos concellos da provincia da Coruña ata un máximo de **36.000 €** en concepto de gastos de desprazamentos, manutención..... dos alumnos. Como regra xeral, o número de alumnos que realizarán as ditas prácticas será de 20 alumnos/mes, establecéndose un importe por cada alumno en concepto de indemnización /gastos de desprazamentos e manutención) de 450 € ao mes; indemnización que se poderá distribuír pola dirección da Escola de xeito que cada alumno cobre un mínimo de 400 € ao mes, repartíndose os 50 € restantes entre todos/as alumnos/as, en función do quilometraxe.



Dependendo das ocupacións formativas dos alumnos e da dispoñibilidade dos concellos a cifra de alumnos/mes poderá ser superior ou inferior á de 20, en tal caso a Escola de Práctica Xurídica debe garantir que ao final da anualidade a cifra resultante de alumnos que realizaron as prácticas é equivalente a de 20 alumnos x mes x 4 meses x 450 €/alumno/a, isto é, a 36.000 €. De superarse a dita cantidade en cómputo anual a Deputación non satisfará as cantidades a maiores, e de resultar inferior a Deputación ingresará a Escola a cantidade realmente certificada.

Estas cantidades serán pagadas aos alumnos pola Universidade de Santiago de Compostela a través da Escola de Práctica Xurídica unha vez sexa ingresado o seu importe na conta da Universidade de Santiago- Escola de Práctica Xurídica, sendo necesaria, asemade da xustificación do Director da Escola, unha certificación expedida polo xefe do correspondente servizo da Universidade para acreditar que as ditas cantidades foron transferidas ás contas dos alumnos (detallando cantidades concretas percibidas por cada alumno).

A Deputación abonará anualmente dito importe á Universidade de Santiago - Escola de Práctica Xurídica, previa xustificación da actividade realizada en cada mes. A achega realizarase polo número real de alumnos que realicen as prácticas no período correspondente.

Excepcionalmente, cando o titor designado por un concello e a dirección da Escola consideren máis conveniente para un mellor aproveitamento das prácticas proceder a súa concentración nun período de tempo inferior ó ordinario **de catro meses/ano**, poderase acordar realizalas nun período mínimo de tres meses. En tal caso, debe garantirse que o número de horas totais a realizar polo alumno non será inferior ás que faría de seguirse o sistema ordinario. As cantidades establecidas en concepto de indemnización para cobrar polo alumno durante o período ordinario, satisfaranse na súa totalidade ao rematar o período excepcional. Para o ano 2023 as partes acordan que as prácticas dos alumnos se concentren nun período de catro meses, no período establecido durante un mínimo de tres días laborales á semana é un máximo de cinco, a razón dun mínimo de cinco horas ao día e un máximo de sete. O número mínimo de días de prácticas durante o período total de catro meses non poderá ser inferior a 50, nin o número de horas inferior ás 250.

B GASTOS DE COORDINACIÓN, INFRAESTRUCTURAS E XESTIÓN:

Así mesmo establécese a cantidade de 1.000 € ao mes, durante un período de catro meses, como contribución aos gastos de coordinación, apoio a administración e material funxible (4.000 €) que xerará a posta en funcionamento e mantemento da actividade obxecto do convenio. O dito importe abonarase pola Deputación á Universidade de Santiago- Escola de Práctica Xurídica, tras xustificación da actividade realizada.

A xustificación destes gastos farase mediante certificación expedida polo Director da Escola de Práctica Xurídica, xunto os correspondentes documentos acreditativos dos gastos realizados de xeito que poidan comprobarse os gastos directamente relacionados coas prácticas, que se distribuirán da seguinte maneira:

B.a.Compensación económica aos coordinadores do convenio por parte da Escola, polas horas investidas nas tarefas específicas de publicidade do convenio, selección do alumnado, reunións co alumnado seleccionado, acompañamento do alumnado á presentación das prácticas, seguimento da opinión dos titores e dos alumnos, resolución de posibles incidencias, lectura diaria dos informes dos alumnos e mensual dos informes dos titores, organización e seguimento das actividades de formación específica, etc.



B.b Compensación económica ao persoal administrativo, encargado de recoller diariamente os informes dos alumnos relativos á asistencia e contidos das prácticas, comunicar incidencias á coordinación, elaborar (baixo a dirección da coordinación) e enviar diferentes documentos a titores e alumnos, control da formación.

B.c Uso de instalacións e servizos correntes, na proporción correspondente.

C GASTOS DE ADQUISICIÓN DE MATERIAL:

A Deputación financiará cunha cantidade anual (2023) de 5.000 €, a adquisición do material necesario para desenvolver a actividade, tal como gasto de fotocopiado e as prácticas do alumnado, adquisición de bibliografía de consulta e de coleccións de códigos normativos tanto para uso colectivo como individual do alumnado, material informático funxible como discos duros, memorias USB, fundas e cableado de alimentación de ordenadores portátiles e outro para uso do alumnado, papelería, axendas e material de escritura, e outro material específico destinado a ser utilizado polo alumnado nas prácticas que redunden no seu beneficio; **o material terá obrigatoriamente carácter funxible, non inventariable.**

No suposto de que os gastos xustificadas foran superiores, a Deputación aportará ata a cantidade máxima de 5.000 € para o ano 2023.

A xustificación destes gastos farase mediante copia compulsada das facturas e informe do Director da Escola de Práctica Xurídica.

D GASTOS DE FORMACIÓN:

A Deputación financiará cunha cantidade de 3.000 € unha parte dos custos da formación dos alumnos na materia urbanística que levará a cabo a Escola.

A xustificación destes gastos farase mediante certificación expedida polo Director da Escola de Práctica Xurídica, que poderá ser ratificada, no seu caso, polos órganos competentes da Universidade e coa ahega dos correspondentes documentos acreditativos dos gastos realizados, de xeito que poida comprobarse que se trata de gastos relacionados coas prácticas.

Acreditarase, asemade do anterior, que os gastos son específicos para a realización das prácticas en virtude deste convenio e que non se trata de formación incluída no mestrado de avogacía do que proceden os alumnos que se seleccionan para as prácticas e polo que xa aboaron o prezo correspondente. Para os criterios de selección e as condicións de formación rexerán os apartados que seguen:

D.a Que os alumnos poder ser seleccionados do mestrado oficial en avogacía no que participa a Escola ou de calquera outra formación que imparta ou na que colabore a Escola, dependendo das circunstancias de cada momento, conforme permite o convenio.

D.b Que os alumnos seleccionados reciben unha formación específica para afrontar nas mellores condicións posibles as tarefas que se indican na manifestación quinta do convenio.

D.c Que esta formación específica é impartida por profesionais de prestixio e ampla experiencia profesional, en aulas e con medios materiais e informáticos destinados especificamente para a formación destes alumnos.

D.d Que esta formación é independente da que reciben nas ensinanzas das que proceden e deonde son seleccionados.

D.e.A xustificación farase por medio de certificación do director onde se indiquen os contidos impartido, os docentes que os impartiron, os alumnos asistentes, e o pagamento realizado aos docentes; así como unha xustificación efectuado polo xefe do servizo correspondente da universidade das transferencias realizadas a cada docente



en compensación da docencia impartida.

Os alumnos terán un seguro médico e de accidentes que será a cargo da Universidade de Santiago de Compostela a través da Escola de Práctica Xurídica e que cubrirá estas contingencias.

A Universidade de Santiago de Compostela a través da Escola de práctica xurídica comprométese, de ser necesario, a designar a profesionais ou colaboradores da mesma para as labores de dirección, seguimento e asesoramento do alumnado, co obxecto de facer posible o correcto desenvolvemento das tarefas adscritas a este convenio.

A realización de prácticas académicas non supón ingunha relación laboral ou funcional coa Universidade de Santiago, cos Colexios de Avogados e de Procuradores de Santiago, nin coa Deputación de Coruña ou cos concellos, e non implica ningún compromiso en canto á posterior incorporación dos seus beneficiarios ao cadro de persoal da Universidade de Santiago de Compostela, do Colexio de Avogados de Santiago, nin dos concellos e a Deputación da Coruña.

A Universidade de Santiago de Compostela a través da Escola de Práctica Xurídica comprométese a destinar os fondos percibidos ao obxecto concreto para o que se conceden, e a Deputación da Coruña poderá comprobar, cando o estime pertinente, a execución das actividades obxecto do presente convenio.

IX. COMISIÓN DE SEGUIMENTO.

Crearase unha comisión mixta con funcións de seguimento e avaliación do desenvolvemento do convenio, que asumirá, ademais, as funcións de coordinación entre as administracións e institucións asinantes, así como a función interpretadora do citado convenio para resolver cantas dúbidas poidan xurdir na súa execución.

Esta Comisión estará integrada por parte da Deputación da Coruña polo supervisor nomeado para o seguimento das actuacións e por un representante dos concellos que designe a Deputación, e por parte da Escola de Práctica Xurídica de Santiago polo seu director e mais polo profesional designado polo centro para colaborar na coordinación da actividade.

Así mesmo, as partes comprométese a resolver amigablemente as diferenzas que puideren xurdir a través desta comisión de seguimento.

A título enunciativo, esta Comisión terá como función facer o seguimento e avaliación do desenvolvemento do convenio, exercitando as funcións de coordinación entre as administracións e institucións, así coma interpretar o convenio e resolver cantas dúbidas poidan xurdir na súa execución.

X. TERMO PARA A REALIZACIÓN DA ACTIVIDADE E PRAZO DEXUSTIFICACIÓN.

1. As actividades que son obxecto de financiamento provincial, tal como están descritas na cláusula PRIMEIRA, deberán estar rematadas en cada anualidade alomenos TRES MESES antes do vencemento do período de vixencia a efectos de imputación de gastos do presente convenio establecido no seguinte párrafo e na cláusula DÉCIMOCTAVA (vixencia).

Polo que se refire a anualidade correspondente ao ano 2023 o convenio terá carácter



retroactivo para os efectos de imputación de gastos e abranguerá os devengados **dende o día 1 de xaneiro de 2023 ata o 31 de decembro de 2023**, sen que en ningún caso sexan subvencionables os gastos devengados con anterioridade a dita data, nin posteriores ao 31 de decembro de 2023, debendo estar xustificadas **antes do 30 de novembro de 2024**.

2. Unha vez rematadas as actividades, a Escola de Práctica Xurídica, a través da Universidade de Santiago, deberá **presentar a xustificación** documental á que se refire a cláusula OCTAVA antes do **30 de novembro de 2024**.
3. De conformidade co disposto no artigo 70.3 do Regulamento da Lei de subvencións (Real Decreto 887/2006, do 21 de xullo), transcorrido o prazo sinalado sen que se teña recibido xustificación ningunha, a Unidade xestora remitiralle un requirimento á Universidade de Santiago para que a presente no prazo improrogable de QUINCE DÍAS. A falla de xustificación da subvención neste prazo excepcional conlevará a perda da subvención e demais responsabilidades previstas neste convenio e na lexislación aplicable ao respecto. Aínda así, a presentación da xustificación neste prazo adicional non eximirá á Universidade de Santiago da sanción que, de conformidade co disposto na Lei de subvencións e na Base 55 das de execución do Orzamento da Deputación, lle poida corresponder.
4. O aboamento da subvención materializarase mediante ingreso na conta da entidade financeira indicada pola Universidade de Santiago de Compostela na documentación achegada. Se transcorresen máis de catro meses desde a axeitada e correcta xustificación dos compromisos adquiridos sen que se cobrase o importe que lle corresponda, a Universidade de Santiago terá dereito ó aboamento dos xuros de demora, ao tipo de interese legal, que se devenguen desde a finalización do prazo de catro meses ata o momento no que se faga efectivo o pagamento.

XI. RESPONSABILIDADE.

O alumnado non asumirá nunca directamente a responsabilidade das labores que realice, senón que deberá actuar sempre baixo a supervisión do persoal designado polo Concello e de ser preciso, polos profesionais colaboradores da Escola de Práctica Xurídica que esta designe.

O feito de que o alumnado realice a súa labor nos concellos, non suporá ningún tipo de responsabilidade para os concellos, nin para a Deputación da Coruña, a Universidade de Santiago, os Colexios de Avogados e de Procuradores de Santiago, a Escola de Práctica Xurídica, o Director da mesma e o profesional designado polo centro para colaborar na coordinación da actividade.

XII. ACREDITACIÓN DO CUMPRIMENTO DAS OBRIGAS TRIBUTARIAS E COA SEGURIDADE SOCIAL.

1. A Universidade de Santiago deberá acreditar, con carácter previo á sinatura deste convenio e logo, con carácter previo ao pago da subvención, que se atopa ao día no cumprimento das obrigas tributarias coa Administración do Estado, coa Comunidade autónoma e coa Seguridade Social. E para tal fin poderá autorizar á Deputación a que obteña telemáticamente os correspondentes certificados.
2. A acreditación do cumprimento das obrigas tributarias coa Deputación Provincial determinarase de oficio por esta.



XIII. DESTINO E MANEXO DOS FONDOS RECIBIDOS.

1. A Universidade de Santiago destinará os fondos recibidos ao pagamento das bolsas e dos xustificantes de gasto presentados.
2. Co fin de garantir un axeitado control da aplicación dos fondos, o pagamento deberá quedar acreditado documentalmente mediante a utilización de transferencia bancaria, tarxeta de débito ou crédito, cheque nominativo ou calquera outro medio que deixe constancia da data de pago e da identidade do perceptor. Só excepcionalmente se poderá realizar o pago en metálico para gastos de ata 150,00 euros, nos que non resulte posible a utilización dun dos medios anteriormente indicados.
3. Sen prexuízo dos libros e rexistros contables que as normas xerais ou sectoriais lle poidan impor, a Universidade de Santiago deberá contar, cando menos cun rexistro cronolóxico de cobros e pagamentos nos que se inclúan, entre outros, os relativos aos gastos xustificadas e aos ingresos declarados con respecto a esta subvención.

XIV. CONTROL FINANCEIRO DA DEPUTACIÓN E DOS ÓRGANOS DE CONTROL EXTERNO

XIV.1 Consorte ao disposto nos artigos 44 e seguintes da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de subvencións, e nos artigos 41 e seguintes da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia, a Universidade de Santiago poderá ser escolleita pola Intervención provincial para a realización dun control financeiro sobre a subvención pagada, co fin de acreditar a aplicación efectiva dos fondos á finalidade para a que foron concedidos, o correcto financiamento da actividade e o cumprimento de todas as obrigas formais e materiais que lle impón o presente convenio de colaboración.

XIV.2 Asemade, de acordo co previsto na Lei 6/1985, do 24 de xuño, do Consello de Contas de Galicia, a Universidade de Santiago queda sometida aos procedementos de fiscalización que leven a cabo o Consello de Contas de Galicia ou, de ser o caso, segundo o previsto na Lei orgánica 2/1982, do 12 de maio, aos procedementos de axuízamento contable que poida incoar o Tribunal de Contas, e calquera outro órgano de control, nacional ou europeo.

XV. REINTEGRO, INFRACCIÓNS E SANCIÓNS.

1 O incumprimento dalgunha das cláusulas previstas no presente convenio de colaboración poderá implicar a obriga de reintegro parcial ou total dos fondos recibidos, así como ao pago dos xuros de demora que se perciban dende o día no que se realizo o pagamento ata o momento no que se acorde a procedencia do reintegro. O procedemento de reintegro iniciarase de oficio na súa tramitación seguirase o disposto nos artigos 41 e seguintes da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de subvencións e nos artigos 91 e seguintes do seu Regulamento (R.D. 887/2006, do 21 de xullo), dándolle en todo caso audiencia ao interesado.

2 Sen prexuízo do anterior, dito incumprimento tamén poderá ser constitutivo dalgunha das infraccións tipificadas na Lei 38/2003, de 17 de novembro, ou na Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, séndolle de aplicación o cadro de sancións previstos nas normas citadas e na Ordenanza provincial reguladora do control financeiro de subvencións e dos procedementos de reintegro e sancionadores derivados (BOP nº 116 de data Luns, 22 de xuño de 2015)

3 Para os supostos de retraso na realización das actividades ou retraso na presentación da xustificación se estará ao disposto na Ordenanza provincial reguladora do control financeiro de subvencións e dos procedementos de reintegro e sancionadores derivados (BOP nº 116 de data Luns, 22 de xuño de 2015).



XVI. INCORPORACIÓN AO REXISTRO PÚBLICO DE SUBVENCIÓNS E PUBLICACIÓN DA SUBVENCIÓN CONCEDIDA.

- 1 En cumprimento do disposto no artigo 20.1 da Lei 38/2003, xeral de subvencións, e demais normativa de desenvolvemento, os datos da subvención concedida e a identificación da Universidade de Santiago serán remitidas á Intervención xeral do Estado, para que sexan incorporados á Base de Datos Nacional de Subvencións, coa exclusiva finalidade prevista en dito precepto e co debido respecto á protección dos datos de carácter persoal, segundo o previsto na Lei orgánica 3/2018, de 5 de decembro.
- 2 Asemade, no cumprimento do disposto no artigo 16.3 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia, a Deputación remitiralle a mesma información á Consellería de Economía e Facenda, co fin de que a incorpore ao Rexistro público de axudas, subvencións e convenios da Comunidade autónoma de Galicia.
- 3 Segundo o previsto no artigo 18 da Lei 38/2003, de 17 de xuño, de Subvencións, a concesión da subvención á Universidade de Santiago será publicada no Boletín Oficial da Provincia da Coruña e na páxina web www.dacoruna.gal.
- 4 Un exemplar deste convenio, debidamente asinado, será incorporado ao Rexistro de convenios que depende do Servizo de Patrimonio e Contratación da Deputación.

XVII. NATURALEZA, INTERPRETACIÓN, MODIFICACIÓN E XURISDICCIÓN COMPETENTE.

1. O presente convenio ten natureza administrativa e para resolver as dúbidas que xurdan na interpretación das súas cláusulas aplicaranse as disposicións contidas na Lei 38/2003, de 18 de novembro, xeral de Subvencións, e na Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia. Supletoriamente aplicarase a lexislación de contratos do sector público.
2. Este convenio ten carácter administrativo, e polo tanto as cuestións que poidan xurdir en relación con el corresponderalle a súa resolución aos órganos de resolución contencioso-administrativa, segundo a distribución de competencias prevista na lei 29/1998, de 13 de xullo, reguladora de dita xurisdicción, o coñecemento das cuestións litixiosas que poidan xurdir como consecuencia do presente convenio

XVIII. VIXENCIA

O presente convenio de colaboración terá carácter retroactivo para os efectos de imputación de gastos e abranguerá os devengados dende o día 1 de xaneiro de 2023 ata o 31 de decembro de 2023 sen que en ningún caso sexan subvencionables os gastos devengados con anterioridade a dita data, nin os posteriores ao 31 de decembro de 2023, debendo estar xustificadas antes do día 30 de novembro de 2024 e conservando a súa vixencia ata o 31 de decembro de 2024.

Tamén se poderá extinguir a vixencia do convenio polo mutuo acordo das Administracións intervintes, así como por decisión unilateral dalgunha delas cando se produza pola outra un incumprimento grave acreditado das obrigacións asumidas.

Por acordo expreso da ambas as dúas partes e por causa debidamente xustificada, e previos os mesmos informes preceptivos do Servizo de patrimonio e Contratación, da Secretaría e da Intervención da Deputación, o convenio poderá ser obxecto de modificación.



XIX. CUMPRIMENTO DO CONVENIO.

O incumprimento de calquera das cláusulas do presente convenio constituirá causa suficiente para a resolución do mesmo.

Faise constar que o presente convenio foi aprobado por acordo plenario de data de de 2023.

En proba de conformidade, ambas partes asinan por duplicado exemplar o presente convenio, no lugar e data sinalados ao inicio.

O REPRESENTANTE DA DEPUTACION	DA	O REPRESENTANTE UNIVERSIDADE COMPOSTELA	DA	O REPRESENTANTE DE ILUSTRE COLEXIO AVOGACÍA SANTIAGO COMPOSTELA	DO DA DE DE
------------------------------------------	-----------	--------------------------------------------------------	-----------	----------------------------------------------------------------------------------------	--------------------------------

Asdo.:

Asdo.:

Asdo.:

**A SECRETARIA XERAL
DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA**

Asdo.: Amparo Taboada Gil"

14.- Aprobación do convenio de colaboración entre a Deputación da Coruña e o Concello da Coruña polo que se instrumenta unha subvención nominativa para a autorización de utilización do polideportivo do I.E.S. Rosalía Mera para o desenvolvemento de actividades deportivas municipais

VOTACIÓN

Votan a favor: 31 deputados/as (14 do PP, 10 do PSOE, 6 do BNG e 1 de Alternativa dos Veciños).

Votan en contra: ningún/ha deputado/a

Abstéñense: ningún/ha deputado/a

ACORDO

O Pleno, por unanimidade, acorda:

"1º.- Aprobar o texto do convenio de colaboración entre a Deputación da Coruña e o Concello da Coruña para a autorización de utilización do polideportivo do I.E.S. Rosalía Mera para o desenvolvemento de actividades deportivas municipais, onde se concretan as obrigas das partes, e sen que implique coste económico para a Deputación Provincial da Coruña.

ANEXO

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN DA CORUÑA E O CONCELLO DA CORUÑA PARA A AUTORIZACIÓN DE UTILIZACIÓN DO POLIDEPORTIVO DO I.E.S. ROSALÍA MERA PARA O DESENVOLVEMENTO DE



ACTIVIDADES DEPORTIVAS MUNICIPAIS.

A Coruña, de de 2023

REUNIDOS

Dunha parte, Don Valentín González Formoso, en calidade de presidente da Deputación Provincial da Coruña, en representación da mesma e de conformidade coas atribucións que lle confire a Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local; e a Lei 5/1997, do 22 de xullo, da Administración local de Galicia.

Doutra parte, Dona Inés Rey García, alcaldesa-presidenta do Concello da Coruña, actuando en virtude das súas facultades, segundo o establecido na Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local; e na Lei 5/1997, do 22 de xullo, da Administración local de Galicia.

Os comparecentes interveñen en uso das facultades que, por razón dos seus cargos, teñen atribuídas e

EXPOÑEN

A Deputación da Coruña é titular do instituto “Rosalía Mera” na cidade da Coruña, que conta entre as súas instalacións cun pavillón polideportivo.

O Concello da Coruña, ao abeiro do previsto nos artigos 25.2.I) da lei 7/85, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, e art.8 da Lei 3/2012, de 2 de abril, o deporte de Galicia, desenvolve diversas actividades deportivas ao longo do termo municipal a través das Escolas Deportivas Municipais.

A maior parte destas actividades desenvólvense en instalacións deportivas de titularidade municipal, mais o aumento da demanda fai preciso aumentar os espazos deportivos, contribuíndo deste modo á promoción do deporte e a ocupación do lecer e do tempo libre, co beneficio directo da poboación desta cidade e de incentivo do deporte base e de competición.

O pavillón polideportivo do instituto “Rosalía Mera” utilízase durante o horario lectivo, polo que está dispoñible durante unha parte do día.

Tendo en conta o anterior, ambas as dúas institucións consideran de interese colaborar na utilización dos espazos polo que acordan asinar un convenio de colaboración coas seguintes

CLAÚSULAS

PRIMEIRA.- Obxecto

O presente convenio ten por obxecto regular a relación de colaboración entre a Deputación Provincial da Coruña e o Concello da Coruña, por medio da cal a Deputación autoriza á utilización ao Concello do uso parcial do pavillón deportivo do I.E.S. Rosalía Mera para o desenvolvemento de actividades deportivas.

SEGUNDA.- Descrición das instalacións.

O Centro “Rosalía Mera” (antes Calvo Sotelo) conta entre as súas instalacións cun pavillón polideportivo cuberto que dispón de acceso independente dende a Avenida de Labañou.

A instalación ten unha pista de 959,48 m² cun pavimento elástico/combinado. As



características técnicas deste pavimento non permiten a realización sobre o mesmo de deportes a patíns, tipo hockey ou similares, ou daquelas actividades que supoñan sobrecargas excesivas, como por exemplo o levantamento de pesas.

A pista deportiva ten sinalización, con dimensións regulamentarias para a práctica de balonvolea, baloncesto, balonmán e fútbol sala. Dispón de porterías, canastras e marcador electrónico.

Dispón de 3 zonas de bancadas, situadas en ambos fondos en un dos laterais da pista, e conta tamén con 4 vestiarios, dous recentemente modificados, e aseos para público.

TERCEIRA.- Desenvolvemento das actividades.

Corresponderalle ao Concello da Coruña, con medios persoais propios ou contratados, a programación das actividades deportivas a desenvolver no pavillón obxecto do convenio.

O Concello terá que enviar unha proposta das actividades que ten previsto desenvolver no pavillón antes de ser usados polo Concello ou entidades seleccionadas polo mesmo, e terá que enviar ao Servizo de Acción Social, Cultural e Deportes da Deputación Provincial unha programación mensual das actividades a desenvolver.

Os horarios de uso das instalacións será o seguinte:

* Pavillón do I.E.S. "Rosalía Mera": de 19:00 a 00:00 horas, de luns a venres, salvo restriccións horarias que se determinen.

Na fin de semana sen limitación de horario, sempre que a actividade non resulte incompatible coas actividades do centro de ensino.

As entradas e saídas ao pavillón realizarase directamente desde a rúa ás instalacións deportivas, sen acceder a ningunha outra estancia do centro.

Non se poderá utilizar o material deportivo existente no pavillón, agás o imprescindible como son as canastras, porterías ou cortinas separadoras de pistas.

Os clubs ou entidades usuarias do pavillón non poderán deixar material deportivo no pavillón cando non o utilicen pois non se dispón dun espazo delimitado para dito fin ou vixiado para gardalo.

CUARTA.- Uso por parte da Deputación Provincial.

A Deputación poderá facer uso das instalación para as activades propias, coordinándose co concello, a cuxos efectos comunicarao cun preaviso de 15 días, salvo situación de urxencia ou forza maior .

QUINTA.- Obrigas das partes.

1.- Obrigas do Concello:

1.1.- Efectuar un uso responsable das instalacións, coidando destas e adoptando as medidas necesarias para que non se produzan danos nas mesmas e respondendo dos danos e perxuízos que ocasione a terceiros.



O Concello designará unha persoa responsable da apertura e do peche das portas de acceso ao recinto deportivo, de acender e apagar as luces da instalación e de vixiar a dita instalación, así como de controlar a manipulación dos elementos de uso imprescindible e que non se use e deteriore o material que o centro ten no espazo común.

1.2.- O Concello asumirá os gastos derivados de danos ocasionados con motivo da utilización polas actividades municipais e polas entidades, na instalación deportiva e nas instalacións anexas dentro do recinto do centro.

1.3.- O Concello ao remate das actividades realizará unha limpeza a fondo da pista e espazos utilizados polas persoas usuarias, e no seu caso dos vestiarios.

1.4.- O Concello da Coruña ten a obriga de dispoñer dun seguro de responsabilidade civil e garantir que todos os usuarios teñan seguro de accidentes.

1.5.- O Concello garantizará que as entradas e saídas ao pavillón se realizará directamente dende a rúa ás instalacións deportivas, sen acceder a ningunha outra estancia do centro.

1.6.- O Concello xestionará o pavillón nas mesmas condicións que teña establecidas o concello para as súas instalacións deportivas, comprometéndose o concello da Coruña a non recibir compensación económica alguna polas entidades deportivas que fagan uso do citado pavillón.

2.- Obrigas de Deputación:

2.1.- Facerse cargo do mantemento das instalacións para un bo uso da mesma. Exceptúanse os danos ocasionados nas instalacións polo uso irresponsable ou inadecuado delas durante o seu uso para as actividades deportivas municipais, en cuxo caso responderá o concello.

2.2.- A Deputación aboará os gastos derivados do pago de impostos e do seguro das instalacións (continente e contido).

SEXTA.- Supervisión e inspección das instalacións por parte da Deputación.

A Deputación, a través do Servizo de Arquitectura e Mantemento ou do Servizo de Patrimonio e Contratación, poderá realizar actuacións de supervisión do estado das instalacións en calquera momento, poñendo en coñecemento da persoa que designe o Concello como responsable da instalación con tres días de antelación e velando para non interferir no correcto desenvolvemento das actividades programadas.

SÉTIMA.- Duración e vixencia.

O presente convenio extenderá a súa vixencia por dous (2) anos a partir da súa sinatura, e poderá ser prorrogado anualmente por máximo de dous (2) anos máis mediante acordo do pleno da Deputación Provincial e previa solicitude do Concello da Coruña.

Non obstante a Deputación poderá deixar sen efectos o presente convenio, cun preaviso de 3 meses.

OITAVA.- Causas de resolución.

Ademais da extinción polo transcurso do prazo de vixencia, serán causas de resolución



do presente convenio o acordo unánime das partes asinantes e o incumprimento das obrigas e compromisos asumidos por cada unha das partes.

No caso de incumprimento, calquera das partes poderá notificar á parte incumpridora un requirimento, outorgándolle un prazo de quince días hábiles para que proceda a cumprir as obrigas e compromisos asumidos que se consideren incumplidos. Se no transcurso do prazo indicado persistira o incumprimento indicado, entenderase resolto o convenio, debendo indemnizarse pola parte incumpridora os danos e prexuízos causados.

NOVENA.- Natureza xurídica.

O presente convenio ten carácter administrativo, resultándolle de aplicación as disposicións contidas no Capítulo VI do Título preliminar da Lei 40/2015, de 1 de outubro, do réxime xurídico do Sector público.

Corresponderalle aos órganos da Xurisdicción contencioso-administrativa resolver as controversias que poidan xurdir na aplicación, interpretación e efectos do presente convenio de cooperación.

Faise constar que o presente convenio foi aprobado polo Pleno da Corporación en sesión celebrada o de de 2023.

**O PRESIDENTE DA DEPUTACION
PROVINCIAL DA CORUÑA**

**A ALCALDESA PRESIDENTA DO CONCELLO
DA CORUÑA**

Asdo.: Valentín González Formoso

Asdo.: Inés Rey García

**A Secretaria Xeral
da Deputación Provincial da Coruña**

Asdo.: Amparo Taboada Gil"

15.- Aprobación do convenio de colaboración entre a Deputación da Coruña e o Concello da Coruña polo que se instrumenta unha subvención nominativa para a autorización de utilización do polideportivo do I.E.S.Puga Ramón para o desenvolvemento de actividades deportivas municipais.

VOTACIÓN

Votan a favor: 31 deputados/as (14 do PP, 10 do PSOE, 6 do BNG e 1 de Alternativa dos Veciños).

Votan en contra: ningún/ha deputado/a

Abstéñense: ningún/ha deputado/a

ACORDO

O Pleno, por unanimidade, acorda:

"1º.- Aprobar o texto do convenio de colaboración entre a Deputación da Coruña e o



Concello da Coruña para a autorización de utilización do polideportivo do I.E.S.Puga Ramón para o desenvolvemento de actividades deportivas municipais, onde se concretan as obrigas das partes, e sen que implique coste económico para a Deputación Provincial da Coruña.

ANEXO

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN DA CORUÑA E O CONCELLO DA CORUÑA PARA A AUTORIZACIÓN DE UTILIZACIÓN DO POLIDEPORTIVO DO I.E.S RAFAEL PUGA RAMÓN PARA O DESENVOLVEMENTO DE ACTIVIDADES DEPORTIVAS MUNICIPAIS.

A Coruña, de de 2023

REUNIDOS

Dunha parte, Don Valentín González Formoso, en calidade de presidente da Deputación Provincial da Coruña, en representación da mesma e de conformidade coas atribucións que lle confire a Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local; e a Lei 5/1997, do 22 de xullo, da Administración local de Galicia.

Doutra parte, Dona Inés Rey García, alcaldesa-presidenta do Concello da Coruña, actuando en virtude das súas facultades, segundo o establecido na Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local; e na Lei 5/1997, do 22 de xullo, da Administración local de Galicia.

Os comparecentes interveñen en uso das facultades que, por razón dos seus cargos, teñen atribuídas e

EXPOÑEN

A Deputación da Coruña é titular do instituto “Rafael Puga Ramón” na cidade da Coruña, que conta entre as súas instalacións cun pavillón polideportivo.

O Concello da Coruña, ao abeiro do previsto nos artigos 25.2.1) da lei 7/85, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, e art.8 da Lei 3/2012, de 2 de abril, o deporte de Galicia, desenvolve diversas actividades deportivas ao longo do termo municipal a través das Escolas Deportivas Municipais.

A maior parte destas actividades desenvólvense en instalacións deportivas de titularidade municipal, mais o aumento da demanda fai preciso aumentar os espazos deportivos, contribuíndo deste modo á promoción do deporte e a ocupación do lecer e do tempo libre, co beneficio directo da poboación desta cidade e de incentivo do deporte base e de competición.

O pavillón polideportivo do instituto “Rafael Puga Ramón” utilízase durante o horario lectivo, polo que está dispoñible durante unha parte do día.

Tendo en conta o anterior, ambas as dúas institucións consideran de interese colaborar na utilización dos espazos polo que acordan asinar un convenio de colaboración coas seguintes

CLAÚSULAS

PRIMEIRA.- Obxecto



O presente convenio ten por obxecto regular a relación de colaboración entre a Deputación Provincial da Coruña e o Concello da Coruña, por medio da cal a Deputación autoriza á utilización ao Concello do uso parcial do pavillón deportivo do I.E.S. Rafael Puga Ramón para o desenvolvemento de actividades deportivas.

SEGUNDA.- Descrición das instalacións.

O IES “Rafael Puga Ramón” conta entre as súas instalacións cun pavillón polideportivo cuberto que dispón de acceso independente dende a Avenida Enrique Salgado Torres.

A instalación ten unha pista de 997,47m² realizada co propio pavimento de soleira de formigón. Dispón de sinalización, con dimensións regulamentarias para a práctica de balonvolea, baloncesto, balonmán, fútbol sala e tenis.

Dispón de porterías, canastras, marcador deportivo e cortina separadora de espazos. Para a práctica das actividades docentes realizadas dispón nas inmediacións da pista de numeroso equipamento como tatamis, bicicletas, colchonetas,...

Dispón de 2 zonas con dous banzos, situadas nun lateral da pista, e conta tamén con 2 vestiarios para equipos, un para árbitro/monitor, aseos e cuarto de instalación.

TERCEIRA.- Desenvolvemento das actividades.

Corresponderalle ao Concello da Coruña, con medios persoais propios ou contratados, a programación das actividades deportivas a desenvolver no pavillón obxecto do convenio.

O Concello terá que enviar unha proposta das actividades que ten previsto desenvolver no pavillón antes de ser usados polo Concello ou entidades seleccionadas polo mesmo, e terá que enviar ao Servizo de Acción Social, Cultural e Deportes da Deputación Provincial unha programación mensual das actividades a desenvolver.

Os horarios de uso das instalacións será o seguinte:

* Pavillón do I.E.S. “Rafael Puga Ramón”: de 18:30 a 00:00 horas, de luns a venres, salvo restriccións horarias que se determinen pola situación sanitaria, en que haberá que respetar as mesmas.

Na fin de semana sen limitación de horario, sempre que a actividade non resulte incompatible coas actividades do centro de ensino.

As entradas e saídas ao pavillón realizarase directamente desde a rúa ás instalacións deportivas, sen acceder a ningunha outra estancia do centro.

Non se poderá utilizar o material deportivo existente no pavillón, agás o imprescindible como son as canastras, porterías ou cortinas separadoras de pistas.

Os clubs ou entidades usuarias do pavillón non poderán deixar material deportivo no pavillón cando non o utilicen pois non se dispón dun espazo delimitado para dito fin ou vixiado para gardalo.

CUARTA.- Uso por parte da Deputación Provincial.

A Deputación poderá facer uso das instalacións para as actividades propias, coordinándose co concello, a cuxos efectos comunicarao cun preaviso de 15 días, salvo situación de urxencia ou forza maior .



QUINTA.- Obrigas das partes.

1.- Obrigas do Concello:

1.1.- Efectuar un uso responsable das instalacións, coidando destas e adoptando as medidas necesarias para que non se produzan danos nas mesmas e respondendo dos danos e perxuizos que ocasione a terceiros.

O Concello designará unha persoa responsable da apertura e do peche das portas de acceso ao recinto deportivo, de acender e apagar as luces da instalación e de vixiar a dita instalación, así como de controlar a manipulación dos elementos de uso imprescindible e que non se use e deteriore o material que o centro ten no espazo común.

1.2.- O Concello asumirá os gastos derivados de danos ocasionados con motivo da utilización polas actividades municipais e polas entidades, na instalación deportiva e nas instalacións anexas dentro do recinto do centro.

1.3.- O Concello ao remate das actividades realizará unha limpeza a fondo da pista e espazos utilizados polas persoas usuarias, e no seu caso dos vestiarios.

1.4.- O Concello da Coruña ten a obriga de dispoñer dun seguro de responsabilidade civil e garantir que todos os usuarios teñan seguro de accidentes.

1.5.- O Concello garantizará que as entradas e saídas ao pavillón se realizará directamente dende a rúa ás instalacións deportivas, sen acceder a ningunha outra estancia do centro.

1.6.- O Concello xestionará o pavillón nas mesmas condicións que teña establecidas o concello para as súas instalacións deportivas, comprometéndose o concello da Coruña a non recibir compensación económica alguna polas entidades deportivas que fagan uso do citado pavillón.

2.- Obrigas de Deputación:

2.1.- Facerse cargo do mantemento das instalacións para un bo uso da mesma. Exceptúanse os danos ocasionados nas instalacións polo uso irresponsable ou inadecuado delas durante o seu uso para as actividades deportivas municipais, en cuxo caso responderá o concello.

2.2.- A Deputación aboará os gastos derivados do pago de impostos e do seguro das instalacións (continente e contido).

SEXTA.- Supervisión e inspección das instalacións por parte da Deputación.

A Deputación, a través do Servizo de Arquitectura e Mantemento ou do Servizo de Patrimonio e Contratación, poderá realizar actuacións de supervisión do estado das instalacións en calquera momento, poñendo en coñecemento da persoa que designe o Concello como responsable da instalación con tres días de antelación e velando para non interferir no correcto desenvolvemento das actividades programadas.

SÉTIMA.- Duración e vixencia.

O presente convenio extenderá a súa vixencia por dous (2) anos a partir da súa sinatura, e poderá ser prorrogado anualmente por máximo de dous (2) anos máis mediante acordo



do pleno da Deputación Provincial e previa solicitude do Concello da Coruña.

Non obstante a Deputación poderá deixar sen efectos o presente convenio, cun preaviso de 3 meses.

OITAVA.- Causas de resolución.

Ademais da extinción polo transcurso do prazo de vixencia, serán causas de resolución do presente convenio o acordo unánime das partes asinantes e o incumprimento das obrigas e compromisos asumidos por cada unha das partes.

No caso de incumprimento, calquera das partes poderá notificar á parte incumpridora un requirimento, outorgándolle un prazo de quince días hábiles para que proceda a cumprir as obrigas e compromisos asumidos que se consideren incumpridos. Se no transcurso do prazo indicado persistira o incumprimento indicado, entenderase resolto o convenio, debendo indemnizarse pola parte incumpridora os danos e prexuízos causados.

NOVENA.- Natureza xurídica.

O presente convenio ten carácter administrativo, resultándolle de aplicación as disposicións contidas no Capítulo VI do Título preliminar da Lei 40/2015, de 1 de outubro, do réxime xurídico do Sector público.

Corresponderalle aos órganos da Xurisdicción contencioso-administrativa resolver as controversias que poidan xurdir na aplicación, interpretación e efectos do presente convenio de cooperación.

Faise constar que o presente convenio foi aprobado polo Pleno da Corporación en sesión celebrada o de de 2024.

**O PRESIDENTE DA DEPUTACION
PROVINCIAL DA CORUÑA**

**A ALCALDESA PRESIDENTA DO CONCELLO
DA CORUÑA**

Asdo.: Valentín González Formoso

Asdo.: Inés Rey García

**A Secretaria Xeral
da Deputación Provincial da Coruña**

Asdo.: Amparo Taboada Gil"

16.- Aprobación da prórroga do prazo de vixencia do Convenio suscrito co concello de Mañón polo que se instrumenta unha subvención nominativa para o cofinanciamento da adquisición dun camión de caixa basculante con grúa

VOTACIÓN

Votan a favor: 31 deputados/as (14 do PP, 10 do PSOE, 6 do BNG e 1 de Alternativa dos Veciños).

Votan en contra: ningún/ha deputado/a

Abstéñense: ningún/ha deputado/a



ACORDO

O Pleno, por unanimidade, acorda:

"Aprobar a prórroga do prazo de vixencia do Convenio subscrito co concello de Mañón polo que se instrumenta unha subvención nominativa para o cofinanciamento da adquisición dun camión de caixa basculante con grúa, ata o 31 de outubro de 2024 condicionada á existencia de crédito adecuado e suficiente e ao cumprimento dos obxectivos da Lei de Estabilidade Orzamentaria."

17.- Aprobación do proxecto modificado da obra denominada "Pavimentación vial núcleo de Pastoriza Vella (Lema) e outros" do Concello de Arzúa, incluída no Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) POS+ 2019 co código 2019.2000.0111.0

VOTACIÓN

Votan a favor: 31 deputados/as (14 do PP, 10 do PSOE, 6 do BNG e 1 de Alternativa dos Veciños).

Votan en contra: ningún/ha deputado/a

Abstéñense: ningún/ha deputado/a

ACORDO

O Pleno, por unanimidade, acorda:

"Logo de ver as Bases reguladoras do Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) POS+2019, aprobadas polo Pleno desta Deputación o día 28 de setembro de 2018 e publicadas no Boletín Oficial da Provincia (BOP) número 188 do 2 de outubro de 2018

Logo de ver o acordo do Pleno da Deputación de data 26 de abril de 2019, en relación coa Resolución da Presidencia número 19076 do 31 de maio de 2019, polo que se aprobou o Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) POS+ 2019, no que se inclúe o investimento do Concello de Arzúa, "Pavimentación vial núcleo de Pastoriza Vella (Lema) e outros", co código 2019.2000.0111.0

Logo de presentar o Concello de Arzúa un proxecto modificado desta obra co mesmo orzamento de contrata, que xa está adxudicada e parcialmente certificada a súa execución, xunto cos informes técnicos e xurídicos favorables xustificativos da modificación, así como a acreditación da súa aprobación polo órgano municipal competente, e tendo en conta a conformidade do contratista adxudicatario ás modificacións introducidas e o informe favorable do Servizo de Asistencia Técnica a Municipios desta deputación

De acordo coa normativa vixente, o Pleno da Deputación Provincial da Coruña ACORDA

1.- Aprobar o proxecto modificado da obra do Concello de Arzúa denominada "Pavimentación vial núcleo de Pastoriza Vella (Lema) e outros", incluído no Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) POS+ 2019, co código 2019.2000.0111.0, que foi aprobada polo Pleno desta Deputación na sesión realizada o 26 de abril de 2019, en relación coa Resolución da



Presidencia número 19076 do 31 de maio de 2019, que debido a circunstancias sobrevenidas polo tempo transcorrido dende a redacción do proxecto ata a execución das obras, supoñen un cambio de trazado no mesmo, suprimindo un treito da actuación número 2 “Camiño Troncada a Nova” e ampliando a actuación número 3 “Acceso Bascuas- Fonte Alvite (Rendal)” que presenta unha maior degradación e problemas de seguridade viaria, sendo o cadro relativo ao seu financiamento o seguinte:

Concello de Arzúa Código: 2019.2000.0111.0.0 “Pavimentación vial núcleo de Pastoriza Vella (Lema) e outros”	PROXECTO INICIAL		PROXECTO MODIFICADO
	Contrata	Adxudicación	
Deputación	68.679,29	58.322,00	68.679,29
Concello	0,00	0,00	0,00
Total	68.679,29	58.322,00	68.679,29

2.- A achega provincial a esta obra financiarase con cargo ao crédito consignado na partida 0430/4592/76201 do vixente orzamento provincial.

3.- Notificar este acordo ao Concello de Arzúa para os efectos oportunos."

18.- Aprobación do segundo proxecto modificado da obra denominada "Mellora da capa de rodaxe pista Igrexa - Seixán e alta de Seixán", do Concello de Tordoia, incluído no Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) POS+ 2021 co código 2021.2000.0288.0

VOTACIÓN

Votan a favor: 31 deputados/as (14 do PP, 10 do PSOE, 6 do BNG e 1 de Alternativa dos Veciños).

Votan en contra: ningún/ha deputado/a

Abstéñense: ningún/ha deputado/a

ACORDO

O Pleno, por unanimidade, acorda:

"Logo de ver as Bases reguladoras do POS+ 2021 aprobadas mediante acordo plenario provincial do 27 de novembro de 2020 e publicadas no Boletín Oficial da Provincia (BOP) nº 205 do 1 de decembro de 2020, cuxas Bases 7 e 9 foron modificadas por acordo plenario provincial do 30 de decembro de 2020 e publicadas no BOP nº 225 do 31 de decembro de 2020

Logo de ver o acordo do Pleno desta Deputación, adoptado na sesión ordinaria realizada o 30 de xuño de 2021, que aprobou o Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) POS+ 2021 e o seu Plan complementario

Logo de ver que na relación dos investimentos que se inclúen no POS+ 2021 figura, entre



outras, a obra do Concello de Tordoia denominada “Mellora da capa de rodaxe pista Igrexa - Seixán e alta de Seixán”, co código 2021.2000.0288.0, aprobada de forma condicionada á achega da autorización da Dirección Xeral de Patrimonio Cultural

Logo de presentar o Concello de Tordoia a Autorización da Dirección Xeral de Patrimonio Cultural e un primeiro proxecto modificado desta obra para adaptalo ás condicións contidas na dita autorización, cun orzamento de contrata de 74.897,35 €, o que supón un incremento de 18.032,34 € con respecto ao orzamento de contrata do proxecto técnico inicial, que asume integramente o concello de Tordoia e que foi aprobado mediante acordo plenario desta Deputación do día 26 de novembro de 2021

Visto que o concello aprobou un segundo proxecto modificado desta obra, que xa está adjudicada, co mesmo orzamento de contrata que o proxecto aprobado en novembro de 2021, para facer fronte a circunstancias sobrevenidas derivadas do paso do tempo dende a redacción do anterior proxecto ata o comezo das obras, que conta cos informes técnico e xurídicos favorables, así como coa conformidade do contratista adjudicatario da obra e que foi sometido á supervisión do Servizo de Asistencia Técnica a Municipios desta Deputación, que emitiu informe favorable o día 4 de setembro de 2023

De acordo coa normativa vixente, o Pleno da Deputación Provincial da Coruña ACORDA

1.- Aprobar o segundo proxecto modificado da obra do Concello de Tordoia denominada “Mellora da capa de rodaxe pista Igrexa - Seixán e alta de Seixán”, incluída no Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) POS+ 2021, co código 2021.2000.0288.0, cun orzamento de contrata de 74.897,35 €, que recolle as modificacións necesarias para facer fronte a circunstancias sobrevenidas debido ao paso do tempo dende a redacción do proxecto anteriormente aprobado, que supoñen arranxar unhas determinadas zonas en detrimento de outras, aumentando a superficie de pavimentación inicial, e que se financia como se indica na seguinte táboa:

Axentes financeiros	Orzamento de contrata proxecto inicial	Orzamento de contrata primeiro proxecto modificado	Orzamento de contrata segundo proxecto modificado
Deputación	56.865,01	56.865,01	56.865,01
Concello	0,00	18.032,34	18.032,34
Total	56.865,01	74.897,35	74.897,35

2.- Na partida 0430/4592/76201 do vixente orzamento provincial existe crédito adecuado e suficiente para o financiamento da achega provincial a esta obra.

3.- Notificar este acordo ao Concello de Tordoia para os efectos oportunos."

19.- Dación de conta da liquidación provisional da recadación do 1º trimestre de 2023 dos conceptos entregables ás entidades públicas usuarias dos servizos tributarios.

Dáse conta da liquidación provisional da recadación do 1º trimestre de 2023 dos conceptos entregables ás entidades públicas usuarias dos servizos tributarios.

20.- Dación de conta do informe sobre o estado da tramitación das facturas da Deputación Provincial e da remisión ao Ministerio de Facenda e Función Pública dos informes de Morosidade da Entidade e dos seus entes dependentes (Consortio



Provincial Contraincendios e Salvamento da Coruña e Fundación Axencia Enerxética) correspondente ao segundo trimestre de 2023.

PRIMEIRO: Dáse conta do informe sobre o estado da tramitación das facturas da Deputación Provincial e da remisión ao Ministerio de Facenda e Función Pública dos informes de Morosidade da Entidade e dos seus entes dependentes (Consortio Provincial Contraincendios e Salvamento da Coruña e Fundación Axencia Enerxética da Coruña) correspondentes ao segundo trimestre de 2023, en cumprimento do establecido na Lei 15/2010, do 5 de xullo, de modificación da Lei 3/2004, do 29 de decembro, pola que se establecen medidas de loita contra a morosidade nas operacións comerciais.

SEGUNDO: Dispor que se proceda a publicación na páxina web da Deputación da documentación referida no apartado anterior, para xeral coñecemento.

TERCEIRO: Dispor o envío da devandita documentación aos órganos competentes da Comunidade Autónoma.

21.- Dación de conta da liquidación provisional da recadación do 1º trimestre de 2023 dos conceptos non entregables ás entidades públicas usuarias dos servizos tributarios.

Dáse conta da liquidación provisional da recadación do 1º trimestre de 2023 dos conceptos non entregables ás entidades públicas usuarias dos servizos tributarios.

22.- Dación de conta da liquidación provisional da recadación voluntaria do 1º semestre de 2023 ás entidades públicas usuarias dos servizos tributarios.

Dáse conta da liquidación provisional da recadación voluntaria do 1º semestre de 2023 ás entidades públicas usuarias dos servizos tributarios.

23.- Dación de conta da resolución de presidencia número 33384/2023, relativa a persoal eventual

Dáse conta da resolución de presidencia número 33384/2023 pola que se nomea persoal eventual da Deputación Provincial da Coruña.

24.- Aprobación do Convenio interadministrativo de cooperación entre a Deputación Provincial da Coruña e o Concello de Camariñas polo que se instrumenta unha subvención nominativa para o cofinanciamento do proxecto "XXXII Mostra do Encaixe de Camariñas 2023"

INTERVENCIÓNS

Sr. Ben Otero

Gracias de nuevo, presidente.

Nosotros vamos a votar a favor de este punto, igual que el de la Festa do Pan, igual que el de Alfaroleiros, pero advertimos de que este año será la última vez que votemos a favor de estas nominativas, porque entendemos que son reiteradas en el tiempo, todos los años vienen las mismas nominativas y de unas cuantías similares. Y a día de hoy, que están ustedes, supongo que estarán elaborando el presupuesto, que en un par de meses traerán a aprobación a este salón de plenos,



a nosotros nos gustaría que se habilitara una partida en la que se recojan las ayudas a estos tres eventos, que son de interés y estamos completamente de acuerdo en que se les haga esta aportación económica, pero también que haya una línea de ayudas para que otras fiestas de interés acreditado a lo largo da provincia de A Coruña se puedan acoger a ellas. Repito, estamos a favor de estos puntos, los vamos a votar, pero esto tiene que estar recogido en el presupuesto porque, año tras año, por lo menos desde que yo estoy aquí y me consta que con anterioridad también, vienen en forma de subvenciones nominativas algo que tiene que estar recogido en el presupuesto porque, de forma reiterada, se están dando estas ayudas, lo cual no tiene mucho interés. Y también nos gustaría que, a parte de éstas, se abriera la posibilidad de que otras fiestas que tengan acreditado el interés turístico o el interés especial que puedan acogerse a este tipo de ayudas.

Nada más y gracias.

Sr. Presidente

En calquera caso, xa hai unha liña de axudas habilitada precisamente para festas deste tipo. Hai algunhas que son tradición nesta casa desde hai anos e que nunca foron discutidas e, polo tanto, por razóns máis que xustificadas, veñen excepciónadas. E por iso sempre se votan por unanimidade, porque hai esa xustificación da excepcionalidade e porque ningún concello que teña desexo de apoio económico para un evento destas características pois poida obtelo.

Pasamos á votación.

VOTACIÓN

Votan a favor: 31 deputados/as (14 do PP, 10 do PSOE, 6 do BNG e 1 de Alternativa dos Veciños).

Votan en contra: ningún/ha deputado/a

Abstéñense: ningún/ha deputado/a

ACORDO

O Pleno, por unanimidade, acorda:

"1.-Exceptuar para o presente convenio o cumprimento dos principios de concurrencia, publicidade, igualdade e non discriminación, dada a existencia de causas excepcionais que xustifican a concesión da subvención nominativa, por entender que se dan razóns suficientes de interese público no outorgamento da subvención. Estos principios se encontran recollidos nos artigos 22.2 da lei xeral de subvencións e 65 a 67 do seu regulamento.

2º.-Aprecianse no presente expediente razóns de interese público, que dificultan a convocatoria de concurrencia competitiva:

- A actividade subvencionada ao Concello da Camariñas "XXXII Mostra do Encaixe de Camariñas", está dentro dun proxecto que o Concello de Camariña está levando acabo dende o ano 1991 e que ten unha singularidade única dende o punto de vista da promoción económica, e ante a dificultade por causa das limitación tanto de distribución e comercialización como da produción e dinamización do colectivo de palilleras para promover o cooperativismo e da trascendencia para esta industria do encaixe para a economía local. O Concello



de Camariñas diseña un Programa de Desenvolvemento do Encaixe, para que a vila de Camariñas, potencie esta actividade como medio de desenvolvemento económico, social e xerador de emprego e riqueza non só a nivel local, senón tamén provincial.

- A Mostra do Encaixe Deputación da Coruña é un dos pilares fundamentais de desenvolvemento económico da comarca e da provincia. A Mostra é un evento excepcional e singular a nivel nacional como de Europa.
- Hai que destacar que os oficios artesáns resumen todos os valores que se esperan dun obxecto: bos materiais, un proceso de elaboración manual con ferramentas básicas o cal da como resultado un obxecto auténtico. Por iso, supoñen unha importante atracción do turismo e/ou unha alternativa para aquelas persoas que perseguen reencontrarse coa autenticidade da cultura tradicional.
- Por outra banda segundo a memoria presentada pola concello a natureza do evento consiste en executar un programa global, que a través de múltiples e singulares accións, xa descritas anteriormente e que se xuntan ao expediente, contribuirán a manter a posición de Camariñas como destino tanto comercial como turístico de primeira orde.
- Hai que destacar tamén a importancia dos desfiles de grandes deseñadores que congregan cada ano a miles de persoas durante A Mostra do Encaixe.
- Cabe destacar que este ano que vaise celebrar por terceira vez unha Pasarela de diferentes artesanos co denominador común da aplicación do Encaixe de Camariñas. Artesáns como cesteiras, coiro, palla, corais, tocados etc, para fusionar as diferentes artesanías co encaixe.
- É preciso indicar que o proxecto pola envergadura e importes que conleva, excede dos parámetros das subvencións que veñen a concederse nas convocatorias de réxime de concorrencia competitiva do Servizo.

3º Aprobar o texto do convenio de colaboración a subscribir entre a Deputación Provincial da Coruña e o Concello de Camariñas con CIF P1501600I para financiar as actividades “XXXII Mostra do Encaixe de Camariñas” cunha achega provincial de 120.000,00 con cargo á aplicación presupostaria 0510/3341/46201, que representa un coeficiente de financiación do 70,7303 % con respecto a un orzamento de 169.658,35 €.

4º Facultar ao sr. Presidente da Corporación para a sinatura do convenio.”

Todo isto previo o preceptivo informe de Contratación, Secretaría Xeral e da Intervención Provincial

O texto íntegro do convenio é o seguinte:

Convenio interadministrativo de cooperación entre a Excma. Deputación Provincial da Coruña e o Concello de Camariñas polo que se instrumenta unha subvención nominativa para o cofinanciamento do proxecto de “XXXII Mostra de Encaixe de Camariñas 2023”.

En A Coruña a

REUNIDOS

Dunha parte,

en representación da Excma. Deputación



Provincial da Coruña,

E doutra parte,
CAMARIÑAS

en representación do CONCELLO DE

Os comparecentes interveñen en uso das facultades que, por razón dos seus cargos, estalles atribuídas.

1. Que a Excm. Deputación provincial da Coruña e o CONCELLO DE CAMARIÑAS consideran de gran interese para a provincia potenciar que o sector do encaixe se converta nunha actividade rendible de futuro para isto o Concello de Camariñas deseñou un programa de desenvolvemento do encaixe no dito programas contéplouse as seguinte áreas de intervención: formación, investigación, produción, distribución e comercialización, todo este proceso repercute favorablemente como medio de desenvolvemento económico, social e xerador de emprego e riqueza non só a nivel local, senón tamén provincial.
2. Que dado o interese coincidente da Deputación da Coruña e do CONCELLO DE CAMARIÑAS, as dúas partes acordan subscribir un convenio conforme ás seguintes

CLÁUSULAS

I.- OBXECTO

O presente convenio interadministrativo de cooperación ten por obxecto a fixación das bases de outorgamento dunha subvención nominativa por esta Deputación a prol do **CONCELLO DE CAMARIÑAS**, CIF P1501600I, fixando as condicións que se impoñen por esta administración concedente e os compromisos asumido polo concello para o financiamento do proxecto "XXXII Mostra de Encaixe de Camariñas 2023" que terá lugar do 5 ao 9 de abril de 2023.

II.- ORZAMENTO DE GASTOS DA ACTIVIDADE A REALIZAR

O CONCELLO DE CAMARIÑAS levará a cabo as actividades programadas, segundo se definen na cláusula anterior, consonte ao seguinte orzamento:

ACTIVIDADES	IMPORTE
Capítulo I: Gastos de persoal	
Soldos e Salarios	10.996,00
Seguridade Social a cargo da entidade	4.147,35
Capitulo II: Gastos correntes	
Publicidade e propaganda:	
- Publicidade en diferentes medios e servizo de comunicación	33.000,00
- Creación de spot promocional	9.000,00
- Reportaxes fotográficos e vídeo	4.300,00
Compras de bens destinados á actividade	
- Suministro encaixe deseñadores e artesáns desfiles pasarela	10.000,00
- Suministros camisetas e bolsas, lanyards persoal voluntario	3.400,00
- Suministro de moqueta ferial cinta adhesiva	9.000,00
Servizos de profesionais independentes	
Asesoramiento e asistencia como xurado para o Concurso de Noveis Diseñadores	1.700,00



Estudo e xestión dos desfiles de pasarela	5.800,00
Servizo de megafonía interior e exterior, iluminación, pantallas, cámaras e operadores da pasarela	15.000,00
Servizos apoio organización	6.060,00
Restauración en diferentes facturas: manutención de palilleiras de delegación de países invitados, deseñadores das firmas e artencaxe, persoal voluntario: azafatas/os e protección civil durante 5 días	10.000,00
Servizos de actuacións artísticas	3.500,00
Servizo de limpeza montaxe, feira e desmontaxe	5.000,00
Servizo de locución de desfiles e actos	2.000,00
Servizo de modelos e coreografía	14.855,00
Servizo de vixianza	7.000,00
Servizo de electricidade e iluminación dos stands e feira xeral	9.800,00
Talleres lúdicos e parque infantil	2.100,00
Imprenta: rotulación en vinilos, nomes stands,...	2.000,00
Servizo de decoración ferial	1.000,00
TOTAL	169.658,35

III.- FINANCIAMENTO PROVINCIAL E OUTROS INGRESOS QUE SE OBTENAN OU APORTEN PARA A MESMA FINALIDADE

1. A Deputación da Coruña contribuirá ao financiamento da actividade, tal como se define na cláusula primeira, cunha achega máxima de 120.000,00 €, o que representa unha porcentaxe de 70,7303%. No caso de que o gasto xustificado non acadase o importe total previsto na cláusula segunda, a Deputación só achegará o importe que represente o 70,7303% da cantidade efectivamente xustificada. A contía restante, ata acadar o importe total do orzamento da actividade, está financiado con cargo a recursos (proprios ou alleos) acreditando a entidade beneficiaria que ten consignado o crédito adecuado e suficiente para imputar a totalidade do gasto imputable á entidade.
2. Agora ben, se a cantidade xustificada resulta inferior ao 75 por cento do orzamento previsto na cláusula segunda, entenderase que a finalidade básica da subvención non foi cumprida e perderase o dereito ao seu cobro.
3. O importe do financiamento provincial farase efectivo con cargo á aplicación orzamentaria 0510/3341/462.01, na que a Intervención provincial ten certificado que existe crédito dabondo sobre a que se ten contabilizado a correspondente retención de crédito.
4. A subvención da Deputación é compatible coa percepción doutras subvencións ou axudas, públicas ou privadas, que o CONCELLO DE CAMARIÑAS obteña para a mesma finalidade, sempre que o seu importe, xuntamente co da subvención provincial, non supere en ningún caso o importe total do gasto efectivamente xustificado.
5. No caso de que a concorrencia de axudas ou subvencións supere o importe do gasto efectivamente xustificado, minorarase a achega provincial no importe necesario para darlle estrito cumprimento ao apartado anterior.

IV.- CONTRATACIÓN E EXECUCIÓN

1. Corresponderalle ao CONCELLO DE CAMARIÑAS o outorgamento dos contratos de subministro, servizos e asistencia para a completa realización da actividade programada.
2. No procedemento de contratación o CONCELLO DE CAMARIÑAS axustará toda a súa actuación ao disposto na lexislación de contratos do sector público.
3. No caso de que o CONCELLO DE CAMARIÑAS tramite e aprobe algunha modificación do proxecto inicialmente aprobado, así como do contrato adxudicado, deberá remitirle á Deputación un exemplar do proxecto modificado, achegando con el os informes emitidos



e a certificación do correspondente acordo.

V.- PUBLICIDADE DO FINANCIAMENTO PROVINCIAL

1. Na publicidade pola que se dea a coñecer a realización das actividades, ben sexa por medios escritos, radiofónicos, audiovisuais ou internet, deberase facer constar sempre o financiamento da Deputación Provincial da Coruña.
2. Coa memoria e conta xustificativa achegaranse os documentos que acrediten o cumprimento desta obriga do CONCELLO DE CAMARIÑAS.

VI.- A XUSTIFICACIÓN NECESARIA PARA RECIBIR A ACHEGA PROVINCIAL

A achega da Deputación provincial seralle aboada ao CONCELLO DE CAMARIÑAS, unha vez que se presente a seguinte documentación:

- 1.-Memoria de actuación, subscrita polo representante legal do CONCELLO DE CAMARIÑAS, xustificativa do cumprimento das condicións impostas neste convenio, coa indicación das actividades realizadas e dos resultados obtidos.
- 2.- Relación clasificada dos gastos realizados, no que se indiquen os acredores co seu NIF, os documentos xustificativos, os importes e datas de pago. Tamén se indicarán as desviacións con respecto ao orzamento detallado na cláusula SEGUNDA.
- 3.- Acreditación do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social, segundo o previsto na cláusula OITAVA.
- 4- Declaración doutras axudas ou subvencións solicitadas ou concedidas para a mesma finalidade.
- 5.- Proba do cumprimento das obrigas asumidas na cláusula QUINTA, mediante a achega de documentos nos que conste a publicidade do financiamento provincial.
- 6.- Certificación da aprobación das facturas e demais documentos xustificativos polo órgano competente.

CONCELLO DE CAMARIÑAS deberá acreditar previamente que está ao corrente das súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social, de conformidade coa cláusula OITAVA.

VII. TERMO PARA A REALIZACIÓN DA ACTIVIDADE E PRAZO DE XUSTIFICACIÓN

1. As actividades que son obxecto de financiamento provincial, se realizaran entre o **dia 1 de xaneiro ata o 31 de decembro do ano 2023**.
2. Unha vez rematadas as actividades, o CONCELLO DE CAMARIÑAS deberá presentar a xustificación documental á que se refire a cláusula SEXTA no prazo de DUN MES antes do vencemento do período de vixencia do convenio establecido na cláusula DÉCIMO TERCEIRA.
3. De conformidade co disposto no artigo 70.3 do Regulamento da Lei de subvencións (Real decreto 887/2006, do 21 de xullo), transcorrido este derradeiro prazo sen que se teña recibido xustificación ningunha, a Unidade xestora remitiralle un requirimento ao CONCELLO DE CAMARIÑAS para que a presente no prazo improrrogable de QUINCE DÍAS. A falla de xustificación da subvención neste prazo excepcional conlevará a perda da subvención e demais responsabilidades previstas neste convenio e na lexislación



aplicable ao respecto. Aínda así a presentación da xustificación neste prazo adicional non eximirá ao Concello de Camariñas da sanción que de conformidade co disposto na Lei de subvención e na ordenanza provincial de desenvolvemento que resulte aplicable lle poida corresponder

4. O aboamento da subvención materializarase mediante ingreso na conta da entidade financeira indicada polo CONCELLO DE CAMARIÑAS na documentación achegada. E se tiveran transcorrido máis de catro meses desde a axeitada e correcta xustificación dos compromisos adquiridos sen que tivera cobrado o importe que lle corresponda, o CONCELLO DE CAMARIÑAS terá dereito ao abono dos xuros de mora, ao tipo de xuro legal, que se devenguen desde a finalización do prazo de catro meses ata o momento no que se faga efectivo o pagamento.

VIII.- CUMPRIMENTO DAS OBRIGAS TRIBUTARIAS E COA SEGURIDADE SOCIAL E A SÚA ACREDITACIÓN

- 1 O CONCELLO DE CAMARIÑAS deberá estar ao día, con carácter previo á sinatura deste convenio, e logo, con carácter previo ao pago da subvención, no cumprimento das obrigas tributarias coa Administración do Estado, coa comunidade autónoma, coa Deputación Provincial da Coruña, e coa Seguridade Social.
- 2 A acreditación do cumprimento de ditas obrigas poderá realizarse mediante declaración responsábel expedida autorizada polo órgano competente, mediante a presentación dos correspondentes certificados ou ben autorizando á Deputación a que obteña telemáticamente os correspondentes certificados.
- 3 A acreditación do cumprimento das obrigas tributarias coa Deputación Provincial determinaraa esta de oficio.

IX.- DESTINO E MANEXO DOS FONDOS RECIBIDOS

1. O CONCELLO DE CAMARIÑAS destinará os fondos recibidos ao pagamento dos xustificantes de gasto presentados.
2. Co fin de garantir un axeitado control da aplicación dos fondos, o pagamento deberá quedar acreditado documentalmente mediante a utilización de transferencia bancaria, tarxeta de débito ou crédito, cheque nominativo ou calquera outro medio que deixe constancia da data de pago e da identidade do perceptor. Só excepcionalmente se poderá realizar o pago en metálico para gastos de ata 150,00€, nos que non resulte posíbel a utilización dun dos medios anteriormente indicados.
3. Sen prexuízo dos libros e rexistros contábeis que as normas xerais ou sectoriais lle poidan impor, o CONCELLO DE CAMARIÑAS deberá contar polo menos cun rexistro cronolóxico de cobros e pagamentos nos que se inclúan, entre outros, os relativos aos gastos xustificadas e aos ingresos declarados con respecto a esta subvención.

X.- CONTROL FINANCEIRO DA DEPUTACIÓN E DOS ÓRGANOS DE CONTROL EXTERNO.

1. Consonte ao disposto nos artigos 44 e seguintes da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións, e nos artigos 41 e seguintes da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia, o CONCELLO DE CAMARIÑAS poderá ser escollida pola Intervención provincial para a realización dun control financeiro sobre a subvención pagada, co fin de acreditar a efectiva aplicación dos fondos á finalidade para a que foron concedidos, o correcto financiamento da actividade e o cumprimento de tódalas demais obrigas formais e materiais que lle impón o presente convenio de colaboración.
2. Asemade, de acordo co previsto na lei 6/1985, de 24 de xuño, do Consello de Contas de Galicia, o CONCELLO DE CAMARIÑAS queda sometida aos procedementos de fiscalización que leven a cabo o Consello de Contas de Galicia ou, no seu caso, segundo



o previsto na Lei orgánica 2/1982, de 12 de maio, aos procedementos de enxuciamiento contable que poida incoar o Tribunal de Contas, e a calquera outro órgano de control, nacional ou europeo.

XI.- REINTEGRO, INFRACCIÓNS E SANCIÓN.S.

1. O incumprimento dalgunha das cláusulas previstas no presente convenio de colaboración poderá dar lugar a obriga de reintegro parcial ou total dos fondos recibidos, así como ao pago dos xuros de demora que se devenguen desde o día no que se realizou o pago ata o momento no que se acorde a procedencia do reintegro. O procedemento de reintegro iniciárase de oficio na súa tramitación seguirase o disposto nos artigos 41 e seguintes do seu Regulamento (R.D. 887/2006, do 21 de xullo), dándolle en todo caso audiencia ao interesado.
2. Sen prexuízo do anterior, dito incumprimento tamén poderá ser constitutivo dalgunha das infraccións tipificadas na Lei 38/2003, de 17 de novembro, ou na Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, séndolle de aplicación o cadro de sancións previstos nas normas citadas e na Ordenanza provincial de desenvolvemento que resulte aplicable.
3. Para os supostos de retrasos na realización das obras ou retraso na presentación da xustificación se estará ao disposto na Ordenanza provincial de desenvolvemento que resulte aplicable.
4. Si o retraso se produce no pago ao adxudicatario ou terceiros que teñan realizado o obxecto do convenio, se liquidará o xuro legal do diñeiro polo período que medie entre o prazo indicado na cláusula VII.3 e a data do pago efectivo ao terceiro

XII.- INCORPORACIÓN AO REXISTRO PÚBLICO DE SUBVENCIÓNS E PUBLICACIÓN DA SUBVENCIÓN CONCEDIDA.

1. No cumprimento do disposto no artigo 20.1 da Lei 38/2003, xeral de subvencións, e demais normativa de desenvolvemento, os datos da subvención concedida e a identificación do CONCELLO DE CAMARIÑAS serán remitidas á Intervención xeral do Estado, para que sexan incorporados á Base de Datos Nacional de Subvencións, coa exclusiva finalidade prevista en dito precepto e co debido respecto á protección dos datos de carácter persoal, segundo o previsto na Lei orgánica 3/2018 de 5 de decembro de Protección de Datos Persoais e garantía dos dereitos dixitais.
2. Asemade, no cumprimento do disposto no artigo 16.3 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia, a Deputación remitiralle a mesma información á Consellería de Economía y Facenda, co fin de que a incorpore ao Rexistro público de axudas, subvencións e convenios da Comunidade autónoma de Galicia.
3. Segundo o previsto no artigo 18 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de subvencións, a concesión da subvención ao CONCELLO DE CAMARIÑAS será publicada no Boletín Oficial da Provincia da Coruña e na páxina web dacoruna.gal
4. Un exemplar deste convenio, debidamente asinado, será incorporado ao Rexistro de convenios que depende do Servizo de Contratación da Deputación.

XIII.- VIXENCIA DO CONVENIO, PRÓRROGA OU MODIFICACIÓN

1. O presente convenio de colaboración terá carácter retroactivo para os efectos de imputación dos gastos e abranguerá os devengados **dende o 1 de xaneiro ao 31 de decembro do ano 2023**, sen que en ningún caso sexan subvencionables os gastos devengados con anterioridade á dita data e conservará a súa vixencia ata o día **31 de maio do ano 2024** sempre e cando exista crédito para tal fin.
2. O CONCELLO DE CAMARIÑAS deberá ter presentada a xustificación en todo caso **antes do día 30 de abril de 2024**.



3. Tamén, por acordo expreso de ambas as dúas partes e despois dos informes da Unidade Xestora, do servizo de Contratación, da Secretaría e da Intervención da Deputación, o convenio poderá ser obxecto de modificación. En ningún caso, se poderá modificar o convenio variando substancialmente o obxecto da subvención concedida e prevista nominativamente por acordo plenario.

XIV.- NATUREZA, INTERPRETACIÓN, MODIFICACIÓN E XURISDICCIÓN COMPETENTE

1. O presente convenio ten natureza administrativa e para resolver as dúbidas que xurdan na interpretación das súas cláusulas aplicaranse as disposicións contidas na Lei 38/2003, de 18 de novembro, xeral de Subvencións, e na Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia. Supletoriamente aplicarase a lexislación de contratos do sector público.

2. Para o seguimento coordinado da execución do presente convenio crearase unha comisión de seguimento formada por dous representantes de cada unha das institucións nomeados polo Presidente da Deputación e o do CONCELLO DE CAMARIÑAS, respectivamente.

3. Corresponderalle aos órganos da xurisdición contencioso-administrativa, segundo a distribución de competencias disposta na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora de dita xurisdición, o coñecemento das cuestións litixiosas que poidan xurdir como consecuencia do presente convenio.

Faise constar que o presente convenio foi aprobado por _____ do día ___ de ___ de ____
E, en proba de conformidade, as partes comparecentes asinan en exemplar cuadriplicado o presente convenio, no lugar e data indicados no encabezamento.

O representante da Deputación

O representante do Concello
de Camariñas"

25.- Aprobación do Convenio interadministrativo de cooperación entre a Deputación Provincial da Coruña e o Concello de Carral polo que se instrumenta unha subvención nominativa para o cofinanciamento do proxecto "XIX Festa do Pan de Carral 2023"

VOTACIÓN

Votan a favor: 31 deputados/as (14 do PP, 10 do PSOE, 6 do BNG e 1 de Alternativa dos Veciños).

Votan en contra: ningún/ha deputado/a

Abstéñense: ningún/ha deputado/a

ACORDO

O Pleno, por unanimidade, acorda:

"1º.-Exceptuar para o presente convenio o cumprimento dos principios de concurrencia, publicidade, igualdade e non discriminación, dada a existencia de causas excepcionais que xustifican a concesión da subvención nominativa, por entender que se dan razóns



suficientes de interese público no outorgamento da subvención. Estes principios se encontran recollidos nos artigos 22.2 da lei xeral de subvencións e 65 a 67 do seu regulamento. Coa motivación incorporada no presente parágrafo queda solventada a nota de reparos emitida pola Intervención da Deputación no seu informe.

2º.- Aprecianse no presente expediente razóns de interese público, que dificultan a convocatoria de concorrencia competitiva:

- A actividade proposta polo Concello de Carral enmarcase na promoción económica, e segundo consta na motivación das razóns expostas polo Concello e xustifican a concesión da citada subvención dada a relevancia tan importante na conservación do produto máis básico como é o pan
Neste senso cabe sinalar a importancia de manter a produción de pan dun xeito artesanal con produtos como os cereais cultivados na comarca de Carral evitándose a utilización de fariñas refinadas e conservando o valor da fariñas fina e o privilexio da fornada lenta e artesanal.
- A implicación do comercio e a industrial local e comarcal e a masiva asistencia de visitantes ten convertido esta festa nun dos principais impulsores económicos do municipio
- Segundo a memoria presentada pola concello a natureza do evento consiste en converter este lugar nun referente do mantemento das actividades artesanais neste caso o pan para isto ofrecen as seguintes actividades:
 - Obradoiros para os rapaces e rapazas da comarca para aprender a facer o seu propio pan.
 - O obradoiro dos máis pequeno é o símbolo dunha festa que segue tendo ás familias ea propia infancia entre o seu público principal que ademais do amasado de pan poden disfrutar de actuacións de rúa pensadas especialmente para eles.
 - Os centros educativos do concello participan nun concurso do que sairá o cartel elixido para a promoción da festa.
 - Esta festa rinde homenaxe e serve de promoción ao produto máis básico, e máis global da nosa gastronomía, o pan.
 - A festa do pan é unha cita consolidada no mes de maio, unha festa próxima ás veciñas e veciño de Carrale, en xeral, de toda a súa contorna, especialmente querida polos visitantes que cada ano aisten a participar en todas as actividades que propón o seu programa.
 - A implicación do comercio e a industrial local e comarcal e a masiva asistencia de visitantes ten convertido esta festa nun dos principais impulsores económicos do municipio
- Por outra banda o proxecto pola envergadura e importes que conleva, excede dos parámetros das subvencións que veñen a concederse nas convocatorias de réxime de concorrencia competitiva do Servizo.

3º Aprobar o texto do convenio de colaboración a subscribir entre a Deputación Provincial da Coruña e o Concello de Carral con CIF P1504800B para financiar o proxecto “XIX



Festa do Pan de Carral” cunha achega provincial de 39.997,76 € con cargo á aplicación presupuestaria 0510/3341/46201, que representa un coeficiente de financiación do 80 % con respecto a un orzamento de 49.997,20 €.

4º Facultar ao sr. Presidente da Corporación para a sinatura do convenio.”

O texto íntegro do convenio é o seguinte:

Convenio de colaboración entre a Excm. Deputación Provincial da Coruña e o CONCELLO DE CARRAL para financiar o proxecto “XIX Festa do Pan de Carral”

En A Coruña a

REUNIDOS

Dunha parte, o representante da Deputación

E doutra parte, o representante do Concello de Carral

Os comparecentes interveñen en uso das facultades que, por razón dos seus cargos, estalles atribuídas.

MANIFESTAN

Dado o interese coincidente da Deputación e do CONCELLO DE CARRAL, ambas as dúas partes

ACORDAN

Formalizar o presente CONVENIO DE COLABORACIÓN conforme ás seguintes cláusulas:

I.- OBXECTO

O presente convenio ten por obxecto establecer as bases de colaboración entre a Deputación da Coruña e o **CONCELLO DE CARRAL, CIF P1502100I**, para o financiamento das “XIX Festa do pan de Carral”.

II.- ORZAMENTO DE GASTOS DA ACTIVIDADE A REALIZAR

O CONCELLO DE CARRAL levará a cabo as actividades programadas, segundo se definen na cláusula anterior, consonte ao seguinte orzamento:

CONTRATACIÓNS EXTERNAS	
Animacións musicais	21.000,00 €
Animación	3.110,00 €
Actividades infantis	1.200,00 €
Persoal	536,68 €
Seguridade	2.023,12 €
Ambulancia	1.080,00 €
ALUGUERES E CÁNONES	
Equipo e matererial técnico electrico	3.620,00 €
Escenarios e carpas	5.820,00 €



Funxibles	350,00 €
PROMOCIÓN E PUBLICIDADE	
Decoración	240,00 €
Cartelería	520,00 €
Merchandising	480,00 €
Publicidade	1.340,20 €
TOTAL SEN IVE	41.320,00 €
TOTAL CON IVE	49.997,20 €

III.- FINANCIAMENTO PROVINCIAL E OUTROS INGRESOS QUE SE OBTENAN OU APORTEN PARA A MESMA FINALIDADE

1. A Deputación da Coruña contribuirá ao financiamento da actividade, tal como se define na cláusula primeira, cunha achega máxima de **39.997,76 €** o que representa unha porcentaxe de 80,00 %. No caso de que o gasto xustificado non acadase o importe total previsto na cláusula segunda, a Deputación só achegará o importe que represente o 80,00 % da cantidade efectivamente xustificada. A contía restante, ata acadar o importe total do orzamento da actividade, está financiado con cargo a recursos (propios ou alleos) acreditando a entidade beneficiaria que ten consignado o crédito adecuado e suficiente para imputar a totalidade do gasto imputable á entidade.
2. Agora ben, se a cantidade xustificada resulta inferior ao 75 por cento do orzamento previsto na cláusula segunda, entenderase que a finalidade básica da subvención non foi cumprida e perderase o dereito ao seu cobro.
3. O importe do financiamento provincial farase efectivo con cargo á aplicación orzamentaria **0510/3341/46201**, na que a Intervención provincial ten certificado que existe crédito de abondo sobre a que se ten contabilizado a correspondente retención de crédito.
4. A subvención da Deputación é compatible coa percepción doutras subvencións ou axudas, públicas ou privadas, que o CONCELLO DE CARRAL obteña para a mesma finalidade, sempre que o seu importe, xuntamente co da subvención provincial, non supere en ningún caso o importe total do gasto efectivamente xustificado.
5. No caso de que a concorrencia de axudas ou subvencións supere o importe do gasto efectivamente xustificado, minorarase a achega provincial no importe necesario para darlle estrito cumprimento ao apartado anterior.

IV.- CONTRATACIÓN E EXECUCIÓN

1. Corresponderalle ao CONCELLO DE CARRAL o outorgamento dos contratos de subministro, servizos e asistencia para a completa realización da actividade programada.
2. No procedemento de contratación o CONCELLO DE CARRAL axustará toda a súa actuación ao disposto na lexislación de contratos do sector público.
3. No caso de que o CONCELLO DE CARRAL tramite e aprobe algunha modificación do proxecto inicialmente aprobado, así como do contrato adxudicado, deberá remitirle á Deputación un exemplar do proxecto modificado, achegando con el os informes emitidos e a certificación do correspondente acordo.

V.- PUBLICIDADE DO FINANCIAMENTO PROVINCIAL

1. Na publicidade pola que se dea a coñecer a realización das actividades, ben sexa por medios escritos, radiofónicos, audiovisuais ou internet, deberase facer constar sempre o financiamento da Deputación Provincial da Coruña.
2. Coa memoria e conta xustificativa achegaranse os documentos que acrediten o



cumprimento desta obriga do CONCELLO DE CARRAL.

VI.- A XUSTIFICACIÓN NECESARIA PARA RECIBIR A ACHEGA PROVINCIAL

A achega da Deputación provincial seralle aboada ao CONCELLO DE CARRAL, unha vez que se presente a seguinte documentación:

1.-Memoria de actuación, subscrita polo representante legal do CONCELLO DE CARRAL, xustificativa do cumprimento das condicións impostas neste convenio, coa indicación das actividades realizadas e dos resultados obtidos.

2.- Relación clasificada dos gastos realizados, no que se indiquen os acredores co seu NIF, os documentos xustificativos, os importes e datas de pago. Tamén se indicarán as desviacións con respecto ao orzamento detallado na cláusula SEGUNDA.

3.- Acreditación do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social, segundo o previsto na cláusula OITAVA.

4- Declaración doutras axudas ou subvencións solicitadas ou concedidas para a mesma finalidade.

5.- Proba do cumprimento das obrigas asumidas na cláusula QUINTA, mediante a achega de documentos nos que conste a publicidade do financiamento provincial.

6.- Certificación da aprobación das facturas e demais documentos xustificativos polo órgano competente.

O CONCELLO DE CARRAL deberá acreditar previamente que está ao corrente das súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social, de conformidade coa cláusula OITAVA.

VII. TERMO PARA A REALIZACIÓN DA ACTIVIDADE E PRAZO DE XUSTIFICACIÓN.

1. As actividades que son obxecto de financiamento provincial, tal como están descritas na cláusula PRIMEIRA, terán lugar entre os días 1 de xaneiro de 2023 ata o 31 de decembro de 2023 e deberán estar rematadas antes do vencemento do período de vixencia do presente convenio establecido na cláusula DÉCIMO TERCEIRA.

2. Unha vez rematadas as actividades, o CONCELLO DE CARRAL deberá presentar a xustificación documental á que se refire a cláusula SEXTA no prazo máximo DUN MES contado a partir da finalización daquelas e antes do vencemento do período de vixencia do convenio establecido na cláusula DÉCIMO TERCEIRA.

3. De conformidade co disposto no artigo 70.3 do Regulamento da Lei de subvencións (Real decreto 887/2006, do 21 de xullo), transcorrido este derradeiro prazo sen que se teña recibido xustificación ningunha, a Unidade xestora remitiralle un requirimento ao CONCELLO DE CARRAL para que a presente no prazo improrrogable de QUINCE DÍAS. A falla de xustificación da subvención neste prazo excepcional dará lugar á perda da subvención e demais responsabilidades previstas neste convenio e na lexislación aplicable ao respecto. Aínda así, a presentación da xustificación neste prazo adicional non eximirá ao CONCELLO DE CARRAL da sanción que, de conformidade co disposto na Lei de subvencións e na Base 55.6ª das de execución do Orzamento da Deputación, poida corresponderlle.

4. O aboamento da subvención materializarase mediante ingreso na conta da entidade financeira indicada polo CONCELLO DE CARRAL na documentación achegada.



VIII.- CUMPRIMENTO DAS OBRIGAS TRIBUTARIAS E COA SEGURIDADE SOCIAL E A SÚA ACREDITACIÓN

1. O CONCELLO DE CARRAL deberá estar ao día, con carácter previo á sinatura deste convenio, e logo, con carácter previo ao pago da subvención, no cumprimento das obrigas tributarias coa Administración do Estado, coa comunidade autónoma, coa Deputación Provincial da Coruña, e coa Seguridade Social.
2. A acreditación do cumprimento de ditas obrigas poderá realizarse mediante declaración responsábel expedida autorizada polo órgano competente, mediante a presentación dos correspondentes certificados ou ben autorizando á Deputación a que obteña telemáticamente os correspondentes certificados.
3. A acreditación do cumprimento das obrigas tributarias coa Deputación Provincial determinaraa esta de oficio.

IX.- DESTINO E MANEXO DOS FONDOS RECIBIDOS.

1. O CONCELLO DE CARRAL destinará os fondos recibidos ao pagamento dos xustificantes de gasto presentados.
2. Co fin de garantir un adecuado control da aplicación dos fondos, o pagamento deberá quedar acreditado documentalmente mediante a utilización de transferencia bancaria, tarxeta de débito ou crédito, cheque nominativo ou calquera outro medio que deixe constancia da data de pago e da identidade do perceptor.

X.- CONTROL FINANCEIRO DA DEPUTACIÓN E DOS ÓRGANOS DE CONTROL EXTERNO.

1. Consonte ao disposto nos artigos 44 e seguintes da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións, e nos artigos 41 e seguintes da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia, o CONCELLO DE CARRAL poderá ser escollida pola Intervención provincial para a realización dun control financeiro sobre a subvención pagada, co fin de acreditar a efectiva aplicación dos fondos á finalidade para a que foron concedidos, o correcto financiamento da actividade e o cumprimento de tódalas demais obrigas formais e materiais que lle impón o presente convenio de colaboración.
2. Asemade, de acordo co previsto na lei 6/1985, de 24 de xuño, do Consello de Contas de Galicia, o CONCELLO DE CARRAL queda sometida aos procedementos de fiscalización que leven a cabo o Consello de Contas de Galicia ou, no seu caso, segundo o previsto na Lei orgánica 2/1982, de 12 de maio, aos procedementos de enxuzamento contable que poida incoar o Tribunal de Contas, e a calquera outro órgano de control, nacional ou europeo.

XI.- REINTEGRO, INFRACCIÓNS E SANCIÓN.

1. O incumprimento dalgunha das cláusulas previstas no presente convenio de colaboración poderá dar lugar a obriga de reintegro parcial ou total dos fondos recibidos, así como ao pago dos xuros de demora que se devenguen desde o día no que se realizou o pago ata o momento no que se acorde a procedencia do reintegro. O procedemento de reintegro iniciárase de oficio na súa tramitación seguirase o disposto nos artigos 41 e seguintes do seu Regulamento (R.D. 887/2006, do 21 de xullo), dándolle en todo caso audiencia ao interesado.
2. Sen prexuízo do anterior, dito incumprimento tamén poderá ser constitutivo dalgunha das infraccións tipificadas na Lei 38/2003, de 17 de novembro, ou na Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, séndolle de aplicación o cadro de sancións previstos



nas normas citadas e na Ordenanza provincial reguladora do control financeiro de subvencións e dos procedementos de reintegro e sancionadores derivados (BOP núm. 116 de data luns, 22 de xuño do 2015)

3. Para os supostos de retrasos na realización das obras ou retraso na presentación da xustificación se estará ao disposto na Ordenanza provincial reguladora do control financeiro de subvencións e dos procedementos de reintegro e sancionadores derivados (BOP núm. 116 de data luns, 22 de xuño do 2015)

4. Si o retraso se produce no pago ao adxudicatario ou terceiros que teñan realizado o obxecto do convenio, se liquidará o xuro legal do diñeiro polo período que medie entre o prazo indicado na cláusula VII.3 e a data do pago efectivo ao terceiro

XII.- INCORPORACIÓN AO REXISTRO PÚBLICO DE SUBVENCIÓNS E PUBLICACIÓN DA SUBVENCIÓN CONCEDIDA.

1. No cumprimento do disposto no artigo 20.1 da Lei 38/2003, xeral de subvencións, e demais normativa de desenvolvemento, os datos da subvención concedida e a identificación do CONCELLO DE CARRAL serán remitidas á Intervención xeral do Estado, para que sexan incorporados á Base de Datos Nacional de Subvencións, coa exclusiva finalidade prevista en dito precepto e co debido respecto á protección dos datos de carácter persoal, segundo o previsto na Lei orgánica 15/1999, de 13 de decembro.

2. Asemade, no cumprimento do disposto no artigo 16.3 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia, a Deputación remitiralle a mesma información á Consellería de Economía y Facenda, co fin de que a incorpore ao Rexistro público de axudas, subvencións e convenios da Comunidade autónoma de Galicia.

3. Segundo o previsto no artigo 18 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de subvencións, a concesión da subvención ao CONCELLO DE CARRAL será publicada no Boletín Oficial da Provincia da Coruña e na páxina web dacoruna.es

4. Un exemplar deste convenio, debidamente asinado, será incorporado ao Rexistro de convenios que depende do Servizo de Contratación da Deputación.

XIII.- VIXENCIA DO CONVENIO, PRÓRROGA OU MODIFICACIÓN

1. O presente convenio de colaboración terá carácter retroactivo para os efectos de imputación dos gastos e abranguerá os devengados dende o 1 de xaneiro ao 31 de decembro do ano 2023, sen que en ningún caso sexán subvencionables os gastos devengados con anterioridade á dita data e conservará a súa vixencia ata o día **31 de xullo do ano 2024, sempre e cando exista crédito para tal fin.**

2. O CONCELLO DE CARRAL deberá presentar a xustificación **antes do día 30 de xuño de 2024.**

3. Tamén, por acordo expreso de ambas as dúas partes e despois dos informes da Unidade Xestora, do servizo de Contratación, da Secretaría e da Intervención da Deputación, o convenio poderá ser obxecto de modificación. En ningún caso, se poderá modificar o convenio variando substancialmente o obxecto da subvención concedida e prevista nominativamente por acordo plenario.

XIV.- NATUREZA, INTERPRETACIÓN, MODIFICACIÓN E XURISDICCIÓN COMPETENTE

1. O presente convenio ten natureza administrativa e para resolver as dúbidas que xurdan na interpretación das súas cláusulas aplicaranse as disposicións contidas na Lei 38/2003, de 18 de novembro, xeral de Subvencións, e na Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia. Supletoriamente aplicarase a lexislación de contratos do sector



público.

2. Para o seguimento coordinado da execución do presente convenio crearase unha comisión de seguimento formada por dous representantes de cada unha das institucións nomeados polo Presidente da Deputación e o do CONCELLO DE CARRAL, respectivamente.

3. Corresponderalle aos órganos da xurisdición contencioso-administrativa, segundo a distribución de competencias disposta na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora de dita xurisdición, o coñecemento das cuestións litixiosas que poidan xurdir como consecuencia do presente convenio.

Faise constar que o presente convenio foi aprobado por Acordo Plenario do de

E, en proba de conformidade, as partes comparecentes asinan en exemplar duplicado o presente convenio, no lugar e data indicados no encabezamento.

O representante da Deputación

O representante do
CONCELLO DE CARRAL"

26.- Aprobación do convenio de colaboración entre a Deputación Provincial da Coruña e a Axencia de Turismo de Galicia, para a execución do "Plan de sustentabilidade turística Vía Verde Compostela-Tambre-Lengüelle" no marco do Plan de Recuperación, Transformación, e Resiliencia, financiado pola Unión Europea-Next GenerationEU

VOTACIÓN

Votan a favor: 31 deputados/as (14 do PP, 10 do PSOE, 6 do BNG e 1 de Alternativa dos Veciños).

Votan en contra: ningún/ha deputado/a

Abstéñense: ningún/ha deputado/a

ACORDO

O Pleno, por unanimidade, acorda:

"1º Aprobar o texto do convenio de colaboración a subscribir entre a Deputación Provincial da Coruña e a AXENCIA DE TURISMO DE GALICIA, con CIF Q1500394J, para a execución do "**PLAN DE SUSTENTABILIDADE TURÍSTICA VÍA VERDE COMPOSTELA-TAMBRE-LENGÜELLE**" no marco do Plan de Recuperación, Transformación, e Resiliencia, financiado pola Unión Europea-Next GenerationEU

2º O aporte provincial previsto no convenio, para a execución dos eixos incluídos no orzamento do mesmo, ascende a un total de 1.375.400,00 euros, aporte que será financiado nunha porcentaxe do 100% mediante achega da Axencia de Turismo de Galicia no marco do reparto dos recursos financeiros do Plan de Recuperación Transformación e Resiliencia que instrumenta a execución dos recursos do Fondo Europeo de Recuperación; en particular, no Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia (PRTR), como parte do Compoñente 14, incluíuse a liña de investimento de Transformación do modelo turístico cara á sustentabilidade, que inclúe o Programa de Plans de Sustentabilidade Turística en Destinos como submedida 2 do investimento 1 (C14.11), en tanto que mecanismo de actuación cooperada entre os tres niveis da Administración.

3º O aporte provincial poderá facerse efectivo, de acordo coas previsións e requisitos



fixados no convenio, con cargo á partida orzamentaria procedente.

4º O cumprimento da presente proposta de convenio queda condicionada ao ingreso da achega da Axencia de Turismo de Galicia no prazo dun mes desde a sinatura do mesmo; a devandita achega motivará a dotación orzamentaria por parte da Deputación para o financiamento das liñas do proxecto para o que se tramitará o oportuno expediente de xeración de crédito.

5º Designar como parte interveniente e asinante do convenio, en virtude da delegación de atribucións do Presidente en deputados membros da Xunta de Goberno recollida na Resolución 2023/29343 de 24/07/2023, a Don Xosé Regueira Varela, Vicepresidente e Deputado de Promoción Turística, Artesanía, Comercio e Cadea Agroalimentaria.

6º Designar ao Deputado de Promoción Turística, Artesanía, Comercio e Cadea Agroalimentaria, Don Xosé Regueira Varela, como representante da Deputación da Coruña na Comisión de Seguimento.

O texto íntegro do convenio é o seguinte:

CONVENIO ENTRE A AXENCIA DE TURISMO DE GALICIA E A DEPUTACIÓN DA CORUÑA PARA A EXECUCIÓN DO PLAN DE SUSTENTABILIDADE TURÍSTICA VÍA VERDE COMPOSTELA-TAMBRE-LENGÜELLE NO MARCO DO PLAN DE RECUPERACIÓN, TRANSFORMACIÓN E RESILIENCIA, FINANCIADO POLA UNIÓN EUROPEA- NEXTGENERATIONEU

Santiago de Compostela,

REUNIDOS

Dunha parte, D. José Manuel Merelles Remy, efectuado polo Decreto 100/2023, do 29 de xuño (DOG núm. 124, do 30 de xuño), e conforme ás facultades que lle confire o apartado dous da disposición adicional segunda do Decreto 108/2022, do 16 de xuño, de estrutura orgánica dos órganos superiores e de dirección dependentes da Presidencia da Xunta de Galicia (DOG núm. 117, do 20 de xuño), que desconcentra na titular da Dirección da Axencia a competencia para subscribir convenios de colaboración no seu respectivo ámbito competencial, de acordo co previsto no artigo 15.2.c) dos estatutos da Axencia Turismo de Galicia, aprobados polo Decreto 196/2012, do 27 de setembro (DOG núm. 193, do 9 de outubro).

E da outra, D. Xosé Regueira Varela, Vicepresidente da Deputación Provincial da Coruña e Deputado de Promoción Turística, Artesanía, Comercio e Cadea Agroalimentaria, (CIF P1500000C), que actúa en nome e representación de aquela por delegación de atribucións do Presidente en deputados membros da Xunta de Goberno recollida na Resolución de Presidencia 2023/29343 de 24/07/2023, e en virtude do contemplado nos artigos 34.2 y 35.3 da Ley 7/1985, do 2 de abril, reguladora das Bases de Réxime Local (LBRL) e os artigos 40.3, 41 e 42 del Regulamento Orgánico da Deputación Provincial da Coruña (RODC), concordantes cos artigos 63.3, 64 e 65 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, aprobado por Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro (ROF).

As partes comparecen na representación que ostentan das súas respectivas institucións, recoñecendo de modo recíproco capacidade para formalizar o presente convenio e, para ese efecto,



EXPOÑEN

1. O 1 de xullo de 2020, o Consello Europeo adoptou as Conclusións sobre o Plan de Recuperación e o marco financeiro plurianual para 2021-2027. Estas medidas xuntan o marco financeiro plurianual (MFP) para 2021-2027, reforzando a posta en marcha dun Instrumento Europeo de Recuperación («NextGenerationEU»), cuxo elemento central é o Mecanismo de Recuperación e Resiliencia, establecido polo Regulamento (UE) 2021/241 do Parlamento Europeo e do Consello, do 12 de febreiro de 2021.

A instrumentación da execución dos recursos financeiros do Fondo Europeo de Recuperación realizarase a través do Plan de Recuperación Transformación e Resiliencia, aprobado por Acordo do Consello de Ministros do 27 de abril de 2021, e de conformidade co establecido pola Decisión de Execución do Consello relativa a aprobación da avaliación do plan de recuperación e resiliencia de España (Council Implementing Decision - CID), do 13 de xullo de 2021.

O Goberno de España ditou a Real Decreto-lei 36/2020, do 30 de decembro, polo que se aproban medidas urxentes para a modernización da Administración Pública e para a execución do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia e as Ordes HFP/1030/2021, do 29 de setembro, pola que se configura o sistema de xestión do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia e HFP/1031/2021, do 29 de setembro, pola que se establece o procedemento e formato da información para proporcionar polas Entidades do Sector Público Estatal, Autonómico e Local para o seguimento do cumprimento de fitos e obxectivos e de execución orzamentaria e contable das medidas dos compoñentes do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia.

2. No Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia (PRTR), como parte do Compoñente 14, incluíuse a liña de investimento de Transformación do modelo turístico cara á sustentabilidade, que inclúe o Programa de Plans de Sustentabilidade Turística en Destinos como submedida 2 do investimento 1 (C14.11), en tanto que mecanismo de actuación cooperada entre os tres niveles da Administración. Este programa financia proxectos cuxos créditos serán obxecto de territorialización.

Ademais, con base na Estratexia de Sustentabilidade Turística en Destinos, fixa as condicións de participación das comunidades autónomas e as entidades locais, os ámbitos de aplicación, os limiares mínimos de investimento, o procedemento de presentación das propostas e as regras para a súa aprobación, execución e xustificación.

Os Plans Territoriais elabóranse mediante un proceso participativo e de colaboración entre as tres administracións públicas competentes e os diferentes actores públicos e privados do ecosistema turístico do destino.

O obxectivo perseguido relativos á liña de investimento C14.11 é implementar actuacións de impulso da sustentabilidade turística contempladas na submedida 2, os Plans de Sustentabilidade Turística en Destinos, na súa tripla vertente: ambiental, socioeconómica e territorial, a fin de beneficiar aos destinos turísticos, aos axentes sociais e aos operadores privados do sector.

3. De acordo ao procedemento establecido na Estratexia de Sustentabilidade Turística en Destino aprobada na Conferencia Sectorial do 28 de xullo de 2021, a Axencia de Turismo de Galicia elaborou o Plan Territorial de Sustentabilidade Turística en Destino (PSTD) da Deputación da Coruña que a continuación se enuncia.

Tras a apertura da convocatoria e a remisión dos PSTD no prazo establecido, as



propostas de PSTD e de Actuacións de Cohesión entre Destinos (ACD) foron valoradas por parte das comunidades autónomas e da Secretaría de Estado de Turismo (SETUR), de acordo a criterios obxectivos establecidos na propia Estratexia.

Posteriormente, Axencia de Turismo de Galicia e SETUR compartiron en sesión formalmente convocada o 5 de novembro de 2021 do Comité Consultivo formado por dous representantes da Axencia de Turismo de Galicia, dous representantes de SETUR e unha representante da FEGAMP as valoracións das intervencións propostas para esta convocatoria 2021. Na devandita reunión, presentouse un informe que contiña o listado de todos os PSTD recibidos, as ACD, e as puntuacións asignadas a cada unha das intervencións. A esta Convocatoria do Comité Consultivo convidouse con voz, pero sen voto, a un representante de cada destino urbano ou cidade con identidade turística que presentaran PSTD a esa convocatoria.

Finalmente, elaborouse a proposta de Plan Territorial de Galicia que inclúe os PSTD e ACD que, obtendo unha nota superior a 70 sobre 100 con base nos criterios de valoración recollidos, encaixaban mellor na planificación turística territorial atendendo ao marco da repartición orzamentaria asignada para 2021 á Comunidade Autónoma de Galicia, tendo en conta a súa contribución á cohesión territorial e detallando a súa xustificación e coherencia, tanto no que se refire á interrelación do conxunto de intervencións (PSTD e ACD), como ás sinerxías e aliñación de cada unha das intervencións coas estratexias de turismo a nivel autonómico e estatais, así como cos obxectivos xerais e específicos da Estratexia.

4. A Resolución do 19 de decembro de 2022, da Secretaría de Estado de Turismo, pola que se publica o Acordo da Conferencia Sectorial de Turismo do 14 de decembro de 2022, polo que se fixan os criterios de distribución, e a repartición resultante para as comunidades autónomas, do crédito destinado ao financiamento de actuacións de investimento por parte de entidades locais, no marco do Compoñente 14 Inversión 1 do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia, establece que a Conferencia Sectorial de Turismo, na súa reunión do día 28 de xullo de 2021, ratificou a aprobación da Estratexia de Sustentabilidade Turística en Destino, marco do Programa de Sustentabilidade Turística en Destinos. A Estratexia se instrumenta ao redor de Programas de Plans de Sustentabilidade Turística en Destinos nos que participan os tres niveles de administracións turísticas; administración xeral do Estado, comunidades ou cidades autónomas e entidades locais.

Con data de 29 de marzo de 2022 acordouse no seo da Conferencia sectorial de Turismo o lanzamento da Convocatoria extraordinaria correspondente ao exercicio 2022, que permitiu a presentación de propostas a entidades locais e comunidades autónomas, para logo proceder á configuración dos Plans Territoriais, permiten configurar en cada territorio e destino unha resposta ante os retos da sustentabilidade turística, no exercicio das súas competencias en materia de ordenación do turismo e nos ámbitos da transición verde, a transición dixital, e a competitividade dos destinos.

Os criterios de distribución referidos, incluídos na Estratexia de Sustentabilidade Turística en Destino, foron sometidos a votación das comunidades autónomas e aprobados por unanimidade na Conferencia Sectorial celebrada o 28 de xullo de 2021. En función das puntuacións e da súa proporción sobre o total, determínase a asignación máxima de recursos para o ano 2022.

No caso do Plan Nacional de Turismo Enogastronómico 2022, a distribución dos fondos realizouse en base a un indicador sintético que ponderou, en primeiro lugar, a puntuación do plan respectando os limiares mínimos de investimento establecidos na Estratexia de



Sustentabilidade (ver apartado 8.2.1) e, en segundo lugar, o peso que a CC. AA. tiña na distribución do Plan Nacional 2021 coa finalidade de contribuír ao principio de cohesión territorial que ten a Estratexia.

O Acordo da Conferencia Sectorial do 14 de decembro de 2022, tendo en conta os criterios de distribución aprobados, indica que corresponden á Comunidade Autónoma de Galicia un total de 31.900.000 € do plan territorial máis 2.675.400 € do plan nacional.

5. Que a Comunidade Autónoma de Galicia, en virtude da competencia exclusiva en materia de turismo, atribuída polo artigo 27.21 do seu Estatuto de Autonomía, aprobado pola Lei Orgánica do 6 de abril de 1981, desenvolveu, así mesmo no exercicio das súas competencias, diferentes actuacións coa finalidade de mellorar a situación turística da provincia promovendo plans, programas e normas para a modernización e adecuación da industria turística ás tendencias da demanda.

A Axencia de Turismo de Galicia é a entidade pública instrumental creada polo Decreto 196/2012, do 27 de setembro (DOG núm. 193, do 9 de outubro), como axencia pública autonómica, co obxectivo de impulsar, coordinar e xestionar a política autonómica en materia de turismo e, en especial, a promoción e a ordenación do turismo dentro da comunidade.

6. Conforme se indica no apartado 8.1.1 da Estratexia, o ente xestor dos PSTD debe ser unha entidade local de entre as previstas no artigo 3 da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local:

- O Municipio.
- A Provincia.
- A Illa nos arquipélagos balear e canario.
- As Comarcas ou outras entidades que agrupen varios Municipios, constituídas polas Comunidades Autónomas de conformidade con esta Lei e os correspondentes Estatutos de Autonomía.
- As Áreas metropolitanas.
- As Mancomunidades de Municipios.

Igualmente, as comunidades autónomas poderán establecer como xestores dos PSTD a outras fórmulas de asociacións de municipios recollidas na súa normativa autonómica como, por exemplo, os consorcios turísticos ou os grupos de acción local.

As entidades locais son as unidades básicas que constitúen os destinos e as responsables da maioría dos parámetros que inflúen na elección dos turistas, así como dos determinantes da competitividade e sustentabilidade do modelo. As entidades locais teñen competencias para a ordenación urbanística, o transporte, a mobilidade, a creación de equipamentos para o turismo, a ordenación de actividades no seu municipio, o abastecemento e depuración de augas, o uso das praias, as licenzas de actividades turísticas, as servidumes de uso público, etc. Por tanto, se se quere asegurar a sustentabilidade en sentido amplo do modelo turístico español, débese actuar fundamentalmente nos destinos turísticos.

7. A Deputación da Coruña concorreu á convocatoria extraordinaria de Plans Territoriais de Sustentabilidade Turística en Destino, presentando un proxecto baixo o título de “PSTD Vía Verde Compostela-Tambre-Lengüelle” sendo unha das categorías de destino recollidas na convocatoria e establecendo o investimento mínimo por eixes que recolle a convocatoria.

Incluindo as seguintes actuacións: elaboración dun plan de actuación e seguimento ante risco de inundacións dos leitos dos ríos Tambre, Lengüelle e Tourío ó seu paso pola Vía



Verde; encontros para empresarios e emprendedores do sector da gastronomía e do turismo no ámbito da Vía Verde para fomentar a implantación da economía circular; elaboración e desenvolvemento dun plan de promoción turística dos mercados alimentarios (feiróns) itinerantes para o fomento do consumo de produtos Km0 e de tempada en colaboración cos pequenos produtores; elaboración dun Plan de Sombras para áreas de descanso da Vía Verde; instalación de pérgolas axardinadas en áreas de descanso para facer ó aumento de temperaturas consecuencia do cambio climático; redacción e execución dun Plan de control e eliminación de flora exótica invasora no trazado da Vía Verde; adecuación de firme da Vía Verde no tramo de Santiago a Oroso; instalación de puntos de auga no percorrido da Vía Verde; instalación de estacións de auto reparación de bicicletas na Vía Verde; plan de formación e acompañamento para a mellora da dixitalización das empresas e profesionais do turismo e a gastronomía; desenvolvemento e implantación de aplicacións dixitais de realidade virtual para coñecer o pasado da vía ferroviaria e a súa relación cos produtos alimentarios do sector primario; elaboración e promoción dun mapa virtual con recursos vinculados ó turismo gastronómico do territorio; sesións de showcooking para profesionais do sector do turismo gastronómico no territorio; inventario e análise turístico de recursos para a posta en valor de elementos patrimoniais vinculados á gastronomía; creación dun banco de imaxes e material audiovisual promocional sobre a gastronomía nos concellos da Vía Verde; creación dun banco de imaxes e material audiovisual promocional sobre a gastronomía nos concellos da Vía Verde; deseño dun programa de rutas na Vía Verde para a posta en valor do patrimonio gastronómico con participación da poboación e os profesionais locais; deseño e desenvolvemento de xornadas gastro-lúdicas nas áreas de descanso ou estacións da Vía Verde durante a tempada baixa en colaboración con profesionais da cociña locais; asistencia técnica para a xestión do PSTD da Vía Verde; deseño e impartición de actividades formativas dirixidas a traballadores de entidades públicas e privadas do sector turístico para mellorar a competitividade do sector do turismo e a gastronomía como base dun mellor servizo ás persoas visitantes; deseño e colocación de soportes informativos e promocionais sobre a relevancia histórica da Vía Verde no transporte de produtos do sector primario e a súa relación co turismo gastronómico e deseño e desenvolvemento dunha páxina web para a mellora do posicionamento online con contidos de fotografía e texto, relevantes e atractivos, para o fomento do turismo gastronómico.

A dita proposta de Plan foi valorada tanto pola Axencia de Turismo de Galicia, como por SETUR, obtendo unha nota superior a 70 sobre 100 en base aos criterios de valoración e por iso, sendo aprobado e formando parte do plan Territorial de Sustentabilidade Turística de Galicia.

Para facer efectiva esta transferencia de fondos, faise necesario recorrer aos mecanismos do anticipo reembolsable e ao mecanismo excepcional que o artigo 10 do Real Decreto-ley 25/2020, de 3 de xullo, de medidas urxentes para apoiar a reactivación económica e o emprego cando concorren evidentes razóns extraordinarias de interese público e social. Circunstancias que se poñen de manifesto nesta iniciativa extraordinaria de carácter singular. A tal fin, as actuacións específicas previstas neste Convenio — execución do Plan de Sustentabilidade Turística en Destino da Deputación da Coruña do Acordo da Conferencia Sectorial de Turismo do 14 de decembro de 2022—, son definidas no Plan Territorial de Sustentabilidade Turística de Galicia e financiadas pola Unión Europea - NextGenerationEU, con cargo aos Fondos Europeos no marco do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia —Compoñente 14— regulado no Regulamento (UE) 2021/241 do Parlamento Europeo e do Consello, do 12 de febreiro de 2021. Igualmente evidénciase a concorrencia de dificultades razoables para realizar a concesión delas por medio do procedemento ordinario de convocatoria pública, dada a previsión das entidades beneficiarias concretas e definidas. No Acordo da Conferencia



Sectorial de Turismo faise constar o crédito asignado á Comunidade Autónoma de Galicia, 31.900.000 € do plan territorial máis 2.675.400 € do plan nacional, destinados ao financiamento de actuacións de investimento por parte de entidades locais. Así, en relación á Deputación da Coruña, o instrumento de intervención é o PLAN SUSTENTABILIDADE TURÍSTICA EN DESTINO, por un importe de 1.375.400 euros.

8. O Real Decreto-lei 36/2020, do 30 de decembro, prevé unha serie de instrumentos xurídicos para a execución de proxectos con cargo aos Fondos Europeos, entre os cales están os convenios de colaboración. Configurándose, neste caso, como instrumento para canalizar a xestión da subvención directa a favor da Deputación da Coruña, a fin de dar cumprimento aos fitos e obxectivos contidos na Decisión de Execución do Consello relativa á aprobación da avaliación do plan de recuperación e resiliencia de España, así como o financiamento establecido para cada un deles.

O artigo 7.2 do citado Real Decreto-lei 36/2020, do 30 de decembro, establece que “os convenios rexeranse polo establecido na Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público”.

Pola súa banda, o artigo 48.7 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público establece que “cando o convenio instrumente unha subvención deberá cumprir co previsto na Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, e na normativa autonómica de desenvolvemento que, se for o caso, resulte aplicable”.

Consecuentemente, o réxime xurídico do convenio incardínase a través da figura do Convenio Administrativo previsto no artigo 47.2 a) da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público, suxeito ás previsións contidas no Capítulo VI do Título Preliminar e canalizando a xestión dunha subvención directa a favor da Deputación da Coruña.

En virtude do que antecede, as partes asinantes acordan subscribir o presente convenio conforme ás seguintes

CLÁUSULAS

Primeira.- Obxecto

O presente convenio ten por obxecto articular a colaboración entre as partes asinantes co obxectivo de executar o Plan de Sustentabilidade Turística en Destino (PSTD) Vía Verde Compostela-Tambre-Lengüelle da Deputación da Coruña, dentro do Plan Territorial de Sustentabilidade Turística en Destino da Comunidade Autónoma de Galicia, con cargo aos Fondos Europeos procedentes do Mecanismo de Recuperación e Resiliencia, así como o importe necesario para a súa execución.

En concreto, o PSTD obxecto deste convenio enmárcase no Obxectivo 217 da Decisión de Execución do Consello, relativo á adxudicación do orzamento para os Plans de Sustentabilidade Turística en Destinos, así como nos fitos 220, relativo á execución dos Plans de Sustentabilidade Turística en Destinos, e 221, relativo á finalización dos Plans de Sustentabilidade Turística en Destinos.

Segunda.- Natureza

1. A relación de cooperación entre as administracións territoriais participantes artículase mediante convenios interadministrativos asinados entre tres Administracións Públicas que



pertencen á categoría dos regulados nos artigos 47 e seguintes da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público (LRXSP).

Esta relación resulta á súa vez coherente cos artigos 143 e 144 da LRXSP. Tal e como reza o artigo 143, as relacións de cooperación voluntaria entre as Administracións Públicas formalizaranse de maneira expresa por ambas as partes a través dos acordos nos seus órganos de cooperación ou en convenios.

Pola súa banda, o artigo 144 da devandita Lei indica que os convenios e acordos nos que se formalice a cooperación preveranse as condicións e os compromisos que asumen as partes que os subscriben.

Ademais, de acordo co disposto no artigo 57 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, a cooperación económica, técnica e administrativa entre a Administración Local e as Administracións do Estado e das Comunidades Autónomas, desenvolverase con carácter voluntario, mediante os convenios administrativos que subscriban, como o presente. A subscrición de convenios deberá mellorar a eficiencia da xestión pública, eliminar duplicidades administrativas e cumprir coa lexislación de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira.

2. Esta subvención estará sometida ao Regulamento (UE) número 2021/241 do Parlamento Europeo e do Consello, do 12 de febreiro de 2021, polo que se establece o Mecanismo de Recuperación e Resiliencia, así como á normativa interna aplicable á xestión, seguimento e control que se estableza para o Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia en España —Orde HFP/1030/2021, do 29 de setembro, a Orde HFP/1031/2021— e, en especial o Real Decreto-lei 36/2020, do 30 de decembro, polo que se aproban medidas urxentes para a modernización da Administración Pública e para a execución do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia, cuxa aplicación será de obrigado cumprimento, a Disposición adicional centésima décima segunda da Lei 31/2022, de 23 de decembro, de *Presupuestos Generales del Estado* para o ano 2023, a Orde HFP/55/2023, de 24 de xaneiro, relativa ao análise sistemático do risco de conflito de interese nos procedementos que executan o Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia e á Lei 6/2022, do 27 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2023, en relación coa execución orzamentaria e contable, xestión das actuacións e proxectos vinculados ao do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia.

3. Adecuación a etiquetas climáticas

I.- O Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia ten que contribuír polo menos nun 37% á transición ecolóxica. Para calcular esa contribución, a Unión Europea definiu un sistema de etiquetaxe común para clasificar as actividades económicas medioambientalmente sostibles. Esta metodoloxía recóllese no Anexo VI do Regulamento do Mecanismo de Recuperación e Resiliencia.

II.- De acordo co previsto na Decisión de Execución do Consello, as actividades recollidas no PSTD contribuirán ao cumprimento dos obxectivos relacionados co cambio climático cun coeficiente climático do 100 % e a aqueles cun coeficiente climático do 40 %, de conformidade co anexo VI do Regulamento (UE) 2021/241 sobre o Mecanismo de Recuperación e Resiliencia.

III.- A medida C14.11, submedida 2, contribúe a reforzar a transición verde e sustentable. As seguintes actuacións deste convenio, encadradas tanto no eixe 1 como 2, están identificadas con etiquetaxe climática 100%:



Elaboración dun plan de actuación e seguimento ante risco de inundacións dos leitos dos ríos Tambre, Lengüelle e Tourío ó seu paso pola Vía Verde	035
Elaboración dun Plan de Sombras para áreas de descanso da Vía Verde	037
Instalación de pérgolas axardinadas en áreas de descanso para facer fronte ó aumento de temperaturas consecuencia do cambio climático	037
Adecuación de firme da Vía Verde no tramo de Santiago a Oroso	075
Instalación de puntos de auga no percorrido da Vía Verde	075
Instalación de estacións de auto reparación de bicicletas na Vía Verde	075

035: Medidas de adaptación ó cambio climático e prevención e xestión de riscos relacionados co clima: inundacións (incluídas as accións de sensibilización, a protección civil, os sistemas e infraestruturas de xestión de catástrofes e os enfoques ecosistémicos).

037: Medidas de adaptación ó cambio climático e prevención e xestión de riscos relacionados co clima: outros, como, por exemplo, tormentas e secas (incluídas as accións de sensibilización, a protección civil, os sistemas e infraestruturas de xestión de catástrofes e os enfoques ecosistémicos).

075: Infraestrutura para bicicletas.

As seguintes actuacións, tamén do eixe 1 e 2, están identificadas con etiquetaxe climática 40%:

Encontros para empresarios e emprendedores do sector da gastronomía e do turismo no ámbito da Vía Verde para fomentar a implantación da economía circular	047
Elaboración e desenvolvemento dun plan de promoción turística dos mercados alimentarios (feiróns) itinerantes para o fomento do consumo de produtos Km0 e de tempada en colaboración cos pequenos produtores	047
Redacción e execución dun Plan de control e eliminación de flora exótica invasora no trazado da Vía Verde	050

047: Apoio a procesos de produción respectuosos co medio ambiente e eficiencia no uso de recursos nas pemes.

050: Protección da natureza e a biodiversidade, patrimonio e recursos naturais, infraestruturas verdes e azuis

Terceira.- Custo das actuacións e gastos subvencionables

O custo das actuacións previstas no presente convenio cífrase en 1.375.400 euros, que sefinanciará conforme a seguinte distribución:



PSTD VÍA VERDE COMPOSTELA-TAMBRE-LENGÜELLE						
Eixes programáticos	Actuacións	Anualidade 2023	Anualidade 2024	Anualidade 2025	Total	
Eixe 1. Transición verde e sostible	1	Elaboración dun plan de actuación e seguimento ante risco de inundacións dos leitos dos ríos Tambre, Lengüelle e Tourío ó seu paso pola Vía Verde	17.545,00 €	7.260,00 €	7.260,00 €	32.065,00 €
	2	Encontros para empresarios e emprendedores do sector da gastronomía e do turismo no ámbito da Vía Verde para fomentar a implantación da economía circular	11.845,00 €	11.845,00 €	11.845,00 €	35.535,00 €
	3	Elaboración e desenvolvemento dun plan de promoción turística dos mercados alimentarios (feiróns) itinerantes para o fomento do consumo de produtos Km0 e de tempada en colaboración cos pequenos produtores	17.545,00 €	17.545,00 €	17.545,00 €	52.635,00 €
	4	Elaboración dun Plan de Sombras para áreas de descanso da Vía Verde	12.100,00 €	0,00 €	0,00 €	12.100,00 €
	5	Instalación de pérgolas axardinadas en áreas de descanso para facer fronte ó aumento de temperaturas consecuencia do cambio climático	0,00 €	59.200,00 €	0,00 €	59.200,00 €
	6	Redacción e execución dun Plan de control e eliminación de flora exótica invasora no trazado da Vía Verde	14.520,00 €	7.260,00 €	7.260,00 €	29.040,00 €
		Total EIXE 1	73.555,00 €	103.110,00 €	43.910,00 €	220.575,00 €
Eixe 2. Mellora da eficiencia enerxética	7	Adecuación de firme da Vía Verde no tramo de Santiago a Oroso	0,00 €	290.505,00 €	0,00 €	290.505,00 €
	8	Instalación de puntos de auga no percorrido da Vía Verde	9.680,00 €	9.680,00 €	0,00 €	19.360,00 €
	9	Instalación de estacións de auto reparación de bicicletas na Vía Verde	12.100,00 €	12.100,00 €	0,00 €	24.200,00 €
		Total EIXE 2	21.780,00 €	312.285,00 €	0,00 €	334.065,00 €
Eixe 3. Transición dixital	10	Plan de formación e acompañamento para a mellora da dixitalización das empresas e profesionais do turismo e a gastronomía	14.545,00 €	17.545,00 €	12.843,00 €	44.933,00 €
	11	Desenvolvemento e implantación de aplicacións dixitais de realidade virtual para coñecer o pasado da vía ferroviaria e a súa relación cos produtos alimentarios do sector primario	30.250,00 €	36.905,00 €	12.100,00 €	79.255,00 €
	12	Elaboración e promoción dun mapa virtual con recursos vinculados ó turismo gastronómico do territorio	0,00 €	18.029,00 €	18.029,00 €	36.058,00 €
		Total EIXE 3	44.795,00 €	72.479,00 €	42.972,00 €	160.246,00 €
Eixe 4. Competitividade	13	Sesións de showcooking para profesionais do sector do turismo gastronómico no territorio	17.908,00 €	17.908,00 €	17.908,00 €	53.724,00 €
	14	Inventario e análise turístico de recursos para a posta en valor de elementos patrimoniais vinculados á gastronomía nos concellos da Vía Verde	17.545,00 €	0,00 €	0,00 €	17.545,00 €
	15	Creación dun banco de imaxes e material audiovisual promocional sobre a gastronomía nos concellos da Vía Verde	14.520,00 €	14.520,00 €	14.520,00 €	43.560,00 €
	16	Deseño dun programa de rutas na Vía Verde para a posta en valor do patrimonio gastronómico con participación da poboación e os profesionais locais	30.250,00 €	30.250,00 €	30.250,00 €	90.750,00 €
	17	Deseño e desenvolvemento de xornadas gastro lúdicas nas áreas de descanso ou estacións da Vía Verde durante a tempada baixa en colaboración con profesionais da cociña locais	48.400,00 €	66.550,00 €	54.450,00 €	169.400,00 €
	18	Asistencia técnica para a xestión do PSTD da Vía Verde	50.820,00 €	50.820,00 €	50.820,00 €	152.460,00 €
	19	Deseño e impartición de actividades formativas dirixidas a traballadores de entidades públicas e privadas do sector turístico para mellorar a competitividade do sector do turismo e a gastronomía como base dun mellor servizo ás persoas visitantes	17.545,00 €	17.545,00 €	17.545,00 €	52.635,00 €
	20	Deseño e colocación de soportes informativos e promocionais sobre a relevancia histórica da Vía Verde no transporte de produtos do sector primario e a súa relación co turismo gastronómico	0,00 €	18.150,00 €	21.150,00 €	39.300,00 €
	21	Deseño e desenvolvemento dunha páxina web para a mellora do posicionamento online con contidos de fotografía e texto, relevantes e atractivos, para o fomento do turismo gastronómico	14.520,00 €	14.520,00 €	12.100,00 €	41.140,00 €
		Total EIXE 4	211.508,00 €	230.263,00 €	218.743,00 €	660.514,00 €
Total		351.638,00 €	718.137,00 €	305.625,00 €	1.375.400,00 €	



Para garantir a execución dos proxectos e evitar a posible perda de recursos comunitarios asignados á Axencia de Turismo de Galicia, esta anticipará á Deputación da Coruña o importe correspondente ao financiamento deste convenio. Por unha banda anticiparase a anualidade corrente e por outra o anticipo reembolsable correspondente anualidade 2024 e 2025.

As condicións do anticipo reembolsable son as descritas na cláusula sétima. O importe do anticipo transferirase á deputación no prazo máximo dun mes desde a sinatura do convenio.

A achega da Axencia de Turismo de Galicia efectuarase do seguinte xeito:

O anticipo da anualidade corrente con cargo á aplicación orzamentaria 2023 04 A2 761A 7600 CP 2022 0001 «Mecanismo de Recuperación e Resiliencia», por un importe de 351.638,00 € conforme ao establecido polo artigo 10 do Real Decreto-Lei 25/2020, do 3 de xullo.

O anticipo das anualidades 2024 e 2025 con cargo á aplicación orzamentaria 04.A2.761A.821.06, proxecto 2022 00001, por un importe de 718.137,00 € para a anualidade 2024 e 305.625,00 € para anualidade 2025.

Conforme ao artigo 65.4.c) do Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a Deputación queda exonerada da constitución de garantía.

A entidade local autoriza á comunidade autónoma a obter de forma directa, para os efectos do presente convenio, a acreditación de que a entidade local atópase ao corrente nas súas obrigacións tributarias e coa seguridade social.

Calquera cambio que se realice nas accións descritas, requirira a conformidade e aprobación da Axencia de Turismo de Galicia para a súa realización.

As actuacións contidas no PSTD da Deputación da Coruña financiaranse con fondos da Unión Europea-NextGenerationEU polo Mecanismo de Recuperación e Resiliencia da Unión Europea, establecido no Regulamento (UE) 2020/241 DO Parlamento Europeo e do Consello, do 12 de febreiro de 2021.

Entenderanse como gastos financiáveis todos aqueles que de maneira indubidada respondan á natureza da actividade, destínense a alcanzar o fito 221 mediante a realización de actividades e resulten estritamente necesarios e realícense dentro do prazo establecido no presente convenio. Así mesmo considéranse custos financiáveis:

- a) As contratacións externas de enxeñería, seguimento e obra civil.
- b) Os contratos de compra de equipos, incluíndo equipamento tecnolóxico e equipos informáticos, relacionados coas actuacións financiáveis.
- c) A adquisición de licenzas de software de carácter especializado e destinado exclusivamente á actuación e que posibilite a utilización adecuada do equipamento adquirido.
- d) As contratacións externas de consultoría, que leven a cabo dentro da actuación obxecto da subvención como parte da mesma. Os estudos de viabilidade e de enxeñería de detalle serán subvencionables sempre que sexan necesarios para a realización da actuación. Poderán realizarse con anterioridade á data de elixibilidade, pero nese caso, o seu custo non será elixible.
- e) As contratacións externas para traballos de asesoramento legal, notaría, asesoramento técnico ou financeiro contabilidade ou auditoría, se están



directamente ligados ao proxecto e son necesarios para a súa preparación ou desenvolvemento, acondición de que fosen contemplados no orzamento.

Segundo o artigo 31.8 de la *Lei 38/2003, de 17 de novembro, General de Subvenciones*, os tributos son gasto subvencionable cando o beneficiario da subvención os abona efectivamente. En ningún caso se consideran gastos subvencionables os impostos indirectos cando sexan susceptibles de recuperación ou compensación nin os impostos persoais sobre a renda.

Así mesmo, non se considerarán custos financiáveis:

- Autorizacións administrativas, licenzas, permisos, custo de avais e/ou fianzas e multas.
- Calquera gastos asociados a xestións, contratacións, consultas ou trámites administrativos, aínda sendo necesarios para a obtención de permisos ou licenzas.
- Seguros subscritos polo solicitante.
- A vixilancia e seguridade durante a execución da obra ata a data de posta en marcha.
- Calquera custos financeiros.
- Custos asociados a sancións penais, así como gastos de procedementos xudiciais.
- Licenzas destinadas a sistemas operativos e aplicacións ofimáticas.
- Calquera gasto de operación e mantemento das actuacións ou gastos propios da administración.

Os gastos acreditaranse mediante facturas e demais documentos de valor probatorio equivalente, con validez no tráfico xurídico mercantil ou eficacia administrativa.

Os gastos subvencionables comprenden, en todo caso, os efectuados en relación ao PSTDrealizados pola entidade beneficiaria desde o 1 de xaneiro de 2023.

Cuarta.- Obrigas da Axencia de Turismo de Galicia

1.- A **Axencia de Turismo de Galicia** no exercicio das súas competencias e en virtude doAcordo da Conferencia Sectorial de Turismo do 21 de decembro de 2021, polo que se fixan os criterios de distribución, así como a repartición resultante para as comunidades autónomas, do crédito destinado ao financiamento de actuacións de investimento por parte de entidades locais no marco do Compoñente 14 Investimento 1 do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia, achegará en 2023 á entidade local beneficiaria a cantidade de 1.375.400 € con cargo ás aplicacións orzamentarias 2023 04 A2 761A 7600 CP 2022 0001 e04.A2.761A.821.06 e segundo o establecido na cláusula terceira.

2.- A Comunidade Autónoma de Galicia deberá xustificar o cumprimento da finalidade para a que se concedeu a transferencia e a aplicación dos fondos percibidos ante a Secretaría de Estado de Turismo. Para iso, velará por que os proxectos adxudicados sexan executadosconforme aos requisitos esixibles.

Igualmente, cumprirá as instrucións que tanto a Secretaría de Estado de Turismo como calquera órgano ou autoridade competente lle dirixa en aplicación de calquera normativa, tanto europea como nacional, que puidese aprobarse para a execución ou xestión tanto do Mecanismo Europeo de Recuperación como do PRTR.

3.-A Comunidade Autónoma de Galicia asume a responsabilidade en canto ao seguimento da execución contable dos gastos imputados a proxectos ou iniciativas do PRTR, de acordo co disposto no artigo 46 da Real Decreto-lei 36/2020, do 30 de



decembro. Ademais, asume as obrigacións de información e rexistro da consecución dos correspondentes fitos e obxectivos nos termos previstos no artigo 3 da Orde HFP/1030/2021, do 29 de setembro, así como o resto de obrigacións establecidas na Orde HFP/1031/2021, do 29 de setembro.

Quinta.- Obrigas da entidade beneficiaria

Compromisos asumidos en canto á execución do subproxecto:

1.-De conformidade co disposto na Lei 6/2022, do 27 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2023, como no artigo 37.4 a Real Decreto-lei 36/2020, do 30 de decembro, os ingresos percibidos pola Comunidade Autónoma de Galicia para a execución do proxectos obxecto de financiamento, por estar incluídos dentro do ámbito do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia, quedan legalmente afectados a financiar os devanditos proxectos, coa correlativa obrigación do reintegro totalou parcial dos devanditos ingresos en caso de non realizarse o gasto ou en caso de incumprimento total ou parcial dos obxectivos previstos.

2.-As actuacións para realizar pola Entidade beneficiaria serán os recollidos na cláusula 3 e executaranse de conformidade cos fitos, obxectivos e a calendarización de cada proxecto/subproxecto definidos no Anexo I.

Así mesmo, corresponde á Entidade Local:

- a) Executar as actuacións do programa e aplicar os fondos previstos no punto anterior aos gastos correspondentes á execución e desenvolvemento das actuacións previstas no presente Convenio.
- b) Destinar o importe ás actuacións concretas de investimento a executar no prazo estipulado na cláusula 3 e Anexo I.
- c) Destinar os recursos humanos e materiais que sexan necesarios para cumprir os prazos de execución e maximizar os resultados perseguidos polo convenio.
- d) Xustificar a realización das actuacións recollidas no convenio ante a Axencia de Turismo de Galicia mediante a documentación que se recolle no presente convenio (cláusula 10).
- e) Actuar mediante os principios de obxectividade, publicidade e transparencia na actuación administrativa.
- f) Cumprir as obrigacións dispostas no artigo 11 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Obrigación de sometemento ás disposicións comunitarias sobre o Mecanismo de Recuperación e Resiliencia.

1. Con carácter xeral, son obrigacións da entidade local:

a) Contribuír ao cumprimento do Obxectivo 217 da Decisión de Execución do Consello, relativo á adxudicación do orzamento para os Plans de Sustentabilidade Turística en Destinos, así como nos fitos 220, relativo á finalización dos Plans de Sustentabilidade Turística en Destinos, e 221, relativo á finalización dos proxectos de promoción da sustentabilidade turística en destinos.

3. Que o apartado 3 da disposición adicional centésima décima segunda da Lei 31/2022, do 23 de decembro, de orzamentos xerais do Estado para 2023, establece que «A análise sistemática e automatizada do risco de conflito de interese resulta de aplicación aos empregados públicos e resto de persoal ao servizo de entidades decisoras, executoras e



instrumentais que participen, de forma individual ou mediante a súa pertenza a órganos colexiados, nos procedementos descritos de adxudicación de contratos ou de concesión de subvencións».

4. Que o apartado 4 da citada disposición adicional centésima décima segunda establece que:

- «A través da ferramenta informática analizaranse as posibles relacións familiares ou vinculacións societarias, directas ou indirectas, nas que se poida dar un interese persoal ou económico susceptible de provocar un conflito de interese, entre as persoas ás que se refire o apartado anterior e os participantes en cada procedemento».
- «Para a identificación das relacións ou vinculacións a ferramenta conterá, entre outros, os datos de titularidade real das persoas xurídicas ás que se refire o artigo 22.2.d).iii) do Regulamento (UE) 241/2021, de 12 febreiro, obrantes nas bases de datos da Axencia Estatal de Administración Tributaria e os obtidos a través dos convenios subscritos cos Colexios de Notarios e Rexistradores»

Segundo. Que, no momento da sinatura desta declaración e á luz da información obrante no seu poder, non se atopa incurso en ningunha situación que poida cualificarse de conflito de interese, nos termos previstos no apartado catro da disposición adicional centésima décima segunda, que poida afectar ao procedemento de licitación/concesión de subvencións.

Terceiro. Que se compromete a poñer en coñecemento do órgano de contratación/comisión de avaliación, sen dilación, calquera situación de conflito de intereses puidese coñecer e producirse en calquera momento do procedemento en curso.

Cuarto. Que coñece que, unha declaración de ausencia de conflito de intereses que se demostre que sexa falsa, carrexará as consecuencias disciplinarias/administrativas/xudiciais que estableza a normativa de aplicación.
(Data e firma, nome completo e DNI)

B. Modelo de declaración de cesión e tratamento de datos en relación coa execución de actuacións do plan de recuperación, transformación e resiliencia (PRTR)

Don/Dona DNI
 como da entidade
 con NIF
 e domicilio fiscal en
 beneficiaria de axudas
 financiadas con recursos provenientes do PRTR/ que participa como
 contratista/subcontratista no desenvolvemento de actuacións necesarias para a
 consecución dos obxectivos definidos no Compoñente XX « », declara coñecer a
 normativa que é de aplicación, en particular os seguintes apartados do artigo 22, do
 Regulamento (UE) 2021/241 do Parlamento Europeo e do Consello, do 12 de febreiro de
 2021, polo que se establece o Mecanismo de Recuperación e Resiliencia:

1. A letra d) do apartado 2: «solicitar, a efectos de auditoría e control do uso de fondos en relación coas medidas destinadas á execución de reformas e proxectos de investimento no marco do plan de recuperación e resiliencia, nun formato electrónico que permita realizar procuras e nunha base de datos única, as categorías harmonizadas de datos seguintes:



- i. O nome do perceptor final dos fondos;
- ii. O nome do contratista e do subcontratista, cando o perceptor final dos fondos sexa un poder adxudicador de conformidade co Dereito da Unión ou nacional en materia de contratación pública;
- iii. Os nomes, apelidos e datas de nacemento dos titulares reais do perceptor dos fondos ou do contratista, segundo defínese no artigo 3, punto 6, da Directiva (UE) 2015/849 do Parlamento Europeo e do Consello (26);
- iv. O unha lista de medidas para a execución de reformas e proxectos de investimento no marco do plan de recuperación e resiliencia, xunto co importe total do financiamento público de ditas medidas e que indique a contía dos fondos desembolsados no marco do Mecanismo e doutros fondos da Unión».

2. Apartado 3: «Os datos persoais mencionados no apartado 2, letra d), do presente artigo só serán tratados polos Estados membros e pola Comisión para os efectos e duración da correspondente auditoría da aprobación da xestión orzamentaria e dos procedementos de control relacionados coa utilización dos fondos relacionados coa aplicación dos acordos a que se refiren os artigos 15, apartado 2, e 23, apartado 1. No marco do procedemento de aprobación da xestión da Comisión, de conformidade co artigo 319 do TFUE, o Mecanismo estará suxeito á presentación de informes no marco da información financeira e derendición de contas integrada a que se refire o artigo 247 do Regulamento Financeiro e, en particular, por separado, no informe anual de xestión e rendemento».

Conforme ao marco xurídico exposto, manifesta acceder á cesión e tratamento dos datos cos fins expresamente relacionados nos artigos citados.

....., XX de..... de 202X

Asdo.

Cargo:

C. Modelo declaración de compromiso en relación coa execución de actuacións do plan derecuperación, transformación e resiliencia (PRTR)

Don/Dona, con DNI, como titular do órgano// da entidade, con NIF.....e domicilio fiscal en

.....na condición de órgano responsable/ órgano xestor/ beneficiaria de axudas financiadas con recursos provenientes do PRTR/ que participa como contratista/ente destinatario do encargo/subcontratista, no desenvolvemento de actuacións necesarias para a consecución dos obxectivos definidos no Compoñente XX «.....», manifesta o compromiso da persoa/entidade que representa cos estándares máis esixentes en relación co cumprimento das normas xurídicas, éticas e morais, adoptando as medidas necesarias para previr e detectar a fraude, a corrupción e os conflitos de interese, comunicando no seu caso ás autoridades que proceda os incumprimentos observados.

Adicionalmente, atendendo ao contido do PRTR, comprométese a respectar os principios de economía circular e evitar impactos negativos significativos no medio ambiente («DNSH» polas súas siglas en inglés «*do no significant harm*») na execución das actuacións levadas a cabo no marco do devandito Plan, e manifesta que non incorre en dobre financiamento e que, no seu caso, non lle consta risco de incompatibilidade co réxime de axudas de Estado.



....., XX de..... de 202X

Asdo.

Cargo:

D. Declaración responsable do cumprimento do principio de non causar dano significativo aos seis obxectivos ambientais no sentido do artigo 17 do regulamento (UE) 2020/852, do 18 de xuño (principio *do no significant harm - dnsh*)

Información sobre a actuación no Plan de Recuperación

Identificación da actuación

Compoñente do PRTR ao que pertence a actividade:

Compoñente 14. Modernización e competitividade do sector turístico.

Medida (reforma ou investimento) do compoñente PRTR ao que pertence a actividade, indicando no seu caso, a submedida:

Investimento 1: transformación do modelo turístico cara a sustentabilidade Submedida 2: plans de sustentabilidade turística

Etiquetaxe climática e ambiental asignado á medida (reforma ou investimento) ou, no seu caso, á submedida do PRTR (anexo VI, regulamento 2021/241)

As seguintes actuacións perseguen un recoñecemento da súa contribución a obxectivos climáticos do 100% :

Elaboración dun plan de actuación e seguimento ante risco de inundacións dos leitos dos ríos Tambre, Lengüelle e Touriño ó seu paso pola Vía Verde	035
Redacción e execución dun Plan de control e eliminación de flora exótica invasora no trazado da Vía Verde	035
Elaboración dun Plan de Sombras para áreas de descanso da Vía Verde	075
Instalación de pérgolas axardinadas en áreas de descanso para facer fronte ó aumento de temperaturas consecuencia do cambio climático	075
Adecuación de firme da Vía Verde no tramo de Santiago a Oroso	075
Instalación de puntos de auga no percorrido da Vía Verde	075
Instalación de estacións de auto reparación de bicicletas na Vía Verde	075

As seguintes actuacións perseguen un recoñecemento da súa contribución a obxectivos climáticos do 40%:

Encontros para empresarios e emprendedores do sector da gastronomía e do turismo no ámbito da Vía Verde para fomentar a implantación da economía circular	044
Elaboración e desenvolvemento dun plan de promoción turística dos mercados alimentarios (feiróns) itinerantes para o fomento do consumo de produtos Km0 e detempada en colaboración cos pequenos produtores	047



Datos da persoa solicitante

Nome/razón social Primeiro apelido

Segundo apelido

Nif

E, na súa representación (deberá acreditarse a representación fidedigna por calquera medioválido en dereito)

Nome

Primeiro apelidoSegundo apelido

Nif

A persoa solicitante ou representante declara:

Que presentou solicitude á actuación arriba indicada para o proxecto denominado:

E este cumpre o seguinte:

A. As actividades que se desenvolven nel non ocasionan un prexuízo significativo aos seguintes obxectivos ambientais, segundo o artigo 17 do regulamento (UE) 2020/852 relativo ao establecemento de un marco para facilitar os investimentos sustentables mediante a implantación de un sistema de clasificación (ou «taxonomía») das actividades económicas medioambientalmente sustentables:

1. Mitigación do cambio climático.
2. Adaptación ao cambio climático.
3. Uso sustentable e protección de os recursos hídricos e mariños.
4. Economía circular, incluídos a prevención e a reciclaxe de residuos.
5. Prevención e control da contaminación a atmosfera, a auga ou o chan.
6. Protección e restauración da biodiversidade e os ecosistemas.

B. As actividades adecúanse, no seu caso, ás características e condicións fixadas para a medida e submedida do compoñente e reflectidas no plan de recuperación, transformación e resiliencia, e para o caso de actuacións que impliquen rehabilitación, equipamentos, infraestruturas, o establecido na cláusula sexta.

Destacando:

1. A redución do consumo de enerxía primaria non renovable.
2. A mellora da adaptación dos destinos turísticos e as empresas que as conforman ás estratexias de economía circular, a redución do consumo de recursos hídricos e a protección dos recursos naturais, en especial os mariños.
3. Diminuír a presión da actividade turística sobre o territorio sobre a base da sustentabilidade.

C. As actividades que se desenvolven no proxecto cumprirán a normativa ambiental vixente que resulte de aplicación.



Entre outras:

- Directiva (UE) 2018/844 relativa á eficacia enerxética dos edificios
- Lei 21/2013 de avaliación de impacto ambiental

D. As actividades que se desenvolven non están excluídas para o seu financiamento polo Plan conforme a Guía técnica sobre a aplicación do principio de «non causar un prexuízo significativo» en virtude do Regulamento relativo ao Mecanismo de recuperación e resiliencia (2021/C 58/01) 2 , á proposta de Decisión de execución do Consello relativa á aprobación da avaliación do Plan de recuperación e resiliencia de España e ao seu correspondente anexo.

As actividades excluídas son:

1. Construción de refinerías de cru, centrais térmicas de carbón e proxectos que impliquen a extracción de petróleo ou gas natural, debido ao prexuízo ao obxectivo de mitigación do cambio climático.
2. Actividades relacionadas cos combustibles fósiles, incluída a súa utilización ulterior, excepto os proxectos relacionados coa xeración de electricidade e/ou calor utilizando gas natural, así como coa infraestrutura de transporte e distribución conexas, que cumpran as condicións establecidas no Anexo III da guía técnica da Comisión Europea.
3. Actividades e activos no marco do réxime de comercio de dereitos de emisión da UE (RCDE) en relación coas cales se prevexa que as emisións de gases de efecto invernadoiro que van provocar non se situarán por baixo dos parámetros de referencia pertinentes. Cando se prevexa que as emisións de gases de efecto invernadoiro provocadas pola actividade subvencionada non van ser significativamente inferiores aos parámetros de referencia, deberá facilitarse unha explicación motivada respecto diso.
4. Compensación dos custos indirectos do RCDE.
5. Actividades relacionadas con entulleiras de residuos e incineradoras, esta exclusión non se aplica ás accións en plantas dedicadas exclusivamente ao tratamento de residuos perigosos non reciclables, nin nas plantas existentes, cando as ditas accións teñan por obxecto aumentar a eficiencia enerxética, capturar os gases de escape para o seu almacenamento ou utilización, ou recuperar materiais das cinzas de incineración, sempre que tales accións non impliquen un aumento da capacidade de tratamento de residuos das plantas ou unha prolongación da súa vida útil; estes pormenores deberán xustificarse documentalmente para cada planta.
6. Actividades relacionadas con plantas de tratamento mecánico-biolóxico, esta exclusión non se aplica ás accións en plantas de tratamento mecánico-biolóxico existentes, cando as ditas accións teñan por obxecto aumentar a súa eficiencia enerxética ou o seu reacondicionamento para operacións de reciclaxe de residuos separados, como a compostaxe e a dixestión anaerobia de biorresiduos, sempre que tales accións non impliquen un aumento da capacidade de tratamento de residuos das plantas ou unha prolongación da súa vida útil; estes pormenores deberán xustificarse documentalmente para cada planta.
7. Actividades nas que a eliminación a longo prazo de residuos poida causar danos ao medioambiente.

E. As actividades que se desenvolven non causan efectos directos sobre o medio ambiente, nin efectos indirectos primarios en todo o seu ciclo de vida, entendendo como



tales aqueles que puidesen materializarse tras a súa finalización, unha vez realizada a actividade.

O incumprimento dalgún dos requisitos establecidos na presente declaración dará lugar á obrigação de devolver as cantidades percibidas e os xuros de demora correspondentes.

Sinatura da persoa solicitante ou representante

Lugar e data"

27.- Aprobación do convenio de colaboración entre a Deputación Provincial da Coruña e a Axencia de Turismo de Galicia, para a execución do "Plan de sustentabilidade turística os Fogóns do Anllóns" no marco do Plan de Recuperación, Transformación, e Resiliencia, financiado pola Unión Europea-Next GenerationEU

VOTACIÓN

Votan a favor: 31 deputados/as (14 do PP, 10 do PSOE, 6 do BNG e 1 de Alternativa dos Veciños).

Votan en contra: ningún/ha deputado/a

Abstéñense: ningún/ha deputado/a

ACORDO

O Pleno, por unanimidade, acorda:

"1º Aprobar o texto do convenio de colaboración a subscribir entre a Deputación Provincial da Coruña e a AXENCIA DE TURISMO DE GALICIA, con CIF Q1500394J, para a execución do "**PLAN DE SUSTENTABILIDADE TURÍSTICA OS FOGÓNS DO ANLLÓNS**" no marco do Plan de Recuperación, Transformación, e Resiliencia, financiado pola Unión Europea-Next GenerationEU

2º O aporte provincial previsto no convenio, para a execución dos eixos incluídos no orzamento do mesmo, ascende a un total de 1.500.000,00 euros, aporte que será financiado nunha porcentaxe do 100% mediante achega da Axencia de Turismo de Galicia no marco do reparto dos recursos financeiros do Plan de Recuperación Transformación e Resiliencia que instrumenta a execución dos recursos do Fondo Europeo de Recuperación; en particular, no Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia (PRTR), como parte do Compoñente 14, incluíuse a liña de investimento de Transformación do modelo turístico cara á sustentabilidade, que inclúe o Programa de Plans de Sustentabilidade Turística en Destinos como submedida 2 do investimento 1 (C14.I1), en tanto que mecanismo de actuación cooperada entre os tres niveles da Administración.

3º O aporte provincial poderá facerse efectivo, de acordo coas previsións e requisitos fixados no convenio, con cargo á partida orzamentaria procedente.

4º O cumprimento da presente proposta de convenio queda condicionada ao ingreso da achega da Axencia de Turismo de Galicia no prazo dun mes desde a sinatura do mesmo; a devandita achega motivará a dotación orzamentaria por parte da Deputación para o financiamento das liñas do proxecto para o que se tramitará o oportuno expediente de xeración de crédito.



5º Designar como parte interveniente e asinante do convenio, en virtude da delegación de atribucións do Presidente en deputados membros da Xunta de Goberno recollida na Resolución 2023/29343 de 24/07/2023, a Don Xosé Regueira Varela, Vicepresidente e Deputado de Promoción Turística, Artesanía, Comercio e Cadea Agroalimentaria.

6º Designar ao Deputado de Promoción Turística, Artesanía, Comercio e Cadea Agroalimentaria, Don Xosé Regueira Varela, como representante da Deputación da Coruña na Comisión de Seguimento.

O texto íntegro do convenio é o seguinte:

CONVENIO ENTRE A AXENCIA TURISMO DE GALICIA E A DEPUTACIÓN DA CORUÑA PARA A EXECUCIÓN DO PLAN DE SUSTENTABILIDADE TURÍSTICA OS FOGÓNS DO ANLLÓNS NO MARCO DO PLAN DE RECUPERACIÓN, TRANSFORMACIÓN E RESILIENCIA, FINANCIADO POLA UNIÓN EUROPEA-NEXTGENERATION EU

Santiago de Compostela,

REUNIDOS

Por unha banda, D. José Manuel Merelles Remy, director da Axencia de Turismo de Galicia, en virtude do nomeamento efectuado polo Decreto 100/2023, do 29 de xuño (DOG núm. 124, do 30 de xuño), e conforme ás facultades que lle confire o apartado dous da disposición adicional segunda do Decreto 108/2022, do 16 de xuño, de estrutura orgánica dos órganos superiores e de dirección dependentes da Presidencia da Xunta de Galicia (DOG núm. 117, do 20 de xuño), que desconcentra no titular da Dirección da Axencia a competencia para subscribir convenios de colaboración no seu respectivo ámbito competencial, de acordo co previsto no artigo 15.2.c) dos estatutos da Axencia Turismo de Galicia, aprobados polo Decreto 196/2012, do 27 de setembro (DOG núm. 193, do 9 de outubro).

E da outra, D. Xosé Regueira Varela, Vicepresidente da Deputación Provincial da Coruña e Deputado de Promoción Turística, Artesanía, Comercio e Cadea Agroalimentaria, (CIF P1500000C), que actúa en nome e representación de aquela por delegación de atribucións do Presidente en deputados membros da Xunta de Goberno recollida na Resolución de Presidencia 2023/29343 de 24/07/2023, e en virtude do contemplado nos artigos 34.2 y 35.3 da Ley 7/1985, do 2 de abril, reguladora das Bases de Réxime Local (LBRL) e os artigos 40.3, 41 e 42 del Regulamento Orgánico da Deputación Provincial da Coruña (RODC), concordantes cos artigos 63.3, 64 e 65 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, aprobado por Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro (ROF)

As partes comparecen na representación que ostentan das súas respectivas institucións, recoñecendo de modo recíproco capacidade para formalizar o presente convenio e, para ese efecto,

EXPOÑEN

1. O 21 de xullo de 2020, o Consello Europeo adoptou as Conclusións sobre o Plan de Recuperación e o marco financeiro plurianual para 2021-2027. Estas medidas xuntan o marco financeiro plurianual (MFP) para 2021-2027, reforzando a posta en marcha dun Instrumento Europeo de Recuperación («NextGenerationEU»), cuxo elemento central é o



Mecanismo de Recuperación e Resiliencia, establecido polo Regulamento (UE) 2021/241 do Parlamento Europeo e do Consello, do 12 de febreiro de 2021.

A instrumentación da execución dos recursos financeiros do Fondo Europeo de Recuperación realizarase a través do Plan de Recuperación Transformación e Resiliencia, aprobado por Acordo do Consello de Ministros do 27 de abril de 2021, e de conformidade co establecido pola Decisión de Execución do Consello relativa a aprobación da avaliación do plan de recuperación e resiliencia de España (Council Implementing Decision - CID), do 13 de xullo de 2021.

O Goberno de España ditou o Real Decreto-lei 36/2020, do 30 de decembro, polo que se aproban medidas urxentes para a modernización da Administración Pública e para a execución do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia e as Ordes HFP/1030/2021, do 29 de setembro, pola que se configura o sistema de xestión do Plan de

Recuperación, Transformación e Resiliencia e HFP/1031/2021, do 29 de setembro, pola que se establece o procedemento e formato da información para proporcionar polas Entidades do Sector Público Estatal, Autonómico e Local para o seguimento do cumprimento de fitos e obxectivos e de execución orzamentaria e contable das medidas dos compoñentes do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia.

2. No Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia (PRTR), como parte do Compoñente 14, incluíuse a liña de investimento de Transformación do modelo turístico cara á sustentabilidade, que inclúe o Programa de Plans de Sustentabilidade Turística en Destinos como submedida 2 do investimento 1 (C14.I1), en tanto que mecanismo de actuación cooperada entre os tres niveis da Administración. Este programa financia proxectos cuxos créditos serán obxecto de territorialización.

Ademais, con base na Estratexia de Sustentabilidade Turística en Destinos, fixa as condicións de participación das comunidades autónomas e as entidades locais, os ámbitos de aplicación, os limiares mínimos de investimento, o procedemento de presentación das propostas e as regras para a súa aprobación, execución e xustificación.

Os Plans Territoriais elabóranse mediante un proceso participativo e de colaboración entre as tres administracións públicas competentes e os diferentes actores públicos e privados do ecosistema turístico do destino.

O obxectivo perseguido relativo á liña de investimento C14.I1 é implementar actuacións de impulso da sustentabilidade turística contempladas na submedida 2, os Plans de Sustentabilidade Turística en Destinos, na súa tripla vertente: ambiental, socioeconómica e territorial, a fin de beneficiar aos destinos turísticos, aos axentes sociais e aos operadores privados do sector.

3. De acordo ao procedemento establecido na Estratexia de Sustentabilidade Turística en Destino, aprobada na Conferencia Sectorial do 28 de xullo de 2021, a Axencia de Turismo de Galicia elaborou o Plan Territorial de Sustentabilidade Turística en Destino (PSTD) da Deputación da Coruña que a continuación se enuncia.

Tras a apertura da convocatoria e a remisión dos PSTD no prazo establecido, as propostas de PSTD e de Actuacións de Cohesión entre Destinos (ACD) foron valoradas por parte das comunidades autónomas e da Secretaría de Estado de Turismo (SETUR), de acordo a criterios obxectivos establecidos na propia Estratexia.



Posteriormente, a Axencia de Turismo de Galicia e SETUR compartiron en sesión formalmente convocada o 5 de novembro de 2021 do Comité Consultivo formado por dous representantes da Axencia de Turismo de Galicia, dous representantes de SETUR e unha representante da FEGAMP as valoracións das intervencións propostas para esta convocatoria 2021. Na devandita reunión, presentouse un informe que contiña o listado de todos os PSTD recibidos, as ACD, e as puntuacións asignadas a cada unha desas intervencións. A esta Convocatoria do Comité Consultivo convidouse con voz, pero sen voto, a un representante de cada destino urbano ou cidade con identidade turística que presentaran PSTD a esa convocatoria.

Finalmente, elaborouse a proposta de Plan Territorial de Galicia que inclúe os PSTD e ACD que, obtendo unha nota superior a 70 sobre 100 con base nos criterios de valoración recollidos, encaixaban mellor na planificación turística territorial atendendo ao marco da repartición orzamentaria asignada para 2021 á Comunidade Autónoma de Galicia, tendo en conta a súa contribución á cohesión territorial e detallando a súa xustificación e coherencia, tanto no que se refire á interrelación do conxunto de intervencións (PSTD e ACD), como ás sinerxías e aliñación de cada unha das intervencións coas estratexias de turismo a nivel autonómico e estatais, así como cos obxectivos xerais e específicos da Estratexia.

4. A Resolución do 19 de decembro de 2022, da Secretaría de Estado de Turismo, pola que se publica o Acordo da Conferencia Sectorial de Turismo do 14 de decembro de 2022, polo que se fixan os criterios de distribución, e a repartición resultante para as comunidades autónomas, do crédito destinado ao financiamento de actuacións de investimento por parte de entidades locais, no marco do Compoñente 14 Inversión 1 do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia, establece que a Conferencia Sectorial de Turismo, na súa reunión do día 28 de xullo de 2021, ratificou a aprobación da Estratexia de Sustentabilidade Turística en Destino, marco do Programa de Sustentabilidade Turística en Destinos. A Estratexia se instrumenta ao redor de Programas de Plans de Sustentabilidade Turística en Destinos nos que participan os tres niveles de administracións turísticas; administración xeral do Estado, comunidades ou cidades autónomas e entidades locais.

Con data de 29 de marzo de 2022 acordouse no seo da Conferencia sectorial de Turismo o lanzamento da Convocatoria extraordinaria correspondente ao exercicio 2022, que permitiu a presentación de propostas a entidades locais e comunidades autónomas, para logo proceder á configuración dos Plans Territoriais, que permiten configurar en cada territorio e destino unha resposta ante os retos da sustentabilidade turística, no exercicio das súas competencias en materia de ordenación do turismo e nos ámbitos da transición verde, a transición dixital, e a competitividade dos destinos.

Os criterios de distribución referidos, incluídos na Estratexia de Sustentabilidade Turística en Destino, foron sometidos a votación das comunidades autónomas e aprobados por unanimidade na Conferencia Sectorial celebrada o 28 de xullo de 2021. En función das puntuacións e da súa proporción sobre o total, determínase a asignación máxima de recursos para o ano 2022.

No caso do Plan Nacional de Turismo Enogastronómico 2022, a distribución dos fondos realizouse en base a un indicador sintético que ponderou, en primeiro lugar, a puntuación do plan respectando os limiares mínimos de investimento establecidos na Estratexia de Sustentabilidade (ver apartado 8.2.1) e, en segundo lugar, o peso que a CC. AA. tiña na distribución do Plan Nacional 2021 coa finalidade de contribuír ao principio de cohesión territorial que ten a Estratexia.



O Acordo da Conferencia Sectorial do 14 de decembro de 2022, tendo en conta os criterios de distribución aprobados, indica que corresponden á Comunidade Autónoma de Galicia un total de 31.900.000 € do plan territorial máis 2.675.400 € do plan nacional.

5. Que a Comunidade Autónoma de Galicia, en virtude da competencia exclusiva en materia de turismo, atribuída polo artigo 27.21 do seu Estatuto de Autonomía, aprobado pola Lei Orgánica do 6 de abril de 1981, desenvolveu, así mesmo no exercicio das súas competencias, diferentes actuacións coa finalidade de mellorar a situación turística da provincia promovendo plans, programas e normas para a modernización e adecuación da industria turística ás tendencias da demanda.

A Axencia de Turismo de Galicia é a entidade pública instrumental creada polo Decreto 196/2012, do 27 de setembro (DOG núm. 193, do 9 de outubro), como axencia pública autonómica, co obxectivo de impulsar, coordinar e xestionar a política autonómica en materia de turismo e, en especial, a promoción e a ordenación do turismo dentro da comunidade.

6. Conforme se indica no apartado 8.1.1 da Estratexia, o ente xestor dos PSTD debe ser unha entidade local de entre as previstas no artigo 3 da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local:

- O Municipio.
- A Provincia.
- A Illa nos arquipélagos balear e canario.
- As Comarcas ou outras entidades que agrupen varios Municipios, constituídas polas Comunidades Autónomas de conformidade con esta Lei e os correspondentes Estatutos de Autonomía.
- As Áreas metropolitanas.
- As Mancomunidades de Municipios.

Igualmente, as comunidades autónomas poderán establecer como xestores dos PSTD a outras fórmulas de asociacións de municipios recollidas na súa normativa autonómica como, por exemplo, os consorcios turísticos ou os grupos de acción local.

As entidades locais son as unidades básicas que constitúen os destinos e as responsables da maioría dos parámetros que inflúen na elección dos turistas, así como dos determinantes da competitividade e sustentabilidade do modelo. As entidades locais teñen competencias para a ordenación urbanística, o transporte, a mobilidade, a creación de equipamentos para o turismo, a ordenación de actividades no seu municipio, o abastecemento e depuración de augas, o uso das praias, as licenzas de actividades turísticas, as servidumes de uso público, etc. Por tanto, se se quere asegurar a sustentabilidade en sentido amplo do modelo turístico español, débese actuar fundamentalmente nos destinos turísticos.

7. A Deputación da Coruña concorreu á convocatoria extraordinaria de Plans Territoriais de Sustentabilidade Turística en Destino, presentando un proxecto baixo o título de "PSTD– Os fogóns do Anllóns" sendo unha das categorías de destino recollidas na convocatoria e establecendo o investimento mínimo por eixes que recolle a convocatoria. Incluindo as seguintes actuacións: recuperación da barreira do río Anllóns para mellorar as condicións do marisqueo, rede de miradoiros no río Anllóns, eliminación de flora invasora no leito do río, implantación e prácticas de economía circular para o sector turístico (manual de economía circular e axudas compostaxe), recuperación de praias fluviais (Gabenlle en

Laracha, Verdes, Coristanco, etc.), aparcamentos disuasorios en espazos próximos ó río Anllóns, ampliación proxecto cicloturístico na senda do río Anllóns (axudas ó sector



público e privado), programa para a eficiencia enerxética en pemes turísticas (diagnóstico enerxético a restaurantes e aloxamentos), sendeiros do Anllóns con especial atención ós muíños existentes no sendeiro, proxecto de realidade aumentada e códigos QR gastronomía do Anllóns, monitorización mediante sensorización para xestión de alertas temperás de inundacións e medición de calidade da auga, "As cociñas do Anllóns 365". Receitario, web, app, redes, creación de contidos, embelecemento de restaurantes (apoios a establecementos para a mellora das instalacións, mobiliarios e utensilios), laboratorio de cociña. Creación do centro experiencial de gastronomía local nos mercados, formación e capacitación do sector (produtores autóctonos, recursos e atractivos do destino, técnicas de innovación, xestión, etc), creación de produtos turísticos paquetizables vinculados coa gastronomía (mariscadoras, panadeiros, conservas, produtores agrícolas, etc), manual do investidor e identidade de "As Cociñas do Anllóns", asistencia técnica e avaliación de resultados e análise do impacto do PSTD Os Fogóns do Anllóns.

A dita proposta de Plan foi valorada tanto pola Axencia de Turismo de Galicia, como por SETUR, obtendo unha nota superior a 70 sobre 100 en base aos criterios de valoración e por iso, sendo aprobado e formando parte do plan Territorial de Sustentabilidade Turística de Galicia.

8. Para facer efectiva esta transferencia de fondos, faise necesario recorrer aos mecanismos do anticipo reembolsable e ao mecanismo excepcional que o artigo 10 do Real Decreto-ley 25/2020, de 3 de julio, de medidas urgentes para apoiar la reactivación económica y el empleo cando concorren evidentes razóns extraordinarias de interese público e social. Circunstancias que se poñen de manifesto nesta iniciativa extraordinaria de carácter singular. A tal fin, as actuacións específicas previstas neste Convenio — execución do Plan de Sustentabilidade Turística en Destino da Deputación da Coruña do Acordo da Conferencia Sectorial de Turismo do 14 de decembro de 2022—, son definidas no Plan Territorial de Sustentabilidade Turística de Galicia e financiadas pola Unión Europea - NextGenerationEU, con cargo aos Fondos Europeos no marco do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia —Compoñente 14— regulado no Regulamento (UE) 2021/241 do Parlamento Europeo e do Consello, do 12 de febreiro de 2021. Igualmente evidénciase a concorrencia de dificultades razoables para realizar a concesión delas por medio do procedemento ordinario de convocatoria pública, dada a previsión das entidades beneficiarias concretas e definidas. No Acordo da Conferencia Sectorial de Turismo faise constar o crédito asignado á Comunidade Autónoma de Galicia, 31.900.000 € do plan territorial máis 2.675.400 € do plan nacional, destinados ao financiamento de actuacións de investimento por parte de entidades locais. Así, en relación á Deputación da Coruña, o instrumento de intervención é o PLAN SUSTENTABILIDADE TURÍSTICA EN DESTINO, por un importe de 1.500.000 euros.

9. O Real Decreto-lei 36/2020, do 30 de decembro, prevé unha serie de instrumentos xurídicos para a execución de proxectos con cargo aos Fondos Europeos, entre os cales están os convenios de colaboración. Configurándose, neste caso, como instrumento para canalizar a xestión da subvención directa a favor da Deputación da Coruña, a fin de dar cumprimento aos fitos e obxectivos contidos na Decisión de Execución do Consello relativa á aprobación da avaliación do plan de recuperación e resiliencia de España, así como o financiamento establecido para cada un deles.

O artigo 7.2 do citado Real Decreto-lei 36/2020, do 30 de decembro, establece que “os convenios rexeranse polo establecido na Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público”.

Pola súa banda, o artigo 48.7 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público establece que “cando o convenio instrumento unha subvención deberá cumprir co previsto na Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, e na



normativa autonómica de desenvolvemento que, se for o caso, resulte aplicable”.

Consecuentemente, o réxime xurídico do convenio incardínase a través da figura do Convenio Administrativo previsto no artigo 47.2 a) da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público, suxeito ás previsións contidas no Capítulo VI do Título Preliminar e canalizando a xestión dunha subvención directa a favor da Deputación da Coruña.

En virtude do que antecede, as partes asinantes acordan subscribir o presente convenio conforme ás seguintes

CLÁUSULAS

Primeira.- Obxecto

O presente convenio ten por obxecto articular a colaboración entre as partes asinantes co obxectivo de executar o Plan de Sustentabilidade Turística en Destino (PSTD) da Deputación da Coruña, dentro do Plan Territorial de Sustentabilidade Turística en Destino da Comunidade Autónoma de Galicia, con cargo aos Fondos Europeos procedentes do Mecanismo de Recuperación e Resiliencia, así como o importe necesario para a súa execución.

En concreto, o PSTD obxecto deste convenio enmárcase no Obxectivo 217 da Decisión de Execución do Consello, relativo á adxudicación do orzamento para os Plans de Sustentabilidade Turística en Destinos, así como nos fitos 220, relativo á execución dos Plans de Sustentabilidade Turística en Destinos, e 221, relativo á finalización dos Plans de Sustentabilidade Turística en Destinos.

Segunda.- Natureza

1. A relación de cooperación entre as administracións territoriais participantes articúlase mediante convenios interadministrativos asinados entre tres Administracións Públicas que pertencen á categoría dos regulados nos artigos 47 e seguintes da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público (LRXSP).

Esta relación resulta á súa vez coherente cos artigos 143 e 144 da LRXSP. Tal e como reza o artigo 143, as relacións de cooperación voluntaria entre as Administracións Públicas formalizaranse de maneira expresa por ambas as partes a través dos acordos nos seus órganos de cooperación ou en convenios.

Pola súa banda, o artigo 144 da devandita Lei indica que os convenios e acordos nos que se formalice a cooperación preveranse as condicións e os compromisos que asumen as partes que os subscriben.

Ademais, de acordo co disposto no artigo 57 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, a cooperación económica, técnica e administrativa entre a Administración Local e as Administracións do Estado e das Comunidades Autónomas, desenvolverase con carácter voluntario, mediante os convenios administrativos que subscriban, como o presente. A subscrición de convenios deberá mellorar a eficiencia da xestión pública, eliminar duplicidades administrativas e cumprir coa lexislación de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira.

2. Esta subvención estará sometida ao Regulamento (UE) número 2021/241 do Parlamento Europeo e do Consello, do 12 de febreiro de 2021, polo que se establece o Mecanismo de Recuperación e Resiliencia, así como á normativa interna aplicable á xestión, seguimento e control que se estableza para o Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia en España —Orde HFP/1030/2021, do 29 de setembro, a Orde HFP/1031/2021— e, en especial o Real Decreto-lei 36/2020, do 30 de decembro, polo que se aproban medidas urxentes para a modernización da Administración Pública e



para a execución do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia, cuxa aplicación será de obrigado cumprimento, a Disposición adicional centésima décima segunda da Lei 31/2022, de 23 de decembro, de Orzamentos Xerais do Estado para o ano 2023, a Orde HFP/55/2023, de 24 de xaneiro, relativa a análise sistemática do risco de conflito de interese nos procedementos que executan o Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia e á Lei 6/2022, do 27 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2023, en relación coa execución orzamentaria e contable, xestión das actuacións e proxectos vinculados ao do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia.

3. Adecuación a etiquetas climáticas

I.- O Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia ten que contribuír polo menos nun 37% á transición ecolóxica. Para calcular esa contribución, a Unión Europea definiu un sistema de etiquetaxe común para clasificar as actividades económicas medioambientalmente sostibles. Esta metodoloxía recóllese no Anexo VI do Regulamento do Mecanismo de Recuperación e Resiliencia.

II.- De acordo co previsto na Decisión de Execución do Consello, as actividades recollidas no PSTD contribuirán ao cumprimento dos obxectivos relacionados co cambio climático cun coeficiente climático do 100 % e a aqueles cun coeficiente climático do 40 %, de conformidade co anexo VI do Regulamento (UE) 2021/241 sobre o Mecanismo de Recuperación e Resiliencia.

III.- A medida C14.11, submedida 2, contribúe a reforzar a transición verde e sustentable. As seguintes actuacións deste convenio, encadradas tanto no eixe 1 como 2, están identificadas con etiquetaxe climática 100%:

Recuperación da barreira do río Anllóns para mellorar as condicións do marisqueo	035
Eliminación de flora invasora no leito do río	035
Ampliación do proxecto cicloturístico na senda do río Anllóns (axudas ó sector público e privado)	075
Programa para a eficiencia enerxética en pemes turísticas (diagnostico enerxético a restaurantes e aloxamentos)	024 ter
Sendeiros do Anllóns con especial atención ós muíños existentes no sendeiro	075

035: Medidas de adaptación ó cambio climático e prevención e xestión de riscos relacionados co clima: inundacións (incluídas as accións de sensibilización, a protección civil, os sistemas e infraestruturas de xestión de catástrofes e os enfoques ecosistémicos).

024 ter: Eficiencia enerxética e proxectos de demostración en pemes ou grandes empresas e medidas de apoio conformes cos criterios de eficiencia enerxética.

075: Infraestrutura para bicicletas.

As seguintes actuacións, tamén do eixe 1 e 2, están identificadas con etiquetaxe climática 40%:

Rede de miradoiros no río Anllóns	050
Implantación e prácticas de economía circular para o sector turístico (manual de economía circular e axudas compostaxe)	044
Recuperación de praias fluviais (Gabenlle en Laracha, Verdes, Coristanco, etc.)	050
Aparcamentos disuasorios en espazos próximos ó río Anllóns	050

044: Xestión de residuos comerciais e industriais. Medidas de prevención, minimización, separación, reutilización e reciclado.

050: Protección da natureza e da biodiversidade, patrimonio e recursos naturais, infraestruturas verdes e azuis.



Terceira.- Custo das actuacións e gastos subvencionables

O custo das actuacións previstas no presente convenio cífrase en 1.500.000 euros, que se financiará conforme a seguinte distribución:

PSTD – OS FOGÓNS DO ANLLÓNS						
Eixes programáticos	Actuacións	Anualidade 2023	Anualidade 2024	Anualidade 2025	Total	
Eixe 1. Transición verde e sostible	1	Recuperación da barreira do río Anllóns para mellorar as condicións do marisqueo	0,00 €	50.000,00 €	50.000,00 €	100.000,00 €
	2	Rede de miradoiros no río Anllóns	30.000,00 €	30.000,00 €	0,00 €	60.000,00 €
	3	Eliminación de flora invasora no leito do río	0,00 €	30.000,00 €	30.000,00 €	60.000,00 €
	4	Implantación e prácticas de economía circular para o sector turístico (manual de economía circular e axudas compostaxe)	50.000,00 €	0,00 €	0,00 €	50.000,00 €
	5	Recuperación de praias fluviais (Gabenlle en Laracha, Verdes, Coristanco, etc.)	0,00 €	50.000,00 €	50.000,00 €	100.000,00 €
	Total EIXE 1		80.000,00 €	160.000,00 €	130.000,00 €	370.000,00 €
Eixe 2. Mellora da eficiencia Enerxética	6	Aparcamentos disuasorios en espazos próximos ó río Anllóns	0,00 €	70.000,00 €	80.000,00 €	150.000,00 €
	7	Ampliación proxecto cicloturístico na senda do río Anllóns (axudas ó sector público e privado)	30.000,00 €	30.000,00 €	0,00 €	60.000,00 €
	8	Programa para a eficiencia enerxética en pemes turísticas (diagnóstico enerxético a restaurantes e aloxamentos)	20.000,00 €	20.000,00 €	0,00 €	40.000,00 €
	9	Sendeiros do Anllóns con especial atención ós muíños existentes no sendeiro	50.000,00 €	50.000,00 €	100.000,00 €	200.000,00 €
	Total EIXE 2		100.000,00 €	170.000,00 €	180.000,00 €	450.000,00 €
Eixe 3. Transición dixital	10	Proxecto de realidade aumentada e códigos QR gastronomía do Anllóns	50.000,00 €	0,00 €	0,00 €	50.000,00 €
	11	Monitorización mediante sensorización para xestión de alertas temperás de inundacións e medición de calidade da auga	0,00 €	105.000,00 €	0,00 €	105.000,00 €
	12	"As cociñas do Anllóns 365". Receptario, web, app, redes, creación de contidos	75.000,00 €	0,00 €	0,00 €	75.000,00 €
	Total EIXE 3		125.000,00 €	105.000,00 €	0,00 €	230.000,00 €
Eixe 4. Competitividade	13	Embelecemento de restaurantes (apoios a establecementos para a mellora das instalacións, mobiliarios e utensilios)	60.000,00 €	80.000,00 €	60.000,00 €	200.000,00 €
	14	Laboratorio de cociña. Creación do centro experiencial de gastronomía local nos mercados	10.000,00 €	10.000,00 €	10.000,00 €	30.000,00 €
	15	Formación e capacitación do sector (produtores autóctonos, recursos e atractivos do destino, técnicas de innovación, xestión, etc)	10.000,00 €	10.000,00 €	5.000,00 €	25.000,00 €
	16	Creación de produtos turísticos paquetizables vinculados coa gastronomía (mariscadoras, panadeiros, conservas, produtores agrícolas, etc)	60.000,00 €	0,00 €	0,00 €	60.000,00 €
	17	Manual do investidor e identidade de "As Cociñas do Anllóns"	15.000,00 €	15.000,00 €	15.000,00 €	45.000,00 €
	18	Asistencia técnica	20.000,00 €	20.000,00 €	20.000,00 €	60.000,00 €
	19	Avaliación de resultados e análise do impacto do PSTD Os Fogóns do Anllóns	10.000,00 €	10.000,00 €	10.000,00 €	30.000,00 €
	Total EIXE 4		185.000,00 €	145.000,00 €	120.000,00 €	450.000,00 €
Total		490.000,00 €	580.000,00 €	430.000,00 €	1.500.000,00 €	



Para garantir a execución dos proxectos e evitar a posible perda de recursos comunitarios asignados á Axencia de Turismo de Galicia, esta anticipará á Deputación da Coruña o importe correspondente ao financiamento deste convenio. Por unha banda anticiparase a anualidade corrente e por outra o anticipo reembolsable correspondente anualidade 2024 e 2025.

As condicións do anticipo reembolsable son as descritas na cláusula sétima. O importe do anticipo transferirase á deputación no prazo máximo dun mes desde a sinatura do convenio.

A achega da Axencia de Turismo de Galicia efectuarase do seguinte xeito:

O anticipo da anualidade corrente con cargo á aplicación orzamentaria 04 A2 761A 7600 CP 2022 0001 «Reforzo do Turismo Sostible», por un importe de 490.000,00 € conforme ao establecido polo artigo 10 do Real Decreto-Lei 25/2020, do 3 de xullo.

O anticipo das anualidades 2024 e 2025 con cargo á aplicación orzamentaria 04.A2.761A.821.06, proxecto 2022 00001, por un importe de 580.000,00 € para a anualidade 2024 e 430.000,00 € para anualidade 2025.

Conforme ao artigo 65.4.c) do Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a Deputación queda exonerada da constitución de garantía

A entidade local autoriza á comunidade autónoma a obter de forma directa, para os efectos do presente convenio, a acreditación de que a entidade local atópase ao corrente nas súas obrigacións tributarias e coa seguridade social.

Calquera cambio que se realice nas accións descritas, requirirá a conformidade e aprobación da Axencia de Turismo de Galicia para a súa realización.

As actuacións contidas no PSTD da Deputación da Coruña financiaranse con fondos da Unión Europea-NextGenerationEU polo Mecanismo de Recuperación e Resiliencia da Unión Europea, establecido no Regulamento (UE) 2020/241 do Parlamento Europeo e do Consello, do 12 de febreiro de 2021.

Entenderanse como gastos financiáveis todos aqueles que de maneira indubitada respondan á natureza da actividade, destínanse a alcanzar o fito 221 mediante a realización de actividades e resulten estritamente necesarios e realícense dentro do prazo establecido no presente convenio. Así mesmo considéranse custos financiáveis:

- a) As contratacións externas de enxeñería, seguimento e obra civil.
- b) Os contratos de compra de equipos, incluíndo equipamento tecnolóxico e equipos informáticos, relacionados coas actuacións financiáveis.
- c) A adquisición de licenzas de software de carácter especializado e destinado exclusivamente á actuación e que posibilite a utilización adecuada do equipamento adquirido.
- d) As contratacións externas de consultoría, que leven a cabo dentro da actuación obxecto da subvención como parte da mesma. Os estudos de viabilidade e de enxeñería de detalle serán subvencionables sempre que sexan necesarios para a realización da actuación. Poderán realizarse con anterioridade á data de elixibilidade, pero nese caso, o



seu custo non sería elixible.

e) As contratacións externas para traballos de asesoramento legal, notaría, asesoramento técnico ou financeiro contabilidade ou auditoría, se están directamente ligados ao proxecto e son necesarios para a súa preparación ou desenvolvemento, a condición de que fosen contemplados no orzamento.

Segundo o artigo 31.8 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, General de Subvenciones, os tributos son gasto subvencionable cando o beneficiario da subvención os abona efectivamente. En ningún caso se consideran gastos subvencionables os impostos indirectos cando sexan susceptibles de recuperación ou compensación nin os impostos persoais sobre a renda.

Así mesmo, non se considerarán custos financiáveis:

- Autorizacións administrativas, licenzas, permisos, custo de avais e/ou fianzas e multas.
- Calquera gasto asociado a xestións, contratacións, consultas ou trámites administrativos, aínda sendo necesarios para a obtención de permisos ou licenzas.
- Seguros subscritos polo solicitante.
- A vixilancia e seguridade durante a execución da obra ata a data de posta en marcha.
- Calquera custo financeiro.
- Custos asociados a sancións penais, así como gastos de procedementos xudiciais.
- Licenzas destinadas a sistemas operativos e aplicacións ofimáticas.
- Calquera gasto de operación e mantemento das actuacións ou gastos propios da administración.

Os gastos acreditaranse mediante facturas e demais documentos de valor probatorio equivalente, con validez no tráfico xurídico mercantil ou eficacia administrativa.

Os gastos subvencionables comprenden, en todo caso, os efectuados en relación ao PSTD realizados pola entidade beneficiaria desde o 1 de xaneiro de 2023.

Cuarta.- Obrigas da Axencia de Turismo de Galicia

1.- A Axencia de Turismo de Galicia no exercicio das súas competencias e en virtude do Acordo da Conferencia Sectorial de Turismo do 21 de decembro de 2021, polo que se fixan os criterios de distribución, así como a repartición resultante para as comunidades autónomas, do crédito destinado ao financiamento de actuacións de investimento por parte de entidades locais no marco do Compoñente 14 Investimento 1 do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia, achegará en 2023 á entidade local beneficiaria a cantidade de 1.500.000 € con cargo ás aplicacións orzamentarias 04 A2 761A 7600 CP 2022 0001 e 04.A2.761A.821.06 e segundo o establecido na cláusula terceira.

2.- A Comunidade Autónoma de Galicia deberá xustificar o cumprimento da finalidade para a que se concedeu a transferencia e a aplicación dos fondos percibidos ante a Secretaría de

Estado de Turismo. Para iso, velará por que os proxectos adxudicados sexan executados conforme aos requisitos esixibles.

Igualmente, cumprirá as instrucións que tanto a Secretaría de Estado de Turismo como



calquera órgano ou autoridade competente lle dirixa en aplicación de calquera normativa, tanto europea como nacional, que puidese aprobarse para a execución ou xestión tanto do Mecanismo Europeo de Recuperación como do PRTR.


Ao obxecto de garantir a imparcialidade no procedemento de subvención arriba referenciado, a abaixo asinante, como participante no proceso de preparación e tramitación do expediente, declara:

Primeiro. Estar informada do seguinte:

1. Que o artigo 61.3 «Conflito de intereses», do Regulamento (UE, Euratom) 2018/1046 do Parlamento Europeo e do Consello, do 18 de xullo (Regulamento financeiro da UE) establece que «existirá conflito de intereses cando o exercicio imparcial e obxectivo das funcións se vexa comprometido por razóns familiares, afectivas, de afinidade política ou nacional, de interese económico ou por calquera motivo directo ou indirecto de interese persoal».

2. Que o artigo 64 «Loita contra a corrupción e prevención dos conflitos de intereses» da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014, define o conflito de interese como «calquera situación na que o persoal ao servizo do órgano de contratación, que ademais participe no desenvolvemento do procedemento de licitación ou poida influír no resultado deste, teña directa ou indirectamente un interese financeiro, económico ou persoal que puidese parecer que compromete a súa imparcialidade e independencia no contexto do procedemento de licitación».

3. Que o apartado 3 da disposición adicional centésima décima segunda da Lei 31/2022, do 23 de decembro, de orzamentos xerais do Estado para 2023, establece que «A análise sistemática e automatizada do risco de conflito de interese resulta de aplicación aos empregados públicos e resto de persoal ao servizo de entidades decisoras, executoras e instrumentais que participen, de forma individual ou mediante a súa pertenza a órganos colexiados, nos procedementos descritos de adxudicación de contratos ou de concesión de subvencións».



4. Que o apartado 4 da citada disposición adicional centésima décima segunda establece que:

– «A través da ferramenta informática analizaranse as posibles relacións familiares ou vinculacións societarias, directas ou indirectas, nas que se poida dar un interese persoal ou económico susceptible de provocar un conflito de interese, entre as persoas ás que se refire o apartado anterior e os participantes en cada procedemento».

– «Para a identificación das relacións ou vinculacións a ferramenta conterá, entre outros, os datos de titularidade real das persoas xurídicas ás que se refire o artigo 22.2.d).iii) do Regulamento (UE) 241/2021, de 12 febreiro, obrantes nas bases de datos da Axencia Estatal de Administración Tributaria e os obtidos a través dos convenios subscritos cos Colexios de Notarios e Rexistradores»

Segundo. Que, no momento da sinatura desta declaración e á luz da información obrante no seu poder, non se atopa incurso en ningunha situación que poida cualificarse de conflito de interese, nos termos previstos no apartado catro da disposición adicional centésima décima segunda, que poida afectar ao procedemento de licitación/concesión de subvencións.

Terceiro. Que se compromete a poñer en coñecemento do órgano de contratación/comisión de avaliación, sen dilación, calquera situación de conflito de intereses puidese coñecer e producirse en calquera momento do procedemento en curso.

Cuarto. Que coñece que, unha declaración de ausencia de conflito de intereses que se demostre que sexa falsa, carrexará as consecuencias disciplinarias/administrativas/xudiciais que estableza a normativa de aplicación.

(Data e firma, nome completo e DNI)

B. Modelo de declaración de cesión e tratamento de datos en relación coa execución de actuacións do plan de recuperación, transformación e resiliencia (PRTR).

Don/Dona, DNI, como da entidade, con NIF....., e domicilio fiscal en beneficiaria de axudas financiadas con recursos provenientes do PRTR/ que participa como contratista/subcontratista no desenvolvemento de actuacións necesarias para a consecución dos obxectivos definidos no Compoñente XX «.....», declara coñecer a normativa que é de aplicación, en particular os seguintes apartados do artigo 22, do Regulamento (UE) 2021/241 do Parlamento Europeo e do Consello, do 12 de febreiro de 2021, polo que se establece o Mecanismo de Recuperación e Resiliencia:

1. A letra d) do apartado 2: «solicitar, a efectos de auditoría e control do uso de fondos en relación coas medidas destinadas á execución de reformas e proxectos de investimento no marco do plan de recuperación e resiliencia, nun formato electrónico que permita realizar procuras e nunha base de datos única, as categorías harmonizadas de datos



seguintes:

- i. O nome do perceptor final dos fondos;
- ii. O nome do contratista e do subcontratista, cando o perceptor final dos fondos sexa un poder adxudicador de conformidade co Dereito da Unión ou nacional en materia de contratación pública;
- iii. Os nomes, apelidos e datas de nacemento dos titulares reais do perceptor dos fondos ou do contratista, segundo defínese no artigo 3, punto 6, da Directiva (UE) 2015/849 do Parlamento Europeo e do Consello (26);
- iv. Unha lista de medidas para a execución de reformas e proxectos de investimento no marco do plan de recuperación e resiliencia, xunto co importe total do financiamento público de ditas medidas e que indique a contía dos fondos desembolsados no marco do Mecanismo e doutros fondos da Unión».

2. Apartado 3: «Os datos persoais mencionados no apartado 2, letra d), do presente artigo só serán tratados polos Estados membros e pola Comisión para os efectos e duración da correspondente auditoría da aprobación da xestión orzamentaria e dos procedementos de control relacionados coa utilización dos fondos relacionados coa aplicación dos acordos a que se refiren os artigos 15, apartado 2, e 23, apartado 1. No marco do procedemento de aprobación da xestión da Comisión, de conformidade co artigo 319 do TFUE, o Mecanismo estará suxeito á presentación de informes no marco da información financeira e de rendición de contas integrada a que se refire o artigo 247 do Regulamento Financeiro e, en particular, por separado, no informe anual de xestión e rendemento».

Conforme ao marco xurídico exposto, manifesta acceder á cesión e tratamento dos datos cos fins expresamente relacionados nos artigos citados.

....., XX de de 202X

Asdo.

Cargo:

C. Modelo declaración de compromiso en relación coa execución de actuacións do plan de recuperación, transformación e resiliencia (PRTR)

Don/Dona con DNI, como titular do órgano// da entidade con NIF e domicilio fiscal en

.....na condición de órgano responsable/ órgano xestor/ beneficiaria de axudas financiadas con recursos provenientes do PRTR/ que participa como contratista/ente destinatario do encargo/subcontratista, no desenvolvemento de actuacións necesarias para a consecución dos obxectivos definidos no Compoñente XX «.....», manifesta o compromiso da persoa/entidade que representa cos estándares máis esixentes en relación co cumprimento das normas xurídicas, éticas e morais, adoptando as medidas necesarias para previr e detectar a fraude, a corrupción e os conflitos de interese, comunicando no seu caso ás autoridades que proceda os incumprimentos observados.

Adicionalmente, atendendo ao contido do PRTR, comprométese a respectar os principios de economía circular e evitar impactos negativos significativos no medio ambiente



(«DNSH» polas súas siglas en inglés «do no significant harm») na execución das actuacións levadas a cabo no marco do devandito Plan, e manifesta que non incorre en dobre financiamento e que, no seu caso, non lle consta risco de incompatibilidade co réxime de axudas de Estado., XX de de 202X
 Asdo.
 Cargo:

D. Declaración responsable do cumprimento do principio de non causar dano significativo aos seis obxectivos ambientais no sentido do artigo 17 do regulamento (UE) 2020/852, do 18 de xuño (principio do no significant harm – dnsH).

Información sobre a actuación no plan de recuperación.

Identificación da actuación.

Compoñente do PRTR ao que pertence a actividade.

Compoñente 14. Modernización e competitividade do sector turístico

Medida (reforma ou investimento) do compoñente PRTR ao que pertence a actividade, indicando no seu caso, a submedida.

Investimento 1: transformación do modelo turístico cara a sustentabilidade.

Submedida 2: plans de sustentabilidade turística.

Etiquetaxe climática e ambiental asignado á medida (reforma ou investimento) ou, no seu caso, á submedida do PRTR (anexo VI, regulamento 2021/241).

As seguintes actuacións perseguen un recoñecemento da súa contribución a obxectivos climáticos do 100% :

Recuperación da barreira do río Anllóns para mellorar as condicións do marisqueo	035
Eliminación de flora invasora no leito do río	035
Ampliación do proxecto cicloturístico na senda do río Anllóns (axudas ó sector público e privado)	075
Programa para a eficiencia enerxética en pemes turísticas (diagnostico enerxético a restaurantes e aloxamentos)	024 ter
Sendeiros do Anllóns con especial atención ós muíños existentes no sendeiro	075

As seguintes actuacións perseguen un recoñecemento da súa contribución a obxectivos climáticos do 40%:

Rede de miradoiros no río Anllóns	050
Implantación e prácticas de economía circular para o sector turístico (manual de economía circular e axudas compostaxe)	044
Recuperación de praias fluviais (Gabenlle en Laracha, Verdes, Coristanco, etc.)	050
Aparcamentos disuasorios en espazos próximos ó río Anllóns	050

Datos da persoa solicitante:

Nome/razón social



Primeiro apelido
Segundo apelido
Nif

E, na súa representación (deberá acreditarse a representación fidedigna por calquera medio válido en dereito)

Nome
Primeiro apelido
Segundo apelido
Nif

A persoa solicitante ou representante declara:

Que presentou solicitude á actuación arriba indicada para o proxecto denominado:

E este cumpre o seguinte:

A. As actividades que se desenvolven nel non ocasionan un prexuízo significativo aos seguintes obxectivos ambientais, segundo o artigo 17 do regulamento (UE) 2020/852 relativo ao establecemento de un marco para facilitar os investimentos sustentables mediante a implantación de un sistema de clasificación (ou «taxonomía») das actividades económicas medioambientalmente sustentables:

1. Mitigación do cambio climático.
2. Adaptación ao cambio climático.
3. Uso sustentable e protección de os recursos hídricos e mariños.
4. Economía circular, incluídos a prevención e a reciclaxe de residuos.
5. Prevención e control da contaminación a atmosfera, a auga ou o chan.
6. Protección e restauración da biodiversidade e os ecosistemas.

B. As actividades adecúanse, no seu caso, ás características e condicións fixadas para a medida e submedida do compoñente e reflectidas no plan de recuperación, transformación e resiliencia, e para o caso de actuacións que impliquen rehabilitación, equipamentos, Infraestruturas, o establecido na cláusula sexta.

Destacando:

1. A redución do consumo de enerxía primaria non renovable.
2. A mellora da adaptación dos destinos turísticos e as empresas que as conforman ás estratexias de economía circular, a redución do consumo de recursos hídricos e a protección dos recursos naturais, en especial os mariños.
3. Diminuír a presión da actividade turística sobre o territorio sobre a base da sustentabilidade.

C. As actividades que se desenvolven no proxecto cumprirán a normativa ambiental vixente que resulte de aplicación.

Entre outras:

- Directiva (UE) 2018/844 relativa á eficacia enerxética dos edificios;
- Lei 21/2013 de avaliación de impacto ambiental.

D. As actividades que se desenvolven non están excluídas para o seu financiamento polo Plan conforme a Guía técnica sobre a aplicación do principio de «non causar un prexuízo significativo» en virtude do Regulamento relativo ao Mecanismo de recuperación e resiliencia (2021/C 58/01) 2 , á proposta de Decisión de execución do Consello relativa á aprobación da avaliación do Plan de recuperación e resiliencia de España e ao seu correspondente anexo.



As actividades excluídas son:

1. Construción de refinerías de cru, centrais térmicas de carbón e proxectos que impliquen a extracción de petróleo ou gas natural, debido ao prexuízo ao obxectivo de mitigación do cambio climático.
2. Actividades relacionadas cos combustibles fósiles, incluída a súa utilización ulterior, excepto os proxectos relacionados coa xeración de electricidade e/ou calor utilizando gas natural, así como coa infraestrutura de transporte e distribución conexas, que cumpran as condicións establecidas no Anexo III da guía técnica da Comisión Europea.
3. Actividades e activos no marco do réxime de comercio de dereitos de emisión da UE (RCDE) en relación coas cales se prevexa que as emisións de gases de efecto invernadoiro que van provocar non se situarán por baixo dos parámetros de referencia pertinentes. Cando se prevexa que as emisións de gases de efecto invernadoiro provocadas pola actividade subvencionada non van ser significativamente inferiores aos parámetros de referencia, deberá facilitarse unha explicación motivada respecto diso.
4. Compensación dos custos indirectos do RCDE.
5. Actividades relacionadas con entulleiras de residuos e incineradoras, esta exclusión non se aplica ás accións en plantas dedicadas exclusivamente ao tratamento de residuos perigosos non reciclables, nin nas plantas existentes, cando as ditas accións teñan por obxecto aumentar a eficiencia enerxética, capturar os gases de escape para o seu almacenamento ou utilización, ou recuperar materiais das cinzas de incineración, sempre que tales accións non impliquen un aumento da capacidade de tratamento de residuos das plantas ou unha prolongación da súa vida útil; estes pormenores deberán xustificarse documentalmente para cada planta.
6. Actividades relacionadas con plantas de tratamento mecánico-biolóxico, esta exclusión non se aplica ás accións en plantas de tratamento mecánico-biolóxico existentes, cando as ditas accións teñan por obxecto aumentar a súa eficiencia enerxética ou o seu reacondicionamento para operacións de reciclaxe de residuos separados, como a compostaxe e a dixestión anaerobia de biorresiduos, sempre que tales accións non impliquen un aumento da capacidade de tratamento de residuos das plantas ou unha prolongación da súa vida útil; estes pormenores deberán xustificarse documentalmente para cada planta.
7. Actividades nas que a eliminación a longo prazo de residuos poida causar danos ao medio ambiente.

E. As actividades que se desenvolven non causan efectos directos sobre o medio ambiente, nin efectos indirectos primarios en todo o seu ciclo de vida, entendendo como tales aqueles que puidesen materializarse tras a súa finalización, unha vez realizada a actividade.

O incumprimento dalgún dos requisitos establecidos na presente declaración dará lugar á obrigação de devolver as cantidades percibidas e os xuros de demora correspondentes.

Sinatura da persoa solicitante ou representante

Lugar e data"

28.- Aprobación do Convenio interadministrativo de cooperación entre a Deputación Provincial da Coruña e o Concello de Corcubión polo que se instrumenta unha subvención nominativa para o cofinanciamento do proxecto "Representación do desembarco e loita mantida polas tropas do arcebispo "Rodrigo de Luna" e os cabaleiros dos "Condes de Altamira" en Corcubión no ano 1457".



VOTACIÓN

Votan a favor: 31 deputados/as (14 do PP, 10 do PSOE, 6 do BNG e 1 de Alternativa dos Veciños).

Votan en contra: ningún/ha deputado/a

Abstéñense: ningún/ha deputado/a

ACORDO

O Pleno, por unanimidade, acorda:

"1º.- Exceptuar para o presente convenio o cumprimento dos principios de concorrencia, publicidade, igualdade e non discriminación, dada a existencia de causas excepcionais que xustifican a concesión da subvención nominativa, por entender que se dan razóns suficientes de interese público no outorgamento da subvención. Estes principios se encontran recollidos nos artigos 22.2 da lei xeral de subvencións e 65 a 67 do seu regulamento. Coa motivación incorporada no presente parágrafo queda solventada a nota de reparos emitida pola Intervención da Deputación no seu informe.

2º.- Segundo o establecido nos artigos 19.4.c) e 26.2.a) da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e 36.c) e 40.1.a) do Regulamento da devandita lei, aprobado polo Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, danse **razóns de interese público** para o outorgamento da subvención, sen que proceda promover a concorrencia pública ao ser o Concello de Corcubión a única entidade organizadora e, polo tanto, que pode desenvolver a actuación subvencionada polo que se aprecian no presente expediente razóns de interese público, que dificultan a convocatoria de concorrencia competitiva:

- A actividade proposta polo Concello de Corcubión enmarcase na promoción económica, e segundo consta na motivación das razóns expostas polo concello xustifican a concesión da citada subvención dada a relevancia tan importante na promoción do rico patrimonio cultural que atesoura o Concello de Corcubión.
- A implicación do concello e a masiva asistencia de visitantes ten convertido esta actividade nun dos principais impulsores económicos do Concello de Corcubión.
- Segundo a memoria presentada polo concello a natureza do evento consiste en converter este lugar nun referente do mantemento das actividades culturais como son:
 - Consolidar o tecido cultural galego, conservando e promovendo o patrimonio cultural.
 - Poñer en valor a cultura galega e a súa dinamización social .
 - A asistencia dun número elevado de persoas de toda a comarca e mesmo de fora dela que asisten á representación onde o argumento histórico crea unha obra dramatizada.
 - Estimular a oferta e a participación social de toda a poboación na cultura a través de espectáculos culturais.
 - Achegar novas maneiras de ocio á sociedade, adaptado a todas as idades e sen exclusión.



- Interpretar historias reais ou ficticias.
 - Mellorar o desenvolvemento persoal.
 - Favorecer a difusión da lingua e da cultura galegas como elementos do desenvolvemento social
 - Intentar que o conxunto da sociedade poida ter acceso aos bens e manifestacións culturais e intervir na construción cultural como axente activos.
- Por outra banda, o proxecto, pola envergadura e importes que implica, excede dos parámetros das subvencións que veñen a concederse nas convocatorias de réxime de concorrencia competitiva do Servizo.

3º.- Aprobar o texto do convenio de colaboración a subscribir entre a Deputación Provincial da Coruña e o CONCELLO DE CORCUBIÓN con CIF P1502800D para financiar o proxecto “*Representación do desembarco e loita mantida polas tropas do Arcebispo “Rodrigo de Luna” e os Cabaleiros dos “Condes de Altamira”*” cunha achega provincial de 14.403,84 € con cargo á aplicación presupuestaria 0510/3341/46201, que representa un coeficiente de financiación do 80 % con respecto a un orzamento de 18.004,80 €.

4º.- Facultar ao señor Presidente da Corporación para a sinatura do convenio.”

O texto íntegro do convenio é o seguinte:

Convenio interadministrativo de cooperación entre a Excm. Deputación Provincial da Coruña e o Concello de Corcubión polo que se instrumenta unha subvención nominativa para o cofinanciamento do proxecto “*Representación do desembarco e loita mantida polas tropas do arcebispo “Rodrigo de Luna” e os cabaleiros dos “Condes de Altamira” en Corcubión no ano 1457*”

En A Coruña a

REUNIDOS

Dunha parte _____, en representación da Excm. Deputación Provincial de A Coruña,

Doutra parte _____, en representación do CONCELLO DE CORCUBIÓN

Que a Excm. Deputación provincial da Coruña e o CONCELLO DE CORCUBIÓN consideran de gran interese para a provincia potenciar a conservación do patrimonio histórico e cultural da provincia como medio de desenvolvemento económico, social e xerador de emprego e riqueza non só a nivel local, senón tamén provincial.

Que dado o interese coincidente da Deputación da Coruña e do CONCELLO DE CORCUBIÓN, as dúas partes acordan subscribir un convenio conforme ás seguintes

CLÁUSULAS



I.- OBXECTO

O presente convenio interadministrativo de cooperación ten por a fixación do orzamento dunha subvención nominativa por esta Deputación da Coruña e o CONCELLO DE CORCUBIÓN, CIF P1502800D fixando as condicións que se impoñan por esta administración concedente e os compromisos asumido pola entidade beneficiaria para o financiamento das actividades “*Representación do Desembarco e a Loita mantida polas tropas do Arcebispo “Rodrigo de Luna” e os cabaleiros dos “Condes de Altamira” en Corcubión no ano 145*”.

II.- ORZAMENTO DE GASTOS DA ACTIVIDADE A REALIZAR

O CONCELLO DE CORCUBIÓN levará a cabo as actividades programadas, segundo se definen na cláusula anterior, consonte ao seguinte orzamento:

CONCEPTO	IMPORTE
REALIZACIÓN DO ESPECTÁCULO “O DESEMBARCO”:	
– Realización do espectáculo que inclúe o desenvolvemento do guión	2.800,00 €
– 14 actores profesionais	3.500,00 €
– 6 actores especialistas con dous cabalos	2.400,00 €
– Equipo de sonido line array con un técnico	1.800,00 €
– Equipo de luces con 2 técnicos	1.500,00 €
– Tirada piromusical 7 minutos	2.300,00 €
– Decoración escenografía	580,00 €
Base imponible	14.880,00 €
IVA 21%	3.124,80 €
TOTAL	18.004,80 €

III.- FINANCIAMENTO PROVINCIAL E OUTROS INGRESOS QUE SE OBTENAN OU APORTEN PARA A MESMA FINALIDADE

1. A Deputación da Coruña contribuirá ao financiamento da actividade, tal como se define na cláusula primeira, cunha achega máxima de **14.403,84 €** o que representa unha porcentaxe de **80 %**. No caso de que o gasto xustificado non acadase o importe total previsto na cláusula segunda, a Deputación só achegará o importe que represente o **80 %** da cantidade efectivamente xustificada. A contía restante, ata acadar o importe total do orzamento da actividade, está financiado con cargo a recursos (propios ou alleos) acreditando a entidade beneficiaria que ten consignado o crédito adecuado e suficiente para imputar a totalidade do gasto imputable á entidade.

2. Agora ben, se a cantidade xustificada resulta inferior ao 75 por cento do orzamento previsto na cláusula segunda, entenderase que a finalidade básica da subvención non foi cumprida e perderase o dereito ao seu cobro.

3. O importe do financiamento provincial farase efectivo con cargo á aplicación orzamentaria **0510/3341/46201**, na que a Intervención provincial ten certificado que existe crédito de abondo sobre a que se ten contabilizado a correspondente retención de crédito.

4. A subvención da Deputación é compatible coa percepción doutras subvencións ou axudas, públicas ou privadas, que a CONCELLO DE CORCUBIÓN obteña para a mesma finalidade, sempre que o seu importe, xuntamente co da subvención provincial, non supere en ningún caso o importe total do gasto efectivamente xustificado.

5. No caso de que a concorrencia de axudas ou subvencións supere o importe do gasto efectivamente xustificado, minorarase a achega provincial no importe necesario para



darlle estrito cumprimento ao apartado anterior.

IV.- CONTRATACIÓN E EXECUCIÓN

1. Corresponderalle á CONCELLO DE CORCUBIÓN o outorgamento dos contratos de subministro, servizos e asistencia para a completa realización da actividade programada.
2. No procedemento de contratación a CONCELLO DE CORCUBIÓN axustará toda a súa actuación ao disposto na lexislación de contratos do sector público.
3. No caso de que a CONCELLO DE CORCUBIÓN tramite e aprobe algunha modificación do proxecto inicialmente aprobado, así como do contrato adxudicado, deberá remitirle á Deputación un exemplar do proxecto modificado, achegando con el os informes emitidos e a certificación do correspondente acordo.

V.- PUBLICIDADE DO FINANCIAMENTO PROVINCIAL

1. Segundo o artigo 6 da ordenanza xeral de subvencións e transparencia queda establecido que ademais de facer constar a colaboración da Deputación na información gráfica ou audiovisual relativa á persoa beneficiaria e as súas actividade en cada convocatoria específica ou convenio regulador determinaranse de xeito detallado os medios de difusión para dar a coñecer o importe e porcentaxe do financiamento provincial da actividade ou proxecto subvencionado.
2. Coa memoria e conta xustificativa achegaranse os documentos que acrediten o cumprimento desta obriga da CONCELLO DE CORCUBIÓN.

VI.- A XUSTIFICACIÓN NECESARIA PARA RECIBIR A ACHEGA PROVINCIAL

A achega da Deputación provincial seralle aboada á CONCELLO DE CORCUBIÓN , unha vez que se presente a seguinte documentación:

- 1.- Memoria de actuación, subscrita polo representante legal do CONCELLO DE CORCUBIÓN, xustificativa do cumprimento das condicións impostas neste convenio, coa indicación das actividades realizadas e dos resultados obtidos.
- 2.- Relación clasificada dos gastos realizados, no que se indiquen os acredores co seu NIF, os documentos xustificativos, os importes e, no seu caso, datas de pagamento. Tamén se indicarán as desviacións con respecto ao orzamento detallado na cláusula SEGUNDA.
- 3.- Acreditación do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social, segundo o previsto na cláusula OITAVA
- 4.- Declaración doutras axudas ou subvencións solicitadas ou concedidas para a mesma finalidade.
- 5.- Proba do cumprimento das obrigas asumidas na cláusula QUINTA, mediante a achega de documentos nos que conste a publicidade do financiamento provincial.
- 6.- Certificación da aprobación das facturas e demais documentos xustificativos polo órgano competente.

O CONCELLO DE CORCUBIÓN deberá acreditar previamente que está ao corrente das súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social, de conformidade coa cláusula OITAVA.

VII. TERMO PARA A REALIZACIÓN DA ACTIVIDADE E PRAZO DE XUSTIFICACIÓN.



1. As actividades que son obxecto de financiamento provincial, tal como están descritas na cláusula PRIMEIRA, terán lugar entre os días 1 de xaneiro de 2023 ata o 31 de decembro de 2023 e deberán estar rematadas antes do vencemento do período de vixencia do presente convenio establecido na cláusula DÉCIMO TERCEIRA.
2. Unha vez rematadas as actividades, o CONCELLO DE CORCUBIÓN deberá presentar a xustificación documental á que se refire a cláusula SEXTA no prazo máximo DUN MES contado a partir da finalización daquelas e antes do vencemento do período de vixencia do convenio establecido na cláusula DÉCIMO TERCEIRA.
3. De conformidade co disposto no artigo 70.3 do Regulamento da Lei de subvencións (Real decreto 887/2006, do 21 de xullo), transcorrido este derradeiro prazo sen que se teña recibido xustificación ningunha, a Unidade xestora remitiralle un requirimento á CONCELLO DE CORCUBIÓN para que a presente no prazo improrrogable de QUINCE DÍAS. A falla de xustificación da subvención neste prazo excepcional conlevará a perda da subvención e demais responsabilidades previstas neste convenio e na lexislación aplicable ao respecto. Aínda así a presentación da xustificación neste prazo adicional non eximirá ao CONCELLO DE CORCUBIÓN da sanción que, de conformidade co disposto na Lei de subvencións e na ordenanza provincial de desenvolvemento que se lles aplique e lles poida corresponder.
4. O aboamento da subvención materializarase mediante ingreso na conta da entidade financeira indicada pola CONCELLO DE CORCUBIÓN na documentación achegada.

VIII.- CUMPRIMENTO DAS OBRIGAS TRIBUTARIAS E COA SEGURIDADE SOCIAL E A SÚA ACREDITACIÓN

1. O CONCELLO DE CORCUBIÓN deberá estar ao día, con carácter previo á sinatura deste convenio, e logo, con carácter previo ao pago da subvención, no cumprimento das obrigas tributarias coa Administración do Estado, coa comunidade autónoma, coa Deputación Provincial da Coruña, e coa Seguridade Social.
2. A acreditación do cumprimento de ditas obrigas poderá realizarse mediante declaración responsábel expedida autorizada polo órgano competente, mediante a presentación dos correspondentes certificados ou ben autorizando á Deputación a que obteña telemáticamente os correspondentes certificados.
3. A acreditación do cumprimento das obrigas tributarias coa Deputación Provincial determinaraa esta de oficio.

IX.- DESTINO E MANEXO DOS FONDOS RECIBIDOS.

1. O CONCELLO DE CORCUBIÓN destinará os fondos recibidos ao pagamento dos xustificantes de gasto presentados.
2. Co fin de garantir un adecuado control da aplicación dos fondos, o pagamento deberá quedar acreditado documentalmente mediante a utilización de transferencia bancaria, tarxeta de débito ou crédito, cheque nominativo ou calquera outro medio que deixe constancia da data de pago e da identidade do perceptor. Só excepcionalmente se poderá realizar o pago en metálico para gastos de ata 150,00 euros, nos que non resulte posíbel a utilización dun dos medios anteriormente indicados.
3. Sen prexuízo dos libros e rexistro contábeis que as normas xerais ou sectoriais lle poidan impor, o CONCELLO DE CORCUBIÓN, deberá contar polos menos cun rexistro cronolóxico de cobros e pagamentos nos que se inclúan, entre outros, os relativos aos gastos xustificadas e aos ingresos declarados con respecto a esta subvención.

X.- CONTROL FINANCEIRO DA DEPUTACIÓN E DOS ÓRGANOS DE CONTROL EXTERNO.



1. Consonte ao disposto nos artigos 44 e seguintes da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións, e nos artigos 41 e seguintes da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia e no capítulo IV: Procedemento de Control Financiero da ordenanza xeral se subvención publicada no BOP Núm. 72 de 15 de abril de 2019 o CONCELLO DE CORCUBIÓN poderá ser escollida pola Intervención provincial para a realización dun control financeiro sobre a subvención pagada, co fin de acreditar a efectiva aplicación dos fondos á finalidade para a que foron concedidos, o correcto financiamento da actividade e o cumprimento de tódalas demais obrigas formais e materiais que lle impón o presente convenio de colaboración.
2. Asemade, de acordo co previsto na lei 6/1985, de 24 de xuño, do Consello de Contas de Galicia, o CONCELLO DE CORCUBIÓN queda sometida aos procedementos de fiscalización que leven a cabo o Consello de Contas de Galicia ou, no seu caso, segundo o previsto na Lei orgánica 2/1982, de 12 de maio, aos procedementos de enxuzamento contable que poida incoar o Tribunal de Contas, e a calquera outro órgano de control, nacional ou europeo.

XI.- REINTEGRO, INFRACCIÓNS E SANCIÓN S.

- 1.O incumprimento dalgunha das cláusulas previstas no presente convenio de colaboración poderá dar lugar a obriga de reintegro parcial ou total dos fondos recibidos, así como ao pago dos xuros de demora que se devenguen desde o día no que se realizou o pago ata o momento no que se acorde a procedencia do reintegro. O procedemento de reintegro iniciárase de oficio na súa tramitación seguirase o disposto nos artigos 41 e seguintes do seu Regulamento (R.D. 887/2006, do 21 de xullo), dándolle en todo caso audiencia ao interesado.
2. Sen prexuízo do anterior, dito incumprimento tamén poderá ser constitutivo dalgunha das infraccións tipificadas na Lei 38/2003, de 17 de novembro, ou na Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, séndolle de aplicación o cadro de sancións previstos nas normas citadas e na Ordenanza provincial de desenvolvemento que resulte aplicable.
3. Para os supostos de retrasos na realización das obras ou retraso na presentación da xustificación se estará ao disposto na Ordenanza provincial de desenvolvemento que resulte aplicable.
4. Si o retraso se produce no pago ao adxudicatario ou terceiros que teñan realizado o obxecto do convenio, se liquidará o xuro legal do diñeiro polo período que medie entre o prazo indicado na cláusula VII.3 e a data do pago efectivo ao terceiro

XII.- INCORPORACIÓN AO REXISTRO PÚBLICO DE SUBVENCIÓNS E PUBLICACIÓN DA SUBVENCIÓN CONCEDIDA.

1. No cumprimento do disposto no artigo 20.1 da Lei 38/2003, xeral de subvencións, e demais normativa de desenvolvemento, os datos da subvención concedida e a identificación do CONCELLO DE CORCUBIÓN serán remitidas á Intervención xeral do Estado, para que sexan incorporados á Base de Datos Nacional de Subvencións, coa exclusiva finalidade prevista en dito precepto e co debido respecto á protección dos datos de carácter persoal, segundo o previsto na Lei orgánica 15/1999, de 13 de decembro.
2. Asemade, no cumprimento do disposto no artigo 16.3 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia, a Deputación remitiralle a mesma información á Consellería de Economía y Facenda, co fin de que a incorpore ao Rexistro público de axudas, subvencións e convenios da Comunidade autónoma de Galicia.
3. Segundo o previsto no artigo 18 da Lei 38/2003, de 17 CONCELLO DE CORCUBIÓN será publicada no Boletín Oficial da Provincia da Coruña e na páxina web dacoruna.es
4. Un exemplar deste convenio, debidamente asinado, será incorporado ao Rexistro de convenios que depende do Servizo de Contratación da Deputación.



XIII.- VIXENCIA DO CONVENIO, PRÓRROGA OU MODIFICACIÓN

1. O presente convenio de colaboración terá carácter retroactivo para os efectos de imputación dos gastos e abranguerá os devengados dende o 1 de xaneiro ao 31 de decembro do ano 2023, sen que en ningún caso sexan subvencionables os gastos devengados con anterioridade á dita data e conservará a súa vixencia ata o día **31 de xullo do ano 2024, sempre e cando exista crédito para tal fin.**

2. O CONCELLO DE CORCUBIÓN deberá presentar a xustificación **antes do día 30 de xuño de 2024.**

3. Tamén, por acordo expreso de ambas as dúas partes e despois dos informes da Unidade Xestora, do servizo de Contratación, da Secretaría e da Intervención da Deputación, o convenio poderá ser obxecto de modificación. En ningún caso, se poderá modificar o convenio variando substancialmente o obxecto da subvención concedida e prevista nominativamente por acordo plenario.

XIV.- NATUREZA, INTERPRETACIÓN, MODIFICACIÓN E XURISDICIÓN COMPETENTE

1. O presente convenio ten natureza administrativa e para resolver as dúbidas que xurdan na interpretación das súas cláusulas aplicaranse as disposicións contidas na Lei 38/2003, de 18 de novembro, xeral de Subvencións, e na Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia. Supletoriamente aplicarase a lexislación de contratos do sector público.

2. Para o seguimento coordinado da execución do presente convenio crearase unha comisión de seguimento formada por dous representantes de cada unha das institucións nomeados polo Presidente da Deputación e o do CONCELLO DE CORCUBIÓN, respectivamente.

3. Corresponderalle aos órganos da xurisdición contencioso-administrativa, segundo a distribución de competencias disposta na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora de dita xurisdición, o coñecemento das cuestións litixiosas que poidan xurdir como consecuencia do presente convenio.

Faise constar que o presente convenio foi aprobado por Acordo Plenario do de

E, en proba de conformidade, as partes comparecentes asinan en exemplar duplicado o presente convenio, no lugar e data indicados no encabezamento.

O representante da Deputación

O representante da
CONCELLO DE CORCUBIÓN"

29.- Aprobación do Convenio interadministrativo de cooperación entre a Deputación Provincial da Coruña e o Concello de Oleiros polo que se instrumenta unha subvención nominativa para o cofinanciamento do proxecto "Feira de Olería Alfareleiros 2023"

VOTACIÓN

Votan a favor: 31 deputados/as (14 do PP, 10 do PSOE, 6 do BNG e 1 de Alternativa dos Veciños).

Votan en contra: ningún/ha deputado/a

Abstéñense: ningún/ha deputado/a



ACORDO

O Pleno, por unanimidade, acorda:

1º Exceptuar para o presente convenio o cumprimento dos principios de concurrencia, publicidade, igualdade e non discriminación, dada a existencia de causas excepcionais que xustifican a concesión da subvención nominativa, por entender que se dan razóns suficientes de interese público no outorgamento da subvención. Estes principios se encontran recollidos nos artigos 22.2 da lei xeral de subvencións e 65 a 67 do seu regulamento. Coa motivación incorporada no presente parágrafo queda solventada a nota de reparos emitida pola Intervención da Deputación no seu informe

2º.- Aprecianse no presente expediente razóns de interese público, que dificultan a convocatoria de concurrencia competitiva, como o incorporado no presente expediente:

- A actividade subvencionada ao Concello de Oleiros, relativa á “XXIX Feira de Olería Tradicional “Alfaroleiros” pretende mediante este evento a dinamización comercial, tendo en conta que se trata dun acto de exaltación desta artesanía tradicional, senón tamén na maior actividade de promoción do ámbito xeográfico no que esta inmersa. Contribuíndo decisivamente ao desenvolvemento socioeconómico da. Xunto coa dinamización comercial, a mostra repercute igualmente nunha promoción económica da vila, xa que vai atraer unha grande afluencia de xente, fomentando a promoción cultural, turística, comercial e socioeconómica do entorno xeográfico da vila de Oleiros.
- Por todo o exposto, Alfaroleiros constitúe unha das mellores e máis poderosas ferramentas para a promoción cultural, turística e económica do Concello de Oleiros e serve este evento para apoiar un oficio tradicional como é a oleiría e potenciar ao mesmo tempo o uso da hostalería e do comercio existente na zona.
- Por outra banda segundo a memoria presentada polo concello, esta feira de olería tradicional ten carácter nacional xa que participan artesáns de distintos puntos da xeografía española, seleccionados pola calidade das súas obras, que durante unha semana amosan oa seus traballos ao público.
- Un dos obxectivos principais desta feira e promocionar o patrimonio da olería tradicional como medio de coñecemento da nosa identidade e como fonte de riqueza cultural e intelectual. Para acadar este fin, o Concello de Oleiros traballou activamente no deseño de ferramentas de difusión que facilitasen e atraesen o interes de usuarios e potenciais visitantes. Foi así como se puxo en marcha a Escola Municipal de Olería e a feira de olería popular “Alfaroleiros”.
- Cabe considerar, ademais, que o proxecto, pola envergadura e importes que conleva, excede dos parámetros das subvencións que veñen a concederse nas convocatorias de réxime de concurrencia competitiva do Servizo.

3º Aprobar o texto e a formalización do convenio de colaboración entre a Deputación Provincial da Coruña e o Concello Oleiros con CIF P15059001 para cofinanciar “ XXIX Feira Olería Tradicional “Alfaroleiros” cunha achega provincial de 30.000,00 € con cargo á aplicación presupustaria 0510/3341/46201, que representa un coeficiente de financiación do 45,4201% con respecto a un orzamento de 66.050,00 €.

4º Facultar ao sr. Presidente da Corporación para a sinatura do convenio.”



O texto íntegro do convenio é o seguinte:

Convenio interadministrativo de cooperación entre a Excm. Deputación Provincial da Coruña e o Concello de Oleiros polo que se instrumenta unha subvención nominativa para o cofinanciamento do proxecto “XXIX Feira Olería Tradicional “Alfaroleiros”.

En A Coruña a

REUNIDOS

Dunha parte , en representación da Excm. Deputación Provincial de A Coruña,

Doutra parte , en representación do CONCELLO DE OLEIROS

Que a Excm. Deputación provincial da Coruña e o CONCELLO DE OLEIROS consideran de gran interese para a provincia potenciar que o sector da olería se converta nunha actividade rendible de futuro que repercute favorablemente como medio de desenvolvemento económico, social e xerador de emprego e riqueza non só a nivel local, senón tamén provincial.

Que dado o interese coincidente da Deputación da Coruña e do CONCELLO DE OLEIROS, as dúas partes acordan subscribir un convenio conforme ás seguintes

CLÁUSULAS

I.- OBXECTO

O presente convenio interadministrativo de cooperación ten por a fixación das bases de outorgamento dunha subvención nominativa por esta Deputación a do **CONCELLO OLEIROS**, CIF P1505900I fixando as condicións que se impoñan por esta administración concedente e os compromisos asumidos pola entidade beneficiaria para o financiamento do proxecto “XXIX Feira Olería Tradicional “Alfaroleiros”, que se celebrará entre os días do 2 ao 6 de agosto de 2023.

II.- ORZAMENTO DE GASTOS DA ACTIVIDADE QUE SE HA REALIZAR

O CONCELLO DE OLEIROS levará a cabo as actividades programadas, segundo se definen na cláusula anterior, consonte ao seguinte orzamento:

ACTIVIDADES	IMPORTE
Aluguer escenario (3 días)	4.174,50 €
Póliza seguro pezas olería	200,00 €
Impresión bolsas de papel	3.220,00 €
Unha proxección de cinema	900,00 €
Concerto Roi Casal	12.705,00 €
Concerto Brais Morán	2.783,00 €
Concerto Familia Caamagno	7.744,00 €
Dereitos de autoría SGAE:espectáculos e proxección cinema	3.045,00 €
Obradorio de olaría	1.331,00 €
Espectáculo de rúa	2.000,00 €
Xogos en familia	920,00 €
Prensa: Anuncios en prensa escrita	5.318,00 €



Prensa: Cuñas radiofónicas e anuncios en TV	7.190,56 €
Prensa: Anuncios Redes Sociais: Instagram e Facebook	755,04 €
Convenio desprazamentos oleiros-as	7.000,00 €
Obradorio, demostración e degustación COCIÑA EN BARRO	6.763,90 €
TOTAL	66.050,00 €

III.- FINANCIAMENTO PROVINCIAL E OUTROS INGRESOS QUE SE OBTENAN OU APORTEN PARA A MESMA FINALIDADE

1. A Deputación da Coruña contribuirá ao financiamento da actividade, tal como se define na cláusula primeira, cunha achega máxima de 30.000,00€ €, o que representa unha porcentaxe de 45,4201 %. No caso de que o gasto xustificado non acadase o importe total previsto na cláusula segunda, a Deputación só achegará o importe que represente o 45,4201, % da cantidade efectivamente xustificada. A contía restante, ata acadar o importe total do orzamento da actividade, está financiado con cargo a recursos (propios ou alleos) acreditando a entidade beneficiaria que ten consignado o crédito adecuado e suficiente para imputar a totalidade do gasto imputable á entidade.
2. Agora ben, se a cantidade xustificada resulta inferior ao 75 por cento do orzamento previsto na cláusula segunda, entenderase que a finalidade básica da subvención non foi cumprida e perderase o dereito ao seu cobro.
3. O importe do financiamento provincial farase efectivo con cargo á aplicación orzamentaria 0510/3341/46201 na que a Intervención provincial ten certificado que existe crédito dabondo sobre a que se ten contabilizado a correspondente retención de crédito.
4. A subvención da Deputación é compatible coa percepción doutra subvencións ou axudas, públicas ou privadas, que o CONCELLO DE OLEIROS obteña para a mesma finalidade, sempre que o seu importe, xuntamente co da subvención provincial, non supere en ningún caso o importe total do gasto efectivamente xustificado.
5. No caso de que a concorrencia de axudas ou subvencións supere o importe do gasto efectivamente xustificado, minorarase a achega provincial no importe necesario para darlle estrito cumprimento ao apartado anterior.

IV.- CONTRATACIÓN E EXECUCIÓN

1. Corresponderalle ao CONCELLO DE OLEIROS o outorgamento dos contratos de subministro, servizos e asistencia para a completa realización da actividade programada.
2. No procedemento de contratación o CONCELLO DE OLEIROS axustará toda a súa actuación ao disposto na lexislación de contratos do sector público.
3. No caso de que o CONCELLO DE OLEIROS tramite e aprobe algunha modificación do proxecto inicialmente aprobado, así como do contrato adxudicado, deberá remitirle á Deputación un exemplar do proxecto modificado, achegando con el os informes emitidos e a certificación do correspondente acordo.

V.- PUBLICIDADE DO FINANCIAMENTO PROVINCIAL

1. Na publicidade pola que se dea a coñecer a realización das actividades, ben sexa por medios escritos, radiofónicos, audiovisuais ou internet, deberase facer constar sempre o financiamento da Deputación Provincial da Coruña.
2. Coa memoria e conta xustificativa achegaranse os documentos que acrediten o cumprimento desta obriga do CONCELLO DE OLEIROS.

VI.- A XUSTIFICACIÓN NECESARIA PARA RECIBIR A ACHEGA PROVINCIAL



A achega da Deputación provincial seralle aboada ao CONCELLO DE OLEIROS, unha vez que se presente a seguinte documentación:

- 1.-Memoria de actuación, subscrita polo representante legal do CONCELLO DE OLEIROS, xustificativa do cumprimento das condicións impostas neste convenio, coa indicación das actividades realizadas e dos resultados obtidos.
- 2.- Relación clasificada dos gastos realizados, no que se indiquen os acredores co seu NIF, os documentos xustificativos, os importes e datas de pago. Tamén se indicarán as desviacións con respecto ao orzamento detallado na cláusula SEGUNDA.
- 3.- Acreditación do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social, segundo o previsto na cláusula OITAVA.
- 4- Declaración doutras axudas ou subvencións solicitadas ou concedidas para a mesma finalidade.
- 5.- Proba do cumprimento das obrigas asumidas na cláusula QUINTA, mediante a achega de documentos nos que conste a publicidade do financiamento provincial.
- 6.- Certificación da aprobación das facturas e demais documentos xustificativos polo órgano competente.

O CONCELLO DE OLEIROS deberá acreditar previamente que está ao corrente das súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social, de conformidade coa cláusula OITAVA.

VII. TERMO PARA A REALIZACIÓN DA ACTIVIDADE E PRAZO DE XUSTIFICACIÓN

- 1 As actividades que son obxecto de financiamento provincial, se realizaran entre o día 1 de xaneiro ata o 30 de novembro do ano 2023.
2. Unha vez rematadas as actividades, o CONCELLO DE OLEIROS deberá presentar a xustificación documental á que se refire a cláusula SEXTA no prazo máximo DUN MES contado a partir da finalización daquelas e, en calquera caso, UN MES antes do vencemento do período de vixencia do convenio establecido na cláusula DÉCIMO TERCEIRA.
3. De conformidade co disposto no artigo 70.3 do Regulamento da Lei de subvencións (Real decreto 887/2006, do 21 de xullo), transcorrido este derradeiro prazo sen que se teña recibido xustificación ningunha, a Unidade xestora remitiralle un requirimento ao CONCELLO DE OLEIROS para que a presente no prazo improrrogable de QUINCE DÍAS. A falla de xustificación da subvención neste prazo excepcional conlevará a perda da subvención e demais responsabilidades previstas neste convenio e na lexislación aplicable ao respecto. Aínda así a presentación da xustificación neste prazo adicional non eximirá ao CONCELLO DE OLEIROS da sanción que, de conformidade co disposto na Lei de subvención e na ordenanza provincial de desenvolvemento que resulte aplicable lle poida coesponder..
4. O aboamento da subvención materializarase mediante ingreso na conta da entidade financeira indicada polo CONCELLO DE OLEIROS na documentación achegada.

VIII.- CUMPRIMENTO DAS OBRIGAS TRIBUTARIAS E COA SEGURIDADE SOCIAL E A SÚA ACREDITACIÓN



O CONCELLO DE OLEIROS deberá estar ao día, con carácter previo á sinatura deste convenio, e logo, con carácter previo ao pago da subvención, no cumprimento das obrigas tributarias coa Administración do Estado, coa comunidade autónoma, coa Deputación Provincial da Coruña, e coa Seguridade Social.

- 1 A acreditación do cumprimento de ditas obrigas poderá realizarse mediante declaración responsábel expedida autorizada polo órgano competente, mediante a presentación dos correspondentes certificados ou ben autorizando á Deputación a que obteña telemáticamente os correspondentes certificados.
- 2 A acreditación do cumprimento das obrigas tributarias coa Deputación Provincial determinaraa esta de oficio.

IX.- DESTINO E MANEXO DOS FONDOS RECIBIDOS

1. O CONCELLO DE OLEIROS destinará os fondos recibidos ao pagamento dos xustificantes de gasto presentados.
2. Co fin de garantir un axeitado control da aplicación dos fondos, o pagamento deberá quedar acreditado documentalmente mediante a utilización de transferencia bancaria, tarxeta de débito ou crédito, cheque nominativo ou calquera outro medio que deixe constancia da data de pago e da identidade do perceptor. Só excepcionalmente se poderá realizar o pago en metálico para gastos de ata 150,00€, nos que non resulte posíbel a utilización dun dos medios anteriormente indicados.
3. Sen prexuízo dos libros e rexistros contábeis que as normas xerais ou sectoriais lle poidan impor, o CONCELLO DE OLEIROS deberá contar polo menos cun rexistro cronolóxico de cobros e pagamentos nos que se inclúan, entre outros, os relativos aos gastos xustificadas e aos ingresos declarados con respecto a esta subvención.

X.- CONTROL FINANCEIRO DA DEPUTACIÓN E DOS ÓRGANOS DE CONTROL EXTERNO.

1. Consonte ao disposto nos artigos 44 e seguintes da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións, e nos artigos 41 e seguintes da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia, o CONCELLO DE OLEIROS poderá ser escollida pola Intervención provincial para a realización dun control financeiro sobre a subvención pagada, co fin de acreditar a efectiva aplicación dos fondos á finalidade para a que foron concedidos, o correcto financiamento da actividade e o cumprimento de tódalas demais obrigas formais e materiais que lle impón o presente convenio de cooperación.
2. Asemade, de acordo co previsto na lei 6/1985, de 24 de xuño, do Consello de Contas de Galicia, o CONCELLO DE OLEIROS queda sometida aos procedementos de fiscalización que leven a cabo o Consello de Contas de Galicia ou, no seu caso, segundo o previsto na Lei orgánica 2/1982, de 12 de maio, aos procedementos de enxuciamiento contable que poida incoar o Tribunal de Contas, e a calquera outro órgano de control, nacional ou europeo.

XI.- REINTEGRO, INFRACCIÓNS E SANCIÓN.

1. O incumprimento dalgunha das cláusulas previstas no presente convenio de colaboración poderá dar lugar a obriga de reintegro parcial ou total dos fondos recibidos, así como ao pago dos xuros de demora que se devenguen desde o día no que se realizou o pago ata o momento no que se acorde a procedencia do reintegro. O procedemento de reintegro iniciarase de oficio na súa tramitación seguirase o disposto nos artigos 41 e seguintes do seu Regulamento (R.D. 887/2006, do 21 de xullo), dándolle en todo caso audiencia ao interesado.



2. Sen prexuízo do anterior, dito incumprimento tamén poderá ser constitutivo dalgunha das infraccións tipificadas na Lei 38/2003, de 17 de novembro, ou na Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, séndolle de aplicación o cadro de sancións previstos nas normas citadas e na Ordenanza provincial de desenvolvemento que resulte aplicable.
3. Para os supostos de retrasos na realización das obras ou retraso na presentación da xustificación se estará ao disposto na Ordenanza provincial de desenvolvemento que resulte aplicable.
4. Si o retraso se produce no pago ao adxudicatario ou terceiros que teñan realizado o obxecto do convenio, se liquidará o xuro legal do diñeiro polo período que medie entre o prazo indicado na cláusula VII.3 e a data do pago efectivo ao terceiro.

XII.- INCORPORACIÓN AO REXISTRO PÚBLICO DE SUBVENCIÓNS E PUBLICACIÓN DA SUBVENCIÓN CONCEDIDA.

1. No cumprimento do disposto no artigo 20.1 da Lei 38/2003, xeral de subvencións, e demais normativa de desenvolvemento, os datos da subvención concedida e a identificación do CONCELLO DE OLEIROS serán remitidas á Intervención xeral do Estado, para que sexan incorporados á Base de Datos Nacional de Subvencións, coa exclusiva finalidade prevista en dito precepto e co debido respecto á protección dos datos de carácter persoal, segundo o previsto na Lei orgánica 3/2018, de 5 de decembro de Protección de Datos persoais e garantía dos dereitos dixitais.
2. Asemade, no cumprimento do disposto no artigo 16.3 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia, a Deputación remitiralle a mesma información á Consellería de Economía y Facenda, co fin de que a incorpore ao Rexistro público de axudas, subvencións e convenios da Comunidade autónoma de Galicia.
3. Segundo o previsto no artigo 18 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de subvencións, a concesión da subvención ao CONCELLO DE OLEIROS será publicada no Boletín Oficial da Provincia da Coruña e na páxina web dacoruna.gal
4. Un exemplar deste convenio, debidamente asinado, será incorporado ao Rexistro de convenios que depende do Servizo de Contratación da Deputación.

XIII.- VIXENCIA DO CONVENIO, PRÓRROGA OU MODIFICACIÓN

1. O presente convenio de colaboración terá carácter retroactivo para os efectos de imputación dos gastos e abranguerá os devengados **dende o 1 de xaneiro ao 30 de novembro do ano 2023**, sen que en ningún caso sexan subvencionables os gastos devengados con anterioridade á dita data e conservará a súa vixencia ata o día **31 de maio do ano 2024** sempre e cando exista crédito para tal fin.
2. Para o caso de que o CONCELLO DE OLEIROS non poida ter rematadas as ACTIVIDADES e presentada a xustificación **antes do día 30 de abril de 2024**, deberá solicitar antes desta data, a **prórroga** do prazo inicial, achegando unha solicitude motivada, co fin de que a Deputación poida acreditar a existencia de crédito adecuado e suficiente para o pago que proceda, do importe correctamente xustificado. Acreditada esta circunstancia, a Deputación poderá conceder a prórroga solicitada, que en ningún caso poderá exceder do 31 de outubro do ano seguinte. Con esta data, o convenio quedará definitivamente extinguido, de xeito que o CONCELLO DE OLEIROS perderá o dereito ao cobro do importe corresponde á contía non xustificada na dita data.
3. Tamén, por acordo expreso de ambas as dúas partes e despois dos informes da Unidade Xestora, do servizo de Contratación, da Secretaría e da Intervención da Deputación, o convenio poderá ser obxecto de modificación. En ningún caso, se poderá modificar o convenio variando substancialmente o obxecto da subvención concedida e prevista nominativamente por acordo plenario.

XIV.- NATUREZA, INTERPRETACIÓN, MODIFICACIÓN E XURISDICCIÓN



COMPETENTE

1. O presente convenio ten natureza administrativa e para resolver as dúbidas que xurdan na interpretación das súas cláusulas aplicaranse as disposicións contidas na Lei 38/2003, de 18 de novembro, xeral de Subvencións, e na Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia. Supletoriamente aplicarase a lexislación de contratos do sector público.
2. Para o seguimento coordinado da execución do presente convenio crearase unha comisión de seguimento formada por dous representantes de cada unha das institucións nomeados polo Presidente da Deputación e o do CONCELLO DE OLEIROS, respectivamente.
3. Corresponderalle aos órganos da xurisdición contencioso-administrativa, segundo a distribución de competencias disposta na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora de dita xurisdición, o coñecemento das cuestións litixiosas que poidan xurdir como consecuencia do presente convenio.

Faise constar que o presente convenio foi aprobado por Acordo Plenario do día--- de de E, en proba de conformidade, as partes comparecentes asinan en exemplar duplicado o presente convenio, no lugar e data indicados no encabezamento.

O Representante da Deputación

O representante do
CONCELLO DE OLEIROS"

30.- Aprobación da formalización dun convenio administrativo coa Asociación Redes de Sal para cofinanciar o proxecto "Mercado e festa do Mar 2023 na Coruña".

VOTACIÓN

Votan a favor: 31 deputados/as (14 do PP, 10 do PSOE, 6 do BNG e 1 de Alternativa dos Veciños).

Votan en contra: ningún/ha deputado/a

Abstéñense: ningún/ha deputado/a

ACORDO

O Pleno, por unanimidade, acorda:

"Vistos os informes e demais antecedentes sobre a proposta de formalización dun convenio administrativo coa Asociación Redes de Sal para cofinanciar o proxecto "Mercado e Festa do Mar 2023 na Coruña",

Visto tamén, que a natureza do asunto que se propón se axusta ás materias correspondentes á área de competencia desa "Comisión Informativa de Transición Ecolóxica, Emprego e Territorio Sostible", dado o seu carácter residual,

Proponse á Comisión de Transición Ecolóxica, Emprego e Territorio Sostible, a toma en consideración do seguinte acordo:

1. Acreditadas as condicións especiais da entidade solicitante e o seu programa de actuacións, salvar o reparo da Intervención Xeral e Xestión Económica Financeira e exceptuar para o presente convenio os principios de concurrencia, publicidade, igualdade e non discriminación na tramitación do presente expediente, dada a existencia de causas excepcionais que xustifican a concesión da subvención nominativa, por entender que se dan razóns de interese público no outorgamento



da subvención, principios recollidos nos artigos 22.2 da Lei 38/2003, Xeral de subvencións e 65 a 67 do seu regulamento.

2. Aprobar o convenio de colaboración coa "ASOCIACIÓN REDES DE SAL", CIF G70549118 para o financiamento do proxecto "Mercado e Festa do Mar 2023 na cidade da Coruña", cuxo orzamento estimado de gastos ascende a 48.568,00 €, cunha achega de 30.000,00 €, que supón un coeficiente de financiamento do 61,769066 %.

3. Autorizar á Asociación Redes de Sal para que poidan concertar, ata o límite do 40 %, a execución do obxecto da subvención con entidades e/ou persoas vinculadas á entidade, cumprindo os requisitos establecidos no artigo 29.7.d da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións.

4. Imputar o gasto ao documento RC número de operación 220230023900, da aplicación orzamentaria 0520/92052/481, do vixente Orzamento Xeral.

5. Aprobar o texto do convenio que se transcribe e facultar ao Presidente da Corporación para a súa formalización e execución.

Número /2023

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA E A ASOCIACIÓN REDES DE SAL PARA FINANCIAR O PROXECTO "MERCADO E FESTA DO MAR 2023 NA CORUÑA"

Na Coruña, a de de na sede da Deputación Provincial da Coruña

Ante min, Amparo Taboada Gil, Secretaria Xeral da Deputación Provincial da Coruña, como fedataria actuante

REUNIDOS

Dunha parte, _____, en representación da Deputación Provincial da Coruña, e

Doutra parte, _____, en representación da Asociación Redes de Sal,

Actuando no exercicio dos seus respectivos cargos e na representación que detentan, e recoñecéndose reciprocamente capacidade para obrigarse nos termos deste documento.

MANIFESTAN

Que a Excelentísima Deputación Provincial da Coruña e a Asociación Redes de Sal consideran de gran interese para a provincia favorecer a concienciación ambiental, fomentar a produción local sostible e o consumo responsable e apoiar a comercialización de produtos e servizos de empresas e entidades que empregan os recursos mariños e o mar dun xeito sustentable.

Que os fins da Asociación Redes de Sal son a promoción do patrimonio cultural marítimo e pesqueiro de Galicia, o fomento e a divulgación do ambiente, a tradición e a cultura mariñeira, o ambiente costeiro e/ou seus produtos á cidadanía, a educación sobre os valores do patrimonio cultural marítimo e natural, a sensibilización dos problemas socio-culturais marítimos e pesqueiros, así como o traballo na recuperación da relación das persoas co territorio que habitan e as tradicións propias deste, coa sostenibilidade e a preservación como eixes fundamentais.



Que a Deputación da Coruña, que ten entre as súas competencias o fomento do desenvolvemento económico e social e a protección do medio ambiente, reconece a importancia do labor que a Asociación Redes de Sal desenvolve, sobre todo no que se refire ao compromiso no coidado dos mares, poñer en valor a súa riqueza, concienciar sobre as ameazas que a poñen en perigo e a necesidade dun cambio na nosa relación co medio mariño.

Que o apoio da Deputación da Coruña ao “Mercado e Festa do Mar 2023 na Coruña”, permite beneficiar a un maior número de colectivos da provincia, polo que, en virtude das consideracións anteriores, a Deputación da Coruña e a Asociación Redes de Sal acordan subscribir o presente convenio de colaboración dacordo coas seguintes

CLÁUSULAS

I. OBXECTO

O presente convenio ten por obxecto establecer as bases de colaboración entre a Deputación Provincial da Coruña e a Asociación Redes de Sal (NIF: G70549118) para financiar o proxecto “Mercado e Festa do Mar 2023 na Coruña”, no que se integran as actividades de captación, deseño, dinamización, organización e comunicación necesarias para a celebración do dito evento.

II. ORZAMENTO DE GASTOS DA ACTIVIDADE A REALIZAR

A Asociación Redes de Sal desenvolverá as actividades programadas, segundo se definen na cláusula anterior, consonte ao seguinte orzamento:

ORZAMENTO GASTOS	IMPORTE
Arrendamentos	
Aluguer Infraestruturas (carpas, mobiliario, valado perimetral, escenario, pórtico entrada, etc., montaxe e desmontaxe)	10.100,00 €
Aluguer Instalacións eléctricas e xerador	3.800,00 €
Aluguer Equipamento audiovisual	2.800,70 €
Primas de seguros	
Primas de seguros específicos	995,00 €
Publicidade	
Comunicación off e online	9.600,00 €
Contratacións externas	
Ambientación	726,00 €
Actuacións Musicais, degustacións-showcooking e outras actividades de dinamización	4.295,50 €
Limpeza, seguridade, etc.	2.585,80 €
Organización do evento	11.495,00 €
Soldos, salarios	
Persoal para atención ao público e expositores durante evento	761,97 €
Seguridade social a cargo da empresa	
Seguridade social a cargo da empresa do persoal atención público e expositores	338,03 €
Outros servizos	
Permisos ocupación e taxas	600,00 €
Compras de bens destinados á actividade (material non inventariable)	



Papelería, menaxe cartón, outros funxibles	380,00 €
Comunicacións	
Correos, teléfono, internet, aloxamento web..	90,00 €
TOTAL	48.568,00 €

III. FINANCIAMENTO PROVINCIAL E OUTROS INGRESOS PARA A MESMA FINALIDADE

1. A Deputación Provincial da Coruña contribuirá ao financiamento da actividade, tal como se define na cláusula primeira, cunha achega máxima de **30.000,00 €**, o que representa unha porcentaxe do **61,769066 %**. A cantidade restante, ata alcanzar o importe total do orzamento da actividade, está financiada con cargo a recursos propios ou alleos, acreditando a entidade beneficiaria que ten consignado o crédito axeitado e suficiente para imputar a totalidade do gasto correspondente á entidade.

2. No caso de que o gasto xustificado non acadase o importe total previsto na cláusula segunda, a Deputación só achegará o importe que represente o 80 % da cantidade efectivamente xustificada. Agora ben, se a cantidade xustificada resulta inferior ao 75 % do orzamento previsto na cláusula segunda, entenderase que a finalidade básica da subvención non foi cumprida e perderase o dereito ao seu cobro.

3. O importe do financiamento provincial farase efectivo con cargo á aplicación orzamentaria 0520/92052/481, na que a Intervención provincial ten certificado de que existe crédito dabondo sobre a que se ten contabilizado a correspondente retención de crédito.

4. A subvención da Deputación é compatible coa percepción doutras subvencións ou axudas, públicas ou privadas, que a Asociación Redes de Sal obteña para a mesma finalidade, sempre que o seu importe, xuntamente co da subvención provincial, non supere en ningún caso o importe total do gasto efectivamente xustificado.

5. No caso de que a concorrencia de axudas ou subvencións supere o importe do gasto efectivamente xustificado, minorarase a aportación provincial no importe necesario para darlle estricto cumprimento ao apartado anterior.

IV. CONTRATACIÓN E EXECUCIÓN

1. O outorgamento dos contratos de servizos, asistencia ou subministrados necesarios para a execución do obxecto do convenio corresponderalle á entidade beneficiaria.

Poderase contratar as actividades subvencionadas con persoas ou entidades vinculadas á beneficiaria cumprindo os seguintes requisitos:

a. Presentación no momento da solicitude de autorización de execución parcial do obxecto da subvención con persoas vinculadas á entidade.

b. Que se obteña a previa autorización expresa da Deputación.

c. Que o importe subvencionable non exceda do coste incorrido pola entidade vinculada. A acreditación do coste se realizará na xustificación nos mesmos termos establecidos para a acreditación dos gastos da entidade beneficiaria.

d. Que a contratación de actividades e servizos con persoas vinculadas non supere o límite máximo do 40 por cento do orzamento subvencionado que se ha de xustificar,



sumando os importes de todos os contratos con persoas vinculadas.

Considérase que existe vinculación coas persoas físicas e xurídicas nas que conorra algunha das circunstancias previstas no artigo 68,2 do RD 887/2006 polo que se aproba o Regulamento da lei xeral de subvencións. Inclúese como vinculación aos ex-socios, ex-administradores ou ex-membros da Xunta Directiva durante os 2 anos seguintes ao seu cesamento.

No caso de servizos profesionais prestados polos socios baixo unha relación laboral non dependente que se xustifiquen mediante unha factura para a retribución dos seus servizos, considerarase operación vinculada.

2. Se o importe dalgunha das prestacións supera 15.000,00 euros, con carácter previo á contratación, a entidade beneficiaria deberá solicitar alomenos tres orzamentos a distintos provedores. Entre as ofertas recibidas deberase elixir unha delas de acordo con criterios de eficiencia e economía, debendo xustificarse expresamente nunha memoria a elección cando non recaia sobre a oferta máis vantaxosa economicamente.

3. No caso de que a entidade beneficiaria tramite e aprobe algunha modificación do proxecto inicialmente aprobado, así como do contrato adxudicado, deberá remitir á Deputación un exemplar do Proxecto modificado, achegando co mesmo os informes emitidos e a certificación do correspondente acordo.

V. PUBLICIDADE DO FINANCIAMENTO PROVINCIAL

1. Na publicidade pola que se dea a coñecer a realización das actividades, por medios escritos, radiofónicos, audiovisuais ou internet, deberase facer constar sempre o financiamento da Deputación Provincial da Coruña.

2. Coa memoria e conta xustificativa achegaranse documentos que acrediten o cumprimento desta obriga da entidade beneficiaria.

VI. XUSTIFICACIÓN NECESARIA PARA RECIBIR A ACHEGA PROVINCIAL

A achega da Deputación seralle abonada á entidade beneficiaria unha vez que se presente a seguinte documentación:

a. Memoria de actuación, subscrita polo representante da entidade, xustificativa do cumprimento das condicións impostas neste convenio, coa indicación das actividades realizadas e dos resultados obtidos.

b. Certificación clasificada dos gastos realizados, na que se indiquen os acredores co seu NIF, os documentos xustificativos, os importes e, se fora o caso, datas de pago; tamén se indicarán as desviacións con respecto ao orzamento detallado na cláusula segunda.

Con esta relación achegaranse os orixinais ou copias debidamente compulsadas das facturas e demais xustificantes de gasto; no caso de que se presenten copias compulsadas, con carácter previo á compulsas deberá estenderse unha dilixencia sobre o orixinal na que se deixe constancia de que foi presentada como xustificante de gasto para o cobro dunha subvención outorgada pola Deputación da Coruña.

Os gastos e as correspondentes facturas referiranse exclusivamente ás actividades realizadas durante o presente ano.

c. Declaración relativa á repercusión do IVE que, se fora o caso, inclúan as facturas xustificativas do gasto realizado. De acordo co disposto no art. 31.8 da Lei Xeral de Subvencións, o IVE será subvencionable no caso de que non sexa deducible pola



entidade.

d. Autorizacións individuais asinadas por cada traballador/a con salario subvencionado, para a cesión á Deputación da Coruña dos datos persoais relacionados co seu contrato de traballo.

e. Certificación da aprobación das facturas e demais documentos xustificativos polo órgano competente.

f. Acreditación do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social, segundo o previsto na cláusula oitava.

g. Declaración de todos os ingresos de natureza pública ou privada obtidos para a mesma finalidade, con indicación do seu importe e procedencia, así como dos propios ingresos que xere a actividade subvencionada ou, pola contra, manifestación de que non se obtiveron outros ingresos para mesma finalidade, asinada polas persoas que exerzan a responsabilidade de tesouraría e a representación legal da entidade.

h. Acreditación do cumprimento da obriga de facer constar a colaboración da Deputación da Coruña en toda a información (impresa, informática ou audiovisual) que fixera das actividades subvencionadas.

VII. TERMO PARA A REALIZACIÓN DA ACTIVIDADE E PRAZO DE XUSTIFICACIÓN

1. As actividades que son obxecto de financiamento provincial, tal como están descritas na cláusula primeira, deberán estar realizadas entre o 01 de febreiro de 2023 e o 30 de novembro de 2023.

2. Unha vez rematadas as actividades, a Asociación Redes de Sal deberá presentar a xustificación documental á que se refire a cláusula sexta antes do vencemento do período de vixencia do convenio establecido na cláusula XIII.

3. De conformidade co disposto no artigo 70.3 do Regulamento da Lei de subvencións (Real Decreto 887/2006, do 21 de xullo), transcorrido este derradeiro prazo sen que se teña recibido xustificación ningunha, a Unidade xestora remitiralle un requirimento á Asociación Redes de Sal para que a presente no prazo improrrogable de quince días. A falta de xustificación da subvención neste prazo excepcional conlevará a perda da subvención e demais responsabilidades previstas neste convenio e na lexislación aplicable ao respecto. Aínda así, a presentación da xustificación neste prazo adicional non eximirá á Asociación Redes de Sal da sanción que, de conformidade co disposto na Lei de Subvencións e na Ordenanza Xeral de Subvencións e Transferencias da Deputación, lle poida corresponder.

4. O aboamento da subvención materializarase mediante ingreso na conta da entidade financeira indicada pola Asociación Redes de Sal na documentación presentada no prazo máximo de catro meses.

VIII. ACREDITACIÓN DO CUMPRIMENTO DAS OBRIGAS TRIBUTARIAS E COA SEGURIDADE SOCIAL

1. A Asociación Redes de Sal deberá estar ao día, con carácter previo á sinatura deste convenio, e logo, con carácter previo ao pagamento da subvención, no cumprimento das obrigas tributarias coa Administración do Estado, coa Comunidade autónoma, coa Deputación Provincial da Coruña, e coa Seguridade Social.

2. A acreditación do cumprimento de ditas obrigas poderá realizarse mediante declaración



responsábel expedida autorizada polo órgano competente, mediante a presentación dos correspondentes certificados ou ben autorizando á Deputación a que obteña telemáticamente os correspondentes certificados.

3. A acreditación do cumprimento das obrigas tributarias coa Deputación Provincial determinarase de oficio por ésta.

IX.- DESTINO E MANEXO DOS FONDOS RECIBIDOS

1. A Asociación Redes de Sal destinará os fondos recibidos ao pagamento dos xustificantes de gasto presentados.

2. Co fin de garantir un axeitado control da aplicación dos fondos, o pagamento deberá quedar acreditado documentalmente mediante a utilización de transferencia bancaria, tarxeta de débito ou crédito, cheque nominativo ou calquera outro medio que deixe constancia da data de pago e da identidade do perceptor; só excepcionalmente se poderá realizar o pago en metálico para gastos de ata 150,00 €, nos que non resulte posible a utilización dun dos medios anteriormente indicados.

3. Sen prexuízo dos libros e rexistros contables que as normas xerais ou sectoriais lle poidan impor, a Asociación Redes de Sal deberá contar alomenos cun rexistro cronolóxico de cobros e pagamentos nos que se inclúan, entre outros, os relativos aos gastos xustificadas e aos ingresos declarados con respecto a esta subvención.

X. CONTROL FINANCEIRO DA DEPUTACIÓN E DOS ÓRGANOS DE CONTROL EXTERNO

1. Consonte ao disposto nos artigos 44 e seguintes da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións, e nos artigos 41 e seguintes da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia, a Asociación Redes de Sal poderá ser escolleito pola Intervención provincial para a realización dun control financeiro sobre a subvención pagada, co fin de acreditar a efectiva aplicación dos fondos á finalidade para a que foron concedidos, o correcto financiamento da actividade e o cumprimento de tódalas demais obrigas formais e materiais que lle impón o presente convenio de colaboración.

2. Asemade, de acordo co previsto na lei 6/1985, de 24 de xuño, do Consello de Contas de Galicia, a Asociación Redes de Sal queda sometido aos procedementos de fiscalización que leven a cabo o Consello de Contas de Galicia ou, no seu caso, segundo o previsto na Lei orgánica 2/1982, de 12 de maio, aos procedementos de enxuciamiento contable que poida incoar o Tribunal de Contas, e a calquera outro órgano de control, nacional ou europeo.

XI. REINTEGRO, INFRACCIÓN E SANCIÓN

1. O incumprimento dalgunha das cláusulas previstas no presente convenio de colaboración poderá conlevar a obriga de reintegro parcial ou total dos fondos recibidos, así como ao pago dos xuros de demora que se devenguen desde o día no que se realizou o pago ata o momento no que se acorde a procedencia do reintegro. O procedemento de reintegro iniciarase de oficio, e na súa tramitación seguirase o disposto nos artigos 41 e seguintes da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións e nos artigos 91 e seguintes do seu Regulamento (R.D. 887/2006, do 21 de xullo), dándolle en todo caso audiencia ao interesado.

2.- Sen prexuízo do anterior, o incumplimento tamén poderá ser constitutivo dalgunha das infraccións tipificadas na Lei 38/2003, de 17 de novembro, ou na Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, sendo de aplicación o cadro de sancións previsto nas normas citadas e na Ordenanza provincial xeral de subvencións e transferencias (BOP nº



150, do 10 de agosto de 2021).

3.- Para os supostos de retraso na realización das actividades ou na presentación da xustificación estarase ao disposto na Ordenanza provincial xeral de subvencións e transferencias (BOP nº 150, do 10 de agosto de 2021).

XII. INCORPORACIÓN AO REXISTRO PÚBLICO DE SUBVENCIÓNS E PUBLICIDADE DA SUBVENCIÓN CONCEDIDA

1. No cumprimento do disposto no artigo 20.1 da Lei 38/2003, Xeral de Subvencións, e demais normativa de desenvolvemento, os datos da subvención concedida e a identificación da entidade beneficiaria serán remitidas á Intervención Xeral do Estado, para que sexan incorporados á Base de Datos Nacional de Subvencións, coa exclusiva finalidade prevista en dito precepto.

2. Asemade, no cumprimento do disposto no artigo 16.3 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia, a Deputación remitiralle a mesma información á Consellería de Economía y Facenda, co fin de que a incorpore ao rexistro público de axudas, subvencións e convenios da Comunidade Autónoma de Galicia.

3. Un exemplar deste convenio, debidamente asinado, será incorporado ao rexistro de convenios que depende do Servizo de Contratación da Deputación.

XIII. VIXENCIA DO CONVENIO, PRÓRROGA OU MODIFICACIÓN

1. O prazo de vixencia do presente convenio finalizará o 31 de xullo de 2024 e terá efectos retroactivos, polo que as actividades contempladas nel poderán terse realizado dende o 01 de febreiro de 2023.

2. Para o caso de que a Asociación Redes de Sal non poda presentar a xustificación antes do 31 de xullo 2024, deberá solicitar antes desta data, a prórroga do prazo inicial de xustificación, achegando unha solicitude motivada, co fin de que a Deputación poida acreditar a existencia de crédito adecuado e suficiente para o pago que proceda, do importe correctamente xustificado. Acreditada esta circunstancia, a Deputación poderá conceder a prórroga solicitada, que en ningún caso poderá exceder do 31 de outubro de 2024. A esta data, o convenio quedará definitivamente extinguido, de xeito que a entidade beneficiaria perderá o dereito ao cobro do importe correspondente á contía non xustificada a dita data.

3. Tamén, por acordo expreso de ambas as dúas partes e previos os informes da Unidade Xestora, do Servizo de Contratación, da Secretaría Xeral e da Intervención Provincial da Deputación, o convenio poderá ser obxecto de modificación. En ningún caso, se poderá modificar o convenio variando substancialmente o obxecto da subvención concedida e prevista nominativamente por acordo plenario.

XIV. NATUREZA, INTERPRETACIÓN, MODIFICACIÓN E XURISDICIÓN COMPETENTE

1. O presente convenio ten natureza administrativa e para resolver as dúbidas que xurdan na interpretación das súas cláusulas aplicaranse as disposicións contidas na Lei 38/2003, de 18 de novembro, Xeral de Subvencións, e na Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia; supletoriamente aplicarase a lexislación de contratos do sector público.

2. A interpretación das dúbidas e lagoas que poidan xurdir na aplicación do presente convenio corresponderalle ao Presidente da Deputación, previos os informes preceptivos da Unidade Xestora, da Secretaría e da Intervención provincial.



3. Corresponderalle aos órganos da xurisdición contencioso-administrativa, segundo a distribución de competencias prevista na Lei 29/1998, de 13 de xullo, reguladora de dita xurisdición, o coñecemento das cuestións litixiosas que poidan xurdir como consecuencia do presente convenio.

Faise constar que o presente convenio foi aprobado por acordo do Pleno Corporativo de data _____ de _____

E en proba de conformidade asinan por duplicado exemplar o presente convenio no lugar e data indicados no encabezamento.

Pola Deputación Provincial da Coruña

Pola Asociación Redes de Sal

Asdo:

Asdo:

A Secretaria Xeral da Deputación Provincial A Coruña

Asdo."

31.- Aprobación da formalización dun convenio administrativo coa Unión de Cooperativas Espazocoop, para cofinanciar o proxecto "Fomento do emprendemento en cooperativa e consolidación de empresas creadas", no marco do Plan de Emprego Local (PEL), anualidade 2023.

VOTACIÓN

Votan a favor: 31 deputados/as (14 do PP, 10 do PSOE, 6 do BNG e 1 de Alternativa dos Veciños).

Votan en contra: ningún/ha deputado/a

Abstéñense: ningún/ha deputado/a

ACORDO

O Pleno, por unanimidade, acorda:

"Vistos os informes e demais antecedentes sobre a proposta de formalización dun convenio administrativo coa Unión de Cooperativas ESPAZOCOOP, para cofinanciar o proxecto "FOMENTO DO EMPRENDEMENTO EN COOPERATIVA E CONSOLIDACIÓN DE EMPRESAS CREADAS", na anualidade 2023, propónse á Comisión de Industria, Empresa, Medio Ambiente, Emprego e Política Demográfica, a toma en consideración do seguinte acordo:

1. Acreditadas as condicións especiais da entidade solicitante e o seu programa de actuacións, salvar o reparo da Intervención Xeral e Xestión Económica Financeira e exceptuar para o presente convenio os principios de concorrencia, publicidade, igualdade e non discriminación na tramitación do presente expediente, dada a existencia de causas excepcionais que xustifican a concesión da subvención nominativa, por entender que se dan razóns de interese público no outorgamento da subvención, principios recollidos nos artigos 22.2 da Lei 38/2003, Xeral de subvencións e 65 a 67 do seu regulamento.

2. Non ter en conta, con carácter excepcional, o principio de imputación temporal de gasto, de conformidade co establecido no artigo 176 do texto refundido da Lei



de Facendas Locais.

3. Aprobar a formalización dun convenio de colaboración coa "Unión de Cooperativas ESPAZOCOOP", CIF G- 70506662, para regular a achega de 47.040,00€ para cofinanciar o proxecto "FOMENTO DO EMPRENDEMENTO EN COOPERATIVA E CONSOLIDACIÓN DE EMPRESAS CREADAS", cun orzamento subvencionado de 58.800,00€, o que supón un coeficiente de financiamento do 80 %.

4. Imputar o gasto ao documento RC núm. de operación 220230038105, da Partida 0520/24100/481, do vixente Orzamento Xeral.

5. Condicionar o presente gasto á existencia de crédito adecuado e suficiente no exercicio 2023 tendo en conta que a vixencia do convenio esténdese ate o 30 de abril de 2024

6. Aprobar o texto do convenio que se transcribe e facultar ao Presidente da Corporación para a súa formalización e execución:

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A EXCELENTÍSIMA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA E A UNIÓN DE COOPERATIVAS ESPAZOCOOP PARA FINANCIAR O PROXECTO "FOMENTO DO EMPRENDEMENTO EN COOPERATIVA E CONSOLIDACIÓN DE COOPERATIVAS CREADAS", NO MARCO DO PLAN DE EMPREGO LOCAL (PEL), ANUALIDADE 2023

Na Coruña, a de de na sede da Deputación Provincial da Coruña

Ante min, Amparo Taboada Gil, Secretaria Xeral da Deputación Provincial da Coruña, como fedataria actuante

REUNIDOS

D., en representación da Deputación Provincial da Coruña

D., en representación da Unión de Cooperativas EspazoCoop

Actuando no exercicio dos seus respectivos cargos e na representación que ostentan, e recoñecendo reciprocamente capacidade para obrigarse nos termos deste documento

MANIFESTAN

Que a Excelentísima Deputación Provincial da Coruña e a Unión de Cooperativas EspazoCoop consideran de gran interese para a provincia impulsar o emprendemento en cooperativa e consolidar ás empresas creadas atendendo ás distintas necesidades e demandas detectadas neste ámbito, conscientes da importancia do cooperativismo e concretamente o cooperativismo de traballo asociado para dar resposta dun xeito eficaz ao acceso ao emprendemento de moi diversos colectivos: persoas mozas, mulleres, reconversións laborais e empresariais, tanto no ámbito urbano como rural.

Que dado o interese coincidente da Deputación da Coruña e da Unión de Cooperativas EspazoCoop, no marco dos seus fins e competencias, as dúas partes acordan subscribir un convenio conforme ás seguintes

CLÁUSULAS

I.- OBXECTO

O presente convenio ten por obxecto establecer as bases de colaboración entre a



Deputación da Coruña e a Unión de Cooperativas EspazoCoop, CIF G-70506662, para o financiamento do proxecto “Fomento do emprendemento en cooperativa e consolidación de cooperativas creadas”, cuxo obxectivo consiste en apoiar e promocionar o modelo cooperativo como fórmula de emprendemento laboral e de xeración e creación de riqueza mediante a posta en marcha de actividades económicas xunto coa creación de emprego estable.

II.- ORZAMENTO DE GASTOS DA ACTIVIDADE A REALIZAR

A Unión de Cooperativas EspazoCoop levará a cabo as actividades do programa, segundo se definen na cláusula anterior, consonte ao seguinte orzamento:

ACTIVIDADES	IMPORTE
Soldos e salarios do persoal laboral da entidade, imputado ao proxecto	36.656,57€
Seguridade social a cargo da entidade do persoal laboral imputado ao proxecto	11.748,43€
Traballos realizados por outras empresas (gastos de contratación de servizos externos profesionalizados, experiencias e persoas expertas)	10.395,00€
Total custo proxecto	58.800,00€

III.- FINANCIAMENTO PROVINCIAL E OUTROS INGRESOS QUE SE OBTENAN OU ACHEGUEN PARA A MESMA FINALIDADE

- ❖ A Deputación da Coruña contribuirá ao financiamento da actividade, tal como se define na cláusula primeira, cunha achega máxima de 47.040,00€, o que representa unha porcentaxe do 80% do custo do proxecto. No caso de que o gasto xustificable non acadase o importe total previsto na cláusula segunda, a Deputación só alcanzará o importe que represente o 80% da cantidade efectivamente xustificable.
- ❖ Agora ben, se a cantidade xustificable resulta inferior ao 75 por cento do orzamento previsto na cláusula segunda, entenderase que a finalidade básica da subvención non foi cumprida e perderase o dereito ao seu cobro.
- ❖ O importe do financiamento provincial farase efectivo con cargo á aplicación orzamentaria 0510/24100/481 na que a Intervención provincial ten certificado que existe crédito dabondo sobre a que se ten contabilizado a correspondente retención de crédito.
- ❖ A subvención da Deputación non é compatible coa percepción doutras subvencións ou axudas, públicas ou privadas, que a Unión de Cooperativas EspazoCoop obteña para a mesma finalidade.

IV.- CONTRATACIÓN E EXECUCIÓN

1. O outorgamento dos contratos de servizos, asistencia ou subministración necesarios para a execución da actividade corresponderalle á Unión de Cooperativas EspazoCoop. Non se poderá contratar a realización de prestacións con persoas ou entidades vinculadas á Unión de Cooperativas EspazoCoop, nin con calquera outra na que concorran algunha das circunstancias ás que se refire o artigo 29.7 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións.
2. A contratación dos terceiros para a execución dos servizos, asistencias ou subministracións necesarios realizaranse con suxeición ás normas de contratación



do sector público, utilizando para tal fin os pregos de condicións tipo da Deputación Provincial para os procedementos abertos e garantindo, en todo caso, os principios de publicidade, concorrencia, igualdade e non discriminación. Procederá a utilización dos criterios e do prego provincial do procedemento negociado cando razóns de carácter científico, literario ou artístico dificulten ou impidan promover a concorrencia.

3. No caso de que Unión de Cooperativas EspazoCoop tramite e aprobe algunha modificación do proxecto inicialmente aprobado, así como do contrato adxudicado, deberá remitirle á Deputación un exemplar do proxecto modificado, achegando con el os informes emitidos e a certificación do correspondente acordo.

V.- PUBLICIDADE DO FINANCIAMENTO PROVINCIAL

1. Na publicidade pola que se dea a coñecer a realización das actividades, ben sexa por medios escritos, radiofónicos, audiovisuais ou internet, deberase facer constar sempre o financiamento da Deputación Provincial da Coruña e se utilizará o logo oficial do Plan de Emprego Local e da Rede Provincial de Espazos de Traballo Colaborativo, dispoñible na web: www.emplo.dacoruna.gal
2. Coa memoria e conta xustificativa, achegaranse os documentos que acrediten o cumprimento destas obrigas da Unión de Cooperativas EspazoCoop.

VI.- XUSTIFICACIÓN NECESARIA PARA RECIBIR A ACHEGA PROVINCIAL

De acordo co disposto na Base 54ª das de execución do Orzamento para o ano 2023, as achegas provinciais faranse efectivas despois da xustificación documental da realización das actividades ou investimentos subvencionados.

De acordo co anterior, expedirase un único pagamento a prol da Unión de Cooperativas EspazoCoop, pola contía resultante de aplicar a dita porcentaxe sobre a cantidade efectivamente xustificada e unha vez que presente ou conste na Deputación Provincial a seguinte documentación:

Certificación do acordo ou acordos de contratación de persoal e de adxudicación definitiva dos contratos de subministracións ou servizos necesarios para levar a cabo a actividade, na que se fagan constar polo menos os seguintes datos: empresa adxudicataria, importe do contrato e prazo de execución.

Acreditación do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade social, segundo o disposto na cláusula OITAVA.

Declaración doutras axudas ou subvencións solicitadas ou concedidas para a mesma finalidade.

A Unión de Cooperativas EspazoCoop estará obrigada a cumprir a cláusula de publicidade e a acreditala mediante a presentación dos documentos que o acrediten.

Memoria de actuación, subscrita polo representante legal da Unión de Cooperativas EspazoCoop, xustificativa do cumprimento das condicións impostas neste convenio, coa indicación das actividades realizadas e dos resultados obtidos.

Relación clasificada dos gastos realizados, no que se indiquen os acredores co seu NIF, os documentos xustificativos, os importes e, non seu caso, datas de pago. Tamén se indicarán as desviacións con respecto ao orzamento detallado na cláusula SEGUNDA. Con esta relación achegaranse os orixinais ou copias debidamente compulsadas das facturas e demais xustificantes de gasto. No caso



de que se presenten copias compulsadas, con carácter previo á compulsa deberá estenderse unha dilixencia sobre o orixinal na que se deixe constancia de que foi presentada como xustificante de gasto para o cobro dunha subvención outorgada pola Deputación da Coruña.

Certificación da aprobación das facturas e demais documentos xustificativos polo órgano competente.

O aboamento da contía da subvención materializarase mediante o ingreso na conta da entidade financeira indicada pola Unión de Cooperativas EspazoCoop na documentación achegada. E se tiveran transcorrido máis de catro meses desde a adecuada e correcta xustificación dos compromisos adquiridos sen que cobrase o importe que lle corresponda, a entidade terá dereito ao aboamento dos xuros de mora, ao tipo de xuro legal, que se devenguen desde a finalización do prazo de catro meses ata o momento no que se faga efectivo o pagamento.

VII. TERMO PARA A REALIZACIÓN DA ACTIVIDADE E PRAZO DE XUSTIFICACIÓN

1. As actividades que son obxecto de financiamento provincial, comprenden **dende o 1 de xaneiro de 2023 e ata o 31 de decembro de 2023**.

2. Unha vez rematadas as actividades, a Unión de Cooperativas EspazoCoop deberá presentar a xustificación documental á que se refire a cláusula SEXTA antes do vencemento do período de vixencia do convenio establecido na cláusula DÉCIMO TERCEIRA.

3. De conformidade co disposto no artigo 70.3 do Regulamento da Lei de subvencións (Real Decreto 887/2006, do 21 de xullo), transcorrido este derradeiro prazo sen que se teña recibido xustificación ningunha, a unidade xestora remitiralle un requirimento á Unión de Cooperativas EspazoCoop para que a presente no prazo improrrogable de QUINCE DÍAS. A falla de xustificación da subvención neste prazo excepcional dará lugar á perda da subvención e demais responsabilidades previstas neste convenio e na lexislación aplicable ao respecto. Aínda así, a presentación da xustificación neste prazo adicional non eximirá á entidade da sanción que, de conformidade co disposto na Lei de subvencións e na ordenanza provincial de desenvolvemento que resulte aplicable, lle poida corresponder.

4. O aboamento da subvención materializarase mediante ingreso na conta da entidade financeira indicada pola Unión de Cooperativas EspazoCoop na documentación achegada. E se tiveran transcorrido máis de catro meses desde a adecuada e correcta xustificación dos compromisos adquiridos sen que se lle abonase o importe da subvención provincial que lle corresponda, o beneficiario terá dereito ao aboamento dos xuros de mora, ao tipo de xuro legal, que se devenguen desde a finalización do prazo de catro meses ata o momento que se faga efectivo o pagamento.

VIII.- CUMPRIMENTO DAS OBRIGAS TRIBUTARIAS E COA SEGURIDADE SOCIAL E A SÚA ACREDITACIÓN

1. A Unión de Cooperativas EspazoCoop deberá estar ao día, con carácter previo á sinatura deste convenio, e logo, con carácter previo ao pago da subvención, no cumprimento das obrigas tributarias coa Administración do Estado, coa comunidade autónoma, coa Deputación Provincial da Coruña, e coa Seguridade Social.

2. A acreditación do cumprimento das ditas obrigas poderá realizarse mediante declaración responsable expedida autorizada polo órgano competente, mediante a presentación dos correspondentes certificados ou ben autorizando á Deputación a que obteña telemáticamente os correspondentes certificados.



3. A acreditación do cumprimento das obrigas tributarias coa Deputación Provincial serán determinadas por ésta de oficio.

IX.- DESTINO E MANEXO DOS FONDOS RECIBIDOS

1. A Unión de Cooperativas EspazoCoop destinará os fondos recibidos ao pagamento dos xustificantes de gasto presentados.

2. Co fin de garantir un axeitado control da aplicación dos fondos, o pagamento deberá quedar acreditado documentalmente mediante a utilización de transferencia bancaria, tarxeta de débito ou crédito, cheque nominativo ou calquera outro medio que deixe constancia da data de pago e da identidade do perceptor. Só excepcionalmente se poderá realizar o pago en metálico para gastos de ata 150,00€, nos que non resulte posible a utilización dun dos medios anteriormente indicados.

X.- CONTROL FINANCEIRO DA DEPUTACIÓN E DOS ÓRGANOS DE CONTROL EXTERNO.

1. Consonte ao disposto nos artigos 44 e seguintes da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións, e nos artigos 41 e seguintes da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia, a Unión de Cooperativas EspazoCoop poderá ser escollida pola Intervención provincial para a realización dun control financeiro sobre a subvención pagada, co fin de acreditar a efectiva aplicación dos fondos á finalidade para a que foron concedidos, o correcto financiamento da actividade e o cumprimento de tódalas demais obrigas formais e materiais que lle impón o presente convenio de colaboración.

2. Asemade, de acordo co previsto na lei 6/1985, de 24 de xuño, do Consello de Contas de Galicia, a Unión de Cooperativas EspazoCoop queda sometida aos procedementos de fiscalización que leven a cabo o Consello de Contas de Galicia ou, no seu caso, segundo o previsto na Lei orgánica 2/1982, de 12 de maio, aos procedementos de axuizamento contable que poida incoar o Tribunal de Contas, e a calquera outro órgano de control, nacional ou europeo.

XI.- REINTEGRO, INFRACCIÓNS E SANCIÓN S.

1. O incumprimento dalgunha das cláusulas previstas no presente convenio de colaboración poderá dar lugar a obriga de reintegro parcial ou total dos fondos recibidos, así como ao pago dos xuros de demora que se devenguen desde o día no que se realizou o pago ata o momento no que se acorde a procedencia do reintegro. O procedemento de reintegro iniciárase de oficio, e na súa tramitación seguirase o disposto nos artigos 41 e seguintes do seu Regulamento (R.D. 887/2006, do 21 de xullo), dándolle en todo caso audiencia ao interesado.

2. Sen prexuízo do anterior, o dito incumprimento tamén poderá ser constitutivo dalgunha das infraccións tipificadas na Lei 38/2003, de 17 de novembro, ou na Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, séndolle de aplicación o cadro de sancións previstos nas normas citadas e na ordenanza provincial de desenvolvemento que resulte aplicable.

3. Para os supostos de atraso na realización das actividades ou atraso na presentación da xustificación se estará ao disposto na ordenanza provincial de desenvolvemento que resulte aplicable.

XII.- INCORPORACIÓN AO REXISTRO PÚBLICO DE SUBVENCIÓN S E PUBLICACIÓN DA SUBVENCIÓN CONCEDIDA.

1. No cumprimento do disposto no artigo 20.1 da Lei 38/2003, xeral de subvencións, e demais normativa de desenvolvemento, os datos da subvención concedida e a identificación da Unión de Cooperativas EspazoCoop serán remitidas á Intervención xeral



do Estado, para que sexan incorporados á Base de Datos Nacional de Subvencións, coa exclusiva finalidade prevista en dito precepto e co debido respecto á protección dos datos de carácter persoal, segundo o previsto na Lei orgánica 15/1999, de 13 de decembro.

2. Asemade, no cumprimento do disposto no artigo 16.3 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia, a Deputación remitiralle a mesma información á Consellería de Economía e Facenda, co fin de que a incorpore ao Rexistro público de axudas, subvencións e convenios da Comunidade autónoma de Galicia.

3. Segundo o previsto no artigo 18 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de subvencións, a concesión da subvención á Unión de Cooperativas EspazoCoop será publicada no Boletín Oficial da Provincia da Coruña e na páxina web www.dacoruna.gal

4. Un exemplar deste convenio, debidamente asinado, será incorporado ao Rexistro de convenios que depende do Servizo de Contratación da Deputación.

XIII.- VIXENCIA DO CONVENIO, PRÓRROGA OU MODIFICACIÓN

1. O presente convenio de colaboración terá carácter retroactivo para os efectos de imputación dos gastos e abranguerá os devengados **dende o día 1 de xaneiro de 2023 e ata o 31 de decembro de 2023**, sen que en ningún caso sexan subvencionables os gastos devengados con anterioridade á dita data e conservará a súa vixencia ata o día **30 de abril de 2024**, sempre e cando exista crédito para tal fin.

2. Para o caso de que a Unión de Cooperativas EspazoCoop non poida, por motivos excepcionais, ter executadas as actividades obxecto do convenio, e presentada a xustificación **antes do 30 de abril de 2024**, deberá solicitar alomenos un mes antes desta data a **prórroga** do prazo inicial, achegando unha solicitude motivada, co fin de que a Deputación poida acreditar a existencia de crédito adecuado e suficiente no exercicio orzamentario correspondente. Acreditada esta circunstancia, a Deputación poderá conceder a prórroga solicitada, que en ningún caso poderá exceder do **31 de outubro de 2024**. Con esta data, o convenio quedará definitivamente extinguido, de xeito que a Unión de Cooperativas EspazoCoop perderá o dereito ao cobro do importe correspondente á contía non xustificada na dita data.

3. Tamén, por acordo expreso de ambas as dúas partes e despois dos informes da unidade xestora, do servizo de Contratación, da Secretaría e da Intervención da Deputación, o convenio poderá ser obxecto de modificación. En ningún caso, se poderá modificar o convenio variando substancialmente o obxecto da subvención concedida e prevista nominativamente por acordo plenario.

XIV.- NATUREZA, INTERPRETACIÓN, MODIFICACIÓN E XURISDICIÓN COMPETENTE

1. O presente convenio ten natureza administrativa e para resolver as dúbidas que xurdan na interpretación das súas cláusulas aplicaranse as disposicións contidas na Lei 38/2003, de 18 de novembro, xeral de Subvencións, e na Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia. Supletoriamente aplicarase a lexislación de contratos do sector público.

2. Para o seguimento coordinado da execución do presente convenio crearase unha comisión de seguimento formada por dous representantes de cada unha das partes nomeados polo presidente da Deputación e o da Unión de Cooperativas EspazoCoop, respectivamente.

3. Corresponderalle aos órganos da xurisdición contencioso-administrativa, segundo a



distribución de competencias disposta na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora de dita xurisdición, o coñecemento das cuestións litixiosas que poidan xurdir como consecuencia do presente convenio.

Faise constar que o presente convenio foi aprobado por _____ do día ___ de ___ de ___

E, en proba de conformidade, as partes comparecentes asinan en exemplar cuadriplicado o presente convenio, no lugar e data indicados no encabezamento.

Pola Deputación da Coruña

Pola Unión de Cooperativas
EspazoCoop

Asdo:

Asdo:"

ACTUACIÓN DE CONTROL MOCIÓNS

Sr. Presidente

Pasamos a actuacións de control. Hai unha primeira moción, do Grupo Provincial Alternativa dos Veciños, sobre o control da expansión da planta exótica invasora plumeiro da pampa (*Cortaderia selloana*).

1.Moción do Grupo Provincial Alternativa dos Veciños sobre control da expansión da planta exótica invasora plumero da pampa (cortaderia selloana)

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Ningunha administración pública pode ser cómplice e tolerar a contaminación por especies invasoras destrutoras do Medio Ambiente e o Hábitat galego.

A Deputación está a contratar anualmente o mantemento das cunetas e beirarrúas da rede provincial de estradas.

Os traballos que se realizan distan moito do que debe ser o mantemento, limitándose a pasar o tractor para cortar a maleza sin recollela posteriormente e sin limpar os pasos a fincas e outras propiedades, o que provoca o anegamento de tramos de estradas e o deterioro das marxes do vial.

Unha situación máis grave é a invasión masiva das beirarrúas pola planta coñecida como "plumachos", que ano tras ano, as empresas contratadas pola Deputación encárganse de replantar e incrementar ao longo das estradas ao non eliminalas co corte manual dos "plumachos" e arrincar a raíz da planta.

Este xeito de proceder está a eliminar ao mesmo tempo as plantas autóctonas e a provocar unha grave contaminación de miles de hectáreas lindeiras coas estradas provinciais.

Polo anteriormente exposto, proponse ao Pleno da Deputación:

ACORDOS

1. Que nos pregos de condicións dos contratos para o mantemento das estradas de



titularidade provincial se recolla a obriga da eliminación manual dos "plumachos" (flor) e a erradicación das plantas con medios mecánicos ou tratamentos silvícolas.

Sr. García Seoane

Ningunha Administración pública pode ser cómplice e tolerar a contaminación por especies invasoras destrutoras do medio ambiente e o hábitat galego. A Deputación está a contratar anualmente o mantemento das cunetas e beirarrúas da rede provincial de estradas. Os traballos que se realizan distan moito do que debe ser o mantemento, limitándose a pasar o tractor para cortar a maleza sen recollela posteriormente e sen limpar os pasos de fincas ás propiedades, o que provoca o anegamento de tramos de estradas e o deterioro das marxes do vial.

Pero unha situación especial e grave é a invasión masiva das beirarrúas pola planta coñecida como *plumacho*, que ano tras ano as empresas contratadas pola Deputación encárganse de replantar e incrementar ao longo das estradas ao non eliminalas con corte manual dos *plumachos*, que son os que contaminan, e arrincar a planta de raíz. Este xeito de proceder está a eliminar, ao mesmo tempo, as plantas autóctonas e a provocar unha grave contaminación de miles de hectáreas lindeiras coas estradas provinciais e, polo tanto, prexudicando montóns de familias que se lles invade con esta planta e é unha planta, ademais, moi difícil de erradicar.

Polo exposto, propónselle ao Pleno da Deputación que nos pregos de condicións futuros dos contratos para o mantemento das estradas de titularidade provincial se recolla a obriga da eliminación manual dos *plumachos*, a flor desa planta, e a erradicación das plantas con medios mecánicos ou tratamentos silvícolas. Eu creo que isto debe ser así porque estamos cambiando totalmente o noso país, a nosa fauna, a nosa flora. E son dúas administracións as responsables, neste caso a Deputación nas súas estradas, nos 2.000 km que ten, pero tamén a Xunta que, máis do mesmo. Por tanto, esta é o proposta que se fai ao Pleno.

Sr. Ben Otero

Gracias de nuevo, presidente.

Vamos a votar que sí a esta moción. Lo que pasa que, solo una cuestión, yo creo que sí es verdad que lo que insta el señor García Seoane a la Diputación creo que debe ser así, pero creo que esto también lo tienen que hacer el resto de las administraciones en las vías que sean de su competencia, tanto usted en las vías de Oleiros, como el señor Calvelo en las de Arteixo o el señor Formoso en las de As Pontes; es decir, todos en el orden de competencias que tenemos, tenemos que tratar de trabajar, la Xunta en las suyas también, por supuesto, y Fomento en las vías estatales. Yo creo que eso tiene una acción conjunta, no solo de la Diputación, que también, sino de todos os responsables de las vías. Pero le vamos a apoyar a moción.

Gracias.

Sra. Veira González

Grazas, presidente.

O grupo provincial do Bloque Nacionalista Galego vai votar a favor desta moción, que, como ben se expoñía, pretende a eliminación da chamada cortadeira ou herba da pampa. Esta reivindicación non é unha novidade para o Bloque Nacionalista Galego,



solicitamos actuacións concretas xa para a eliminación desta planta invasora desde moitos ámbitos, mesmo temos pedido, a través de emendas aos orzamentos do Estado, que se actúe para a eliminación desta especie invasora.

Imos votar a favor porque se trata, como digo, dunha especie invasora cuxo medre e expansión está a pór en xaque outras especies autóctonas, porque non temos planeta B, aínda que soe moi manido; a loita contra o cambio climático e a supervivencia do noso medio natural pasa pola necesaria loita tamén contra as especies invasoras e pola conservación das especies autóctonas. Por isto, é importante loitar contra o carrizo da pampa, a herba da pampa, plumeiro, como lle queiramos chamar, que se estende polas estradas da Deputación, mais non só. Por iso nós tamén o que solicitamos é que se actúe nas estradas que son de competencia da Xunta de Galiza, que se actúe nomeadamente na AP-9, que foi un transmisor claro desta herba no noso país e, efectivamente, se non, estaremos facendo o traballo a medias. Desde o BNG ao que nos comprometemos, desde este grupo provincial, é a facer efectiva esta moción e a incluír isto nos pregos de condicións técnicas dos contratos de mantemento de estradas da Deputación.

Nada máis.

Sr. Fernández Piñeiro

Bo día, moi brevemente, nós imos votar favorablemente desta moción, se ben matizar que se xa, na actualidade, no punto 2 dos pregos de condicións técnicas particulares dos contratos para a limpeza de vías provinciais, xa se establece, nun dos seus puntos, que nos tramos de estrada onde se detecte a presenza, en zona de dominio público, de especies invasoras tales como a herba da pampa, na medida do posible, se evitará, cos medios adecuados, que a súa limpeza axude á súa propagación. Por tanto, xa estaba contemplado dalgunha maneira, pero non igual da forma tan contundente como agora se vai facer, o cal nos parece ben; en principio era na medida do posible e agora vai ser obrigatorio totalmente para evitar que, nalgúns dos casos, poida non retirarse esa especie invasora. Por tanto, parécenos ben a moción e ímola apoiar.

Nada máis e moitas grazas.

Sr. Presidente

Procedemos á súa votación.

VOTACIÓN

Votan a favor: 31 deputados/as (14 do PP, 10 do PSOE, 6 do BNG e 1 de Alternativa dos Veciños).

Votan en contra: ningún/ha deputado/a

Abstéñense: ningún/ha deputado/a

O Pleno, por unanimidade, aproba a seguinte moción:

"Moción do Grupo Provincial Alternativa dos Veciños sobre control da expansión da planta exótica invasora plumero da pampa (cortaderia selloana)

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Ningunha administración pública pode ser cómplice e tolerar a contaminación por especies invasoras destrutoras do Medio Ambiente e o Hábitat galego.



A Deputación está a contratar anualmente o mantemento das cunetas e beirarrúas da rede provincial de estradas.

Os traballos que se realizan distan moito do que debe ser o mantemento, limitándose a pasar o tractor para cortar a maleza sin recollela posteriormente e sin limpar os pasos a fincas e outras propiedades, o que provoca o anegamento de tramos de estradas e o deterioro das marxes do vial.

Unha situación máis grave é a invasión masiva das beirarrúas pola planta coñecida como "plumachos", que ano tras ano, as empresas contratadas pola Deputación encárganse de replantar e incrementar ao longo das estradas ao non eliminalas co corte manual dos "plumachos" e arrincar a raíz da planta.

Este xeito de proceder está a eliminar ao mesmo tempo as plantas autóctonas e a provocar unha grave contaminación de miles de hectáreas lindeiras coas estradas provinciais.

Polo anteriormente exposto, propónse ao Pleno da Deputación:

ACORDOS

1. Que nos pregos de condicións dos contratos para o mantemento das estradas de titularidade provincial se recolla a obriga da eliminación manual dos "plumachos" (flor) e a erradicación das plantas con medios mecánicos ou tratamentos silvícolas."

Sr. Presidente

Pasamos á seguinte moción, que presenta o Grupo Provincial Popular, en contra da tramitación da Lei de amnistía.

2.Moción que presenta o Grupo Provincial Popular en contra da tramitación da Lei de Amnistía.

O 15 de outubro de 1977 o Congreso dos Deputados aprobou a Lei de Amnistía que seguiu o principio de reconciliación nacional que guiou a nosa Transición á democracia. A amnistía era unha demanda social e unha necesaria e imprescindible impugnación do ordenamento xurídico da ditadura. Foi un dos instrumentos cos que se puxo punto final á represión que sufriu unha parte da sociedade española e un dos grandes acordos que consolidaron o noso camiño á democracia.

Durante a tramitación da Constitución de 1978 debateuse a cuestión da amnistía, xa que se presentaron dúas emendas para que as Cortes Xerais puidesen ter esa competencia. As emendas foron rexeitadas e, pola contra, aprobouse o artigo 62 que prohíbe indultos xerais. É dicir, o perdón -que si existe no noso ordenamento e que está regulado na Lei do Indulto-, debe ser sempre individualizado e nunca con carácter xeral.

Nunha democracia europea consolidada, como é a española de 2023, unha amnistía, ademais, atenta contra algúns dos principios básicos do Estado de Dereito como son a exclusividade do poder xudicial para vulgar e facer executar o xulgado, a igualdade na aplicación da lei e a seguridade xurídica. Nin o lexislador nin o poder executivo poden arrogarse a facultade de declarar inmune a un grupo de persoas, borrar os seus delitos e mesmo evitar que sexan xulgados como calquera outro cidadán. Todo iso ademais mentres que tanto o Tribunal de Xustiza da UE como o Tribunal Europeo de Dereitos



Humanos teñen pendente resolucións referidas á cuestión, sobre a que se expón a posible amnistía e que afectan a España.

En 2017 produciuse un intento de insurrección por parte dos poderes públicos de Cataluña contra a orde Constitucional. A reacción do Estado de Dereito foi a aplicación do artigo 155 da Constitución e a posta en marcha dos instrumentos penais contra os seus impulsores.

O Tribunal Supremo condenou aos seus principais líderes a penas de entre 9 e 13 anos por sedición e malversación. Algúns dos seus principais responsables fuxiron ao estranxeiro. Desde entón tratan de evitar a acción dos Tribunais españois e europeos. O pasado 5 de setembro Puigdemont condicionou a gobernabilidade de España a, entre outras cuestións, a aprobación dunha Lei de Amnistía que favoreza, entre outros, aos procesados polo referendo ilegal de 2017, en ocasións por feitos dunha violencia extrema.

Non é a primeira vez que se expón esta cuestión. Xa en 2021 rexistrouse unha iniciativa destas características no Congreso e os Letrados emitiron un informe contundente contrario á súa tramitación. Ademais, tanto Pedro Sánchez como ministros do seu Goberno, Juan Carlos Campo, Fernando Grande Marlaska e Carmen Calvo, entre outros moitos dirixentes socialistas, afirmaron no pasado a inconstitucionalidade dunha posible amnistía.

Os feitos xurídicos seguen igual, pero cambiaron as circunstancias políticas. Pedro Sánchez, nun intento desesperado por conservar a Presidencia do Goberno, abriuse a que se poida tramitar unha Proposición de Lei. Ademais de supoñer unha inconstitucionalidade flagrante, de novo preténdese utilizar un atallo para evitar os controis de legalidade do CGPJ, a Fiscalía e o Consello de Estado.

O prezo da presidencia non sería só exculpar centenaes de delitos senón deslexitimar o Estado de Dereito e branquear e considerar a lexitimidade da sedición que levou a cabo. En definitiva, un inasumible prezo político para calquera gobernante decente e que a falta de rexeitamento explícito e contundente por parte do Goberno está a causar unha profunda conmoción social.

Por todo iso, o Grupo Popular de a Deputación da Coruña, presenta a seguinte:

PROPOSTA DE ACORDOS

1. Rexeita calquera tipo de amnistía ou indulto xeneralizado para calquera grupo de cidadáns, calquera que sexa o seu delito.
2. Considera que o imperio da lei é a expresión da vontade popular, tal e como establece o preámbulo da Constitución, e compromete a todos os poderes para o seu cumprimento.
3. Anima aos dous partidos maioritarios a buscar acordos de Estado que eviten que a sociedade española véxase sometida ás condicións ilegais de partidos independentistas.
4. Dar traslado destes acordos a Presidencia do Goberno, á Vicepresidencia primeira e ministerio de Asuntos Económicos e Transformación Dixital, á Vicepresidencia segunda e ministerio de Traballo e Economía Social, ao ministerio de Política Territorial, e aos portavoces parlamentarios no Congreso e o Senado; así como á Xunta de Goberno da FEMP.



Sr. Lorenzo Torres

Con la venia, señor presidente. Buenos días a todos, queridos compañeros.

Traemos hoy aquí, para su consideración y aprobación, dada la realidad política que estamos viviendo en estos días, una moción que nos habla de la Constitución, de los derechos, de las libertades, de los principios y de los valores que emanan de nuestra Constitución, que nos habla también de la separación de poderes, que nos habla también del Estado de derecho y, por supuesto, del respeto a la justicia.

Todos sabemos lo que está pasando en este momento en este país. Hay una reivindicación por parte de unos partidos separatistas catalanes que piden que se apruebe una ley de amnistía como primer paso, como manifestaron ayer, a un futuro referéndum sobre Cataluña. Por eso creo que debemos pronunciarnos. Y, a la mejor tenemos que hacer un poquito de historia de todo lo que ha pasado.

Todos vimos que en el año 2017 hubo un problema en Cataluña donde los poderes públicos se rebelaron contra el orden constitucional, hubo situaciones de violencia, hubo situaciones de desorden y, a raíz de eso, los partidos políticos, muchos de ellos aquí representados, tomamos una decisión por primera vez en la democracia que fue intervenir en Cataluña y aplicar el artículo 155, que nunca se había aplicado. Y se inició una serie de procedimientos judiciales contra los autores de estos delitos. Procedimientos judiciales que es verdad que todos hemos visto por la televisión, porque se emitieron en directo y que, después de juicio justo y con todas las garantías legales, muchos de ellos fueron condenados por sedición, por desobediencia, por malversación de fondos públicos, por pertenencia a bandas terroristas, por usurpación, por muchos delitos, más de mil personas.

Y es cierto que la vida política siguió en este país y pasaron elecciones y, como tenemos un sistema democrático aceptado por todos de mayorías parlamentarias, pues tiene unas circunstancias que para mantenerse en el Gobierno, el Sr. Sánchez tuvo que hacer cesiones, cesiones que parecían impensables. Todos recordamos, en su momento, cuando se aprobó en el Parlamento la despenalización del delito de sedición, eso no fue nada más que una amnistía encubierta, eso lo tenemos claro. Y también, cómo se aprobó un indulto por parte do Gobierno que no reunía ninguno de los requisitos legales que yo había estudiado en la facultad y que están en la ley, que era que hubiera un interés general, que era que el condenado lo pidiera, porque no lo pidieron los condenados y, por supuesto que había un arrepentimiento por el delito cometido, algo que se manifestaron en contra, porque dijeron siempre: “ni estamos arrepentidos y, si podemos, lo vamos a volver a hacer”.

Es verdad que este Gobierno del señor Sánchez, que legisla con tanta prisa, tuvo un problema de técnica jurídica y quedaron vigentes el delito de malversación de fondos, de corrupción y el de desobediencia. Estamos acostumbrados a ello. Lo hemos visto en la ley del sí o sí; es una ley que hicieron con tanta rapidez, con tanta ideología, que al final lo único que se ha conseguido es que más de mil delincuentes sexuales hayan rebajado sus penas y algunos estén hoy en la calle. Pero esto no es el tema que hoy nos trae aquí.

Es verdad que algunos de ellos no fueron juzgados, están esperando a juicio porque se han fugado pero, lógicamente, tienen que ser traídos a este país y serán juzgados por los tribunales, ya digo, en juicios justos. Lo que más me llama la atención y también quiero poner en evidencia la vergüenza que siento como ciudadano, que una vicepresidenta del Gobierno español vaya a visitar a un prófugo, a un país extranjero, a



un señor que se ha fugado de la justicia. Y que en este país no pase nada, y que un presidente del Gobierno no la obligue a dimitir. Pero bueno, eso también es otro problema.

Dicho esto, hay nuevas elecciones, tenemos nuevas mayorías, y resulta que este país, por este sistema parlamentario democrático que todos aceptamos de mayorías parlamentarias, se encuentra en una situación que hay una serie, un señor y un partido, que quiere chantajear al Gobierno y exige esa ley de amnistía. Y el Gobierno, por lo que contesta, porque aquí está claro que esto está, según el señor Junqueras, aprobado desde el mes de agosto, desde que se aprobó la composición de nuestro Parlamento, la amnistía ya está pactada y un presidente del Gobierno, que decía que la amnistía no tenía cabida en nuestro ordenamiento constitucional y hoy parece ser que sí, y lo quiere disfrazar, “es que es necesario que en este país haya una coalición progresista”. Algún día, alguno de ustedes me tiene que explicar qué tiene de progresismo gobernar con Bildu, que son los herederos de los terroristas, los depositarios del legado terrorista de tantos años, que tanto daño hizo a la democracia de este país. O qué tiene de progresista gobernar con Junts, que son de derechas, xenófobos, ¿o no recordamos aquella famosa frase del Sr. Puigdemont: “Los invasores serán expulsados de Cataluña”? O también el PNV, que es un partido de derechas. Algún día, alguien de ustedes me lo tiene que explicar. Y ahora estamos aquí, hablando todos de un tema, de la amnistía, si se va a producir o no esa ley da amnistía, solo y únicamente para que el señor Pedro Sánchez siga en el poder y el señor Puigdemont pueda volver a España.

Mire, esto no es ni jurídicamente, ni políticamente, ni éticamente de recibo. Jurídicamente, yo no voy a dar aquí clases de derecho, ya se han pronunciado cantidad de juristas del Tribunal Constitucional diciendo que no tiene cabida en nuestra Constitución la amnistía. No tiene cabida porque ya en la propia Constitución, en las Cortes Constituyentes, hubo enmiendas que fueron rechazadas para ver si se ponía o no la amnistía dentro de la Constitución e incluso se prohibieron los indultos generales expresamente. Por tanto, la Constitución, lo tenemos claro todos y lo tienen claro todos los juristas de este país, no admite, bajo ningún concepto, que sea admitida la amnistía. Además, ¿qué quiere que le diga? políticamente, políticamente tampoco es admisible. No es admisible porque todos los políticos estamos sometidos a la ley y quien cometa un delito tiene que ser juzgado, lo mínimo es ser juzgado. Lo que no se puede hacer es lo que se está haciendo o lo que se pretende hacer, convertir a los delincuentes en víctimas y a los tribunales en victimarios. El decir que en este país democrático hay tribunales aplicando leyes represoras e injustas, eso no se puede decir bajo ningún concepto en este país que es democrático.

Y, dicho esto, moralmente, algo ya mencionado en los anteriores argumentos. España es un país democrático, ellos son culpables, ellos han dado un golpe de estado y nosotros no tenemos que pedir perdón, los que tienen que pedir perdón son ellos. Ellos no son víctimas inocentes, ellos son condenados por tribunales y, por lo tanto, son delincuentes. Por eso creo que otorgar una amnistía es poner grave riesgo la convivencia de este país, quiebra el principio de igualdad, rompe la separación de poderes, desautoriza la defensa de la legalidad que hicieron los cuerpos de seguridad y cuestiona las Cortes que aplicaron el artículo 155.

Pero, miren, les voy a decir una cosa. Algunos ya tenemos cierta edad, vivimos la transición y la reivindicamos con orgullo. No hay cosa que más me indigne cuando me hablan del régimen del 78 porque yo nací en una dictadura, en un régimen franquista. Es la transición del 78 la que llevó este país a la democracia. Incluso les puedo decir y contar que yo fui a manifestaciones proamnistía porque hablábamos de libertad, hablábamos de políticos que estaban presos, hablábamos de elecciones generales. Pero el momento no



es este, este es otro momento y es otra situación porque vivimos en un país democrático. Y recuerdo, de verdad que recuerdo en aquellos recuerdos que tengo de aquella época, recuerdo al señor honorable Josep Tarradellas, cuando volvió a España del exilio, después de 38 años de exilio producidos por una dictadura, y se presentó en la Generalitat reivindicando la autonomía de Cataluña con su famoso “Ja sóc aquí”.

Me entristecería mucho, aquellos que vivimos aquellos momentos apasionantes de que el pueblo español buscaba la democracia y quería la democracia y nos otorgamos esa Constitución que tiene más de 40 años y que tanta paz dio a este país y tanto progreso, me disgustaría mucho, de verdad, como ciudadano, como español, como gallego, que el señor Puigdemont que, por cierto, señor Valentín Formoso, ya sé que no vive en A Coruña, pero afecta, este señor está en este momento influyendo en la democracia de este país y en el futuro del Gobierno de este país. Y a lo mejor hay que recordar que este señor es un fugado, se fugó de España, cobardemente, metido en el capó de un coche, porque otros compañeros suyos, al menos, se quedaron dando la cara y defendiendo sus posiciones. Él se fugó y está a esperas de juicio. Lo que no podemos decirle a este señor ahora, después de todo lo que hizo, que aquí no pasó nada, porque la amnistía es como decir “no hubo delito, puede usted volver que no hubo delito, usted no hizo nada”. Es distinto que el indulto, en el indulto hay un delito, hay una condena, pero se condona la condena. En la amnistía le estamos diciendo “vuelva que usted no cometió ningún delito”. Y sí que lo cometió. Y ya digo, es un prófugo cobarde, porque ni siquiera supo dar la cara. Entonces, espero no ver el “Ja sóc aquí” aquí de este señor, porque sería el de la vergüenza y el de la humillación.

Y termino ya. Quiero terminar con una frase que se dijo el otro día en el Parlamento. Esto no es un problema político, no nos olvidemos, no es un problema político, ni hay que dar a través de la amnistía una solución a un problema político porque, si fuera un problema político, en nuestras elecciones, en nuestros programas llevaríamos la amnistía, hubiéramos dicho, “Oiga, nosotros, si ganamos, vamos a apoyar una amnistía”, es más, se dijo todo lo contrario. Está ahí la hemeroteca, el señor Pedro Sánchez en la televisión dijo: “No se aprueba una amnistía porque no tiene cabida en nuestro orden constitucional”. Por eso digo esto no es un problema político, es un problema de justicia, de defensa de la Constitución, de nuestros valores, como empecé al principio de mi disertación.

Y termino, como dije antes, con una frase que se pronunció el otro día en el Parlamento por parte de don Alberto Núñez Feijóo, dijo: “Fuera de la Constitución no hay democracia. Ningún fin, ni siquiera la presidencia del Gobierno, justifica los medios”.

Gracias por su atención.

Sra. Veira González

Grazas, señor presidente.

Gustárame volver a traer os compañeiros e compañeiras da Corporación provincial á realidade, porque non existe ningunha proposta na mesa sobre a amnistía, ningunha decisión formal, nin se coñece o seu posíbel alcance. Así que comprenderán que é complicado fixar un posicionamento rigoroso sobre algo inexistente.

Pero vou tratar de analizar a súa moción e explicarlles por que non a imos apoiar. Obviamente, desde o Bloque Nacionalista Galego non imos votar a favor dunha iniciativa que responde a unha manobra propagandística de distracción sobre unha suposta lei de amnistía que, de momento, é unha entelequia, que nin está en fase de anteproxecto, nin



de proxecto de lei, nin de nada, e que, ademais, consideramos que o foro para falar efectivamente desa entelequia ou dun futuríbel non sexa a Deputación da Coruña cando, ademais, vostedes están a levar esta moción xa a todos os concellos galegos.

Pero, miren, fronte a esa manobra de distracción e de propaganda, hai unha realidade, por iso quería traelos a todos vostedes á realidade, hai unha realidade no noso país, en Galiza, que é teimuda e que non permite que Galiza avance. Falan vostedes de que esta presunta lei de amnistía está a provocar, ou pode provocar unha profunda conmoción social. Confunden vostedes os seus desexos, a través desta moción tan propagandística, coa realidade.

Mire, a verdadeira e a profunda conmoción social é a que provoca o nivel de emigración da nosa mocidade en Galiza, a crise industrial que vive o noso país da que se desentenden desde a Xunta de Galiza. Ter absolutamente privatizada a atención ás persoas maiores do noso país si que causa conmoción social. Ter as listaxes de agarda que teñen na sanidade pública. Ter os colexios públicos de Galiza como os teñen. Ter os comedores escolares de Galiza ou o transporte escolar como os teñen. O que crea a verdadeira conmoción social no noso país é que en Galiza teñamos unha inflación do 0,8 %, mentres no Estado está nun 0,5 % cando somos un dos territorios do Estado que teñen os salarios e as pensións máis baixas. O que si que é unha verdadeira conmoción social é que non haxa unha política de vivenda real pública que faga que sexa posíbel alugar nas cidades galegas. Ou a suba, isto si que é unha verdadeira conmoción social, a suba dos tipos de xuro das hipotecas, unha medida contra a cal non se poñen, por certo, tan estupendos nin contestatarios, e que precisamente tampouco aceptan ningunha proposta ao respecto.

Saben vostedes o que non é un futuríbel e o que si que é real? Saben vostedes cales son as amnistías que si foron proxectos de lei, anteprojectos e foron ao Congreso dos Deputados? Unha de punto e final, que se aprobou no marco da transición, e que non é que puxese punto e final á represión que sufriu unha parte da sociedade española, como din vostedes na moción, que son moi asépticos cando vostedes queren, senón que perdoou, sen xulgar nin acusar sequera asasinos e torturadores do franquismo; e que, por certo, segue impedindo que se xulguen eses torturadores e asasinos, malia que se aprobase unha Lei de memoria democrática, por exemplo, os asasinos de Moncho Reboiras. Saben cal é a outra amnistía que é real? A amnistía fiscal de 2012, si, si, que pretendía amnistiar políticos e empresarios implicados nas principais tramas de corrupción do Estado, impulsada por M. Rajoy co ministro Montoro á cabeza. Nunha época na que, ademais, se estaba apertando a poboación do Estado español, as maiorías sociais, o funcionariado, as economías públicas e rescatando a banca. Iso é unha realidade obxectiva. Esas amnistías si se aprobaron, esas amnistías non son unha entelequia e contaron cos parabéns, por certo, de vostedes.

Pero, evidentemente, vostedes están en contra de todo avance democrático que haxa no Estado español. Vostedes están en contra ata de que se fale galego no Congreso dos Deputados e das Deputadas. Que, por certo, moito levamos desde o nacionalismo galego formulando esta proposta que parecía imposible hai catro meses e agora é unha realidade. E vostedes, incluído o señor Rueda, incumprindo o seu deber legal de defender e promocionar a lingua galega, votaron en contra dela. Iso é unha realidade tamén.

E, como dicía, vostedes están en contra de calquera avance democrático de dereitos no Estado español. Están vostedes en contra do diálogo, estiveron en contra da Lei do divorcio, da Lei do dereito ao aborto, da lei que regulaba o matrimonio entre persoas do mesmo sexo, contra a Lei de vivenda, contra a Lei de saúde sexual e



reproductiva, contra a Lei de benestar animal, están vostedes en contra de todo o que supoña un avance no Estado español.

E agora, evidentemente, vostedes están en contra de amnistiar unhas persoas que o único delito, por dicilo dalgunha maneira, o único que fixeron foi poñer unhas urnas para votar, cousa que, señores e señoras do Partido Popular, non entende ninguén que teña unha mínima conciencia democrática.

Miren, vostedes,... podo falar?... Logo teñen a quenda para replicar; home, infinito ademais.

Miren, vostedes din na moción que o imperio da lei é a expresión da vontade popular, recollendo o preámbulo da Constitución, pero é que as leis non se redactan soas, as leis non se aproban soas. Esas leis, que son a expresión da vontade popular, son tal porque as aproban as cámaras lexislativas compostas polos representantes do pobo escollidos democraticamente. E foi precisamente esa escolla democrática dos representantes do Congreso a que deu como resultado unha composición da Cámara que obriga a chegar a acordos a todo aquel que queira formar goberno, claro, que queira formar goberno. Desculpen esta explicación así un pouco atrapallada de democracia para *dummies*, pero dada a redacción da moción, pois vinme na obriga, non sei, de explicar algunhas cuestións.

Din vostedes tamén na moción que Pedro Sánchez, nun intento desesperado por conservar a presidencia do Goberno, se abriu a que se puidese tramitar unha proposición de lei. A verdade é que a min me gustaría entender por que vostedes lle chaman intento desesperado de conservar a presidencia do Goberno a solucionar, efectivamente, señor Lorenzo, un problema político por vías políticas. Pero, entón, se o de Pedro Sánchez é un intento desesperado de conservar a presidencia, como lle hai que chamar ao intento de investidura fallida apoiada por unha forza política, esa si xenófoba, que nega a violencia machista, coa cal vostedes van acumulando poder alí onde perden as eleccións segundo o seu marco mental, e poñendo en verdadeiro perigo a metade da poboación que somos as mulleres. Porque o feito de que Vox negue a violencia machista, a nós ás mulleres ponnos en perigo e o feito de que vostedes o avalen tamén nos pon en perigo. Como lle chamamos entón a iso? Iso non é un intento desesperado tamén de acadar o poder? Pero non é un intento desesperado de acadar o poder dirixirse a deputados e deputadas doutras organizacións políticas para que rompan coa disciplina de voto, case, case, chamando ao transfuguismo, para que o Partido Popular efectivamente acade o poder? Iso non é un intento desesperado de acadar o poder?

Miren, a política, algunhas seguimos crendo que é unha ferramenta fermosa para solucionar os problemas da cidadanía e si os conflitos políticos. Para iso estamos, para iso nos pagan, para chegar a acordos. Desde logo, desde o BNG, sempre estaremos do lado da pacificación dos conflitos, do diálogo e da negociación e non imos colaborar en ningún caso coas súas manobras propagandísticas.

Nada máis.

Sr. García Seoane

Hai un feito claro, é que o Partido Popular está moi molesto despois de ter ganado como lista máis votada, pero non coa suficiente maioría para gobernar o país, por non acadar o poder de España e, por tanto, por todos os medios, ver de menoscabar as aspiracións que, neste caso, ten o outro grupo maioritario na Cámara, que é o PSOE, de que poida chegar a gobernar o país. A democracia é suma de votos, é suma de



participación de distintos partidos e, por tanto, as maiorías, hai gobernos, todos os temos no concello, que houbo quen ganou como lista máis votada e, en cambio tres grupos ou dous grupos nas corporacións que non tiveron os votos para gobernar, sumándoo, pois están gobernando. Iso estase dando aquí, en todos os concellos, sabémolo. Hai montóns de concellos, por non dicir case a metade dos concellos galegos, están gobernados case desa forma. Por tanto, por que non ten dereito o presidente do país actual a poder gobernar España cando non hai unha opción que non vai gobernar porque non reúne os votos necesarios? Por que non pode sumar, é que se di vai sumar con grupos de non sei de que, non sei de canto..., con grupos que na democracia española puideron votar.

Eu teño que dicir de antemán que Puigdemont para min é un impresentable, un impresentable onde os haxa. Pero Puigdemont non é o partido del, eles tiveron un montón de votos, non era por Puigdemont, senón é un partido de dereitas catalán, por certo, por tanto, teñen dereito a participar no Parlamento e a dicir o que queiran. Volvo dicir que Puigdemont é un impresentable, un covarde que traizoou os compañeiros deixándoo aquí na estacada, escapando do país, un covarde, un perfecto covarde. Iso non é nin nacionalista, nin nada que se lle pareza. Os nacionalistas, eu non son nacionalista, loitan doutra forma e a historia está escrita por moitos nacionalistas que deron o callo e a cara defendendo os seus postulados en distintas ocasións en Europa e noutros países do mundo. Por tanto, eu non son, eu son internacionalista. E, xa digo, moléstame que neste momento, indubidablemente, o presidente do país, ao que eu aprecio e respecto, teña que depender deste sen vergonza para gobernar o país. Claro que me molesta moitísimo, moléstame moitísimo. Pero ten todo o dereito do mundo o presidente para levalo adiante.

Fálase dunha amnistía a cambio de que voten ao señor presidente. Ben, pero é que neste país xa houbo amnistías, houbo amnistías na democracia. Deixouse libres os golpistas, houbo outras amnistías de persoas que estiveron vinculadas a grupos que gobernaron o país en democracia. Houbo indultos a montóns, por certo, cando eu fun..., que lle gusta moito ao PP dicir en Oleiros, dicir que eu son un delincuente, delincuente por limpar unha praia e me sentencian, cunha sentenza me sacan seis anos de alcalde por limpar unha praia, sacar unhas pedras dunha praia, porque naquel momento todos estaban conchabados, todos, partidos políticos e poderes ocultos, eses que teñen o poder que ao final mandan máis que ningún político no país. Houbo naquel momento 3.700 indultos liberando todos os delinquentes que roubaban o país e García Seoane seguiu sen indultarse. Non me falen vostedes de leis nin me falen de caralladas, non me falen de ningunha cousa desas porque son unhas mafias que están dentro das administracións públicas e fóra, que se puñan de acordo para levar adiante os seus beneficios. Por tanto, entendo que ten todo o dereito do mundo o presidente e que amnistiar, neste caso eu non estou pensando no Puigdemont ese, estou pensando en todas as persoas que, no seu momento, convencidos ou non, traballaron porque querían que o seu país e a súa Cataluña tiña que ser doutra forma.

Volvo dicir que eu non son nacionalista, non son nacionalista. Pero eles entendérono así, tiñan todo o dereito do mundo. Por tanto, por que? Grazas a quen hoxe Cataluña é outra Cataluña? Non é grazas só aos nacionalistas, que teñen a súa parte, Esquerra Republicana, entre outros, claro, pero houbo alguén que non é nacionalista catalán, que é o presidente do Goberno, que sumou forzas para chegar a un acordo e poder levar España adiante e calmar a situación de Cataluña. E hoxe Cataluña, a Cataluña de hoxe non se parece nada á de hai dous anos ou tres anos, en nada porque unha proba evidente diso é que o PSOE ganou as eleccións en Cataluña, cando non tiña a maioría en Cataluña. Por tanto, algo debeu facer ben o presidente do país, algo debeu facer ben. E iso é pacificar un país e chegar a dialogar, a concordiar entre todos e levar para diante España, que forma parte de España, son cataláns, como nós galegos, eu son



máis galego ou tanto como calquera, inda que dixen que son internacionalista, son máis galego que ninguén, ou tanto como calquera que presuma, e defendo a miña terra e defendo os meus postulados. Pero, insisto, Cataluña hoxe é outra e é grazas, sen lugar a dúbida ningunha, ao presidente do Goberno, e non falo do PSOE, porque socialistas estes días, mal chamados socialistas, dicían o contrario o que quere facer o Goberno do señor Pedro Sánchez. O señor Felipe, o señor Guerra, toda esa cousa que hai, outro que está degradando o nome do pai, Redondo, toda esa xente que presumen de socialistas e que están chamando, clamando contra o Goberno do PSOE. Esa xente tiña que estar fóra totalmente, tiña que ter a dignidade xa dentro do partido e dicir expulsado automático, “usted no es socialista”. Contestou moi ben o outro día no Parlamento o alcalde ou exalcalde de Valladolid. O partido non é deses señores. O partido é dos militantes, que é o conxunto, que hai un conxunto de persoas e que hai un relevo e que, por tanto, fan a política que cren que teñen que facer neste momento.

Por tanto, temos que deixarnos de dicir que imos romper España. España non rompe. España é moi dura. España é moi dura. Por tanto, non se vai romper, non vai pasar ningunha cousa rara neste país, vai haber un indulto, e o que o dubide é que non sabe de que vai este país, iso está aí. Porque, se non hai indulto non temos presidente do Goberno, e vai a haber presidente do Goberno, o señor Sánchez. Vai haber presidente do Goberno. E oxalá dure a lexislatura enteira que se lle presenta para levar adiante o país porque iso sería bo para España, para os nacionalistas, os outros nacionalistas, para os nacionalistas españois. Porque, claro, aquí, cando se fala de nacionalismo, o nacionalismo vasco, o nacionalismo catalán, o nacionalismo galego, nacionalismo español, unha gran parte del fascista, unha gran parte del fascista. É que aquí esquecémonos de todo.

Por tanto, eu vou votar en contra desta moción porque, cando falan de que negocia, que está negociando con todos, pero, que falta de memoria! Cando se negociou co PNV en plena crise de ETA, cando aparecían un montón de mortos polas estradas e outros sitios, e negocia o señor Aznar co PNV a entrega da Garda Civil de Carreteras, algo que controlaba unha parte do país, alí en Cataluña, e entrégaselle ao PNV naquel momento, ou se fala co señor Pujol e ata se aprende a falar catalán, o señor Aznar, fálalle en catalán, non?, para chegar a un acordo tamén para gobernar, que foi, grazas a aqueles acordos, empezou a gobernar España el. Se non, non a gobernaba; dependeu dos cataláns nacionalistas e dos peneuvistas nacionalistas. Se non, non gobernaba España naquel momento. É que non teñen memoria. Non saben de que vai esta xente ou non queren sabelo e cando lles interesa din unha cousa e cando non, outra. Por tanto, como non, vou votar radicalmente en contra desta moción esperando que dentro dun mes ou antes haxa un Goberno en España presidido polo señor Sánchez.

Nada máis.

Sr. Fernández Piñeiro

Bo día de novo a todos e todas. A verdade é que escoitamos unha intervención do Partido Popular na que se mestura o xurídico, o moral, sempre dende a óptica do Partido Popular, que está empapada nun interese puramente electoralista, iso xa o sabemos todos e todas. E, dentro desa dinámica, hoxe traemos a esta Deputación unha moción que nada ten que ver coa Deputación Provincial da Coruña, que non afecta en absoluto á Deputación Provincial da Coruña, nin aos seus veciños e veciñas, e que ademais é unha moción preventiva, é unha moción preventiva porque din vostedes que o Goberno de España, e neste caso que o Partido Socialista, o presidente Sánchez, vai chegar a un acordo con Junts de investidura a cambio dunha amnistía, algo que, por agora, non temos ningún de nós, nin sequera os señores do Partido Popular, a constatación. Pero,



en todo caso, traemos unha moción, como digo, preventiva por se acaso.

Que, ao final, o único que se pretende con esta moción é enmascarar e tapar a imposibilidade que ten o Partido Popular para poder pactar co 90 % dos grupos parlamentarios neste país. E que, ao final, queda só, quitando Coalición Canaria que, agora, seguramente, tamén pacte co Partido Socialista, se se dá esa investidura, está negociando, ou con UPN, que vén sendo a marca do Partido Popular en Navarra, pero só, con certa entidade, ten a capacidade de pactar coa extrema dereita, con Vox. Con esa extrema dereita que, porque a vostedes lles interesa, que son os que reparten os carnés de constitucionalistas e non constitucionalistas, din que son constitucionalistas, cando negan un dos principios da Constitución, que é a igualdade entre españois. Tamén a negaba, é verdade, o Partido Popular, cando, por exemplo, estaba en contra da Lei do matrimonio homosexual. Polo tanto, as persoas homosexuais non tiñan os mesmos dereitos naquel momento que aqueles que eran heterosexuais. Para iso non lle interesaba esa igualdade entre os españois, que proclama esa Constitución, ao Partido Popular.

Tamén hai que lembrar Constitución que a matriz do Partido Popular, Alianza Popular, non votou; e que no referendo onde os cidadáns deste país tiñan que apoiar esa Constitución pediu a abstención. Por tanto, home, señor Lorenzo, seguramente vostede igual naquel momento non militaba no Partido Popular e apoiaba aquel referendo e apoiou a Constitución.

E dixo vostede algo que me chamou tamén moito a atención, que era iso de que vostede foi a distintas manifestacións, ou algo así, que había sobre cando era o tema da Lei da amnistía, que hablaban de liberdade, de políticos que estaban presos..., e falaban de máis cousas, falaban de asasinados que durante unha ditadura mataron xente e quedaron exonerados. E, mire, voulle dicir unha cousa, eu son bisneto dun fusilado asasinado polo franquismo, o meu avó e as miñas tías, a última delas morreu recentemente, morreron sen ter unha tumba á que levar flores para poder honrar a súa memoria, porque, ademais de asasinado, pretenderon condenalo ao esquecemento porque nunca lles foi entregado o seu corpo. Durante esa transición da que vostede fala, que é verdade, que trouxo ao noso país e que eu defendo e comparto iso do réxime do 78 non me gusta, que foi, ben, pois trouxo a este país, digamos, os mellores momentos de progreso e de democracia, que é verdade, se deron en gran medida porque nesa transición e a través desa Lei de amnistía se lles pediu aos familiares das vítimas desa ditadura que foron asasinadas e ás vítimas que foron torturadas e encarceradas inxustamente que tiveran a capacidade de perdoar. E por que se pedía iso? Pois pedíase para que houbera unha posibilidade de concordia, de entendemento e de convivencia entre os cidadáns deste país. Ese precisamente é o mesmo espírito que podería estar agora detrás desta amnistía.

Pero, tamén, volvendo ao inicio da súa intervención, falaba vostede de que iamos facer memoria e citaba concretamente o ano 2017, que é verdade que foi cando se produciu ese referendo ilegal. Pero houbo outro fito nese ano 2017 que vostede obvia nese relatorio histórico que fixo dos feitos, e é unha sentenza do Tribunal Constitucional que declara inconstitucional unha amnistía casualmente aprobada polo Partido Popular, que era a amnistía fiscal, declarada inconstitucional no ano 2017. Polo tanto, as amnistías son boas ou malas dependendo de quen as aprobe. Se as aproba o Partido Popular, e nese caso se beneficia a defraudadores, é dicir, a delinquentes económicos, para que poidan aínda encima, despois, no colmo do absurdo desa amnistía, tributar só polo 3 % daquilo que tiñan ocultado ao fisco, que permitiu ademais branquear diñeiro simplemente cunha declaración dun deles onde puidera acreditar que eses cartos os tiña con anterioridade ao ano 2010. Claro, pero é que neste país tamén hai delinquentes de primeira e de segunda; é dicir, un señor que convoca o referendo ilegal é un delincuente,



efectivamente, estou de acordo con vostede, pero un señor que defrauda ao fisco non o é, e a ese si que se lle pode amnistiar, e aí, esa Constitución que vostedes din defender pero que non votaron e que tampouco aplican, xa non só nese eido, senón cando se trata, por exemplo, de renovar os órganos do Poder Xudicial, que levan cinco anos vostedes incumprindo a Constitución, aí xa a Constitución non é tan importante. Como a amnistía xa non é tan importante, como os delincuentes xa non son tan importantes, porque parece ser que un asasino que se puido xubilar cobrando unha pensión do Estado ou cobrando unha pensión polo seu traballo e que morreu felizmente na súa cama non foi xulgado e resulta que esas vítimas que tiveron a capacidade de perdoar, como foi a miña familia e outras moitas miles de familias deste país, eses son un exemplo que todos poñemos de manifesto para falar desa transición que, repito, eu respaldo. Pero neste caso non, porque a convivencia de España con Cataluña non interesa, e por que non interesa? Pois non interesa porque o Partido Popular, unha vez máis, sempre pon en cuestión a lexitimidade dos gobernos cando eles non están. Fixérono con Zapatero. Zapatero gana as seleccións, por que? Gañou as eleccións grazas aos yihadistas, mantendo aquela mentira de que fora ETA para ver se así podíamos rabuñar e poder manternos no goberno. Fixérono con Pedro Sánchez cando chega a moción de censura, unha moción de censura que é un mecanismo contemplado na Constitución, no noso réxime xurídico e, polo tanto, non ten nada de malo. Ben, pois o Partido Popular tamén dixo que ese Goberno era ilexítimo. E agora xa poñen a venda antes da ferida, por se acaso, porque xa non é que o digan con anterioridade, ou sexa, con posterioridade, como foron estes dous casos, agora xa vostedes van un paso máis alá e o que fan é facelo xa con anterioridade a que se poida dar.

Se neste país, como di vostede, estamos nun Estado de dereito cun ordenamento xurídico, terán que ser os xuristas deste país os que decidan se se tramitara esa suposta lei da amnistía da que vostedes falan, que por agora non hai nada no Parlamento, os que tiñan que dicir se esa lei é ou non constitucional, se cumpre ou non a Constitución.

Pero, mire, eu non vou dicir se estou a favor ou en contra, digo que estou a favor de que a política se aplique como, o que moitos temos escoitado en moitas ocasións, como a arte de facer posible o imposible. Porque, se ao final as constitucións son o único, digamos, pilar inamovible sobre o que todos temos que pivotar, aquí seguiríamos aínda coa Pepa de 1812, porque non se podería ter mudado nunca esa Constitución. Por tanto, as constitucións o que marcan é, digamos, un ámbito, un marco legal, que se ten que ir adaptando aos tempos e ás necesidades dun país. E se a Constitución houbese, que despois explicarei a que veño con isto, que modificala para garantir que haxa maior convivencia neste país e que a xente en Cataluña poida atoparse máis cómoda dentro do Estado español, pois benvinda sexa a Constitución. Ese ten que ser o fin último da lexislación e do marco xurídico: garantir a convivencia entre os españois. De aí aquela transición e de aí aquela Lei da amnistía que deixou que moitos asasinos quedaran sen penas.

Pero é que hai máis, porque, como dixen antes, teñen que ser os xuristas os que digan se efectivamente incumpre ou non incumpre, porque hai unha sentenza no ano 1983 ou, mellor dito, o Tribunal Constitucional dixo no ano 1983 que “debe ser el legislador el que determine el régimen jurídico de la amnistía, pues no hay restricción constitucional directa sobre esa materia”. Iso di o Tribunal Constitucional. Por tanto, iso de que non é constitucional, haberá que velo. Eu non son xurista, vostede parece ser que si, pero dende logo non teño coñecementos da Constitución e cónstame que vostede non é membro do Tribunal Constitucional; por tanto, terán que ser os membros dese órgano os que decidan no suposto de que iso se puidera dar. Porque, se empezamos a traer aquí todo tipo de mocións preventivas, poderemos traelas, imaxínese vostedes, e botar aquí días e días e horas debatendo sobre cuestións que non se van dar, ou que poderían



darse no caso de que foran futuribles.

Pero sempre estamos na mesma dinámica por parte do Partido Popular. Cando non gobernan vostedes, dicíao moi ben agora o voceiro de Alternativa dos Veciños, “se rompe España, nos vendemos a los terroristas, se indulta a estes”. Claro, despois os indultos, por iso dicía antes que mesturan vostedes a moral e o xurídico e fan un *totum revolutum* aí para ver se arrimamos el ascua a la sardina, non? Porque, claro, indultos, “si es a través de una amnistía están mal porque la Constitución”, pero despois se indulta a un tipo que conducía borracho e que causou a morte de varias persoas e non pasa nada. Ou indúltase 15 terroristas, declarados terroristas de Terra Lliure por parte do Goberno de José María Aznar, e eses non son terroristas, ou si son terroristas ou hai uns terroristas que son máis terroristas que outros. Claro, seguramente nesa competición que teñen vostedes entre “buenos españoles, malos españoles, españoles de verdad, españoles que no lo son”, entre “víctimas que si que son víctimas e que hai que respectar”, entre outras vítimas que da igual y aunque se les condene al olvido, pues ahí se quedan, porque hai que lembrar que o Partido Popular se opón sistemáticamente a que se dediquen fondos públicos e reducen as partidas para que se poidan levantar os corpos deses represaliados aos que se condenou ao esquecemento e se lle poidan entregar ás súas familias para condenalos novamente. Ese mesmo Partido Popular que cando un Goberno democrático decide acabar con algo que era unha aberración histórica dende o punto de vista dos dereitos humanos, que era ter un ditador nun mausoleo, tamén critica esa decisión do Goberno, a pesar de que ese Goberno tivo a humanidade de entregarlle os restos á súa familia para que puideran ter un enterro digno, cousa que el non nos permitiu a moitas familias. Pois ese é o Partido Popular con todas as súas contradicións. E todas elas pivotan, sabe vostede en torno a que?, a que o Partido Popular goberne.

Porque, claro, dixo vostede antes unha falacia repetida que temos escoitado en moitas ocasións do Partido Popular que é “El Partido Socialista gobierna con Bildu”. Mentira, iso é mentira. O Partido Socialista non goberna con Bildu en ningún sitio. Bildu apoiou a aprobación dos orzamentos do Estado, que permitiron, entre outras cousas, subir o salario mínimo interprofesional, o cálculo das pensións en base ao IPC, o incremento do número da partida para becas, a reforma laboral... Eses son os apoios que prestou Bildu ao Goberno de España, pero non goberna co Goberno de España. Do mesmo modo que vostedes acaban de apoiar aquí un montón de puntos nesta orde do día e non son parte do Goberno de Deputación, nin gobernan co Partido Socialista e o Bloque Nacionalista na Deputación.

Por tanto, sería importante, que vostede me consta que ten a capacidade dialéctica perfectamente para saber utilizar as palabras, e dicir que gobernamos con Bildu é unha falacia. Quen gobernan con aqueles que non respectan moitos dos dereitos dos cidadáns deste país, ustedes, adalides de la libertad y de los derechos de las personas, son Vox, e son vostedes os que gobernan con eles. Nós non gobernamos con Bildu, nin gobernamos con Junts, vostedes si. Vostedes gobernan coa extrema dereita deste país que nega dereitos e que nega, entre outras cousas, a violencia machista e que está en contra de moitas das medidas que este país está adoptando nos últimos tempos para loitar contra esa lacra. Eses son con que gobernan vostedes. Por tanto, non creo que estean en posición de dar leccións aos demais grupos daqueles que nos acompañan nos gobernos. Porque, repito, nós non gobernamos con Bildu. Ese mesmo Bildu que algún dos seus compañeiros que agora están no Senado e no Congreso defendía que había que integrar na política. Pero, claro, por que? Porque naquel momento lle interesaba de que maneira?, electoralmente, porque esa é a única Constitución, ese é o único artigo inquebrantable que aplica o Partido Popular, o dos seus propios intereses electorais e, en base a iso, arrasa con todo o demais. E, se ten que levar por diante calquera capacidade de entendemento entre as distintas forzas políticas, entre os cidadáns deste país, dálles



exactamente igual.

Porque, mire, defender España non é levar unha bandeira na pulseira. Defender España deféndese nas institucións. Defender España deféndese cumprindo a lei. Defender España deféndese condenando os corruptos. Defender España deféndese non permitindo que aqueles que defrauden ao fisco se vaian de rosiñas co seu diñeiro. Defender España deféndese non privatizando empresas estratéxicas e deixando que moitas delas queden en mans de empresas ou países estranxeiros. Defender España tamén é permitir que aos pensionistas deste país se lles permita e que a súa pensión se calcule en base ao que suba o prezo da vida, e non en base a un 0,5 %, a un 0,10 ou a un 0,8. Defender España é tamén defender que os traballadores teñan un salario mínimo que lles permita facer fronte aos gastos mínimos da súa vida diaria. Iso é defender España, porque España somos todos e todo. España non é só Cataluña nin o Partido Popular, nin a Constitución. España son moitísimas cousas que vostedes só utilizan cando lles interesa e desgraciadamente para arroxarllas aos que están en fronte.

Polo tanto, nós, con toda a lóxica, non imos apoiar unha moción, primeiro, que é preventiva, que está baseada en algo que non se deu en ningún futuro para preparar vostedes o seu terreo e, moito menos, que incide, aínda que vostede non o vexa, e seguramente non o vén ningún dos membro do Partido Popular, senón non a terían presentado, única e exclusivamente nas contradicións do seu partido ao longo da súa historia.

Nada máis, moitas grazas.

Sr. Lorenzo Torres

Con la venia. Gracias, señor presidente.

Bueno, yo veo que han entendido muy poco todo lo que yo les he dicho. Creo que mi labor pedagógica no ha funcionado y lo que estoy viendo es que ustedes se van por los cerros de Ubeda.

Mire, decir que no, como decía mi compañera del Bloque Nacionalista Gallego, Avia Veira, que esto que estamos hablando no es real, yo no sé si leyó usted los periódicos esta mañana, pero todas las portadas de todos los periódicos de este país están hablando del tema de la amnistía. En los parlamentos, en el Parlamento catalán, se está hablando de la amnistía, como primer punto para apoyar al Gobierno del señor Pedro Sánchez, después se habla del referéndum. Y tercero, ¿sabe de lo que también se habla, poco, pero que está ahí? De esa famosa ruina económica que tiene Cataluña, que ellos le llaman deuda histórica, que vamos a tener que pagar, que también está encima de la mesa, de 455.000 millones.

Yo, cuando la oía usted, señora Avia, Veira, perdón, de hablar de todos los problemas que había en Galicia, que sí producían conmoción social, con esos 455.000 euros, perdón, 455.000 millones de euros que vamos a tener que pagar todos los españoles para que gobierne el señor Pedro Sánchez a los catalanes, con esos le aseguro que los gallegos arreglábamos muchísimos problemas. Y, mire, yo no digo que lo que usted está diciendo sea cierto o no, pero usted lo que tiene que hacer como política es traer aquí mociones al respecto y ya las discutiremos, y ya pondremos los datos todos encima de la mesa porque usted tiene que hacer aquí una labor política. Entonces, todo lo que dijo no tiene que ver con la moción que yo he presentado, que habla de defensa de la Constitución, que habla de libertad, que habla de igualdad, que habla de justicia y que habla de la separación de poderes. Entonces, no nieguen una realidad que está



encima de la mesa. No es un futuro, de eso se está hablando hoy en día en este país y lo hablamos todos los españoles y están hablando, por supuesto, también los políticos.

Y, mire, dos cosas, le voy a decir claramente porque nos conocemos y tenemos cierta amistad, usted sabe cuál es mi posición contra la violencia de género: ni un paso atrás va a dar el Partido Popular en el tema de la violencia de género, ni un paso atrás. Y le recuerdo que fue gobernando Mariano Rajoy cuando se hizo en este país el primer pacto contra la violencia de género, el primer pacto de Estado. Pero téngalo claro, no tenga ninguna duda respecto al Partido Popular en ese tema. Y respecto a la lengua gallega, que también le escuché hablar, le voy a decir una cosa: este senador, perdón, este diputado cuando fue senador, Miguel Lorenzo, paralizó los presupuestos del Estado en el Senado porque se aprobó en la comisión, que yo formaba parte de Cultura, en la que era portavoz, una moción para la defensa de las lenguas, entre ellas la gallega. Entonces, no me diga que el Partido Popular no defiende el idioma gallego. Ya le digo, paramos los presupuestos y tuvieron que volver al Parlamento por esta moción que fui yo personalmente el que tomó la decisión de que se aprobara esa enmienda que había presentado otro partido.

Señor representante de los Vecinos, vamos a ver, coincido en muchas cosas con usted. Dijo usted que iba a ser breve, yo a veces también pienso que soy breve y nos extendemos, con lo cual ya tenemos algo en común. Pero le voy a decir una cosa, coincido con usted en que el señor Puigdemont es un cobarde, es un sinvergüenza, que no dio la cara, como hicieron sus compañeros. Que, mire, yo respeto a la gente que defiende sus ideas, aunque sean contrarias a las mías, o están totalmente en desacuerdo con las mías, sobre todo cuando lo hacen con dignidad. Pero, cuando veo un presidente de una comunidad autónoma escapando dentro del capó de un coche, siento vergüenza, vergüenza ajena de qué clase política hay, cuando llevó a todos los demás, porque fue él quien llevó a todos los demás a la comisión de esos delitos por los que fueron juzgados y condenados e indultados, y ya le digo, creo que en la dialéctica a veces nos pasan cosas, confundió usted lo que es un indulto, que es cuando una persona está condenada y se le perdona el cumplimiento de la pena, y lo que es una amnistía, que es decir que no hubo ningún delito, y que el Estado represor, utilizando leyes ilegítimas, condenó a una persona. Y eso, en una democracia como es España no se puede admitir, porque las leyes emanan del Parlamento y el Código Penal estaba ahí.

Y por último quiero hacer una reflexión: hablaba usted de los del PSOE, que había que expulsarlos. Mire, es que el Partido Socialista Obrero Español, de aquel Partido Socialista que tanto hizo por este país y por la democracia, y hay que reconocerlo, ya no queda nada. La P es de partido, la S es de Sánchez, la obrero no saben dónde está y Español por supuesto que no, porque está apoyando y se está sustentando en aquellos partidos que, cobrando, eso sí, del erario español, trabajan en contra de este país y para destruir la unidad de este país. Y no lo niegan, no lo niegan, porque hablan de referéndum y hablan de que lo van a volver hacer. ¿Qué pasa? Que ahora el Estado, con las reformas que hizo el señor Sánchez, ya no tiene defensa contra estos ataques a la soberanía nacional, contra estos ataques a la Constitución. Y esa es la triste realidad en la que nos movemos.

Y ahora también quiero contestarle a mi compañero del Partido Socialista. Habla usted de interés electoralista que tiene el Partido Popular. Mire, vamos a ver, nosotros ganamos las elecciones, es cierto que ganamos las elecciones, ustedes las perdieron. Es cierto que hay una mayoría parlamentaria, que es el sistema que nos hemos dado en este país, que permite que los pactos de perdedores gobiernen, es cierto, no lo vamos a negar. Pero en democracia siempre había unas líneas rojas que nunca se traspasaban. Usted habla de interés electoralista. Yo solo le digo que una persona como el señor Pedro



Sánchez dijo públicamente que no iba a haber amnistía. Once ministros se han pronunciado diciendo que la amnistía no tenía cabida en el orden constitucional español. Usted me habla de una quimera, es que estamos hablando del futuro, es que el futuro ya es presente en este país en estos momentos. Y es presente y voy a decir por qué. Porque estos partidos, en sus parlamentos y a través de sus líderes políticos, han dicho que esa amnistía está pactada, que se pactó en el momento en que se construyó la mesa en las Cortes, y no he escuchado ninguna palabra del líder del Partido Socialista diciendo lo contrario. Y en derecho es verdad que el que calla otorga, o no, pero le digo una cosa: obra de mala fe el que debiendo clamar permanece en silencio. Y ese silencio cómplice del Sr. Sánchez frente a esto que están diciendo los líderes políticos es lo que hace que este problema no sea una quimera, que sea una realidad de futuro. Y yo entiendo que el Sr. Sánchez quiera gobernar, es legítimo, pero traspasar todas las líneas rojas que él mismo se marcó, que él dijo, él apoyó el artículo 155 en su momento, él dijo que la amnistía no tenía cabida en nuestro ordenamiento constitucional. Él pidió y dijo que iba a juzgar a los prófugos de la justicia, como el señor Puigdemont, que aún no fue juzgado. Lo dijo, lo que pasa es que es verdad que el señor Sánchez ha hecho de la mentira un axioma en su forma de gobernar, eso lo tenemos claro. El señor Pedro Sánchez donde digo Diego hoy dice Puigdemont y lo irá a recibir incluso al aeropuerto, pasaremos esas vergüenzas, porque ya vimos cómo una vicepresidenta del gobierno fue a Waterloo, allí donde vive este señor fugado de la justicia española, un prófugo de la justicia española, que vive a cuerpo de rey, y allí se desplazó para vergüenza de un Gobierno. ¡Qué imagen estamos dando en Europa sobre estos temas!

Por eso le digo, luego me habla usted de temas históricos, da amnistía, por supuesto, todos sabemos lo que fue el franquismo, lo que sufrieron muchas familias, las persecuciones, la gente que está muerta en las cunetas, que sus familias legítimamente tienen derecho a recuperar sus cuerpos, yo no voy a estar nada en contra de eso. No se equivoque. Aquí estamos hablando de algo más serio. Estamos hablando de la unidad de España. Estamos hablando de la Constitución. Entonces, ese tipo de comparaciones, como hablarme en este momento de que si la amnistía fiscal, se hizo alguna con el señor Zapatero, por cierto, al menos la del PP tenía intereses, la suya ni eso, la que hizo Zapatero, la de los socialistas. No me hable de amnistía fiscal, que es otro tema completamente distinto, no tiene nada que ver con lo de ahora. Ustedes me mezclan para que la gente se confunda. Y ya digo, pactarán, dice usted, no gobernamos con Bildu, se apoyan en ellos y le hacen concesiones, como con los presos de ETA. Están haciendo ustedes demasiadas concesiones en este país por mantenerse en el poder. Porque han perdido las elecciones, algo que aún a día de hoy no son conscientes. Y ese todo vale en este país no fue así. Por eso no hay viejos socialistas que haya que expulsarlos de su partido, hay viejos socialistas a los que hay que escuchar, porque a la gente mayor, la que estuvo ahí, a la que sabe lo que es la política española, lo que costó llegar hasta aquí hay que escucharla. Malo si no aprendemos de ellos. Malo si no admitimos la crítica, como está pasando en el Partido Socialista, que nadie se puede mover porque el que se mueva no sale en la foto. Y muchos de ustedes, y me consta, y me consta, que están en contra de todo esto y sienten vergoña de todo lo que estamos viendo todos estos días.

Por eso le digo, es el momento de pronunciarnos. Esto es una Cámara representativa. Fuimos todos elegidos democráticamente y todos tenemos que decir algo cuando vemos a nuestro país en peligro, cuando vemos la unidad de España en peligro y cuando vemos que se están saltando todos los valores que contiene nuestra Constitución.

Muchas gracias por su atención.



Sr. Fernández Piñeiro

En primeiro lugar, afortunadamente non é vostede o que define o Partido Socialista, porque nesa exposición de P, S de Sánchez e O de Obrero... Home, non sei, O de obrero creo que está en moitas das medidas que aprobou este Goberno para mellorar a vida dos obreiros e das obreiras deste país e que o seu partido votou en contra porque vostedes xa sabemos para quen gobernan, xa o estamos vendo en Estremadura e noutros lugares de España que baixan os impostos aos ricos, mentres que ás clases medias non llos baixan, ou polo menos báixanos nunha porcentaxe moito menor.

Pero, dito o cal, non me vou referir eu que queda daquela Alianza Popular da que vostede fala que, como dixen antes, non votou a favor da Constitución, que pedía a abstención aos cidadáns ou que estaba fundada por un exministro dunha ditadura. En todo o caso, nós pertencemos a un partido que ten máis de 140 anos de historia, vostedes non poden dicir o mesmo. Se os ten, é porque soubo adaptarse aos tempos e porque a cidadanía neste país, en case século e medio, entendeu que era un partido clave para o seu futuro e para a mellora tamén do seu presente. Veremos se o Partido Popular, eu espero velo, non sei vostedes, chega a ter esa idade algún día.

Dito o cal, volvemos outra vez co mesmo tema: pacto de perdedores. Preséntanse vostedes: "Nosotros hay que respetar el marco jurídico, la Constitución, etc.". Pero xa a forma de definir as cousas é curiosa: pacto de perdedores. Vostede recoñece que, efectivamente, estamos nun país no que ten que haber unha maioría parlamentaria, ou nun concello tamén ten que haber unha maioría entre os concelleiros ou no Parlamento de Galicia ou no Congreso de Deputados para que un poida gobernar. Porén xa define como pacto de perdedores aqueles que, sen gañar as eleccións, gobernan. Será igual o pacto de perdedores de Ayuso con Vox en Madrid, na súa primeira lexislatura; ou de Moreno Bonilla en Andalucía con Ciudadanos e con Vox, outra vez máis a extrema dereita; ou en Estremadura, a señora Guardiola, tamén con Vox, outra vez máis a extrema dereita; ou o señor Mañueco en Castela e León, tamén con Vox, outra vez máis a extrema dereita. Nunca escoitei, a vostede é a primeira vez que o escoito, pero nunca escoitei a ningún responsable do Partido Popular, nin ao señor Feijóo, referirse a eses pactos como pactos de perdedores. Só fai esa referencia cando son de partidos que non son o Partido Popular. Por tanto, se somos tan demócratas como vostede presume, se somos tan respectuosos co noso ordenamento xurídico, teremos que empezar por respectar as normas de xogo e por non facer ese tipo de cualificacións cando son uns partidos e non facelas cando son outras. Porque, se ten que haber unha maioría parlamentaria, son capaces de sumar; se vostedes non se poden entender con outras forzas, dende logo non é problema, nin culpa, sobre todo, dos que están en fronte. Polo tanto, empecemos a facer unha defensa e a ter ese respecto do que vostede fala con feitos, non con palabras. Porque é isto o mesmo que dicir, "yo soy constitucionalista, pero luego no renuevo el Consejo General del Poder Judicial, yo no apoyé la Constitución", e isto é o mesmo: "yo soy demócrata, pero este es un pacto de perdedores". Non, non, é un pacto que ten a maioría parlamentaria para gobernar e que vostedes non teñen. Por tanto, imos ir aos feitos e non quedemos só nas palabras.

Falaba vostede das concesións de ETA deste Goberno, outra vez; 180 terroristas achegados ao país vasco polo señor Aznar. É verdade que naquel momento non era ETA, era o Movimiento Vasco de Liberación. Ou aquela frase de "seremos generosos". Pero, claro, facíao o Partido Popular. Eu non sei, naquela época non o coñecía a vostede, non sei se saíu coa mesma vehemencia a facer unha reflexión como a que está facendo agora, nin ningún dos seus compañeiros de grupo, nin sequera o señor Feijóo, recordo que naquel momento xa estaba en política. Parece que aqueles terroristas que se achegaron ao País Vasco naquela época eran menos terroristas que os que hai agora.



Pero hai unha pequena diferenza e un matiz bastante importante, que naquela época ETA aínda mataba e agora non. Por tanto, unha vez máis, teñen vostedes unha dobre vara de medir xa non entre terroristas de Terra Lliure e os de ETA, non, dentro dos propios de ETA. E, cal é a diferenza? Cando gobernan vostedes e cando non gobernan. Unha vez máis, pivotamos sobre o mesmo eixo que é os intereses electorais do Partido Popular.

Polo tanto, a este grupo, nese caso, di vostede tamén unha cousa que imos falar, volvendo outra vez ao respecto polo ordenamento xurídico, di vostede “tras la legislación aprobada por Sánchez, el Estado queda indefenso”. Vale, pode ser, eu penso que non. Pero, de ser así, a cidadanía deste país manifestouse recentemente nunhas eleccións xerais e díxolle ao Partido Popular que non está polo labor desa lexislación que non vai gobernar este país. Polo tanto, hai unha maioría de españois e de españolas que apoian ese tipo de medidas e, polo tanto, non comparten a visión do Partido Popular de que esas medidas debilitan o Estado porque, se non, o señor Feijóo tería sido investido hai uns días presidente do Goberno de España e non o foi. E, se non o foi, é porque hai unha maioría rotunda de cidadáns deste país que, aínda que sexan independentistas ou aínda que voten a Junts, ou a Bildu, ou a calquera outra forma de política, eu véxoos como españois porque a día de hoxe son cidadáns de España, que non comparten os postulados do Partido Popular. Polo tanto, unha vez máis, volven vostedes a terxiversar, a retorcer a realidade xurídica, emocional, constitucional do noso país, para que? Pois, novamente, e remato como empecei, para pivotar sobre os intereses electorais do Partido Popular, que é o único que os move e os motiva a vostedes.

Nada máis e moitas grazas.

Sr. Lorenzo Torres

Brevemente para no seguir con este debate porque ya veo por dónde va. Mire, contradicciones las tiene el Partido Socialista. Le voy a decir por qué. Porque si el Partido Socialista no engañara a sus electores, como los ha engañado siempre, o no recuerda usted cuando el señor Pedro Sánchez no podía dormir por las noches si gobernaba con Podemos y gobernó. O no recuerda usted cómo el señor Pedro Sánchez dijo hace menos de dos meses que nunca se admitiría una amnistía porque no era constitucional y ahora está buscando la fórmula jurídica, retorciendo como siempre la ley y la interpretación para obtener esa mayoría. No todo vale, no todo vale, ya se lo digo ahora, no todo vale porque aquí no estamos hablando de intereses electoralistas, aquí estamos de mantenerse en el poder a toda costa, pactando lo que sea, pasando todas las líneas rojas que mucha gente, y usted sabe que dentro de su partido, no admite. Y ahí tenemos los ejemplos. Gente de su partido de siempre que se está manifestando en contra. Como dice mi compañero, hay que expulsarlos. No, hay que escucharlos porque también son socialistas. Entonces, usted sabe que lo que le estoy diciendo, ustedes ganaron porque engañan, porque mienten, que es la seña de identidad que tiene el señor Pedro Sánchez en este Gobierno. Ha mentido siempre a los españoles y los ha engañado. Y, si realmente quería llevar la amnistía, que lo pusieran en el programa electoral. Pero, ya dijo, afirmó y dijo lo contrario. Entonces, no me hable usted de intereses electoralistas. Intereses tiene él solamente en mantenerse en el poder. Nosotros ganamos las elecciones y es la primera vez en la democracia que el partido que gana las elecciones no gobierna. No me compare usted un ayuntamiento, no me compare usted un parlamento autonómico, no me compare usted con las elecciones generales. La primera vez en la historia de este país que el partido que gana con amplia mayoría sobre el otro no gobierna.

Esta es la realidad que sabemos. Ustedes han cambiado. Ustedes están detrás de un señor, Pedro Sánchez, que asusta y preocupa a la ciudadanía hasta donde nos está llevando. Y eso no es el Partido Socialista, el cual tiene todos mis respetos. Ese es



un señor que nos está levando, ya le digo, a lo peor de este país, a la indignidad y a la humillación. Y le aseguro, le aseguro, yo no sé si habrá o no repetición electoral, no lo sé, pero le aseguro que si la hay, pagará ese precio. Porque tanto engaño tanto tiempo, la gente tiene que ver la realidad en la que nos movemos. Ya digo, no se puede engañar siempre, y lo ha hecho hasta el día de hoy. Porque digo, su mentira, su cambio de opinión en los temas cruciales de este país, diciendo una cosa y haciendo la contraria, es una realidad que vemos todos los días. Es un hombre que miente, miente a la ciudadanía, engaña a los españoles, los ha engañado siempre. Y, por supuesto, no se olvide, perdió las elecciones, que las que las ganó fue el Partido Popular. Muchas gracias.

Sr. Fernández Piñeiro

Un matiz, moi, moi, pequeniño.

“Engañó a los electores”. Ben, enganou os electores, pero eses electores volveron apoiar o Partido Socialista con máis votos en 2023 e impediron que vostedes gobernarán con maioría absoluta. Polo tanto, afortunadamente, a interpretación dos electores deste país non lle corresponde ao Sr. Lorenzo, porque está equivocado. Porque, se os electores se deran por enganados por este señor que é tan malo, segundo vostede, pois non o terían apoiado. E volvérono apoiar, que ese é problema que teñen vostedes, que xa lles cantaba no papo a presidencia do Goberno e desgraciadamente teñen que ver como pasa por diante da súa ventá.

En todo caso, dicía vostede que non ía gobernar con Podemos. E, ben, efectivamente. E que pasou? Que unha vez máis a cidadanía deste país volveu deixar o Partido Popular na estacada e non vai ter maioría suficiente para poder gobernar España. Por tanto, a maioría dos españois, que son españois tanto como os que votan ao Partido Popular, dixéronlle que non, nun sistema par-la-men-ta-rio. Di agora vostede que non se pode comparar. Claro, se for seguramente noutro sitio diría que si que se podería, sempre e cando, loxicamente, volveramos onde, a ese troncal que son os intereses electorais do Partido Popular. Pero xa estamos acostumados a escoitar de todo.

Sabemos que é malísimo, segundo vostede, pero afortunadamente a maioría de cidadáns deste país non opinan o mesmo. E iso é o que nos congratula aos que estamos orgullosos do traballo que fai este Goberno e do partido ao que pertencemos, que ten máis de 140 anos de historia.

Nada máis, moitas grazas.

Sr. Presidente

Simplemente un pequeno apunte para rematar e reafirmar o que di o meu compañeiro Bernardo, en todo, loxicamente, todo o exposto. Simplemente, dicir, Lorenzo, cando apelas a que hai que facer caso aos maiores que estiveron en política, pero cando? Cando din o que nós queremos oír ou sempre. Porque eu recordo a Felipe González non hai moitos anos criticando a José María Aznar, pois porque nos metía nunha guerra en base á mentira porque nunca apareceron aquelas armas de destrución masiva; escoitei non hai moitos anos a Alfonso Guerra criticar a Rajoy pola amnistía fiscal, non sei se hai que facerlles caso tamén cando din algo que non nos interesa. E se hai que facerlles caso aos maiores, tamén dicir que hoxe mesmo, esta mañá, unha maior do Partido Popular, non sei se suficientemente maior para facerlle caso, acaba de propoñer, Esperanza Aguirre, que o Partido Popular lle ceda a Pedro Sánchez os deputados suficientes para gobernar. En calquera caso, hai que facerlles caso aos maiores, si, pero sempre, non só cando nos conveña.



Eu creo que este país avanzou, ti falabas, Lorenzo, moi acertadamente como gran defensor do proceso de transición, que eu tamén o son, eu sempre digo que de pequeno pois teño unha imaxe gravada dun golpe de Estado, cando era moi pequeno, na que unha persoa que era xeneral de exército, como Gutiérrez Mellado, se levantou e se enfrontou a un garda civil que entrou cun subfusil ou varios subfusís e con pistola en man, suponse que un xeneral do exército que probablemente en ditadura viviría francamente ben e non tería ningún problema de supervivencia. Enfrontouse porque cría que o país tiña que avanzar e, polo tanto, creo que a transición ten aspectos moi relevantes nos que se asenta todo o avance posterior do país, sen dúbida ningunha.

Pero, en calquera caso, máis alá de pasos concretos nese proceso de transición, que tamén apartou temas tan relevantes como o aspecto territorial, que nunca se tratou en profundidade a figura e a relevancia que tiña que ter un Senado que ata onte Felipe González dicía que había que reformar absolutamente, creo que é innegable, que unha Cámara que a cidadanía suprimiría, máis incluso que as deputacións, que xa é dicir. Se un pon o *ránking* de institucións para suprimir, o primeiro sería o Senado e o segundo as Deputacións, pero o primeiro o Senado. Polo tanto, eu creo que quedaron aspectos moi relevantes que tratar. E hai que tratalos en base claramente non só a posicións unilateralistas, nin de imposición ideolóxica e partidista, senón en base a ese espírito de transición ao que apelas, que compartimos completamente que é o de poñernos no sitio do outro, perdoar, non considerar a vinganza como un motor da política, senón todo o contrario, como un problema na vida persoal, na vida familiar e tamén na política. A xustiza tamén ten que formar parte loxicamente na súa administración e na súa concepción, o diálogo, o respecto pola outra parte. Entender que hai que encaixar as distintas sensibilidades que ten tamén un país.

E iso foi a transición, que logrou que persoas que dous meses antes, ou dos anos antes, perdón, un era carcereiro, ministro, como Fraga, que firmaba ou ía a Consellos de Ministros onde se aprobaron penas de morte, onde loxicamente se aprobaban encarceramentos de persoas que pensaban diferente, sentaron con Carrillo e chegaron a acordos, e perdoaron e non volveron a mirar para atrás. Eu creo que iso ten que pasar en todos os aspectos da vida.

Dito isto, nun Partido Socialista que xa vos podo dicir, podedes durmir tranquilos, totalmente tranquilos de que non vai pasar nunca unha liña roxa que non sería nunca admitida nin pola sociedade española, nin sobre todo por un Partido Socialista que, como di ben Bernardo, leva 145 anos facendo avanzar este país. Se soamente avanzáramos cando o Partido Popular decide avanzar, este país aínda sería moitísimo menos moderno, sería moitísimo menos avanzado e sería unha cousa moi, moi distinta ao que é.

Polo tanto, cando Aznar decide no seu momento chegar a acordos que dan estabilidade ao Goberno de España, como di Gelo, oe, pois supoña unha contradición co Partido Popular, coa esencia do Partido Popular, coa ideoloxía de Aznar, cos artigos que firmaba Aznar como articulista, si, pero eu creo que fixo o que tiña que facer e chegou a un acordo tan raro hoxe en día con este discurso do Partido Popular como que a Garda Civil abandonara Cataluña en tráfico, cedeu a competencia de tráfico en Cataluña a Garda Civil no ano 96. Para que? Para dotar de estabilidade o Goberno de España, para que houbera un Goberno de España. Suprimiu a figura do gobernador civil, Lorenzo, o gobernador civil, que era unha figura que existía dende hai décadas e décadas e que supoña a representación do Estado nas provincias. Suprimiu José María Aznar, non foi Zapatero, nin foron os roxos, foi José María Aznar, e fíxoo porque entendía que era unha cesión admisible perfectamente, que habería que reformar a lexislación correspondente e que a sociedade española o entendería como un avance para dotar de estabilidade un país que non a tiña cando Aznar chegou ao poder. Cedeulle o 33 % do IRPF recadado en



Cataluña á Generalitat. Empezou o 15 Felipe e Aznar chegou ao 33. Fíxoo, porque entendía que, se non, non habería goberno no Estado. Cedeulle o 40 % do IVE recadado en Cataluña, o 40 % dos impostos especiais en Cataluña. E que as presidencias do Porto de Xestión, do interese do Estado, que así o define a Lei de Portos do Estado, “puertos de interés general del Estado”, del Estado, que estruturan en canto a infraestruturas portuarias todas as rutas marítimas do mundo, foron cedidas ás comunidades autónomas por José María Aznar. E ben feito, porque entendía que así dotaba de estabilidade o Goberno do Estado.

Este país construíuse en parte en base a intereses partidistas?, por suposto, pero sempre respectando uns límites constitucionais e os límites legais. Para que José María Aznar puidera ceder a Garda Civil a Cataluña, a Garda Civil, a competencia de tráfico a Cataluña, houbo que reformar una lei orgánica no ano 86 que non admitía a cesión de competencias en materia de Policía Nacional nin de Forzas e Corpos de Seguridade do Estado. Houbo que modificar unha lei orgánica para que Cataluña xestionara tráfico. Supón algún problema que a Generalitat xestione as súas multas de tráfico? Ningún, eu non coñezo ningún problema.

Polo tanto, tampouco nos cerremos en banda para que este país non avance. Salvo que o único que haxa é o que di Bernardo como conclusión, que é onde nós estamos absolutamente convencidos que é así. O problema é que o Partido Popular non vai gobernar e, polo tanto, calquera cousa vale para evitar que outro governe. Esa é a conclusión.

En calquera caso, tranquilidade, seguridade de que o Partido Socialista xa dixo que o método para que este país avance é o diálogo dentro do marco constitucional. Polo tanto, tranquilidade nese senso.

Imos empezar a votar. Si, brevemente, por favor.

Sr. Lorenzo Torres

Estaba escuchando y a lo mejor le compro el 60 % de lo que ha dicho. Me doy cuenta de que al final es más lo que nos une, que lo que nos separa al Partido Socialista y al Partido Popular. Usted me ha estado hablando de muchas cosas, habló de las cesiones de tráfico. Todo lo que se hizo fue legal, nada fue anticonstitucional. Lo que ahora se quiere hacer va en contra de la Constitución. Entonces es muy grave de lo que estamos hablando. Estamos hablando de una amnistía en contra de la Constitución, estamos hablando de un referéndum que es el siguiente paso en Cataluña, entonces esos temas mezclarlos no hay razón para que, son cosas totalmente distintas estamos hablando de cuestiones de Estado. Entonces ya le digo me parece muy bien todo lo que ha dicho, podemos estar a favor o en contra pero eran legales, pero ninguna de las cosas que hizo el señor Aznar fue anticonstitucional, que es lo que quiere hacer o pretende hacer el señor Sánchez para quedarse en el poder. Nada más.

Sr. Presidente

Simplemente pode durmir tranquilo de que o que vaia facer o Goberno e o Partido Socialista vai estar dentro do marco da legalidade, iso sen dúbida ningunha porque, se non, se non, así o declarará o Tribunal Constitucional, que é salvagarda da constitucionalidade das medidas do Goberno e do Parlamento e así o determinarán a xustiza, en definitiva, e a propia sociedade española nos procesos electorais. Van ser decisións, as que sexan, sempre no marco constitucional. Hoxe mesmo o Partido Socialista o acaba de acreditar ante unha petición de dous partidos. No marco



constitucional cabe todo, fóra do marco constitucional non cabe nada. Pero, en calquera caso, o diálogo debe ser sempre a ferramenta que guíe un goberno.

Procedemos á votación.

VOTACIÓN

Votan a favor: 14 deputados/as (PP).

Votan en contra: 16 deputados/as (10 do PSOE e 6 do BNG)

Abstéñense: 1 deputado (Alternativa dos Veciños)

O Presidente recolle a observación do Sr. García Seoane de que a súa intención era de votar en contra.

(Abandona o salón de Plenos o Sr. Rodríguez Martínez).

Sr. Presidente

Pasamos á seguinte moción, presentada polo Grupo Popular, sobre a proposta de acordo adoptada no Concello da Coruña do 7 de setembro de 2023 por unanimidade sobre as vías provinciais.

3.Moción que presenta o Grupo Provincial Popular sobre a proposta de acordo adoptada no Concello da Coruña do 7 de setembro do 2023, por unanimidade, sobre as vías provinciais

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O pasado 7 de setembro do 2023 no Pleno Municipal do Concello da Coruña acordáronse por unanimidade de todos os grupos políticos os seguintes puntos:

- a) Instar a alcaldesa a trasladar inmediatamente á Deputación a necesidade de acometer con urxencia as obras necesarias para acondicionar, garantir a seguridade viaria e peonil, e acougar o tráfico na estrada DP-0512 no tramo que atravesa o termo municipal da Coruña.
- b) Instar á alcaldesa, unha vez realizadas as obras necesarias, a que se inicien as negociacións necesarias para conseguir que o traslado da titularidade do tramo da estrada DP-512 que atravesa o termo municipal da Coruña ao Concello da Coruña.
- c) Instar á alcaldesa para impulsar as correspondentes negociacións ata que o traslado da titularidade fágase efectivo.
- d) Constituír unha comisión de traballo conxunta entre o Concello e a Deputación da Coruña coa finalidade de estudar a transferencia doutros tramos de estradas provinciais situadas dentro da zona urbana do termo municipal da Coruña.

Sirva como exemplo esta estrada da Deputación, DP-512, para diagnosticar os males que vimos denunciar na presente moción:

- a) Esta estrada ten unha lonxitude de 11,64 km, dos cales 5,13 están dentro do termo



municipal da Coruña e 6,50 pertencen ao termo municipal de Arteixo.

b) La última actuación realizada no Concello da Coruña consistiu nas beirarrúas da localidade de Feans, a rotonda que comunica co Cemiterio Municipal da Coruña e a ampliación do vial ata o límite con Arteixo. Todo iso fai xa máis de 6 anos e co consecuente modificado de proxecto que fixo que as obras previstas alongásense máis de 2 anos.

c) No termo municipal de Arteixo non se executou ningunha mellora, salvo o cambio dunha capa de rodadura, aínda non terminado, por certo. E todo iso cos problemas que presenta como son a ausencia de senda no lugar de Uxes-Roxiñas, cruces perigosos na Avenida de Finisterre ou na Travesía de Arteixo, falta de pasos de peóns etc.

d) Convén lembrar que esta vía discorre no seu maior parte por trama urbana e conecta 3 dos polígonos máis importantes da nosa Provincia como son o de Pocomaco, Sabón e o de Morás, e é a vía principal deste último polígono durante 1 km aproximadamente.

Somos coñecedores de acordos plenarios municipais recibidos nesta Institución enviados por algunhas Corporacións municipais desta provincia solicitando o traspaso de estradas da Deputación a estes concellos e que durante estes 8 anos de gobernos Socialistas na Deputación nin se han dignado a contestarlles, desprezando todo o traballo realizado polos departamentos técnicos e grupos políticos dos devanditos municipios.

Lembremos que as estradas da Deputación, que teñen a máxima categoría en canto a normativa, son en moitos casos as estradas peor atendidas en numerosos concellos, creándolles aos veciños que están baixo a súa influencia, problemas á hora de executar as súas vivendas ou simplemente unha acometida de abastecemento ou saneamento.

Son múltiples os casos en que os veciños son vítimas da normativa sobre estradas desta institución.

Por todo iso, SOLICITAMOS:

a) Que se estude e aténdase as peticións formuladas polos dous Concellos en canto a traspaso de competencia sobre as estradas solicitadas, creando as comisións conxuntas necesarias para tal fin durante estes últimos meses do presente ano e enviando aos Alcaldes a documentación administrativa correspondente para o inicio das devanditas conversacións.

b) Que as estradas da Deputación cumpran o seu obxectivo de articular a trama provincial conectando concellos coa máxima calidade viaria: iluminación, sendas, rozas, cunetas e firmes.

c) Que se destine unha partida no orzamento provincial do 2024 para cumprir os obxectivos arriba sinalados, entregando as estradas en perfecto estado ás corporacións que as soliciten e repartidos baixo os mesmos criterios do POS entre os Concellos.

Sr. Amado de la Fuente

Bos días a todos. O pasado 7 de setembro do 2023, no Pleno municipal do Concello da Coruña acordouse por unanimidade de todos os grupos políticos (Partido Socialista Obrero Español, Bloque Nacionalista Galego e Partido Popular) os seguintes puntos:



Instar a alcaldesa a trasladar inmediatamente á Deputación a necesidade de acometer con urxencia as obras necesarias para condicionar e garantir a seguridade vial e peonil e acougar o tráfico na estrada DP-512 no tramo que atravesa o termo municipal da Coruña.

Instar a alcaldesa, unha vez realizadas as obras necesarias, a que se inicien as negociacións necesarias para conseguir que o traslado de titularidade do tramo da estrada DP-512 que atravesa o termo municipal da Coruña ao Concello da Coruña. Instar a alcaldesa para impulsar as correspondentes negociacións ata que o traslado de titularidade se faga efectivo.

Constituír unha comisión de traballo conxunta entre o Concello e a Deputación da Coruña coa finalidade de estudar a transferencia doutros tramos de estradas provinciais situadas dentro da zona urbana do termo municipal da Coruña.

Onte no Pleno municipal de Arteixo, tamén por unanimidade de todos os grupos alí presentes (Partido Socialista Obrero Español, Bloque Nacionalista Galego, Alternativa dos Veciños e Partido Popular), acordáronse os seguintes puntos:

Solicitar á Deputación da Coruña que actúe de modo urxente na DP-512 no tramo de Arteixo, principalmente na zona de Uxes e Roxiñas, no cruce DP-512 coa travesía de Arteixo e no tramo DP-512, que vai da travesía da Groufa á avenida de Finisterre para mellorar a seguridade viaria desta estrada.

Solicitar á Deputación da Coruña que atenda de maneira urxente as necesidades das estradas da Deputación do Concello de Arteixo que están nunha situación de inseguridade e con moitas carencias de mantemento.

Solicitar á Deputación da Coruña que as estradas da Deputación do Concello de Arteixo cumpran o seu obxectivo de articular a trama viaria provincial conectando os concellos coa máxima calidade viaria, seguridade, iluminación, sendas, beirarrúas, rozas, cunetas e firmes.

Solicitar á Deputación da Coruña que se destine unha partida no orzamento provincial do ano 2024 para cumprir os obxectivos anteriormente sinalados, entregando as estradas en perfecto estado ás corporacións que así o soliciten e repartidos baixo os mesmos criterios do POS e os concellos.

Sirva como exemplo esta estrada EP-512 para diagnosticar os males que vimos a denunciar na presente moción. Esta estrada ten unha lonxitude de 11,64 km, dos cales 5,13 están dentro do termo municipal da Coruña e 6,50 pertencen ao termo municipal de Arteixo. A última actuación realizada no Concello da Coruña consistiu nas beirarrúas da localidade de Feáns, na rotonda que comunica co cemiterio municipal da Coruña e a ampliación deste vial ata o límite con Arteixo. Todo isto xa hai máis de seis anos, co conseguinte modificado do proxecto que fixo que as obras se alargaran durante dous anos e molestasen os veciños, e houbo distintas mocións sobre o tema.

No termo municipal de Arteixo non se executou ningunha mellora, salvo o cambio de capa de rodadura, aínda non terminado por certo, e todo cos problemas antes mencionados nos puntos de acordo. Convén recordar que esta vía discorre na súa maior parte pola trama urbana da Coruña e de Arteixo, conectando tres dos polígonos máis importantes da nosa provincia, como son o de Pocomaco, o de Sabón e o de Morás, e dentro deste mesmo polígono de Morás durante aproximadamente un quilómetro.



Somos coñecedores de que houbo acordos plenarios noutras épocas recibidos nesta institución, enviados polos concellos, onde se solicitaba o traspaso destas estradas a estes concellos. E durante oito anos metéronse esas solicitudes nun caixón e non se atenderon. Recordemos que as estradas da Deputación que teñen a máxima categoría en canto a normativa son en moitos casos as estradas peor atendidas en moitos concellos, creándolles aos veciños que están baixo a súa influencia problemas á hora de executar as súas vivendas ou simplemente unha acometida de abastecemento e saneamento. Son múltiples os casos nos que os veciños son vítimas da normativa sobre as estradas desta institución.

Por todo isto, solicitamos:

Que se estude e se atenda as peticións formuladas polos dous concellos, con acordos por unanimidade, en canto ao traspaso da competencia sobre as estradas solicitadas, creando as comisións conxuntas necesarias para tal fin durante estes últimos meses deste ano e enviando aos alcaldes a documentación administrativa correspondente para o inicio das ditas conversas.

Que as estradas da Deputación cumpran o seu obxectivo de articular a trama provincial conectando concellos coa máxima calidade vial, iluminación, sendas, limpeza, cunetas, firmes.

E que se destine no orzamento do ano que vén unha partida para cumprir os obxectivos asignados, entregando as estradas en perfecto estado ás corporacións que as soliciten e repartidos baixo o mesmo criterio dos POS entre os concellos.

Moitas grazas.

Sra. Veira González

Grazas, señor presidente.

Nós, desde o Bloque Nacionalista Galego entendemos que esta moción parte dun erro, aínda que poidamos compartir o fondo da moción, evidentemente, que se manteñan en bo estado as estradas da Deputación, que efectivamente se teñan todos os servizos e que, ao final, aquelas que especialmente son urbanas cumpran con esa función, en realidade hai algún erro xa de partida nesta moción. Porque se fala das peticións formuladas polos dous concellos en canto ao traspaso de competencias. E o certo é que o Concello da Coruña, eu son concelleira do Concello da Coruña, o que fixo foi aprobar unha moción, pero non solicitou formalmente, que nos conste, que me conste a min, o traspaso desa estrada. Iso correspóndelle en todo caso á Alcaldía iniciar ese expediente pero, que nós saibamos, iso non aconteceu. Non responde... o que houbo foi unha moción efectivamente, non na parte resolutive do pleno, senón na parte das mocións, que ao final non deixan de ser declaracións do pleno. Eu o que quero expresar e o que queremos expresar desde o Bloque Nacionalista Galego é que os criterios de reparación das vías, o que desde logo teñen que responder é a algo máis que ao interese táctico do que queira traer aquí o Partido Popular.

Por que hai que reparar as estradas de Arteixo e as estradas da Coruña primeiro, antes que outras, por exemplo, que xa teñen solicitadas hai máis dun ano e medio concellos gobernados polo Partido Popular por parte de alcaldías que ademais están presentes nesta sesión, como por exemplo a da Laracha? Por que teñen que pasar antes Arteixo e A Coruña? Nós cremos que hai que seguir un criterio, un criterio que sexa xusto.



É moi novidoso, ademais, o Partido Popular nesta moción, que fala de entregar as estradas en perfecto estado ás corporacións que as soliciten. Vaia, pero se un dos concellos afectados ademais por esta moción, que é o Concello de Arteixo, aceptou a estrada AC-415 por parte da Xunta de Galiza non precisamente en perfecto estado, pero agora póñense moi estupendos coa Deputación da Coruña.

Tamén son vostedes moi novidosos con isto de “repartidos baixo os mesmos criterios que o POS entre os concellos”. Pois si que é novidoso isto para o Partido Popular, porque non atopamos ningunha iniciativa semellante mentres gobernou esta Deputación, tamén é certo que xa hai tempo que a gobernou.

En definitiva, non imos apoiar esta moción. Evidentemente, compartimos que hai que manter as estradas, que teñen que estar en perfecto estado e en especial aquelas que se insiren nas tramas urbanas. E, por suposto, hai que atender as peticións dos concellos, pero cun criterio e, desde logo, se hai concellos que levan un ano e medio agardando, pois irán antes que outros que nin sequera o solicitaron formalmente.

Nada máis.

Sra. Rodríguez Ordóñez

Grazas, señor presidente. Bos días a todos e a todas. Ides permitirme hoxe a miña primeira intervención neste salón do pleno provincial e vou intentar argumentar, loxicamente o noso Partido, o Partido Socialista non imos poder apoiar esta moción. Eu espero poder argumentala da mellor maneira, cos argumentos que agora vou trasladar, dende logo sempre ofrecendo, como fixen na comisión informativa, con todo o diálogo posible, e poder poñer en marcha, dende logo, todo o meu traballo e esforzo para poder facelo e atender as peticións na miña área da mellor maneira.

Primeiro, se me permitides, quero facer mención a unha carta que o señor presidente, no mes de febreiro de 2020, remitiu a todos os concellos da provincia da Coruña na cal, co fin de coñecer que os concellos que estivesen dispostos a asumir a titularidade de vías provinciais que discorren polo territorio de cada concello, e que non precisasen investimento ningún, quedando aquelas estradas que si o precisasen, loxicamente, que precisasen amaños, pois que, loxicamente, se faría o estudo correspondente. Hai que dicir e recordar que hai xa un traballo feito dende esta área, pois con eses concellos que si remitiron a petición e se tramitou xa esa transferencia por poñer algún exemplo, a DP-5401, e facendo mención ademais a tres estradas do Concello da Coruña, entre outras moitas. Pero ides perdoarme entender que eu creo que cada concello, dentro desas vías provinciais que teñamos, ímonos encontrar con distintas realidades. Eu creo que esas peticións e esas características eu creo que se teñen que estudar dunha maneira pormenorizada con cada un dos concellos, coñecendo de primeira man cales son esas necesidades e tamén tendo en conta a tipoloxía desas estradas, estradas máis urbanas ou estradas que conectan máis o rural. Eu creo que cada unha delas pode ter as súas características e eu creo que é un traballo que hai que facer con certo detalle e, dende logo, con eses informes técnicos e demais.

Vou dar resposta dentro desas tres peticións que recolle esta moción, que, se non entendín mal, e vou atreverme a dicir, creo que había algún punto que non recolle na que eu teño no documento dado, se eu non entendín, é dicir a que obra no meu poder, fala de tres puntos e polo que vin na lectura que fixo o compañeiro, o señor Amado, creo que incorpora algún outro punto. Entón eu vou dar resposta aos tres puntos. Primeiro, “que se estude e se atenda as peticións formuladas polos dous concellos en canto ao traspaso de competencias sobre as estradas solicitadas, creando as comisións conxuntas necesarias



para tal fin durante estes últimos meses, do presente ano, enviando aos alcaldes a documentación administrativa correspondente para o inicio das devanditas conservacións”. Ben, primeiro dicir que ao Concello de Coruña traspasáronse as estradas que solicitou, que solicitou por agora por escrito, que é a DP-3001, acceso ao santuario de Santa Gema; a DP-3003, de San Pedro de Visma a Mazaido; a DP-3007, Agrela a Moura, e mediante acordo plenario, como así ten que ser, desta Corporación o 30 de xuño fíxose, 30 de xuño de 2021, entón, creo que entre outras peticións que si se está a traballar e na cal aí houbo unha solicitude formal por escrito. A maiores, atendéronse peticións históricas, como o arranxo da rúa Leopoldo Alas Clarín, que forma parte da parcela que ocupa o Fogar Infantil Emilio Romay e tamén se está a traballar para o seu traspaso ao concello.

Dis que os últimos oito anos. Eu onte non che dicía 12 por dicir, dicíache 12 porque 4 antes de que entráramos nós aquí había un Goberno do teu partido que polo que nós temos aquí o que doou en estradas a Arteixo foron douscentos e pico mil euros, nesa lexislatura, 2011-2015, Goberno do Partido Popular, o señor Diego Calvo. Non sei se naquel momento te dirixías á Deputación coa mesma vehemencia e coas mesmas formas de expresarte que o fas agora. Igual si, igual si, Carlos, porque penso que es capaz, igual si. Pero na lexislatura 2015-2019 recibiches catrocentos e pico; pois, oe, máis que na do 2011-2015 Ese é un dato obxectivo. Pero ti mesmo acabas de dicir, primeiro dixeches que non se che daba nada, agora xa dixeches que hai un convenio de 800.000 euros, da rede viaria ciclista exactamente, que é verdade, que caducou e que agora intentarás renovar, porque vén do ano 2016; se mal non recordo, non se deu executado ata o ano 2020, non a executaches. Eses 800.000 por certo, Evaristo, son deses que hai no banco esperando sen executar. Dígoo para que vexas que, se os quitamos, quedas sen eles.

Dito o cal, é dicir, a min pásame o mesmo que che pasa a ti, Carlos. Ti terás miles de veciños no teu concello que van e que piden, e non creo que todo o que che pediron nos doce anos que levas de alcalde o teñas feito. Verdade que non? Non, nin ti nin ninguén porque ti terás uns recursos, afortunadamente, non é que esteas forrado, pero tes máis que o resto. Pois, oe, sorte que tés, eu envexa sa. Oxalá os tiveramos todos, eu non pido que chos quiten, ao contrario, senón que os tiveramos os demais tamén. Tamén é curioso a defensa que facemos da cidadanía e do reparto xusto de fondos cando ti, deputado provincial, votas en contra de mocións que traemos outros grupos esixindo á Xunta de Galicia que aplique eses mesmos criterios de reparto. E moitas veces incluso votas en contra asentindo coa cabeza, porque te teño en fronte e ás veces xa coa mirada nos entendemos.

Entón, que fas ben, como o alcalde de Arteixo, esixir todo o que poidas? Facémolo todos, os alcaldes somos animais insaciáveis cando imos pedir e facemos ben, e é o que temos que facer é a nosa obriga, porque a nós tamén nos piden e estamos aí para defender os nosos veciños.

Agora, eu, sen entrar xa no fondo, creo que as formas non son as correctas. E creo que, cando estamos aquí representando a cidadanía, temos que dar un pouco de exemplo a ese respecto. Porque a ti non creo que che guste que os teus veciños en Arteixo cando che vaian reclamar algo que igual pediron e ti non puideches facer, ou te esqueches, ou se traspapelou, porque non creo que sexamos perfectos todos, que veñan coa mesma actitude. E seguramente haberá peticións que teñas de anos e que algunhas delas non saíron porque non puideron ou porque tiveches que priorizar outras. Por tanto, as formas si son importantes a ese respecto.

Máis alá do fondo, ben, pois vós tedes unha visión co tema de Vías e Obras, nós poderemos ter outra, explicáremolo. Hai máis administracións que nós tamén criticamos, como é a Xunta de Galicia, que tampouco ten ese criterio, que algúns levamos moitos anos alí sen que se invista un céntimo. E, home, antes dicías cousas, Carlos, que entendo que o fragor da batalla nos leva; dixeches “os compañeiros que presentaron un rogo insultándonos”. Eu teño o rogo aquí, non hai ningún insulto nese rogo. Outra cousa é que ti te tomes como insulto que eles digan que hai algo que está mal, pero iso é un



problema teu. Pero vou ler porque respecto os meus compañeiros alí como se fose outro partido, pero non se pode dicir que alguén presenta un rogo insultando, porque me tomei a molestia, mentres falabas, de pedirillo, eu vouno ler aquí. Para que quede claro que os meus compañeiros en Arteixo, polo menos nese rogo, non insultaron a ninguén.

Vou ler todo o que teño aquí, penso que teño o rogo e o argumentario, e creo recordar, porque fixen unha lectura moi rápida, que aquí non se insultou a ninguén. E o argumentario o que di é: “A veciñanza de Barrañán observa como os 12 anos continuados do Goberno do PP no Concello de Arteixo non redundan nunha mellora substancial da calidade de vida nas infraestruturas da súa parroquia –un segundo, Carlos, por favor, non te interrompín–, todo iso pese a ter á súa disposición unha inxente cantidade de fondo nos orzamentos que aproban ano tras ano. A única actuación salientable foi a obra de ampliación da antiga escola unitaria situada no barrio de Outeiro, que se financiou case na súa totalidade con fondos da Deputación Provincial da Coruña. O resto –vale, moi ben, un segundo Carlos, por favor–, o resto das necesidades da parroquia están metidas nun caixón e xa non imos falar das posibles actuacións a futuro nunha parroquia que ten grandes posibilidades de desenvolvemento dos seus núcleos co PXOM paralizado, con amplas posibilidades turísticas, de protección ao medio ambiente que o Goberno local non sabe articular. Por todo isto, rogámoslle”. Moi ben, aquí non hai ningún insulto, Carlos, aquí haberá cousas que ti dis que non é verdade porque investiches dous millóns, que non é certo que o pagase a Deputación, o que ti queiras. E hai unha crítica que ti podes compartir ou non, como as que nos fai o teu grupo a este Goberno e nós non dicimos que se nos insulta porque vós digades que aquí, como dixeches nalgunha ocasión, os alcaldes do PP co Plan único non se lles daba (...), e non era verdade, e nunca dixemos que se nos insultaba, podemos diferir. Por tanto, as palabras cando un as escolle é importante, porque non se pode dicir aquí que os compañeiros dun partido, sexa o meu, o teu ou calquera insultan cando non é verdade. Outra cousa é que a ti non che guste ou, oe, todos temos virtudes e defectos, igual non levas ben o tema da crítica e levas ben outras cousas. Pero non se pode dicir cousas que non son verdade, Carlos. E, por tanto, se nos centramos no fondo da cuestión, a deputada dis “falar para quen”, acaba de chegar, acaba de tomar posesión, estase ofrecendo a sentarse contigo para velo, tes moitas estradas provinciais, dicías 4 anos que tardan. Eu, que son deputado provincial e membro deste Goberno, teño unha estrada que se aprobou no ano 2016, sabes cando se executou? Este ano, sete anos despois. Polo tanto, ben te podes dar cun canto nos dentes que tardastes catro. E tamén ten expropiacións, e informes sectoriais, e un montón de cousas que tamén terás ti como Concello cando os teus veciños che reclaman, porque non creo que todo o que che pidan o fagas ao día seguinte, nin ao mes, nin aos tres meses, a menos, que penso que non, e quero pensar que non, que ao seu concello se lle dea un trato preferente nas administracións que teñen que facer informes sectoriais porque, dende logo, a miña, e cónstame que noutras moitas, non é así. Tanto duns coma doutros, eh? Porque eu teño informes sectoriais de Adif que tardaron trece meses, catorce, quince, dezaseis, e tamén os teño da Augas de Galicia. Por tanto, aquí hai para todos.

Entón imos intentar ter un debate con toda a vehemencia que se poida ter, pero, home, dentro dunhas mínimas liñas. Porque, ao final, fraco favor, dígoo honestamente, Carlos, fas á causa que pretendes defender e ao teu concello, que estará ben, haberá veciños que digan “Sí, señor, o alcalde que vai aí e lles chama de todo porque pelea por Arteixo”. Pero pódese pelear igual por Arteixo, como facemos os demais polos nosos concellos cun pouquiño máis de medida, sobre todo na forma de referirnos aos demais. Porque, se todos actuáramos como actúas ti hoxe neste Pleno, imaxina o que sería isto en cada pleno. Entón, pídoche por favor que respiremos fondo, esixe o que teñas que esixir, fas ben en esixilo, é a túa obriga facelo, pero dunha forma sosegada, Carlos, que é bo e ademais tamén por consello persoal nos vai ao corazón e á saúde e esas cousas



non son boas.

Nada máis, moitas grazas.

Sr. Calvelo Martínez

Bernardo si, efectivamente, yo creo que voy a empezar por el final, dijiste que una senda de la Diputación que pediste en el 2016 se acabó de ejecutar ahora. Seguro que se acabó de ejecutar antes del 28 de mayo, ¿verdad? Ya acabaron, pero aún no acabaron, pero seguro que a lo mejor se empezó antes del 28 de mayo. ¡Home! No se podía esperar al 29 de mayo para empezar, ¿verdad? Pues nosotros no hemos tenido esa suerte, no ha empezado ninguna. Cuatro años anteriores y cuatro años anteriores. Y sí que, si me refiere... Lo digo aquí también y lo digo públicamente, si se me refiere también al periodo 2011-2015, pues tenemos el sambenito de que aceptamos el traspaso del polígono de la Diputación y nos han dado cinco millones de euros por un Polígono – perdone mi vehemencia– que estaba hecho una mierda. Y, si le parecen mal mis palabras, yo lo siento. Que no había ni agua potable, no había ni un solo metro cuadrado de aceras, iluminación deficiente. Totalmente en un estado de abandono que yo lo que tenía que oír era a los gurús de la Diputación –no creo que sea un insulto–, los guais de la Diputación, “es que, claro, es que los impuestos los cobra Arteixo, se forra Arteixo, y nosotros tenemos que hacer el mantenimiento”.

Es así, fue verdad, y como nosotros cobrábamos los impuestos de nuestras empresas y lo que contaminan, y todas las afecciones y toda la problemática del tráfico y los atascos lo sufríamos nosotros, pero como aquí la gente de la Diputación no cobraba parné, pues no invirtieron un puto duro, perdone por la palabra y por la vehemencia, cero. Y para solventar esa situación de abandono se firma el traspaso del Polígono de Sabón y donde hay una inversión de 5 millones de euros para el Concello, que le cuesta horrores, le cuesta sangre, sudor y lágrima sacarla adelante, justificarla. De verdad, hay que ver los proyectos, hay que ver las autorizaciones, hay que ver toda la situación, hay que ver también los informes de la Diputación, que hay una comisión de seguimiento, que aún encima ahora tengo que proponer el cambio de una senda que no se puede hacer para otra, que me la van a denegar. Y yo asumí en el periodo 2011-2015 esos 5 millones de euros y dije que no iba a pedir ninguna subvención nominativa más, y así lo he hecho. Y pensé que en algún momento alguien vería la situación de las propias estradas de la Diputación, su estado lamentable y actuaría. Y no porque estoy forrado, y no porque firmé un convenio, o porque le caigo mal ahora al presidente de la Diputación, pues, oiga, abandonar, porque al final no abandoné. Cuando usted dice: no, a mí me parece un insulto lo que hacen sus compañeros, porque después de invertir 2 millones de euros en esa parroquia, después de actuar y mejorar el abastecimiento al 99 %, la mejora de las vías, la mejora del centro social, el campo de la fiesta, ¿sabe lo que me reclaman los vecinos? Arregla la estrada de la Diputación. Lo que dice usted, las peticiones de los vecinos. No es que... Yo, por supuesto, asumo las peticiones de los vecinos, y hay muchas que no las puedo cumplir. Lo que me niego es asumir a tener que hacer las peticiones que tienen la obligación de hacer ustedes. Ustedes, el presidente, que bien que se hacen en otros concellos o en otras administraciones.

(Abandona o Salón de Plenos o Sr. Lorenzo Torres).

Y es lo que digo, asumir, por supuesto, pero es continuo y reiterado la petición de arreglar las estradas de la Diputación, continuo y reiterado. Y yo, si quiere, oiga, me disculpo aquí públicamente, me disculpo ante el Presidente de la Diputación por a veces decir que es desleal con el Concello de Arteixo por denunciarnos injustamente, Presidente, me disculpo, a ver si le caigo guay y me da una senda. Me disculpo con los técnicos y la gente también aquí de la Diputación que, cuando digo que es insostenible



esta situación, el retraso en ejecutar las obras, la acumulación de dinero, la propia poca ejecución en el tema de las vías, es que es prioritario para ustedes, las vías y obras. Es que las sendas son de ustedes. Me disculpo, yo, si quieren, de verdad, aquí me disculpo. Me disculpo sinceramente por mi tono vehemente. Me disculpo, disculpas sinceras. Si alguien también se sienta con nosotros y nos dice: "Oiga, sí, nos hemos equivocado con usted y también vamos a intentar arreglar en vez de ir todo el puto día al juzgado, vamos a intentar arreglar las cosas con Arteixo". ¿Aceptan las disculpas? No. Si sé lo que va a pasar. ¿Que no voy a conseguir nada en cuatro años, aquí, en este tono y tal? Es que me da igual. Yo es que ya no lo hago por temas de conseguir o no conseguir. Yo sé cómo se consiguen así las cosas. Hay que ir a alguien a reírle las gracias y ya está. Yo no voy a ir a ir a reírle las gracias a nadie. Y, si no consigo nada en estos cuatro años aquí en la Diputación, yo lo que creo es que al final no es una culpa mía, sino que los vecinos verán que la inacción por parte de ustedes, que tienen la responsabilidad y la competencia suya. Y que después también hay distintos métodos para conseguir las cosas aquí en esta Diputación.

¿El siguiente pleno cuándo es?

Sr. Ben Otero

Son los últimos viernes de mes, Carlos, bien lo sabes, ¿no?

VOTACIÓN

Votan a favor: 11 diputados/as (PP)

Votan en contra: 16 diputados/as (10 do PSOE e 6 do BNG)

Abstéñense: 3 diputados/as (2 do PP e 1 de Alternativa dos Veciños - en virtude do artigo 74.1 do Regulamento Orgánico).

Sr. Presidente

Moi ben. Pasamos á seguinte moción, que presentan os grupos provinciais do PSdG-PSOE e BNG, contra a explotación sexual da trata de mulleres, nenas e nenos

4.Moción que presentan os grupo provinciais do PSG-PSOE e BNG contra a Explotación Sexual e a Trata de Mulleres, Nenas e Nenos

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O **23 de setembro** conmemórase o **Día Internacional contra a Explotación Sexual e a Trata de Mulleres, Nenas e Nenos**. A trata de persoas supón unha violación dos dereitos humanos que ten diferentes rostros como a explotación sexual, explotación laboral, traballos forzados ou o tráfico de órganos. Todas estas manifestacións, estendidas por todo o mundo, son a manifestación máis extrema da pobreza e a desigualdade.

As mulleres e as nenas representan o 71% das vítimas de trata de todo o mundo, sendo a explotación sexual a forma máis común (8 de cada 10 casos). Por iso prostitución e trata con fins de explotación sexual non se poden dissociar. Son dúas caras dunha mesma realidade, que no Estado presenta datos absolutamente inasumibles: España é o Estado europeo con maior demanda de prostitución e o terceiro do mundo; case o 40 % dos homes españois pagaron nalgunha ocasión por manter relacións sexuais, e é tamén un dos principais destinos de tráfico de mulleres no mundo para prostituílas.

Segundo os datos recollidos no "Balance Estatístico 2022 sobre Trata e Explotación de



Seres humanos en España" elaborado polo Centro de Intelixencia contra o Terrorismo e o Crime Organizado (CITCO) no ano 2022 foron liberadas pola Policía Nacional e pola Garda Civil 129 vítimas de redes de trata de seres humanos para a súa explotación sexual, catro delas menores de idade, e no caso das vítimas rescatadas de situacións de explotación sexual, sen a concorrencia de redes de trata de persoas, o número elévase a 435 (10 menores).

Isto reafirma que a prostitución non é un traballo nin unha actividade como calquera outra, o "traballo sexual" non existe e a libre elección da prostitución é un mito, as mulleres prostituídas sempre son as pobres e as vulnerables do mundo, aquí e en todas partes. Cando falan dos dereitos das mulleres prostituídas, en realidade falan dos dereitos dos que fan negocio cos seus corpos, os proxenetas e os puteiros.

Segundo a Fundación Scelles, citada nun estudo do Servicio de Investigación do Parlamento Europeo, a prostitución afecta a entre 40 y 42 millóns de persoas en todo o mundo, das cales o 90% depende dun proxeneta e o 75% ten entre 13 e 25 anos.

O pasado xoves 14 de setembro o Parlamento Europeo aprobou unha Resolución para loitar contra a prostitución na UE, na que se reclama que se descriminalice a este colectivo e avoga por penalizar e sancionar a explotación e aos clientes que soliciten, acepten ou obteñan un acto sexual dunha persoa a cambio dunha remuneración, promesa, subministración dun beneficio en especie ou promesa de beneficio, en liña co modelo dos países nórdicos.

Como sinalou a eurodeputada alemá Maria Noichl: "o noso obxectivo é atopar unha solución europea a un problema europeo que ata o de agora foi ignorado e poñer fin á explotación que só significa diñeiro para outros (...) mentres estea socialmente aceptado que as mulleres están en venda, non poderemos lograr unha verdadeira igualdade de xénero".

Por iso non podemos mirar cara a outro lado e debemos impulsar as medidas necesarias para rematar coa trata de seres humanos, con especial énfase na que ten fins de explotación sexual, que é a que afecta maioritariamente ás mulleres. A liberdade e a igualdade son incompatibles coa prostitución, unha das formas máis cruéis nas que se manifesta a violencia contra as mulleres que está relacionada coa marxinação, a dificultade económica e a cultura sexista e patriarcal.

Desde a Deputación asumimos que desde os nosos ámbitos competenciais debemos seguir traballando para dotar de recursos e garantías ás mulleres, nenas e nenos vítimas de explotación sexual.

Así mesmo, queremos recoñecer o traballo de organizacións e colectivos que localizan ás vítimas e as axudan a ter acceso á xustiza, á saúde e á asistencia e protección sociais, evitando que se produzan máis actos de abuso e explotación.

A igualdade entre mulleres e homes continuará sendo inalcanzable mentres se compren, vendan e exploten mulleres e nenas, alí onde se regularizou a prostitución aumentou a trata. Polo tanto, entendemos que para combater a trata de mulleres, nenas e nenos con fins de explotación sexual de maneira efectiva hai que acabar coa prostitución. Hai que abolila e erradicar a trata de seres humanos con fins de explotación sexual, defender a dignidade das mulleres e rematar coas redes e as mafias que se lucran explotando ás mulleres, nenas e nenos. Debemos protexer e asistir ás vítimas e concienciar á cidadanía de que é unha forma de escravitude.



A finais do ano 2022 o Goberno galego presentaba o I Plan Galego contra a trata de seres humanos con fins de explotación sexual 2022-2024, unha estratexia necesaria para traballar dende Galicia na súa erradicación. O plan contempla toda unha serie de medidas agrupadas en cinco áreas estratéxicas para avanzar na prevención e sensibilización social; na detección, identificación e protección das vítimas; no fortalecemento dos recursos de atención; na investigación e na mellora da coordinación interinstitucional.

Mais é necesario tamén ir poñendo o foco, no marco das competencias autonómicas, na actuación fronte aos proxenetas e prostituidores e estudar cal é o marco legal posible para perseguilos, tal e como xa están facendo noutros territorios. Loxicamente, para isto é preciso obter canto antes un mapa da situación da prostitución en Galicia, algo que contempla o plan galego pero que descoñecemos se xa existe.

Polo anteriormente exposto, os Grupos Socialista PSG-PSOE e BNG da Deputación presenta para a súa aprobación polo Pleno Provincial os seguintes **ACORDOS**:

1. A Deputación da Coruña adherirase á rede de cidades/pobos libres de tráfico de mulleres, nenas e nenos destinados á prostitución.
2. Estreitarase a colaboración coas organizacións e colectivos que prestan servizos de asistencia ás vítimas de explotación sexual.
3. Contribuirase a xerar conciencia social contraria á compra e consumo de prostitución mediante campañas de sensibilización orientadas a concienciar sobre as consecuencias da explotación sexual e a responsabilidade dos comportamentos individuais de quen acode a ela.
4. A Deputación da Coruña insta a Xunta de Galicia a:
 - 4.1. Presentar no Parlamento de Galicia, antes de que remate o actual período de sesións, un informe de seguimento da execución do I Plan Galego contra a trata de seres humanos con fins de explotación sexual 2022-2024.
 - 4.2. Presentar no Parlamento de Galicia antes de que remate o actual período de sesións un informe con datos e estatísticas actualizadas sobre a magnitude da trata con fins de explotación sexual e a prostitución en Galicia.
 - 4.3. Poñer en marcha actuacións para perseguir as accións de proxenetas e tratantes de seres humanos con fins de explotación sexual que permitan desincentivar a demanda e compra de prostitución, dentro do marco legal e en colaboración con outras administracións.

Nomeadamente:

- a) Revisar as licencias administrativas concedidas polas administracións galegas para garantir o cumprimento efectivo da normativa vixente en relación a actividades desenvolvidas en determinados locais e espazos coa fin de evitar que neles se promova ou desenvolva a explotación sexual.
- b) Impulsar as modificacións legislativas autonómicas necesarias para traballar por unha Galicia libre de prostitución, garantindo sempre a protección das mulleres prostituídas.
- 4.4. Pór en marcha de maneira inmediata mecanismos de participación para que a sociedade civil poida denunciar as plataformas en liña ou calquera aplicativo tecnolóxico ou rede social que favoreza ou promova a prostitución.

Sra. García Vidal

Grazas, señor presidente. Vou ser moi breve. Bos días a todos e a todas. Imos presentar unha moción o Grupo Socialista PSdG-PSOE e o BNG.



Debido á gran lacra social que supón a trata de brancas e a explotación laboral e sexual, traballos forzados e o tráfico de órganos, é necesario impulsar medidas necesarias para erradicar isto.

A liberdade e a igualdade son incompatibles coa prostitución, unha das formas máis crueis na que se manifesta a violencia contra as mulleres e que está relacionada coa marxinação, a dificultade económica, a cultura sexista e patriarcal. Polo tanto, polo anteriormente exposto, os ditos grupos presentan para a súa aprobación polo pleno provincial os seguintes acordos:

Primeiro: A Deputación da Coruña adherirase á rede de cidades e pobos libres de tráfico de mulleres, nenas e nenos, destinadas á prostitución. Estreitarase a colaboración coas organizacións e colectivos que prestan servizos de asistencia ás vítimas de explotación sexual. Contribuirase a xerar conciencia social contraria á compra e consumo da prostitución.

A Deputación da Coruña insta a Xunta de Galicia a presentar no Parlamento de Galicia, antes de que remate o actual período de sesións, un informe de seguimento da execución do 1.º Plan galego contra a trata de seres humanos con fins de explotación sexual, 2022-2024. E tamén un informe con datos e estatísticas actualizadas sobre a magnitude da trata con fins de explotación sexual e prostitución en Galicia.

Un pequeno comentario é que a finais do ano de 2022 o Goberno galego presentaba o I Plan galego contra a trata dos seres humanos con fins de explotación sexual. No seu punto 8.2 aparece un plan de indicadores de seguimento, que os cita a continuación nese anexo, e consideramos que é preciso obter canto antes un mapa da situación de prostitución en Galicia, algo que contempla nese mesmo punto pero que descoñecemos actualmente se existe.

Tamén instamos a poñer en marcha actuacións para perseguir as accións de proxenetas e tratantes de seres humanos con fins de explotación sexual que permitan desincentivar a demanda e compra de prostitución dentro do marco legal e en colaboración con outras administracións.

Revisar as licenzas administrativas concedidas polas administracións galegas a determinados locais e espazos co fin de evitar que neles se promova e desenvolva a explotación sexual.

Impulsar as modificacións legislativas autonómicas necesarias.

E, por último, pór en marcha de maneira inmediata mecanismos de participación para que a sociedade civil poida denunciar as plataformas en liña ou calquera aplicativo tecnolóxico ou rede social que favoreza ou promova a prostitución.

Sra. García Gorostizu

Gracias, Presidente. Como mujer y como feminista, abordo esta intervención dejando claramente definida la postura que adopta el Partido Popular en este tema y que considera a la trata, a la explotación sexual y a la prostitución el producto de una sociedad heteropatriarcal en la que las mujeres y las niñas somos las principales víctimas.

Coincidimos plenamente en su exposición de motivos de que la prostitución no es una actividad como cualquier otra y que en la prostitución no existe la libre elección, ya que las mujeres prostituidas son las vulnerables. La única manera de acabar con ella



sería mediante la abolición, acabando con las mafias que se lucran, penalizando la explotación y a los clientes que la soliciten, protegiendo y asistiendo a las víctimas y concienciando a la ciudadanía de que la prostitución es una forma de esclavitud.

Ustedes en la exposición de motivos hacen referencia a la resolución del Parlamento Europeo del 14 de septiembre contra la prostitución, en la que aboga por descriminalizar a este colectivo y por penalizar y sancionar la explotación y a los clientes que obtengan un acto sexual a cambio de una remuneración.

Piden penalizar y sancionar explotación y a los clientes que lo soliciten, en línea con los países nórdicos, pero no han modificado la ley porque no llegan a un acuerdo con sus socios de gobierno, porque parte de ellos en vez de apoyar la abolición, están a favor de la regularización. Y, miren, para luchar contra esta lacra necesitamos gobiernos con valentía política, que desarrollen leyes sólidas y que se apliquen de forma efectiva. Tienen que modificar el Código Penal para perseguir a los proxenetes, quien tiene que modificarlo es el Estado. Actualmente, para que exista delito de proxenetismo la víctima tiene que estar en situación de vulnerabilidad y para probar esta situación la víctima tiene que declarar, lo cual es muy difícil por su situación de vulnerabilidad y miedo. O sea, la primera medida para perseguir eficazmente el proxenetismo sería que el Gobierno eliminase este requisito y no hacer depender el enjuiciamiento con la declaración de la víctima, que hasta en ocasiones ni se reconocen como tales por la manipulación y las torturas psicológicas a las que se ven sometidas.

También fue despenalizado del Código Penal la conducta de quien habilita espacios para la prostitución, siendo partícipe de los beneficios. Para perseguir la prostitución, hay que cerrar los prostíbulos, pues con esa impunidad se ha visto un incremento de este tipo de locales y volvemos a repetir que quien tiene que incluir esa modalidad en el Código Penal es el Gobierno.

También, es más, la normativa estatal, la que no considera la explotación sexual como violencia de género, frente a la Ley 11/2007, de 27 de julio, gallega, que desde el año 2016 reconoce la trata con fines de explotación sexual como una forma de violencia de género y desde el año 2023 reconoce la explotación sexual como una forma también de violencia de género. Gracias a esto, tanto las víctimas de trata con fines de explotación sexual, como las víctimas de explotación sexual tienen acceso a todos los recursos previstos en la ley gallega para las víctimas de violencia de género, frente al Estado, que no tiene esta consideración.

En la Xunta de Galicia disponemos desde el año 2010 de un protocolo de actuación institucional sobre la adaptación de medidas de prevención, investigación y tratamiento a las mujeres víctimas de trata con fines de explotación sexual, en colaboración con la Fiscalía superior, y desde el año pasado contamos con el primer plan gallego contra la trata de seres humanos con fines de explotación sexual 2022-2024, dotado con 7 millones de euros y elaborado con las entidades que conforman la red gallega contra la trata.

Las principales medidas de esta hoja de ruta son el fortalecimiento de la salud mental de las víctimas, el apoyo a la reunificación familiar, el refuerzo de políticas de empleo para facilitar la inserción laboral e inspecciones laborales y administrativas relacionadas con la licencia de actividad de los establecimientos donde se practica la prostitución.

Por lo que, repito, no podemos estar más de acuerdo en su exposición de motivos, pero nos quedamos sorprendidos en que los acuerdos, en vez de instar al



Gobierno de España a que modifique el Código Penal o que apruebe una ley para la abolición, le insta a la Xunta a que lleve a cabo políticas que ya está realizando y en las que ha sido pionera en España. Por ello nos abstendremos.

Sra. Veira González

Si, moi breve, porque non son horas e a xente ten o vicio de comer, non? Desde o Bloque Nacionalista Galego obviamente imos votar a favor desta moción, xa que a asinamos conxuntamente co PSdG-PSOE, e a min sorpréndeme a postura do Partido Popular, se xa están implementando estas medidas, non sei que problema hai con votar a favor desta moción, se non é por meter o dedo no ollo. A min chámame a atención que adopten esta postura cando, evidentemente, é unha moción na que debiamos estar todas e todos de acordo, que basicamente é erradicar a trata de nenos e nenas, porque non só é a prostitución, senón tamén outras formas terribéis de utilización do ser humano coa fin de explotalo sexualmente.

A min gustárame destacar tamén a necesidade que hai tamén de concienciar a sociedade e ese emprazamento que se fai á propia Deputación da Coruña a concienciar a sociedade sobre esta terrible lacra, non me gusta moito dicir esa palabra, pero esta explotación, ou este mercadeo cos corpos humanos e, sobre todo, cos nenos e nenas que tan vulnerábeis son. Eu creo que é esa a parte fundamental, ademais de, evidentemente, instar a Xunta de Galiza a que faga o seu traballo.

Nada máis pola miña banda.

Sra. García Gorostizu

Gracias, pues nos abstenemos y no votamos a favor porque lo que están pidiendo ustedes instando a la Xunta ya lo estamos haciendo; es como si venimos aquí a pedirle al presidente de la Diputación que plantee un plan de obras y servicios. ¿Ustedes lo iban a votar a favor si ya lo están haciendo? Me diría el señor presidente: ¿pero qué están diciendo si ya lo hacemos?, ¿no? Entonces nosotros creemos que hay que instar a la aprobación de una ley integral de explotación sexual y trata que sirva de norma superior sobre la que articular planes de actuación.

Muchas gracias.

Sra. García Vidal

Tamén vou ser moi breve porque, como dixo a miña compañeira, temos o gran defecto de comer ou de ter fame. Simplemente quero recalcar que non estamos dicindo que Galicia non teña o primeiro plan galego, de feito, estiveron botándolle un vistazo e, bueno, hai cousas que comparte e outras que non. Tamén, para a vosa información, existe un plan estratéxico nacional contra a trata e a explotación de seres humanos de 2021-2023, que máis ou menos ten os mesmos cinco obxectivos prioritarios. Existe un Real decreto 634/2022, do 26 de xullo, polo que se regula a concesión directa de subvencións do Ministerio de Igualdade a diversas entidades. Tamén, grazas pola apreciación de que está dotado con sete millóns de euros. Eu podo informarvos de que hai un programa FSE+ Galicia cunha dotación de fondos europeos de case 450 millóns, unha das pautas que debe seguir o plan é a cohesión territorial e social. E nós aquí o único que pedimos, o único que dicimos na moción é que descoñecemos se hai un seguimento deste plan, como así di no punto 8.2, e simplemente instamos a Xunta a que non se olvide de facer ese informe. Grazas.



Sra. García Gorostizu

Claro que se está facendo el seguimiento. En este primer año el seguimiento es con unos informes internos y, al terminar el plan, un auditor externo pues hará toda la evaluación y ya se harán públicos.

VOTACIÓN

Votan a favor: 16 deputados/as (10 do PSOE e 6 do BNG).

Votan en contra: ningún/ha deputado/a

Abstéñense: 11 deputados/as (PP)

O Pleno, por maioría, aproba a seguinte moción:

"Moción que presentan os grupo provinciais do PSG-PSOE e BNG contra a Explotación Sexual e a Trata de Mulleres, Nenas e Nenos

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O **23 de setembro** conmemórase o **Día Internacional contra a Explotación Sexual e a Trata de Mulleres, Nenas e Nenos**. A trata de persoas supón unha violación dos dereitos humanos que ten diferentes rostros como a explotación sexual, explotación laboral, traballos forzados ou o tráfico de órganos. Todas estas manifestacións, estendidas por todo o mundo, son a manifestación máis extrema da pobreza e a desigualdade.

As mulleres e as nenas representan o 71% das vítimas de trata de todo o mundo, sendo a explotación sexual a forma máis común (8 de cada 10 casos). Por iso prostitución e trata con fins de explotación sexual non se poden dissociar. Son dúas caras dunha mesma realidade, que no Estado presenta datos absolutamente inasumibles: España é o Estado europeo con maior demanda de prostitución e o terceiro do mundo; case o 40 % dos homes españois pagaron nalgunha ocasión por manter relacións sexuais, e é tamén un dos principais destinos de tráfico de mulleres no mundo para prostituílas.

Segundo os datos recollidos no "Balance Estatístico 2022 sobre Trata e Explotación de Seres humanos en España" elaborado polo Centro de Intelixencia contra o Terrorismo e o Crime Organizado (CITCO) no ano 2022 foron liberadas pola Policía Nacional e pola Garda Civil 129 vítimas de redes de trata de seres humanos para a súa explotación sexual, catro delas menores de idade, e no caso das vítimas rescatadas de situacións de explotación sexual, sen a concorrencia de redes de trata de persoas, o número elévase a 435 (10 menores).

Isto reafirma que a prostitución non é un traballo nin unha actividade como calquera outra, o "traballo sexual" non existe e a libre elección da prostitución é un mito, as mulleres prostituídas sempre son as pobres e as vulnerables do mundo, aquí e en todas partes. Cando falan dos dereitos das mulleres prostituídas, en realidade falan dos dereitos dos que fan negocio cos seus corpos, os proxenetas e os puteiros.

Segundo a Fundación Scelles, citada nun estudo do Servicio de Investigación do Parlamento Europeo, a prostitución afecta a entre 40 y 42 millóns de persoas en todo o mundo, das cales o 90% depende dun proxeneta e o 75% ten entre 13 e 25 anos.

O pasado xoves 14 de setembro o Parlamento Europeo aprobou unha Resolución para



loitar contra a prostitución na UE, na que se reclama que se descriminalice a este colectivo e avoga por penalizar e sancionar a explotación e aos clientes que soliciten, acepten ou obteñan un acto sexual dunha persoa a cambio dunha remuneración, promesa, subministración dun beneficio en especie ou promesa de beneficio, en liña co modelo dos países nórdicos.

Como sinalou a eurodeputada alemá Maria Noichl: “o noso obxectivo é atopar unha solución europea a un problema europeo que ata o de agora foi ignorado e poñer fin á explotación que só significa diñeiro para outros (...) mentres estea socialmente aceptado que as mulleres están en venda, non poderemos lograr unha verdadeira igualdade de xénero”.

Por iso non podemos mirar cara a outro lado e debemos impulsar as medidas necesarias para rematar coa trata de seres humanos, con especial énfase na que ten fins de explotación sexual, que é a que afecta maioritariamente ás mulleres. A liberdade e a igualdade son incompatibles coa prostitución, unha das formas máis crueis nas que se manifesta a violencia contra as mulleres que está relacionada coa marxinação, a dificultade económica e a cultura sexista e patriarcal.

Desde a Deputación asumimos que desde os nosos ámbitos competenciais debemos seguir traballando para dotar de recursos e garantías ás mulleres, nenas e nenos vítimas de explotación sexual.

Así mesmo, queremos recoñecer o traballo de organizacións e colectivos que localizan ás vítimas e as axudan a ter acceso á xustiza, á saúde e á asistencia e protección sociais, evitando que se produzan máis actos de abuso e explotación.

A igualdade entre mulleres e homes continuará sendo inalcanzable mentres se compren, vendan e exploten mulleres e nenas, alí onde se regularizou a prostitución aumentou a trata. Polo tanto, entendemos que para combater a trata de mulleres, nenas e nenos con fins de explotación sexual de maneira efectiva hai que acabar coa prostitución. Hai que abolila e erradicar a trata de seres humanos con fins de explotación sexual, defender a dignidade das mulleres e rematar coas redes e as mafias que se lucran explotando ás mulleres, nenas e nenos. Debemos protexer e asistir ás vítimas e concienciar á cidadanía de que é unha forma de escravitude.

A finais do ano 2022 o Goberno galego presentaba o I Plan Galego contra a trata de seres humanos con fins de explotación sexual 2022-2024, unha estratexia necesaria para traballar dende Galicia na súa erradicación. O plan contempla toda unha serie de medidas agrupadas en cinco áreas estratéxicas para avanzar na prevención e sensibilización social; na detección, identificación e protección das vítimas; no fortalecemento dos recursos de atención; na investigación e na mellora da coordinación interinstitucional.

Mais é necesario tamén ir poñendo o foco, no marco das competencias autonómicas, na actuación fronte aos proxenetas e prostituidores e estudar cal é o marco legal posible para perseguilos, tal e como xa están facendo noutros territorios. Loxicamente, para isto é preciso obter canto antes un mapa da situación da prostitución en Galicia, algo que contempla o plan galego pero que descoñecemos se xa existe.

Polo anteriormente exposto, os Grupos Socialista PSG-PSOE e BNG da Deputación presenta para a súa aprobación polo Pleno Provincial os seguintes **ACORDOS**:

1. A Deputación da Coruña adherirase á rede de cidades/pobos libres de tráfico de



- mulleres, nenas e nenos destinados á prostitución.
2. Estreitarase a colaboración coas organizacións e colectivos que prestan servicios de asistencia ás vítimas de explotación sexual.
 3. Contribuirase a xerar conciencia social contraria á compra e consumo de prostitución mediante campañas de sensibilización orientadas a concienciar sobre as consecuencias da explotación sexual e a responsabilidade dos comportamentos individuais de quen acode a ela.
 4. A Deputación da Coruña insta a Xunta de Galicia a:
 - 4.1. Presentar no Parlamento de Galicia, antes de que remate o actual período de sesións, un informe de seguimento da execución do I Plan Galego contra a trata de seres humanos con fins de explotación sexual 2022-2024.
 - 4.2. Presentar no Parlamento de Galicia antes de que remate o actual período de sesións un informe con datos e estatísticas actualizadas sobre a magnitude da trata con fins de explotación sexual e a prostitución en Galicia.
 - 4.3. Poñer en marcha actuacións para perseguir as accións de proxenetas e tratantes de seres humanos con fins de explotación sexual que permitan desincentivar a demanda e compra de prostitución, dentro do marco legal e en colaboración con outras administracións.
Nomeadamente:
 - a) Revisar as licencias administrativas concedidas polas administracións galegas para garantir o cumprimento efectivo da normativa vixente en relación a actividades desenvolvidas en determinados locais e espazos coa fin de evitar que neles se promova ou desenvolva a explotación sexual.
 - b) Impulsar as modificacións legislativas autonómicas necesarias para traballar por unha Galicia libre de prostitución, garantindo sempre a protección das mulleres prostituídas.
 - 4.4. Pór en marcha de maneira inmediata mecanismos de participación para que a sociedade civil poida denunciar as plataformas en liña ou calquera aplicativo tecnolóxico ou rede social que favoreza ou promova a prostitución."

ROGOS E PREGUNTAS

Sra. García Gorostizu

Bueno, después de haber escuchado la intervención de Carlos Calvelo, me gustaría que también el alcalde de Culleredo defendiera a los vecinos de Culleredo y las estradas de Culleredo como ha hecho Carlos en esta Diputación. Y en este caso también traemos un ruego en otra estrada; la de hace 15 días era en Tarrío y esta es en Liñares. Los vecinos de Liñares estuvieron esperando durante 4..., bueno, 4 años, creo, para que empezasen las obras y ahora que han empezado vemos que tienen problemas. O sea, unas obras con una inversión de 600.000 € que era de seguridad vial y, bueno, pues no sé si es un... bueno, nosotros lo que instamos es a que se paralice la obra, porque están llegando todas las aguas de los pluviales a una finca en la que se inunda y corre peligro de derrumbe de un muro. Entonces pedimos, por favor, que vaya algún técnico a revisar allí el estado de la actuación y que se tomen medidas con las fincas que están siendo afectadas por este problema que ha surgido.

Sra. Rodríguez Ordóñez

Si, boas tardes de novo. Bueno, segundo acabo de facer a consulta e vou responder; como ben dicías, é unha obra que está en execución no Concello de



Culleredo, na DP-3104 exactamente, e segundo a consulta que lle fixen á dirección de obra, que ademais son técnicos aquí da casa, na entidade da Deputación, segundo me informan dinme que agora mesmo se está construíndo unha ODT, unha obra de drenaxe transversal, na cal xa existe outra. Nesta nova non ten ningunha afección a ese problema de recollida de pluviais que si parece ser que existe pero, é dicir, a obra que se está executando non afecta en absoluto ao curso natural desas augas e, loxicamente, o que me traslada a dirección de obra, non teño inconveniente en ir a velo. O que si tamén me aseguran é que a canalización, hai unha canalización parece ser que nunha finca privada, que haberá que ver se cumpre todos os trámites e autorizacións e demais, pero o que si me traslada a dirección facultativa é que son eles, loxicamente, a quen temos que escoitar e son coñecedores desta problemática, porque, bueno, así mo manifestan. Eles, dende logo, esta ODT nos traballos que se están facendo non afecta para nada, repito; o curso da auga é o mesmo e nesta recollida é unha canalización totalmente anexa a esta obra e ademais na superficie que se está executando este proxecto. Se ese problema fose necesario facer calquera visita faríase, pero loxicamente acompañada dos técnicos, que son neste caso os directores da obra e eles trasládanme que non é necesaria ningunha paralización nestes momentos. Grazas.

Sra. García Gorostizu

Agradezco, Mónica, a disposición, pero, bueno, yo he estado allí tamén con ingenieros y el problema es que las pluviales están añadiendo a ese tubo que ya existía, que va por debajo de la finca, que tiene un diámetro mucho más pequeño, han añadido otros dos diámetros de pluviales y todo se recoge en la misma arqueta; cuando pasa por debajo de la finca en la arqueta que tiene debajo, desborda y es toda esa cantidad de agua la que, o sea, ha sido a consecuencia de incluir en ese tramo que va por debajo de la finca, en esa arqueta incluir las pluviales que van de los costados de las aceras, o sea, de los laterales de toda la acera; van así y el tema tendría que ir, o sea, en la inclinación contraria para que desborde hacia las estradas en vez de hacia ese punto de la finca. Yo entonces, por favor, le rogaría que sí que pasaran con los técnicos y que mirasen el problema.

Sr. Presidente

Moi ben, pois nada así se fará; é certo que esa actuación en Liñares é moi demandada dende hai moito tempo, é un investimento moi importante que vai beneficiar os veciños e veciñas e sería raro que nunha obra de tanto calado e tanta transcendencia non houbera algún tipo de inconveniente durante a execución de obra, non? Polo tanto, comprobaremos ese punto que dis. E evidentemente, sempre os técnicos e o contratista, a dirección de obra e a propia Deputación, dende a dirección política sempre buscamos, cando facemos unha obra, non só contentar os usuarios da estrada, senón tamén os prexudicados pola súa execución, que sempre hai, e, polo tanto, respecto absoluto para calquera persoa que, cando se executa unha obra, pois teña algún tipo de desperfecto ou non vaia quedar contento por como queda o remate no referido á súa parcela, á súa propiedade. Polo tanto, tomamos nota e miramos exactamente se hai un problema, e resolvelo, non?

Sr. Ben Otero

Muy brevemente, tres preguntas que no sé si una dirigida a usted, presidente, otra a la señora Avia, doña Avia Veira, y otra a la señora Rodríguez. La primera es a usted, porque habló antes de que... creí escuchar como que había líneas rojas que jamás pasarían ustedes en el tema de la investidura de Sánchez, dijo usted. Eso choca de alguna manera con "haz lo que tengas que hacer, Pedro", pero me gustaría saber cuáles



son las líneas rojas que el Partido Socialista de Galicia no pasaría nunca; si es ahora, si no, cuando usted pueda.

La segunda pregunta que iba, dije, a la compañera del BNG, dice que una votación de una moción que viene a ser poco menos que una declaración de intenciones, que no tiene ningún compromiso de ningún tipo. Yo entiendo que, cuando votamos una moción y la votamos de forma unánime todos, de alguna manera quedamos comprometidos políticamente a intentar que esa moción tenga alguna finalidad. Es decir, hay algo más que una declaración de intenciones, ¿no?, porque es un poco lo que viene a decir antes. Entonces quiero decir, oiga, si no dejaremos de traer mociones aquí. ¿Por qué?, porque así no tendrán oportunidad de respondernos, traeremos ruegos para darles leña, por así decirlo; no, yo creo que las mociones cuando se aprueban tienen de alguna manera una cierta obligatoriedad de cumplirlas. Entiendo yo, ¿no?

Y, en tercer lugar, a la señora Rodríguez, que llega nueva al cargo, aunque ha tenido buen maestro político y en el área en la que lleva, lo que sí me gustaría saber cuál es el objetivo de ejecución presupuestaria que tiene para, no este año, que ya descuento que va a ser bajo, heredado y similar a los anteriores, sino que objetivo de ejecución presupuestaria del Departamento de Vías y Obras se fija para el año 2024. Gracias.

Sr. Presidente

Ben, temos tempo, entón, non?, para que che conteste a pregunta das liñas roxas. Se temos tempo, imos falar de liñas roxas, entón.

Polas caras que lles vexo aos compañeiros e compañeiras non están dispostos a concederme moito; vou ser moi breve. Díxeno antes, liñas roxas son método, diálogo e marco constitucional, a legalidade, pero non renunciando a facer avanzar un país por medo ás acusacións dun Partido Popular que acusaba o Goberno de España no seu momento, cando empezaba a negociar con ETA, de que ía vender Navarra, Navarra segue sendo unha Comunidade Autónoma integrada no sistema público do Estado español; que ía traizoar os mortos, non se traizoou a ninguén e tampouco agora se vai vender Cataluña. É simplemente dialogar, buscar profundar no marco do diálogo constitucional, que é o marco onde o Partido Socialista leva operando desde hai 140 anos. É a Constitución. Da Constitución emanan as leis.

Listo, moi ben, pois moitas grazas a todos e a todas.

Non tendo máis asuntos que tratar, a presidencia dá por rematada a sesión ás 15:56 horas.